O Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación define, no seu artigo 3º a atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades; ritmos e estilos de aprendizaxe; motivacións; intereses; e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

A atención á diversidade baséase nos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.

Vexamos a continuación como o exposto ata aquí se traduce na base normativa que regulou e regula actualmente a atención á diversidade no noso contexto.

2. Base normativa sobre atención á diversidade

A Lei 14/1970, de 4 de agosto, Xeral de Educación e Financiación da Reforma Educativa, recolle por primeira vez no noso contexto, a necesidade de atender ao alumnado con necesidades especiais, e configura a educación especial como un sistema paralelo ao sistema normal ou ordinario, con normas propias e currículos diferenciados. No entanto admite que, se a deficiencia é leve, os/as alumnos/as poderán asistir a aulas específicas en centros ordinarios, pero en aulas diferenciadas. Esta Lei, no seu Capítulo VII recolle:

Artigo cincuenta. O Ministerio de Educación e Ciencia establecerá os medios para a localización e o diagnóstico dos alumnos necesitados de educación especial. A través dos servizos médico-escolares e de orientación educativa e profesional, elaborará o oportuno censo, coa colaboración do profesorado -especialmente o de Educación Preescolar e Educación Xeral Básica-, dos Licenciados e Diplomados en Pedagogía Terapéutica e Centros especializados. Tamén procurará a formación do profesorado e persoal necesario e colaborará cos programas doutros Ministerios, Corporacións, Asociacións ou particulares que persigan estes fins.

Artigo cincuenta e un. A educación dos deficientes e inadaptados, cando a profundidade das anomalías que padezan fágao absolutamente necesario, levarase a cabo en Centros especiais, fomentándose o establecemento de unidades de educación especial en Centros docentes de réxime ordinario para os deficientes leves cando sexa posible.

Artigo cincuenta e dous. O Ministerio de Educación e Ciencia, en colaboración cos Departamentos e Organismos competentes, establecerá os obxectivos, estruturas, duración, programas e límites de educación especial, que se axustarán aos niveis, aptitudes e posibilidades de desenvolvemento de cada deficiente ou inadaptado e non á súa idade.

Artigo cincuenta e tres. A educación dos alumnos superdotados desenvolverase nos centros docentes de réxime ordinario, pero procurárase que o seu programa de traballo, empregando métodos de enseñanza individualizada, lles facilite, unha vez acadados os niveis comúns, obter o proveito que lle permita as súas maiores posibilidades intelectuais.

Uns anos despois, co Decreto 1151/1975, de 23 de maio, créase o Instituto Nacional de Educación Especial (INEE), organismo autónomo dependente do Ministerio de Educación e Ciencia, que será unha peza clave na evolución e desenvolvemento da atención ao alumnado con necesidades educativas especiais (Fernández Santamaría, 2011). Tres anos máis tarde, en 1978, este instituto publica o Plan Nacional de Educación Especial no que se formulan por primeira vez, e a modo de recomenda-

ción, os principios que regulan a educación especial, a saber: normalización e división en sectores dos servizos; integración educativa e atención personalizada.

O seguinte referente legislativo de importancia que debe ser sinalado é a Lei 13/1982 de Integración Social do Minusválido, na que se establecen os tres principios básicos de atención ás persoas con discapacidade en todos os ámbitos, entre eles o educativo: normalización, división en sectores e integración.

Uns anos máis tarde, o Real Decreto 2639/1982, de 15 de outubro de 1982, de Ordenación da Educación Especial sintetiza os aspectos básicos sobre os que debía rexerse a educación especial. Agora ben, a falta de coherencia entre a teoría e a práctica, conduciu á promulgación da Orde do 20 de marzo de 1985, coa finalidade de facer efectiva a integración nos centros de Educación Xeral Básica.

Para evitar a marxinación dentro do sistema educativo, o Ministerio de Educación e Ciencia, a través da Subdirección Xeral de Educación Especial, establece un conxunto de medidas recollidas no Real Decreto 334/1985, de 6 de marzo, de Ordenación da Educación Especial que se constitúe como referente para a organización da educación especial en España nese período. Os proxectos curriculares e as programacións de aula tiñan que responder ás necesidades de todos os alumnos e alumnas, co obxectivo de que todo o alumnado puidese participar na vida dos centros. A partir deste Real Decreto a educación especial defínese como parte integrante do sistema educativo e introduce os principios de normalización, integración escolar e división en sectores da educación, que axudaron ao avance da sensibilización desta realidade educativa. Agora xa non se trata de diagnosticar as deficiencias e prescribir unha intervención, se non de analizar cales son as axudas pedagóxicas que necesitan os alumnos e as alumnas para progresar segundo as súas necesidades. Ao mesmo tempo, non se trata de preparar a un profesorado especializado con responsabilidade exclusiva na educación deste alumnado, senón de buscar os medios e apoios necesarios para que todo o profesorado, individual e colectivamente, poida acometer a tarefa de adaptar os proxectos educativos, curriculares e as programacións de aula. Márcase pois outro fito importante ao establecerse que o currículo de educación especial ha de basearse no ordinario, tendo en conta as diferenzas individuais. Comeza así o programa experimental de integración en España e, como consecuencia, a creación en 1986 do Centro Nacional de Recursos para a Educación Especial, dependente do Ministerio de Educación (González Pérez, 2009).

Neste contexto no mesmo ano 1985 publícase a LODE (Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación) que contempla no seu artigo primeiro: *Todos os españois teñen dereito a unha educación básica que lles permita o desenvolvemento da súa propia personalidade e a realización dunha actividade útil á sociedade. Esta educación será obrigatoria e gratuíta no nivel de Educación Xeral Básica e, no seu caso, na formación profesional de primeiro grao, así como nos demais niveis que a Lei estableza.*

Aínda que neste artigo non se fai ningunha alusión de forma concreta ao alumnado con discapacidade, si se menciona, no artigo 20, a necesidade de asegurar ese dereito a través dunha programación adecuada dos postos escolares gratuítos, nos ámbitos territoriais correspondentes. A Lei garantirá tanto a efectividade do dereito á educación como á posibilidade de escoller centro docente (González Noriega, 2012).

No ano 1990 apróbase a Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOXSE), na que se establece como norma, sempre que sexa posible, a escolarización ordinaria do alumnado con necesidades educativas especiais, previa avaliación psicopedagóxica e ditame dos equipos de orientación (Fernández Santamaría, 2011). O capítulo V desta Lei, dedicado á Educación Especial (art. 36 e 37), dispón que o propio sistema contará cos recursos necesarios para atender a estes alumnos/as e, igual que ao resto, adaptárase o currículo ás súas necesidades e características específicas.

A LOXSE constitúe unha auténtica reforma do sistema educativo ao introducir a educación especial dentro do sistema educativo ordinario; é dicir, integrando a educación especial e xerando así un único sistema educativo capaz de atender á totalidade do alumnado. Así mesmo, introduce no ordenamento xurídico o concepto de alumno/a con necesidades educativas especiais e, ademais, propicia que o sistema educativo estea aberto á diversidade de intereses, capacidades e motivacións, grazas á presenza dun único currículo coa suficiente flexibilidade para atender á diversidade, a través dos seus niveis de concreción curricular. Esta apertura á diversidade será un gran logro e un cambio definitivo de modelo, producíndose un desprazamento da concepción da educación especial centrada no déficit para entender a educación especial desde a perspectiva da diversidade do alumnado, con ou sen discapacidade (González Noriega, 2012).

Esta Lei coas súas aportacións, permitiu unha consolidación das actitudes e dos programas ao tempo que propiciou modelos de intervención educativa e psicopedagóxica e de organización escolar coherentes coa idea dunha ensinanza atenta á diversidade do alumnado. Por outra parte, configurou unha nova etapa, a educación secundaria obrigatoria, cunha orientación comprensiva que introduce mecanismos para diversificar a ensinanza en función das diferencias individuais. A consecuencia máis evidente da obrigatoriedade ata os 16 anos foi o aumento da diversidade nas aulas. A metodoloxía na que se sustentaba era reunir nas aulas alumnado moi heteroxéneo, con trazos diferenciais propios de calquera adolescente, características específicas ligadas ás aptitudes persoais (sobredotación, carencias de orde físico, mental ou psíquico) e diferenzas debidas ao grupo social de procedencia (minorías étnicas, e clase social, etc.). A proposta fundamental que realiza a LOXSE é a dunha escola e educación *comprensivas*, abertas á diversidade de intereses, problemas e necesidades que se dan na realidade educativa.

As condicións dunha atención educativa para o alumnado con necesidades educativas especiais e as garantías para a calidade do ensino van ser reguladas no Real Decreto 696/1995, de 28 de abril de ordenación da educación dos alumnos con necesidades educativas especiais que, a súa vez, dará lugar á aparición doutros decretos de contido similar nas Comunidades Autónomas que paulatinamente ían asumindo do Estado as competencias en materia de educación.

Nese mesmo ano 1995 apróbase a Lei Orgánica 9/1995, de 20 de novembro, da Participación, a Avaliación e o Goberno dos Centros Docentes (LOPEG), vixente ata o 2006, na cal se define a poboación con necesidades educativas especiais. Esta definición distingue entre alumnos con necesidades educativas especiais debidas a situacións sociais ou culturais desfavorecedoras e aqueles que padecen discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais ou manifestan trastornos graves de conduta. Desta forma, o primeiro grupo de alumnos/as serían os destinatarios da educación compensatoria, mentres que o segundo o serían os da educación especial.

Un ano máis tarde, cómpre tamén salientar o Real Decreto 299/1996, de 28 de febreiro, de ordenación das accións dirixidas á compensación de desigualdades en educación, que ten por obxecto, en cumprimento do Título V da Lei 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo, regular as medidas que permitan previr e compensar as desigualdades en educación derivadas de factores sociais, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou de calquera outro tipo, reforzando aquelas de carácter ordinario das que dispón o sistema educativo e promovendo outras de carácter extraordinario.

Máis próxima no tempo sitúase a Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro, de Calidade da Educación (LOCE), que aínda que non chegou a aplicarse, nas súas formulacións albiscábase certo retroceso con relación a todo o logrado ata o momento.

O 3 maio de 2006 apróbase a Lei Orgánica 2/2006 de Educación (LOE) que derroga en materia de educación especial o establecido ata ese momento nas normativas precedentes. Esta Lei, introduce certos cambios, tanto no contido como na denominación das medidas para alumnado con discapacidade. Así, no Capítulo I recóllense, entre outros, os seguintes principios:

- a) A calidade da educación para todo o alumnado, independentemente das súas condicións e circunstancias.
- b) A equidade, que garanta a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e a non discriminación e actúe como elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais, con especial atención ás que deriven de discapacidade.
- c) A transmisión e posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación.
- d) A concepción da educación como unha aprendizaxe permanente, que se desenvolve ao longo de toda a vida.
- e) A flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade.
- f) A orientación educativa e profesional dos/as estudantes, como medio necesario para o logro dunha formación personalizada, que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores.
- g) O esforzo individual e a motivación do alumnado.
- h) O esforzo compartido por alumnado, familias, profesores, centros, administracións, institucións e o conxunto da sociedade.

- i) A autonomía para establecer e adecuar as actuacións organizativas e curriculares no marco das competencias e responsabilidades que corresponden ao Estado, ás Comunidades Autónomas, ás corporacións locais e aos centros educativos.
- j) A participación da comunidade educativa na organización, goberno e funcionamento dos centros docentes.

En síntese, pódese dicir que esta Lei mantén o principio de comprensión e pretende unha educación de calidade para todo o alumnado, conciliando calidade con equidade, e unha escolarización sen exclusión. Así mesmo, ven a dar un paso máis na concepción da atención á diversidade, contemplando os principios dunha escola inclusiva, e utilizando o termo “necesidades educativas de apoio” para incluír a todo o alumnado. Ademais, introduce dous conceptos (artigos 71 a 79bis): o de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE) e o de alumnado con necesidades educativas especiais (ACNEE).

Para rematar, é preciso deterse na vixente Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE). Esta Lei modifica parcialmente, nos seus apartados 57, 58 e 59, a definición dos conceptos propostos na LOE. Así, por unha banda, define ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ACNEAE) como aquel que require unha atención educativa diferente da ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por TDAH, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar. Este alumnado, pode necesitar unha atención educativa diferente á ordinaria e a aplicación de medidas específicas que poden implicar, ou non, recursos extraordinarios. Pola outra banda, define ao alumnado con necesidades educativas especiais (ACNEE) como aquel que require, nun período da súa escolarización ou ao longo de toda a escolarización, determinados apoios e atención educativas especiais derivadas de discapacidade ou trastorno grave da conduta; este alumnado pode necesitar de medidas extraordinarias e recursos persoais e/ou materiais específicos e pode escolarizarse nun centro ordinario, nun centro especial ou nunha modalidade combinada entre ambos.

No que se refire á Comunidade Autónoma de Galicia, son varios os Decretos, Ordes, etc. reguladoras da atención á diversidade no ensino obrigatorio. A maioría deles serán necesariamente referenciados ao longo do presente informe, cando a temática a tratar así o requira. No entanto, consideramos que non se poden omitir aquelas aportacións que á hora de regular a atención á diversidade no ensino obrigatorio proporciona o Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación. De feito, no propio texto do Decreto sinálase o seu carácter de complementariedade en relación ao que sobre a atención á diversidade regulan outros decretos da Comunidade Autónoma de Galicia e o establecido noutras normas.

No devandito Decreto, a atención á diversidade defínese como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado (artigo 3).

Esta concepción da atención á diversidade apóiase nos seguintes principios de actuación:

1. A atención á diversidade estará rexida polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación; flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia; autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.
2. A atención á diversidade abarcará a totalidade do alumnado, que deberá contar coas medidas e recursos educativos que respondan ás súas necesidades e características persoais.
3. As decisións pedagóxicas, organizativas e de xestión dos centros educativos contemplarán a atención á diversidade.
4. As accións preventivas e a detección temperá terán carácter prioritario nos centros docentes, coa implicación e a participación de toda a comunidade educativa e, no seu caso, doutras administracións ou entidades sen ánimo de lucro.
5. Na resposta educativa á diversidade, periodizaranse as medidas de carácter ordinario e normalizado. As de carácter extraordinario só se levarán a cabo unha vez esgotadas as anteriores.

6. A intervención educativa basearase nun enfoque multidisciplinar e de colaboración e coordinación entre os/as diferentes profesionais.
7. As nais, pais e titores/as legais do alumnado recibirán, de forma individualizada, a necesaria información e asesoramento respecto das características e necesidades do alumnado, así como das medidas a adoptar para a súa atención nos centros educativos.
8. A formación, a innovación e a difusión de boas prácticas na atención á diversidade serán accións a promover para a mellora continuada da calidade educativa.

O documento no que se articula a atención á diversidade é o Plan de Atención á Diversidade, no que se concretan todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades do seu alumnado (artigo 10, Decreto 229/2011, de 7 de decembro).

O responsable de elaborar a proposta de Plan de Atención á Diversidade é o Departamento de Orientación, de acordo coas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica e tendo en conta as aportacións dos departamentos e/ou equipos de ciclo, trasladándoa ao equipo directivo.

O Plan de Atención á Diversidade deberá ser aprobado polo Consello Escolar, a proposta do claustro do profesorado, pasando a formar parte do Proxecto Educativo, sendo o equipo directivo o responsable do seu desenvolvemento, seguimento e avaliación. Ao inicio de cada curso escolar, os departamentos de orientación elaborarán a proposta da concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que debe formar parte da programación xeral anual. Esta concreción será incorporada á programación xeral anual polo equipo directivo, que velará polo seu cumprimento, avaliación e memoria (artigo 11).

Segundo o artigo 12 do devandito Decreto, a estrutura dese Plan de Atención á Diversidade deberá ser a seguinte:

1. Xustificación baseada no contexto.
2. Identificación e valoración das necesidades.
3. Determinación dos obxectivos.
4. Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade.
5. Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.
6. Concreción das actuacións dos/as distintos/as profesionais en relación coas medidas deseñadas para o centro.
7. Mecanismos de coordinación e colaboración internos, así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición.
8. Liñas de colaboración coas nais, pais ou titores/as legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.
9. Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.
10. Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan.

3. Alumnado con necesidade específica de apoio educativo

Como se sinalou anteriormente, a Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), modifica parcialmente o artigo 71 da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, e define nos apartados 57, 58 e 59 ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ACNEAE) e ao alumnado con necesidades educativas especiais (ACNEE).

A continuación, concrétese esta definición, dando conta do alumnado ao que se refire cada unha destas necesidades segundo se recolle no Formulario do Documento de Recollida de Datos de Atención á Diversidade (DRDADI) correspondente ao curso 2018-2019¹.

1 https://www.edu.xunta.es/axudaplicacion/files/drdadi/Casuisticas_drdadi_2018-19_V1.pdf

3.1. Alumnado que presenta necesidades educativas especiais (NEE)

Refírese a aquel alumnado valorado polos equipos ou servizos de orientación educativa que require, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves. Inclúe as seguintes categorías: discapacidade física (motora e outras); discapacidade intelectual (leve, moderada, grave, profunda); discapacidade sensorial (visual, isto é, deficiencia visual e cegueira; auditiva, é dicir, hipoacusia media, hipoacusia severa e hipoacusia profunda/xordeira); trastornos disruptivos do control dos impulsos e da conduta (trastorno negativista desafiante, trastorno explosivo intermitente, trastorno de conduta, trastorno da personalidade anti-social e outros); trastorno do espectro do autismo (TEA) que inclúe o síndrome de Asperger; trastorno de Rett; trastorno da personalidade; trastorno da conducta alimentaria e da inxesta de alimentos; plurideficiencia e outros trastornos graves da comunicación e aprendizaxe.

3.2. Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe

Inclúe ao alumnado con trastornos específicos do desenvolvemento da aprendizaxe escolar da lectura, da expresión escrita, do cálculo e outros trastornos non especificados.

3.3. Alumnado con trastorno por déficit de atención e/ou hiperactividade (TDAH)

Inclúe ao alumnado con déficit de atención e ao alumnado con déficit de atención e hiperactividade.

3.4. Alumnado con altas capacidades intelectuais

Enténdese por alumnado con altas capacidades intelectuais aquel valorado como tal por equipos ou servizos de orientación educativa que recibe atención educativa a través de medidas específicas (adaptacións curriculares de profundización ou de ampliación do currículo, flexibilización do período de escolarización) e/ou participa en programas extracurriculares de enriquecemento.

Fálase aquí de: alumnado superdotado, é dicir, aquel que manifesta altas habilidades intelectuais, superiores á media, elevado nivel de compromiso coa tarefa e altos índices de creatividade; alumnado talentoso, aquel que presenta elevada capacidade ou habilidade para a realización moi exitosa de certas tarefas ou actividades.

3.5. Alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo

Refírese ao alumnado procedente doutros países que se incorpora ao curso escolar ás ensinanzas obrigatorias do sistema educativo e se atopa nalgunha das seguintes situacións:

- Estar escolarizado en un ou dous cursos inferiores ao que lle corresponde pola súa idade.
- Recibir atención educativa específica transitoria dirixida a facilitar a súa inclusión escolar, a recuperación do desfase curricular detectado e ao dominio da lingua vehicular do proceso de ensinanza.

Ademais destas situación citadas, este alumnado está determinado por tres características básicas que deben cumprirse todas xuntas: incorporarse no curso actual, proceder doutro país e precisar de apoio educativo para a súa inclusión no sistema educativo.

Inclúense aquí ao alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua galega sen desfase curricular ou con desfase curricular; ao alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua castelá sen desfase curricular ou con desfase curricular; ao alumnado inmigrante con descoñecemento da lingua galega e da lingua castelá sen desfase curricular ou con desfase curricular; e ao inmigrante só con desfase curricular.

3.6. Alumnado con especiais condicións persoais ou de historia escolar

Dentro deste grupo inclúense:

- Alumnado con dificultades psicolingüísticas específicas da lingua (retraso na adquisición da fala e da linguaxe, afasia, trastorno específico da linguaxe (TEL); con dificultades articulatorias (dislalia, disartria, disglosia, disfemia); con trastorno comunicativo (mutismo electivo e outros trastornos).
- Alumnado con retraso madurativo neurolóxico ou psicolóxico.
- Alumnado con descoñecemento grave da lingua de instrución (alumnado escolarizado nas etapas de ensino obrigatorio e de non incorporación tardía e que recibe apoio educativo complementario).
- Alumnado en situación de desvantaxe socio-educativa, escolarizado nas etapas obrigatorias e nos Programas formativos de FP Básica que presenta desfase escolar significativo, con dous ou máis cursos de diferenza entre o seu nivel de competencia curricular e o curso no que está escolarizado, por atoparse en situación de desvantaxe socio-educativa derivada da súa pertenza a minorías étnicas e/ou culturais; por factores sociais, económicos e xeográficos; ou por dificultades de inserción educativa asociadas a unha escolarización irregular.
- Alumnado con atención hospitalaria.
- Alumnado con atención domiciliaria.
- Alumnado con outras circunstancias.

4. Medidas de atención á diversidade

A Administración educativa, no marco das actuacións destinadas a adecuar a resposta educativa á diversidade, deberá garantir unha axeitada e equilibrada escolarización de todo o alumnado. Así mesmo, deberá dotar aos centros dos recursos necesarios para ofrecer unha educación equitativa de calidade; adecuar os centros docentes ás disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade universal; impulsar accións, medidas e programas dirixidos á compensación de desigualdades en educación, á prevención do absentismo e abandono escolar, á mellora da convivencia, á transición á vida laboral, á promoción da aprendizaxe ao longo da vida e á formación do profesorado; e cantas outras actuacións se determinen para propiciar a calidade e a equidade no ámbito da atención á diversidade.

Os centros docentes, pola súa parte, para adecuar a resposta educativa á diversidade deberán tomar as decisións e adoptar as medidas que optimicen a acción educativa, respondan ás necesidades do alumnado e contribúan á consecución das competencias e obxectivos das diferentes etapas e ensinanzas; tamén deberán deseñar e poñer en práctica accións preventivas e de detección temperá, garantindo un tratamento educativo personalizado e adaptado á realidade de cada alumno e alumna; concretar e desenvolver os principios de atención á diversidade nas decisións de carácter pedagóxico, organizativo e de xestión do centro; desenvolver medidas e actuacións de tipo curricular, relacional e organizativo para promover a convivencia, a non discriminación e o respecto polas diferenzas; optimizar a organización dos recursos do centro para atender e dar resposta ás necesidades de todo o alumnado, en particular daquel con necesidade específica de apoio educativo; potenciar a acción titorial e orientadora por parte do profesorado; promover a implicación das nais, pais ou tutores/as legais do alumnado no proceso educativo; impulsar a participación do profesorado en actividades de formación e innovación, así como o intercambio de experiencias sobre a atención á diversidade; e adoptar, no ámbito da súa autonomía, cantas outras actuacións favorezan a atención á diversidade do alumnado, contando, cando proceda, coa correspondente autorización.

No Capítulo III do Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado nos centros docentes da Comunidade autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, faise referencia a unha cuestión de especial relevancia cando se fala das medidas de atención á diversidade: a escolarización do alumnado. Neste sentido, establécense os principios e as posibles modalidades da mesma, tendo en conta a liberdade de elección de centro e os principios de normalización e inclusión; ás circunstancias persoais de cada alumna/o; os recursos existentes; os informes e ditames dos servizos de orientación; e á flexibilidade e reversibilidade, na busca dunha ensinanza de calidade e de desenvolvemento persoal e social do alumnado.

Así, considéranse modalidades de escolarización:

a) A escolarización en centros ordinarios

Nos centros ordinarios poderanse crear ou autorizar unidades de educación especial. Determinados centros ordinarios poderán ser habilitados pola consellería con competencias en materia de educación, como centros de escolarización preferente.

A escolarización en educación primaria poderá excepcionalmente, aumentarse ou reducirse nun ano respecto do establecido con carácter xeral, en función das necesidades educativas especiais ou das altas capacidades do alumnado respectivamente pero, en ningún caso, se poderá permanecer nesta etapa educativa máis alá do ano natural no que se cumpran os 15 anos de idade, nin comezar a educación secundaria obrigatoria antes do ano natural no que se cumpran 10 anos.

Na etapa da educación secundaria obrigatoria a escolarización poderá aumentarse ou reducirse nun ano, en función das necesidades educativas especiais ou das altas capacidades do alumnado respectivamente. En ningún caso se poderá permanecer na ESO máis alá do ano natural no que se cumpran os 19 anos, excepto en unidades ou centros de educación especial, que poderá prolongarse ata o ano natural no que se cumpran os 21 anos de idade.

Coa finalidade de proporcionar a atención educativa ao alumnado con necesidades educativas especiais que, polas súas singulares características, necesite recursos humanos ou materiais específicos de difícil xeneralización nos centros ordinarios sostidos con fondos públicos, os centros ordinarios poderán ser habilitados pola consellería con competencias en materia de educación como centros preferentes.

b) A escolarización en centros de educación especial

Os centros de educación especial escolarizan alumnado con necesidades educativas especiais que requiren modificacións significativas do currículo en parte ou en todas as áreas ou materias que precisan da utilización de recursos específicos ou excepcionais, necesidades que non poden ser atendidas e recursos que non poden facilitarse dentro das medidas de atención á diversidade dos centros educativos ordinarios.

O alumnado escolarizado a tempo completo nun centro de educación especial poderá prolongar a súa escolarización un terceiro ano en educación primaria e un cuarto na ESO, nos termos establecidos pola Consellería con competencias en materia de educación e respectando o límite de 21 anos de idade para a permanencia en centros de educación especial, cumpridos no ano natural no que finaliza o curso escolar.

As ensinanzas nos centros de educación especial e nas unidades de educación especial dos centros ordinarios contemplarán unha educación básica obrigatoria e unha formación profesional adaptada e de transición á vida adulta. A educación básica terá unha duración mínima de 10 anos e centrarase no desenvolvemento dos obxectivos e competencias no grao no que as características persoais do alumno/a o posibiliten. A formación profesional adaptada estará encamiñada á adquisición de competencias profesionais e de habilidades da vida diaria que permitan ao alumnado desenvolverse coa máxima autonomía posible e, no seu caso, poderá ter efectos de acreditación das competencias profesionais adquiridas en relación co Sistema Nacional de Cualificacións e Formación Profesional.

Nos termos que estableza a Consellería con competencias en materia de educación, os centros de educación especial poderán constituírse como centros de recursos específicos, poñendo a disposición dos centros ordinarios os materiais e recursos de que dispoñen, centralizando os recursos máis especializados e exercendo as labores de asesoramento e atención ambulatoria que se determinen e fomentando o intercambio de experiencias e a difusión de boas prácticas.

c) A escolarización combinada entre un centro ordinario e un centro de educación especial

As unidades de educación especial dos centros ordinarios terán a consideración de centros de educación especial. A escolarización do alumnado en unidades de educación especial, combinada ou a tempo completo, e a organización da súa atención estarán suxeitas ás mesmas condicións e procedementos que os dispostos para os centros de educación especial.

A escolarización a tempo completo nunha unidade de educación especial poderá prolongarse un terceiro ano en educación primaria e un cuarto na ESO nos termos establecidos pola consellería con competencias en educación, respectando o límite de 15 anos nas unidades dos centros ordinarios de educación primaria e de 21 anos na ESO, cumpridos en ambos casos no ano natural no que remata o curso escolar.

A escolarización nunha modalidade diferente da ordinaria estará sometida a un proceso de revisión periódica por parte da Xefatura do Departamento de Orientación correspondente. De acordo cos principios sinalados, priorizarase sempre a escolarización ordinaria fronte á que se realice en unidades ou centros de educación especial.

Tendo en conta a modalidade de escolarización, a resposta educativa adaptada a todo o alumnado require que os centros educativos adopten as medidas curriculares e organizativas que respondan ás necesidades do seu contexto. Trátase, en definitiva, de ofertar unha ensinanza de calidade nun marco axeitado para o desenvolvemento persoal e social de cada alumno e alumna.

O Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado nos centros docentes da Comunidade autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación entende as medidas de atención á diversidade como aquelas actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e deberán estar recollidas no Plan Xeral de Atención á Diversidade e nas concrecións anuais de dito plan (artigo 7).

Deseguido, preséntanse ás distintas medidas de atención á diversidade que se empregan tanto na etapa da educación primaria como na da educación secundaria obrigatoria. Nunha primeira clasificación pódese facer unha distinción entre medidas curriculares e medidas organizativas. Esta clasificación responde á necesidade de ofrecer maior claridade expositiva, xa que tanto as medidas curriculares como as organizativas as que se fai referencia coexisten necesariamente, pois toda medida organizativa implica unha toma de decisións en calquera dos elementos do currículo, é dicir, dos obxectivos, contidos, criterios de avaliación ou enfoques metodolóxicos.

A. Medidas curriculares

Este tipo de medidas teñen a finalidade de posibilitar desenvolvementos do currículo diferentes en función das posibilidades e necesidades do alumnado. Van desde a contextualización do currículo para todo o alumnado dun centro, ata os reforzos educativos para atender ás dificultades xurdidas nun momento determinado do proceso educativo ou as adaptacións curriculares individuais para os/as alumnos/as con necesidades educativas específicas (NEE).

B. Medidas organizativas

A posta en práctica das medidas curriculares de atención á diversidade implican o deseño de medidas de carácter organizativo que garanten a súa eficacia. Refírense á forma na que están estruturados os agrupamentos para conseguir unha mellor atención á diversidade. Son medidas organizativas os tipos de agrupamento que cada profesor/a leva a cabo cos seus alumnos/as na aula, os programas de recuperación, os desdobres, os agrupamentos específicos, ou o PMAR.

Nos centros docentes nos que se imparte o ensino obrigatorio a atención á diversidade lévase a cabo mediante a adopción de medidas ordinarias e extraordinarias, as cales se recollen no Plan de Atención á Diversidade de centro que, a súa vez, forma parte do Proxecto Educativo de centro.

C. Medidas Ordinarias

As medidas ordinarias son todas aquelas que facilitan a adecuación do currículo prescrito —sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación— ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado.

Arnáiz (2009) define as medidas de apoio ordinario de atención á diversidade como “aquelas ferramentas que con maior ou menor grao de frecuencia ou xeneralidade son empregadas para responder á diversidade de todo o alumnado” (p. 205).

Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferencias en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar o logro dos obxectivos e competencias establecidas nas diferentes ensinanzas.

Entre estas medidas ordinarias de atención á diversidade inclúense as seguintes:

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos e espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia. Establécese a diferenciación entre aula de atención educativa e convivencia e aula de convivencia inclusiva porque mentres na Circular 8/2009, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria se recolle como unha medida de expulsión temporal ao alumno/a disruptivo da aula (tempo fóra), o Decreto 8/2015, de 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar o propón como alternativa á expulsión do/a alumno/a do centro. Así, na aula de atención educativa e convivencia, o/a alumno/a realizará tarefas de aprendizaxe propostas, corrixidas e avaliadas polo/a profesor/a que o envía, baixo a vixilancia do/a profesor/a de garda. A aula de convivencia inclusiva constitúe unha alternativa á expulsión do centro; a dirección do centro educativo dita resolución, garantindo o trámite de audiencia das nais, pais ou tutores/as legais, se fose menor de idade.
- Desdobramentos de grupos, nos grupos de máis de 20 alumnos/as, nas materias de Lingua e Matemáticas, sempre que o centro teña recursos; nos grupos de máis de 25 alumnos/as, nas materias de Bioloxía e Física e Química de laboratorio e na de lingua estranxeira durante unha hora a semana.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria. É unha medida que o propio profesor/a deseña e aplica a aqueles alumnos/as que teñen dificultades para seguir a programación diaria, ben por exceso ou por defecto. Afectan a elementos non prescritivos do currículo, é dicir, á secuencia de contidos, ás formas e instrumentos da avaliación, á organización da aula, aos agrupamentos do alumnado e a todo o referido ao ámbito da metodoloxía.
- Programas de enriquecemento curricular. Son programas axustados ás características e necesidades do alumnado con altas capacidades para o traballo na aula, ofrecendo aprendizaxes máis ricas e variadas, dando a opción ao alumnado a marcar o seu ritmo e desenvolver actitudes favorables para o traballo escolar. Non se trata de adiantar obxectivos senón de profundar neles coa finalidade de enriquecer e ampliar as programacións.
- Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas. Dirixidos ao alumnado repetidor de 1º e 2º da educación secundaria obrigatoria, alumnado de 1º da educación secundaria obrigatoria que accede por imperativo legal desde 6º de educación primaria, e alumnado que promocione a 2º da educación secundaria obrigatoria sen superar as áreas instrumentais. O obxectivo destes programas é acadar os mínimos esixibles nas áreas de Linguas e Matemáticas do curso, a través dunha atención personalizada.
- Programas de recuperación. Dirixidos ao alumnado que promocione a 2º curso da educación secundaria obrigatoria con materias pendentes que non sexan as instrumentais. A finalidade destes programas é que o alumno/a acadase os obxectivos mínimos esixibles do curso correspondente, cunha atención personalizada.
- Programas específicos personalizados. Dirixidos ao alumnado repetidor de todos os cursos da educación secundaria obrigatoria e ao alumnado procedente do estranxeiro que se atope nunha situación de desfase curricular e/ou descoñecemento de calquera das dúas linguas oficiais da nosa Comunidade.
- Programas de habilidades sociais. Dirixidos ao alumno/a con conduta disruptiva que impida o normal desenvolvemento do traballo no seu grupo-clase.

D. Medidas Extraordinarias

As medidas extraordinarias de atención á diversidade están dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que pode requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, no seu caso, nos elementos de acceso ao currículo ou a unha modalidade de escolarización. Aplicaranse esgotadas as de carácter ordinario ou por resultar estas insuficientes.

A súa aplicación require a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo da Inspección educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda e, no seu caso, un informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

Entre as medidas extraordinarias figuran as seguintes:

- **Adaptacións curriculares.** Son modificacións dun ou máis dos elementos prescritivos do currículo (obxectivos, contidos e criterios de avaliación), para atender ás necesidades do alumnado motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal como polas súas capacidades excepcionais. Van dirixidas ao alumnado que por diversas razóns educativas, sociais, culturais, por padecer déficits de calquera índole ou por posuír calidades excepcionais, non pode seguir o proceso ordinario de ensino e aprendizaxe sen medidas de modificación esencial do currículo de referencia. Levaranse a cabo unha vez esgotadas outras medidas ordinarias e despois dunha avaliación psicopedagóxica, precisando a autorización da Inspección educativa, oídos as nais, pais ou titores/as legais e deberán reflectirse no expediente académico do alumno ou alumna como AC.
- **Agrupamentos flexibles.** Van dirixidos ao alumnado con dificultades. Son desdobramentos transitorios que poden facerse nunha ou dúas áreas de Lingua e Literatura (Lingua Castelá ou Lingua Galega), en Matemáticas, en Ciencias da Natureza (Bioloxía-Xeoloxía, Física e Química) e en Ciencias Sociais. É un reforzo que non implica cambios curriculares en xeral. Neles emprégase unha metodoloxía diferente, máis práctica, e os criterios de avaliación do/a alumno/a son, en xeral, os mesmos que os do grupo de referencia. O alumnado que segue esta medida non pode permanecer no agrupamento específico flexible máis do 40% do seu horario, priorizando as materias de Matemáticas e Linguas. Esta medida constará no expediente do/a alumno/a como Reforzo Educativo e precisa da autorización da Inspección educativa para a súa posta en práctica.
- **Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.** O profesorado de apoio presta atención directa ao alumnado con necesidades educativas especiais que o requira. As intervencións específicas que sexan precisas por parte destes/as especialistas serán propostas e deseñadas polo Departamento de Orientación, en colaboración co titor/a do grupo e co profesorado correspondente. As actuacións levaranse a cabo normalmente dentro da aula, podendo ser na aula de apoio. A permanencia na aula de apoio non excederá a terceira parte da xornada escolar.
- **Flexibilización da duración do período de escolarización.** A etapa da educación secundaria obrigatoria abrangue de 12 ao 16 anos, pero a idade de incorporación do alumnado a esta etapa educativa pode cambiar:
 - > Por contar con altas capacidades e adiantar na etapa anterior ou reducir nun ano a permanencia nesta etapa.
 - > Por repetir na etapa anterior e/ou permanecer un ano ou dous máis na ESO.
 - > Por incorporación tardía ao sistema educativo.
 - > O alumnado inmigrante poderá ser escolarizado nun ou dous cursos inferiores ao que lle corresponde por idade.
- **Fragmentación de 3º e 4º da educación secundaria obrigatoria.**
- **Programas de Mellora do Aprendizaxe e do Rendemento (PMAR).** Dirixidos preferentemente a aqueles alumnos/as que presenten dificultades relevantes de aprendizaxe non imputables a falta de estudo ou esforzo. Requiren tanto a avaliación académica como psicopedagóxica, a través do informe do equipo docente e do ditame emitido polo Departamento de Orientación, e realizarase unha vez oídos os propios alumnos/as e as nais, pais ou titores/as legais. Levarase a cabo nos cursos de segundo e/ou terceiro da educación secundaria obrigatoria.
- **Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.** Esta medida está dirixida ao alumnado que debe permanecer ingresado a tempo completo ou en hospitalización de día, ou en hospitalización longa (máis dun mes), media (entre quince e trinta días) e curta hospitalización (menos de quince días). Na hospitalización longa e media o/a alumno/a recibe atención educativa en coordinación co centro de orixe. Na curta hospitalización o/a alumno/a realizará no centro hospitalario actividades educativas. A atención domiciliaria realizarase cando o/a alumno/a deba permanecer no seu domicilio máis dun mes ou cando por enfermidade deba faltar ao centro seis ou máis días continuados

- Grupos de adquisición das linguas. Esta medida extraordinaria está dirixida ao alumnado que descoñece completamente ambas linguas oficiais de Galicia. Son agrupamentos flexibles que teñen por finalidade, a través dunha atención individualizada, o impulso dunha formación inicial específica nas linguas vehiculares do ensino, de maneira que se posibilite ao alumnado estranxeiro a plena incorporación nas actividades pertencentes ao curso no que se atope escolarizado. O tempo máximo de duración será un trimestre, salvo autorización de ampliación por parte da Inspección educativa.
- Grupos de adaptación da competencia curricular. É unha medida dirixida ao alumnado que presente un desfase curricular de dous ou máis cursos respecto ao que lle correspondería por idade. Son agrupamentos flexibles que terán por finalidade, a través dunha atención individualizada, o progreso na competencia curricular, de maneira que se posibilite a plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que se encontre escolarizado. A permanencia nestes grupos levarase a cabo nunha fracción da xornada escolar, principalmente coincidindo coas materias de carácter instrumental, podéndose estender a todo o curso escolar.

Capítulo **2**

Metodología

1. Obxectivos

o presente estudo pretende chegar un diagnóstico completo e actualizado da situación real da atención á diversidade nos centros educativos de ensino básico da Comunidade Autónoma de Galicia. En concreto, preténdese obter unha visión da atención á diversidade a partir dos diferentes axentes implicados: orientadores/as; profesores/as de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe; equipo directivo; titores/as de ensino obrigatorio; profesorado de ensino obrigatorio; nais, pais ou titores/as legais; auxiliar técnico educativo e Equipo de Orientación Específico.

Tendo isto en conta o estudo diríxese á consecución dos seguintes obxectivos específicos:

- Coñecer e valorar as percepcións da comunidade educativa sobre a atención á diversidade do alumnado de ensino básico da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Coñecer as actuacións que se levan a cabo nos centros de ensino básico da Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa atención á diversidade e obter información acerca do desenvolvemento dos aspectos didácticos, organizativos e institucionais.
- Determinar posibles elementos que poden influír no desenvolvemento da atención á diversidade do alumnado de ensino básico da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Ofrecer suxestións á comunidade educativa tendentes a mellorar a calidade da atención á diversidade do alumnado de ensino básico da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Variables

As variables a estudar concréntanse nas seguintes:

Datos do centro

Variables referidas a aspectos de identificación do centro tales como provincia, tipo de centro ou titularidade.

Datos persoais

Alude aos aspectos referidos ás características persoais das persoas participantes no estudo tales como sexo, idade, titulación académica, antigüidade no posto de traballo, antigüidade no centro, situación administrativa, etapa na que traballa (primaria ou secundaria), etc.

Formación

Formación inicial e permanente recibida en relación á atención á diversidade por parte da Administración educativa e polo propio centro e outras institucións así como o tempo en recibir formación e as vías de acceso á formación.

Aspectos institucionais

Valoración de aspectos relacionados coa atención á diversidade no Plan de Acción Titorial, no Proxecto Educativo de centro e no Plan de Orientación do centro; existencia de protocolos de actuación específicos para a atención á diversidade e de criterios por parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Recursos

Opinións e valoracións en relación tanto aos recursos persoais como aos recursos materiais dos centros.

Coordinación e Asesoramento

Asesoramento e coordinación levadas a cabo polos/as distintos/as profesionais nos centros educativos e a súa relevancia á hora de atender á diversidade.

Medidas de atención á diversidade

Medidas adoptadas nos centros para atender á diversidade do alumnado.

Actitudes e sensibilización ante á diversidade

Grao de acordo acerca de cuestións relacionadas coas actitudes e sensibilización ante a atención á diversidade.

3. Poboación e mostra

A poboación obxecto de estudo está composta polos diferentes profesionais da comunidade educativa implicados na atención á diversidade, xunto coa totalidade de nais, pais ou titores/as legais con fillos/as estudando calquera dos cursos de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria en centros públicos e privados concertados de ensino obrigatorio da Comunidade Autónoma de Galicia no curso académico 2017/2018, un total de 1.011 centros.

Nun primeiro momento invitouse a participar á totalidade dos centros do ensino básico galegos sostidos con fondos públicos tanto aos profesionais directamente implicados na atención á diversidade (orientadores/as, profesores/as de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, equipo directivo, titores/as de ensino obrigatorio, profesorado de ensino obrigatorio) como ás nais, pais ou titores/as legais con fillos/as estudando calquera dos cursos de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria.

Na delimitación do tamaño da mostra dos diferentes colectivos tomouse como referencia o número total de profesionais implicados na atención á diversidade. Na seguinte táboa preséntase o tamaño mínimo da mostra que se precisa obter para garantir a representatividade de cada unha das distintas subpoboacións así como o número total de profesionais que participaron na investigación.

Táboa 1. Mostra dos/as profesionais participantes na primeira fase do estudo

	Mostra	Mostra produtora de datos
Equipo directivo	253	541
Orientador/a	259	276
Profesor/a de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe	323	492
Profesor/a de ensino obrigatorio	377	735
Profesor/a titor/a de ensino obrigatorio	373	1.305
TOTAL		3.344

A mostra correspondente ás nais, pais ou titores/as legais foi seleccionada de modo intencional sendo o criterio de selección que tiveran fillo/s ou filla/s estudando algún dos cursos de primeiro, segundo e terceiro ciclo de educación primaria e de primeiro e segundo ciclo de educación secundaria obrigatoria nas aulas seleccionadas polos centros onde se levou a cabo a segunda fase do estudo. A mostra total de nais, pais ou titores/as legais foi de 644 participantes.

Nun segundo momento, para completar a realidade a estudar levouse a cabo a segunda fase do estudo empírico que supuxo a realización presencial de entrevistas a profesionais (orientadores/as, profesores/as de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, directores/as, titores/as de ensino obrigatorio e auxiliar técnico educativo) de centros públicos e privados concertados de ensino obrigatorio, atendendo ao tipo de centro, provincia, titularidade e etapa educativa, e a integrantes dos equipos de orientación específicos.

Para a selección dos/as diferentes persoas realizouse unha mostraxe teórica ou motivada a partir da accesibilidade e interese dos/as informantes, considerando a necesidade de ter información entre oito e dez persoas, como mínimo, de cada un dos seguintes colectivos: orientador/a, profesor/a de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, director/a e auxiliar técnico educativo. No caso dos equipos de orientación específicos estimouse necesario ter entre 2 e 4 entrevistas como mínimo.

A continuación preséntanse na seguinte táboa, os informantes que participaron e proporcionaron información nesta segunda fase do estudo segundo o colectivo, a provincia e o tipo de centro ao que pertencen.

Táboa 2. Mostra dos/as persoas participantes na segunda fase do estudo

A CORUÑA			LUGO		
Tipo centro	Profesionais	Nº	Tipo centro	Profesionais	Nº
CEIP	Orientador/a	1	CEIP	Orientador/a	1
	PT	2		PT	1
	AL	1		AL	1
	Director/a	1		Director/a	1
	Titor/a	1	IES	Orientador/a	1
	Auxiliar	1		Director/a	1
AL	1	Titor		1	
CRA	Director/a	1	Equipo de Orientación Específico	Especialidade	Nº
	Orientador/a	1		Sobredotación Intelectual	2
CPI	PT	2		Trastornos de conducta	1
	Titor/a	1		Discapacidades Sensoriais	1
	Director/a	1		Discapacidades Motoras	1
IES	Orientador/	1	Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento	1	
	PT	1			
	Orientador/a	2			
CPR	PT	1	OURENSE		
	AL	2	Tipo centro	Profesionais	Nº
	Director/a	2	CEIP	Orientador/a	1
	Auxiliar	1		PT	1
	Titor/a	2		AL	1
	Orientador/a	1		Director/a	1
PT	1	Titor/a		1	
AL	1	Auxiliar		1	
CEEPR	Director/a	1	IES	PT	1
	Auxiliar	1		Director/a	1
	Orientador/a	1		Auxiliar	1
	AL	2	CRA	Orientador/a	1
	Director/a	1		Director/a	1
	CEE	Auxiliar	1		
Orientador/a		1			
AL		2			
Director/a		1			
	Auxiliar	1			

PONTEVEDRA		
Tipo centro	Profesionais	Nº
CEIP	Orientador/a	2
	PT	3
	AL	2
	Director/a	3
	Titor/a	2
	Auxiliar	2
CEP	Orientador/a	1
	PT	1
	AL	1
	Director/a	1
	Titor/a	1

PONTEVEDRA		
Tipo centro	Profesionais	Nº
CPI	Orientador/a	1
	PT	1
	Director/a	1
	Titor/a	1
IES	Orientador	1
	Director/a	2
	Titor/a	2
	Auxiliar	1
CPR	Orientador/a	1
	PT	1
	Director/a	1

O perfil dos informantes que participaron nesta segunda fase do estudo atendendo ao colectivo é o que se amosa de seguido.

O número total de orientadores/as que participaron no estudo é de dezasete, trece mulleres e catro homes, con idades comprendidas entre os 33 e os 54 anos. Seis deles/as pertencen a centros da provincia da Coruña, dous á de Lugo e Ourense e sete á de Pontevedra. Practicamente a totalidade é definitiva no centro actual (coa excepción dun/dunha substituto/a, un/unha provisional e un/unha interino/a). Os centros onde traballan son: centro de educación infantil e primaria (2), centro público integrado (2), instituto de educación secundaria (3), centro de educación especial privado (2), centro rural agrupado (1), centro privado (3) e centro de educación primaria (1).

En relación coa titulación que posúen, a maioría (seis) son licenciados/as en Psicopedagogía; catro o son en Pedagogía e tres en Psicoloxía; hai tamén un/unha logopeda e un/unha licenciada en Filosofía. Un dos informantes é doutor, outro ten o Diploma de Estudos Avanzados DEA, e catro teñen un máster.

A maioría teñen unha ampla experiencia como orientadores/as e cóntase entre os informantes con persoas que hai 20, 19, 14, 8, 7 e 3 anos que ocupan este posto, ata un que fai un ano e medio e outro un ano.

O total de profesores/as de Pedagogía Terapéutica xeradores de información por medio das entrevistas é de dezaseis (trece mulleres e tres homes), pertencentes a centros de educación infantil e primaria (7), a centros de educación primaria (1), a centros privados (2), a centros rurais agrupados (2) a centros de educación especial (1) e a institutos de educación secundaria (2) con idades comprendidas entre os 28 e 29 anos ata aqueles que teñen ou sobrepasan os 50 (o/a de maior idade ten 56 anos). Como formación inicial practicamente na súa totalidade contan con estudos de Maxisterio e Psicopedagogía, Pedagogía, Educación Especial, Psicoloxía e moitos/as contan con máis dunha titulación académica.

Se aludimos á súa traxectoria profesional, é variada, pois dúas das informantes levan 3 anos como profesoras de Pedagogía Terapéutica, mentres que a gran maioría conta cunha traxectoria de máis de 15 anos (chegando ata os 30 anos nalgún dos casos), situación que se repite no caso do tempo que levan no centro actual, que vai desde uns meses (desde o inicio do curso académico ata o momento de realización da entrevista) ou un curso académico, ata aqueles cuxa bagaxe profesional no mesmo centro está roldando os 20 anos; unha das informantes ten a mesma experiencia profesional como profesora de Pedagogía Terapéutica que anos leva traballando como tal no mesmo centro.

Finalmente, se falamos da estabilidade no posto, vemos que son postos definitivos na súa maioría (13), fronte a aquelas que indican que a súa categoría é interina (2) ou provisional (1).

A mostra de profesorado de Audición e Linguaxe está conformada por un total de doce persoas, nove mulleres e tres homes con idades comprendidas entre 28 e 56 anos; cinco traballan en centros de educación infantil e primaria, dous en centros privados concertados, dous en centros de educación especial privados e o resto en centros de educación primaria e centros rurais agrupados. Na súa totalidade son mestres coa especialidade de Audición e Linguaxe salvo dous que teñen ademais a Licenciatura en Psicopedagogía e un en Xeografía e Historia.

A maioría teñen una traxectoria profesional incipiente como profesor/a de Audición e Linguaxe, o que menos tempo leva é un total de 3 meses e o que máis 20 anos sendo a media de experiencia profesional aproximadamente de 11 anos, ao igual que levan pouco tempo, entre 3 meses e como máximo 14 anos, exercendo o seu traballo no centro. Salvo dous casos (1 interino/a e 1 funcionario/a en prácticas) o resto teñen praza fixa no centro.

A mostra de directores/as confórmana un total de vinte persoas, doce mulleres e sete homes con idades comprendidas entre 37 e 62 anos que ocupan este cargo en centros de educación infantil e primaria (6), centros privados (3), centros de educación especial privados (1), centro de educación primaria (1), centro de educación especial (1), centro público integrado (1), instituto de educación secundaria (5) e centro rural agrupado (1).

En relación á titulación que posúen, a maioría teñen estudos de mestre salvo tres que teñen outras titulacións (Licenciatura en Filoloxía Hispánica, en Dereito e Ciencias Políticas e Filosofía); a súa praza é definitiva en todos os casos e levan no cargo de dirección entre 6 meses e 16 anos; salvo dúas persoas que desenvolveron cargos noutros centros, o resto é a primeira vez que exercen esta función.

A mostra de titores/as de ensino obrigatorio xeradora de información é de un total de doce suxeitos (mulleres na súa totalidade), pertencentes a centros de educación infantil e primaria (4), a centros de educación primaria (1), a centros públicos integrados (2), a centros plurilingües (2) e a institutos de educación secundaria (3) con idades comprendidas entre os 26 e os 56 anos (atopándose a súa maioría na década dos 40). Como formación inicial a maioría conta con estudos de Maxisterio da especialidade de Infantil e Primaria e Psicopedagogía, seguidas daquelas que teñen formación nunha área concreta, principalmente Filoloxía.

A traxectoria profesional é variada, pois dúas das titoras levan 1 ou 2 anos como profesoras, mentres que a gran maioría conta cunha traxectoria de máis de 10 anos (chegando ata os 25 anos nalgún dos casos), situación que se repite no caso do tempo que levan como profesoras no centro actual, que vai desde 1 a 2 anos, ata aqueles que levan no mesmo máis de 8 (chegando a dezaioito anos nalgún dos casos). Finalmente, se falamos da estabilidade no posto, daquelas que responderon dita pregunta, vemos que son postos definitivos na súa maioría (oito titoras), fronte a aquelas que indican que a súa categoría é provisional (dúas titoras).

A mostra de auxiliar técnico educativo xeradora de información é de un total de nove persoas (oito mulleres e un home), pertencentes a centros de educación infantil e primaria (cinco auxiliares), a institutos de educación secundaria (dous auxiliares) e a centros de educación especial (dous auxiliares), con idades comprendidas entre os 45 e 59 anos, e con formación inicial moi variada (auxiliar de enfermería, licenciado/a,...), así como variada tamén é a súa estabilidade no posto (interinos/as, definitivos/as, substitutos/as, interino/a por vacante...), aínda que a maioría contan cunha ampla experiencia profesional como auxiliares, e como auxiliares no mesmo centro no que se atopan na actualidade (desde 3 anos os/as que menos levan, ata 15 aqueles/as que levan máis anos no mesmo centro).

Os informantes dos equipos de orientación específicos son seis, 3 homes e 3 mulleres; o máis novo ten 39 anos e o de máis idade 64. As especialidades das que se ocupan son as seguintes: 2 de sobredotación, e 1 de sensorial, motórico, trastornos da conducta e trastorno xeneralizado do desenvolvemento.

Todos/as son definitivos/as no posto ao que accedieron desde a etapa de educación secundaria, na que exercían como orientadores/as, a excepción dun que accedeu desde os equipos psicopedagóxicos. A maioría levan no Equipo de Orientación Específico como mínimo 3 anos e dúas persoas levan máis de 20 anos.

A súa formación é ampla: 2 teñen unha Licenciatura en Psicopedagogía e en Pedagogía; 3 en Psicología; algúns teñen dobre licenciatura (Pedagogía e Psicología ou Psicología e Historia) e unha ten o Diploma de Estudos Avanzados (DEA) e outro Curso de Doutoramento.

4. Instrumentos de recollida de datos

Para a recollida de información sobre a situación da atención á diversidade nos centros educativos de ensino básico da Comunidade Autónoma de Galicia utilizáronse dous tipos de instrumentos: o cuestionario e a entrevista.

4.1. Cuestionario

O cuestionario permitiu extraer información relativa ás percepcións e valoracións dos diferentes sectores implicados, mencionados anteriormente. Elaboráronse un total de sete cuestionarios, recollidos no Anexo, un para o/a orientador/a, profesor/a de Pedagogía Terapéutica, profesor/a de Audición e Linguaxe, equipo directivo, titor/a de ensino obrigatorio, profesorado de ensino obrigatorio e nais, pais ou titores/as legais. En todos eles incluíronse preguntas pechadas ou de elección múltiple e algunha aberta.

Cuestionario para o/a orientador/a

O instrumento deseñado para obter información do/a orientador/a componse de 65 cuestións, nas cales atopamos 12 ítems abertos, 14 de selección múltiple e 39 de escala tipo Likert. O cuestionario está estruturado en tres bloques:

- O primeiro bloque céntrase nos datos de identificación do centro (ítems 1 a 6).
- O segundo bloque indaga acerca dos datos persoais e profesionais da persoa que contesta (ítems 1 a 11).
- O terceiro bloque inclúe cuestións que fan referencia á atención á diversidade no centro (ítems 1 a 10 e ítems 1 a 31) e ás actitudes e sensibilización ante a atención á diversidade da persoa que contesta (ítems 32 a 39).

Cuestionario para o/a profesor/a de Pedagogía Terapéutica

O instrumento deseñado para obter información do/a profesor/a de Pedagogía Terapéutica componse de 59 cuestións, nas cales atopamos 9 ítems abertos, 18 de selección múltiple e 37 de escala tipo Likert. O cuestionario está estruturado en tres bloques:

- O primeiro bloque céntrase nos datos de identificación do centro (ítems 1 a 3).
- O segundo bloque indaga acerca dos datos persoais e profesionais da persoa que contesta (ítems 1 a 11).
- O terceiro bloque inclúe cuestións que fan referencia á atención á diversidade no centro (ítems 1 a 7 e ítems 1 a 29) e ás actitudes e sensibilización ante a atención á diversidade da persoa que contesta (ítems 30 a 37).

Cuestionario para o/a profesor/a de Audición e Linguaxe

O instrumento deseñado para obter información do/a profesor/a de Audición e Linguaxe componse de 58 cuestións, nas cales atopamos 13 ítems abertos, 9 de selección múltiple e 36 de escala tipo Likert. O cuestionario está estruturado en tres bloques:

- O primeiro bloque céntrase nos datos de identificación do centro (ítems 1 a 3).
- O segundo bloque indaga sobre os datos persoais e profesionais da persoa que contesta (ítems 1 a 11).
- O terceiro bloque inclúe cuestións que fan referencia á atención á diversidade no centro (ítems 1 a 7 e ítems 1 a 28) e ás actitudes e sensibilización ante a atención á diversidade da persoa que contesta (ítems 29 a 36).

Cuestionario para o equipo directivo

O instrumento deseñado para obter información do equipo directivo componse de 54 cuestións, nas cales atopamos 3 ítems abertos, 18 de selección múltiple e 33 de escala tipo Likert. O cuestionario está estruturado en tres bloques:

- O primeiro bloque céntrase nos datos de identificación do centro (ítems 1 a 8).
- O segundo bloque indaga sobre os datos persoais e profesionais da persoa que contesta (ítems 1 a 12).
- O terceiro bloque inclúe cuestións que fan referencia á atención á diversidade no centro (ítems 1 a 24) e ás actitudes e sensibilización ante a atención á diversidade da persoa que contesta (ítems 25 a 33).

Cuestionario para o profesorado titor de ensino obrigatorio

O instrumento deseñado para obter información do profesorado titor componse de 62 cuestións, nas cales atopamos 15 ítems abertos, 8 de selección múltiple e 39 de escala tipo Likert. O cuestionario está estruturado en tres bloques:

- O primeiro bloque céntrase nos datos de identificación do centro (ítems 1 a 3).
- O segundo bloque indaga sobre os datos persoais e profesionais da persoa que contesta (ítems 1 a 12).
- O terceiro bloque inclúe cuestións que fan referencia á atención á diversidade no centro (ítems 1 a 22 e ítems 1 a 31) e ás actitudes e sensibilización ante a atención á diversidade da persoa que contesta (ítems 32 a 61).

Cuestionario para o profesorado de ensino obrigatorio

O instrumento deseñado para obter información do profesorado componse de 67 cuestións, nas cales atopamos 17 ítems abertos, 10 de selección múltiple e 40 de escala tipo Likert. O cuestionario está estruturado en tres bloques:

- O primeiro bloque céntrase nos datos de identificación do centro (ítems 1 a 3).
- O segundo bloque indaga sobre os datos persoais e profesionais da persoa que contesta (ítems 1 a 14).
- O terceiro bloque inclúe cuestións que fan referencia á atención á diversidade no centro (ítems 1 a 9 e ítems 1 a 32) e ás actitudes e sensibilización ante a atención á diversidade da persoa que contesta (ítems 33 a 40).

Cuestionario para nais, pais ou titores/as legais

O instrumento deseñado para obter información das nais, pais ou titores/as legais componse de 28 cuestións, nas cales atopamos 3 ítems abertos, 4 de selección múltiple e 21 de escala tipo Likert. O cuestionario está estruturado en tres bloques:

- O primeiro bloque céntrase nos datos de identificación persoal e escolar (ítems 1 a 7).
- O segundo bloque inclúe cuestións que fan referencia á atención á diversidade no centro (ítems 1 a 21).

4.1.1. ANÁLISE TÉCNICA DO CUESTIONARIO

Os cuestionarios foron sometidos a unha revisión por persoas expertas de distintos ámbitos do sistema educativo entre os que se inclúen: inspectores/as de educación; profesorado universitario; profesorado de educación primaria e educación secundaria obrigatoria; membros dos equipos de orientación específicos; e nais, pais ou titores/as legais.

Como resultado das contribucións outorgadas polos xuíces expertos, elimináronse e modificáronse algunhas preguntas dos cuestionarios, adoptando como criterio a inclusión nos mesmos daquelas preguntas de coincidencia favorable entre os xuíces e a exclusión das que tiñan o 100% de coincidencias desfavorables.

A partir destas indicacións fixéronse as correccións e modificacións correspondentes que deron lugar á primeira versión dos cuestionarios. Posteriormente, procedeuse a administrar os cuestionarios a unha mostra piloto co obxecto de coñecer o grao de comprensión das distintas preguntas da enquisa na que participaron un total de 6 centros e 82 profesionais distribuídos entre os distintos colectivos que configuran as poboacións obxecto de estudo.

No estudo piloto, a enquisa foi aplicada *online*, o mesmo sistema a empregar posteriormente na versión definitiva. Como resultado desta aplicación piloto recolléronse algunhas suxestións de mellora que foron tidas en conta na redacción final dos cuestionarios.

No caso do cuestionario destinado a nais, pais ou titores/as legais, a participación na proba piloto foi de 10 suxeitos e as súas suxestións deron como resultado a eliminación e modificación dalgunhas preguntas que foron tamén tidas en conta na redacción final do cuestionario.

Respecto ao estudo das características técnicas dos instrumentos, para coñecer a fiabilidade dos distintos cuestionarios empregouse o Alpha de Cronbach. Os valores de Alpha obtidos foron os seguintes: orientadores/as: 0,896; profesorado de Pedagogía Terapéutica: 0,911; profesorado de Audición e Linguaxe: 0,892; equipo directivo: 0,873; profesorado titor de ensino obrigatorio: 0,915; profesorado de ensino obrigatorio: 0,927; nais, pais ou titores/as legais: 0,879; o que demostra unha fiabilidade alta de todos estes instrumentos.

Respecto da validez, formuláronse nos cuestionarios algunhas preguntas similares para todos os colectivos para posibilitar que a información poida ser facilmente contrastable. Na táboa seguinte, apreciamos que o nivel de coincidencia das porcentaxes de resposta nas preguntas é moi elevada, o que nos induce a pensar que este nivel de coincidencia na información proporcionada de xeito independente por cada colectivo contribúe á credibilidade e validez da mesma.

Táboa 3. Comparación das respostas dos distintos colectivos ás mesmas preguntas

Dimensión		Nada de acordo (%)	Pouco de acordo (%)	Bastante de acordo (%)	Moi de acordo (%)	Ns/Nc (%)
A atención á diversidade é unha tarefa que ten que compartir toda a comunidade educativa	Orientador/a	0,4	1,1	8,7	87,7	2,2
	PT	0,3	0,6	6,5	91,6	1,0
	AL	-	-	6,6	92,3	1,1
	Equipo Directivo		0,7	10,9	86,9	1,5
	Titor/a	0,2	0,5	11,6	85,7	2,0
	Profesor/a	0,3	1,1	13,3	81,9	3,4
	Nais, pais ou titores/as legais	0,9	9,9	49,5	35,6	4,0
Para atender á diversidade a acción titorial é fundamental	Orientador/a	-	0,4	9,8	88,0	1,8
	Equipo Directivo	-	-	-	-	-
	Titor/a	0,2	2,4	20,6	74,8	2,0
	Profesor/a	0,1	2,0	19,9	74,0	3,9
	Nais, pais ou titores/as legais	0,5	3,4	36,0	57,0	3,1
A atención á diversidade require a coordinación de todo o profesorado	Orientador/a	-	-	6,5	91,7	1,8
	PT	-	0,3	5,8	93,2	0,6
	AL	-	0,5	3,3	95,1	1,1
	Equipo Directivo		0,4	7,2	90,2	2,2
	Titor/a	0,1	0,6	11,9	85,8	1,9
	Profesor/a	-	1,4	1,0	81,4	2,6
	Nais, pais ou titores/as legais	0,5	5,1	40,4	50,5	3,6

Dimensión		Nada de acordo (%)	Pouco de acordo (%)	Bastante de acordo (%)	Moi de acordo (%)	Ns/Nc (%)
O asesoramento da Inspección educativa facilita a atención á diversidade do alumnado nos centros	Orientador/a	5,8	22,1	32,6	35,9	3,6
	PT	10,7	25,9	35,3	25,9	2,3
	AL	9,8	27,3	28,4	31,1	3,3
	Equipo Directivo	4,1	21,1	36,6	35,9	2,4
	Titor/a	14,8	26,4	30,5	24,0	4,3
	Profesor/a	21,1	26,8	28,2	18,8	5,2
O asesoramento proporcionado polo Departamento de Orientación ao persoal dos centros facilita a atención á diversidade do alumnado	PT	0,3	10,0	28,2	58,9	2,6
	AL	0,5	6,6	24,0	63,4	5,5
	Titor/a	3,7	11,9	32,6	48,9	2,9
	Equipo Directivo	0,7	5,0	27,5	64,5	2,12
	Profesor/a	3,1	11,0	26,0	55,8	4,1
As actuacións do Equipo de Orientación Específico da provincia facilitan a atención á diversidade do alumnado nos centros	Orientador/a	21,5	24,3	41,7	29,0	2,5
	PT	7,4	29,8	35,6	25,9	1,3
	AL	7,1	26,8	31,1	33,3	1,6
	Equipo Directivo	6,7	28,8	36,0	25,3	3,1
	Titor/a	12,3	26,6	30,6	23,1	7,4
	Profesor/a	15,4	28,0	26,3	20,4	9,9

4.2. Entrevista

Co obxecto de afondar e ampliar a información obtida a través dos cuestionarios, na investigación deseñouse unha entrevista estruturada destinada a coñecer as opinións e crenzas sobre os aspectos que favorecen e/ou dificultan o desenvolvemento da atención á diversidade na etapa de educación primaria e na educación secundaria obrigatoria, a valoración e a medida en que a realidade educativa dos centros atende á diversidade, e as propostas de cambio que suxiren introducir os distintos profesionais neste sentido.

Concretamente, os aspectos a abordar na entrevista deberían permitir:

- Profundar no grao en que distintos profesionais da comunidade educativa consideran que o centro onde traballan atende á diversidade do alumnado.
- O estudo do grao no que o proceso de ensino e aprendizaxe contribúe a que se atenda á diversidade do alumnado.
- O achegamento ás actitudes cara a atención á diversidade do alumnado.
- O estudo do grao no que os/as distintos profesionais perciben como se deben producir cambios para a atención á diversidade do alumnado.

4.2.1. ANÁLISE TÉCNICA DA ENTREVISTA

Unha vez deseñada a entrevista, someteuse a xuízo dos membros do equipo de investigación e doutros profesionais expertos. Como resultado das contribucións outorgadas polos xuíces expertos, elimináronse e modificáronse algunhas preguntas da entrevista, que deron lugar á versión definitiva da mesma que está recollida no Anexo. Así mesmo, seguíronse os criterios de dependencia, credibilidade e confirmación no seu deseño que permitiron garantir o rigor científico da mesma.

5. Procedemento de aplicación dos instrumentos de recollida de datos

5.1. Procedemento de aplicación dos cuestionarios

A versión definitiva dos cuestionarios deseñados para a recollida de información foi aplicada vía *web* en todos os casos a excepción do deseñado para nais, pais ou titores/as legais. Previamente ao envío, o Consello Escolar remitiu a cada centro, por correo electrónico, un escrito informativo explicando a relevancia do informe e solicitando a colaboración. Posteriormente, nun segundo correo electrónico enviado polo equipo de investigación, explicouse a finalidade do estudo e remitíronse os enlaces electrónicos onde proceder a cumprimentar os cuestionarios dirixidos aos distintos sectores da comunidade escolar. O primeiro envío tivo lugar entre o 9 e o 22 de maio de 2018. O segundo recordatorio e solicitude de cumprimento dos cuestionarios realizouse entre o 23 de maio e o 5 de xuño de 2018. O terceiro e último recordatorio tivo lugar o 6 de xuño e a recollida de información finalizou o 21 de xuño de 2018.

Na seguinte táboa preséntase o número de cuestionarios cumprimentados en cada un dos tres envíos realizados.

Táboa 4. Número de cuestionarios cumprimentados nos diferentes períodos de aplicación

Colectivo	1ª envío	2ª envío	3ª envío
	09-05-2018 a 22-05-2018	23-05-2018 a 05/06/2018	06/06/2018 a 21/06/2018
Equipo directivo	350	460	541
Orientador/a	185	237	276
Profesor/a de Pedagogía Terapéutica	203	259	311
Profesor/a de Audición e Linguaxe	120	158	181
Profesor/a de ensino obrigatorio	490	651	735
Profesor/a titor/a de ensino obrigatorio	843	1.116	1.305
TOTAL	2.191	2.881	3.344

No caso do cuestionario para nais, pais ou titores/as legais, o procedemento foi diferente. A recollida de información fíxose nos centros, nunha aula de primeiro, segundo e/ou terceiro ciclo de Educación Primaria (sempre que fora posible) e nunha aula de primeiro e/ou segundo ciclo de Educación Secundaria Obrigatoria, seleccionadas ao chou polo centro. O/a profesor/a titor/a da aula distribuíu os cuestionarios ao alumnado quen, no prazo dunha semana aproximadamente, levou o cuestionario cuberto e entregouno na aula. Na maioría dos casos o equipo de investigación recolleu os cuestionarios cubertos no propio centro, aínda que noutros foi o propio centro quen os remitiu por correo ao equipo investigador.

5.2. Procedemento de realización das entrevistas

O procedemento seguido na realización das entrevistas foi o seguinte:

- Deseño do guión de entrevista.
- Contacto telefónico nos centros co/a director/a e no caso dos equipos de orientación específicos contacto telefónico co/a coordinador/a, a quen se informou do propósito da investigación e da propia entrevista co obxectivo de obter a súa colaboración e facilitar o acceso ao campo e o contacto coas restantes persoas informantes. Dito contacto realizouse nos meses de setembro e outubro de 2018.
- Delimitación do/s día/s e hora/s para a realización das entrevistas aos distintos informantes.
- Realización das entrevistas por parte dos membros do equipo de investigación (que se gravou con previa autorización do/a entrevistado/a en audio para a posterior transcripción) nos centros e nos equipos de orientación específicos.

Capítulo

3

**Datos xerais dos sectores da mostra
e da atención á diversidade nos
centros educativos**

1. Datos xerais dos sectores da mostra

1.1. Distribución dos sectores da mostra por provincia do centro

Por provincias, os membros dos equipos directivos participantes no estudo traballan maioritariamente en centros situados na Coruña (42,0%) e Pontevedra (38,3%), ao igual que a maioría dos/as profesores/as de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe, cunha participación do 45,0% e 43,2% na Coruña e do 33,0% e 35,0% en Pontevedra respectivamente.

As provincias con maior representación, seguen a ser as da Coruña (42,4%) e Pontevedra (37,0%) na mostra de orientadores/as e tamén do profesorado e titores/as de ensino obrigatorio. No caso dos/as profesores/as de ensino obrigatorio, a maioría traballan en centros da provincia de Pontevedra (41,6%), e A Coruña, (40,3%) e a representación dos/as titores/as é do 44,5% en A Coruña e do 38,2% en Pontevedra.

Táboa 1. Distribución dos sectores da mostra segundo a provincia do centro

	EQUIPO DIRECTIVO (%)	ORIENTADORES/AS (%)	PT (%)	AL (%)	TITORES/AS (%)	PROFESORES/AS (%)
A CORUÑA	42,0	42,4	45,0	43,2	44,5	40,3
LUGO	10,5	10,5	13,6	9,8	7,9	11,2
OURENSE	8,7	9,10	8,10	12,0	8,6	6,5
PONTEVEDRA	38,3	37,0	33,0	35,0	38,2	41,6
NS/NC	0,6	1,1	-	-	0,8	0,4

1.2. Distribución dos sectores da mostra por tipo de centro

Os membros do equipo directivo, tal e como se recolle na seguinte táboa, traballan maioritariamente en colexios de educación infantil e primaria (CEIP) (55,3%) e institutos de educación secundaria (IES) (18,5%) ao igual que os/as orientadores/as (48,9% CEIP e 23,2% IES), titores/as de ensino obrigatorio (51,6% CEIP e IES 18,9%), profesores/as de ensino obrigatorio (29,4% CEIP e 44,9% IES) e profesorado de Pedagogía Terapéutica (51,6% CEIP e IES 21,0%). No caso do profesorado de Audición e Linguaxe enquisado realizan a súa labor profesional maioritariamente, ao igual que os profesionais indicados anteriormente, en colexios de educación infantil e primaria (CEIP) (61,7%) seguido do 18,6% que traballan en centros privados concertados.

Os/as profesionais estudados en menor medida traballan en colexios rurais agrupados (CRA), porcentaxe que non supera o 2,0% dos casos e, en centros de educación primaria con valores porcentuais en todos os casos entre o 1,8% para o profesorado de ensino obrigatorio e o 3,6% para os/as profesores/as de Pedagogía Terapéutica.

Respecto á mostra de nais, pais ou titores/as legais, a maioría das respostas correspóndense con quen ten fillos/as que estudan nun CPR (36,5%), seguidos a distancia dos/as que teñen fillos/as escolarizados nun IES (11,5%), CEIP (10,6%), CPI (8,9%) e CEP (7,0%).

Táboa 2. Distribución dos sectores da mostra segundo o tipo de centro

	CEIP (%)	CEE (%)	IES (%)	CPI (%)	CRA (%)	CEP (%)	CPR (%)	CEEPR (%)	Ns/Nc (%)
EQUIPO DIRECTIVO	55,3	1,5	18,5	6,7	2,1	2,5	13,1	0,2	-
ORIENTADORES/AS	48,9	1,4	23,2	9,1	1,1	3,3	9,1	0,7	3,3
PT	51,6	1,6	21,0	11,7	0,6	3,6	8,1	-	-
AL	61,7	1,6	1,6	8,7	0,5	1,6	18,6	4,4	-
TITORES/AS	51,6	0,5	18,9	7,4	0,6	2,7	15,5	0,2	2,8
PROFESORES/AS	29,4	0,4	44,9	6,8	0,1	1,8	12,8	0,1	3,7
NAIS/PAIS TITORES/AS LEGAIS	10,6	-	11,5	8,9	-	7,0	36,5	-	25,6

CEIP: Colexio de Educación Infantil e Primaria; CEE: Centro de Educación Especial; IES: instituto de Educación Secundaria; CPI: Centro Público Integrado; CRA: Centro Rural Agrupado; CEP: Colexio de Educación Primaria; CPR: Centro Privado; CEEPR: Centro de Educación Especial Privado

1.3. Distribución dos sectores da mostra por titularidade do centro

Outro dato ao que se pode facer referencia é a titularidade do centro. No que se refire a esta variable existe unha clara participación no estudo de membros do equipo directivo, orientadores/as, profesores/as de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe, titores/as e profesores/as de ensino obrigatorio que traballan en centros públicos, con valores próximos ao 90% en todos os casos. Destacar que a maior representación de profesionais de centros privados concertados corresponde aos profesores/as de Audición e Linguaxe e de titores/as de ensino obrigatorio con valores do 20% ou próximos.

Táboa 3. Distribución dos sectores da mostra segundo a titularidade do centro

	EQUIPO DIRECTIVO (%)	ORIENTADORES/AS (%)	PT (%)	AL (%)	TITORES/AS (%)	PROFESORES/AS (%)
PÚBLICO	85,8	87,7	87,7	78,7	79,7	83,4
PRIVADO CONCERTADO	13,3	10,5	9,7	20,2	19,2	15,0
NS/NC	0,9	1,8	2,6	1,1	1,1	1,6

1.4. Distribución dos sectores da mostra por sexo

A maioría dos/as profesionais implicados/as na atención á diversidade son mulleres, con valores próximos ao 80,0%, ou algo superiores, excepto no caso dos membros do equipo directivo onde as diferenzas con respecto aos homes son menores; un 57,7% de mulleres forma parte do equipo directivo fronte ao 41,4% de homes.

Táboa 4. Sexo dos sectores da mostra

	Mulleres (%)	Homes (%)	Ns/Nc (%)
EQUIPO DIRECTIVO	57,7	41,4	0,9
ORIENTADOR/A	79,7	18,5	1,8
PROFESOR/A DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	85,1	13,9	-
PROFESOR/A DE AUDICIÓN E LINGUAXE	86,9	12,6	0,5
TITOR/A DE ENSINO OBRIGATORIO	79,0	20,1	0,9
PROFESOR/A DE ENSINO OBRIGATORIO	70,2	28,3	1,5

1.5. Distribución dos sectores da mostra por idade

A maioría dos membros do equipo directivo e orientadores/as teñen idades comprendidas entre os 52 e 61 anos, mentres que o intervalo de idade do profesorado de Pedagogía Terapéutica (29,4%) e de Audición e Linguaxe (35,5%) oscila na maioría dos casos entre 32 e 41 anos. No caso do profesorado de ensino obrigatorio (36,5%) e dos/as titores/as de ensino obrigatorio (33,75) a maioría teñen de 42 a 51 anos.

Táboa 5. Idade dos sectores da mostra

	22 a 31 anos (%)	32 a 41 anos (%)	42 a 51 anos (%)	52 a 61 anos (%)	Máis de 62 anos (%)	Ns/Nc (%)
EQUIPO DIRECTIVO	1,7	17,5	36,2	37,5	5,4	1,7
ORIENTADOR/A	8,3	23,9	27,5	33,7	2,5	4,0
PROFESOR/A DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	11,7	29,4	26,2	27,5	3,9	1,3
PROFESOR/A DE AUDICIÓN E LINGUAXE	20,8	35,5	19,7	9,3	1,1	13,7
TITOR/A DE ENSINO OBRIGATORIO	8,6	29,1	33,7	25,7	2,5	1,2
PROFESOR/A DE ENSINO OBRIGATORIO	6,5	26,9	36,5	27,1	1,5	1,5

1.6. Distribución dos sectores da mostra por titulación académica

No caso dos/as membros do equipo directivo, preto da metade son diplomados/as (49,9%); o 57,4% dos/as titores/as de ensino obrigatorio e o 19,7% do profesorado de Audición e Linguaxe tamén son diplomados/as. Polo que se refire ao profesorado de ensino obrigatorio, a maioría son licenciados/as (58,1%) ao igual que o profesorado de Pedagogía Terapéutica (48,2%).

Táboa 6. Titulación académica dos sectores da mostra

	Licenciados/as (%)	Diplomados/as (%)	Graduados/as (%)	Doutores/as (%)	Ns/Nc (%)
EQUIPO DIRECTIVO	48,1	49,9	0,4	-	1,7
PROFESOR/A DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	48,2	43,0	7,4	-	1,3
PROFESOR/A DE AUDICIÓN E LINGUAXE	17,5	19,7	12,0	-	50,8
TITOR/A DE ENSINO OBRIGATORIO	36,2	57,4	3,4	0,9	2,1
PROFESOR/A DE ENSINO OBRIGATORIO	58,1	26,1	9,8	2,9	3,1

Polo que respecta ao caso dos/as orientadores/as, indagouse pola titulación que posúen. Así, compróbase que son titulados/as en Pedagogía (33,3%), en Psicopedagogía (31,2%) ou en Psicoloxía (19,2%). Un 16,3% non contesta a esta cuestión.

1.7. Distribución dos sectores da mostra por antigüidade no corpo

No caso dos/as membros do equipo directivo, máis da metade (62,7%) leva entre 16 e 25 anos no corpo ao igual que os/as profesores/as de ensino obrigatorio que no 27,5% dos casos levan traballando este mesmo tramo de tempo. O 36,2% dos/as orientadores/as, o 33,0% do profesorado de Pedagogía Terapéutica e o 35,6% dos/as titores/as de ensino obrigatorio levan entre 6 e 15 anos no corpo. A maioría do profesorado de Audición e Linguaxe leva menos de 5 anos (43,2%) con porcentaxes próximas aos que levan entre 6 e 15 anos (41,0%).

Táboa 7. Antigüidade no corpo dos sectores da mostra

	Menos de 5 anos (%)	De 6 a 15 anos (%)	De 16 a 25 anos (%)	De 26 a 35 anos (%)	Máis de 35 anos (%)	Ns/Nc (%)
EQUIPO DIRECTIVO	1,5	26,1	62,7	0,0	6,5	3,3
ORIENTADOR/A	29,0	36,2	30,4	1,1	0,4	2,9
PROFESOR/A DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	19,7	33,0	14,9	16,5	0,3	15,5
PROFESOR/A DE AUDICIÓN E LINGUAXE	43,2	41,0	12,6	1,6	-	1,6
TITOR/A DE ENSINO OBRIGATORIO	12,8	35,6	21,5	25,7	-	4,4
PROFESOR/A DE ENSINO OBRIGATORIO	16,2	26,3	27,5	21,6	3,0	5,6

1.8. Distribución dos sectores da mostra por antigüidade no centro

No caso dos/as membros do equipo directivo, a metade (50,1%) leva traballando no centro actual entre 6 e 15 anos. O resto de profesionais teñen unha antigüidade de menos de 5 anos no centro actual, con valores próximos ou máis altos que o 50,0% e incluso superiores ao 70,0% como no caso do profesorado de Audición e Linguaxe.

Táboa 8. Antigüidade no centro dos sectores da mostra

	Menos de 5 anos (%)	De 6 a 15 anos (%)	De 16 a 25 anos (%)	De 26 a 35 anos (%)	Máis de 35 anos (%)	Ns/Nc (%)
EQUIPO DIRECTIVO	13,5	50,1	24,4	9,4	1,1	1,5
ORIENTADOR/A	48,9	26,4	15,6	3,6	3,6	0,7
PROFESOR/A DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	50,5	30,7	12,3	14,0	-	1,9
PROFESOR/A DE AUDICIÓN E LINGUAXE	71,6	19,7	4,9	1,6	-	2,2
TITOR/A DE ENSINO OBRIGATORIO	45,2	35,6	11,5	4,4	-	3,4
PROFESOR/A DE ENSINO OBRIGATORIO	45,3	28,8	16,7	5,9	0,7	2

1.9. Distribución dos sectores da mostra por situación administrativa


No caso dos/as membros do equipo directivo a maioría (86,5%) son funcionarios/as, ao igual que o resto de profesionais, orientadores/as (60,9%), profesorado de Pedagogía Terapéutica (77,3%), profesorado de Audición e Linguaxe (56,8%) e titor-es/as (70,1%) e profesores/as de ensino obrigatorio (70,1%). O maior número de interinos/as corresponde aos orientadores/as (30,1%) e ao profesorado de Audición e Linguaxe (26,2%).

Táboa 9. Situación administrativa dos sectores da mostra

	DIRECTORES/AS (%)	ORIENTADORES/AS (%)	PT (%)	AL (%)	TITORES/AS (%)	PROFESORES/AS (%)
FUNCIONARIOS/AS (%)	86,5	60,9	77,3	56,8	70,1	70,1
INTERINOS/AS (%)	2,6	30,1	16,2	26,2	17,1	19,7
NS/NC (%)	10,9	9,1	-	16,9	12,8	10,2


1.10. Distribución dos sectores da mostra por etapa na que traballa

Gráfica 1. Etapa na que traballa o profesorado de Pedagogía Terapéutica e o profesorado de Audición e Linguaxe



Outra variable da que se recolle información é a etapa na que traballan os/as distintos/as profesionais. Respecto ao caso do profesorado de Pedagogía Terapéutica, obsérvase que unha alta porcentaxe da mostra (68,3%) realiza as súas tarefas na etapa da educación primaria. Unha cuarta parte faíno na ESO (25,6%) e un 2,3% en ámbalas dúas etapas. Un 3,9% non responde a esta cuestión. Pola súa parte, a maioría do profesorado de Audición e Linguaxe que respondeu ao cuestionario traballa na etapa educativa de educación primaria (86,3%). Os que traballan na ESO ou en educación primaria e na ESO conxuntamente representan o 3,8% do total. O 6,0% non contesta.


Gráfica 2. Etapa na que traballa o profesorado e os/as titores/as de ensino obrigatorio



No caso dos/as profesores/as de ensino obrigatorio, o 24,5% traballaron nos últimos anos na ESO e en educación primaria un 14,8%. Os/as titores/as traballaron principalmente en educación primaria (53,6%) e un 21,1% na ESO. As porcentaxes restantes distribúense entre educación infantil e primaria, ESO e outras etapas educativas segundo sinalan as persoas que responden a esta cuestión.

1.11. Distribución da mostra de nais, pais ou titores/as legais segundo quen resposta ao cuestionario


Gráfica 3. Persoa que resposta ao cuestionario de nais, pais ou titores/as legais



No caso do cuestionario dirixido as nais, pais ou titores/as legais, interesaba saber quen respondía ás preguntas. Así, compróbase que responden, sobre todo, as nais (82,8%) fronte ao 15,8% de pais. O 1,4% non resposta.

1.12. Distribución da mostra de nais, pais ou titores/as legais segundo a súa pertenza ao Consello Escolar do centro e á ANPA

Gráfica 4. Pertenza ao Consello Escolar do centro e á ANPA das nais, pais ou titores/as legais




Unha das vías a través da cal as familias participan na vida escolar é o Consello Escolar e tamén a través das Asociacións de Nais e Pais. No cuestionario deseñado para este colectivo preguntouse, por unha banda, a pertenza ao Consello Escolar do centro e, por outra á ANPA. As respostas revelan que tan só un 5,3% das nais, pais ou titores/as legais son membros do Consello Escolar do centro mentres que na ANPA teñen unha maior presenza (37,1%).

2. Datos xerais sobre a atención á diversidade nos centros educativos

2.1. Unidades de Educación Especial nos centros educativos segundo os distintos sectores da mostra

Gráfica 5. Existencia de unidades de educación especial nos centros educativos




Unha cuestión sobre a que indagamos é se o centro conta con unidades de educación especial. O 13,1% dos membros do equipo directivo afirman que no seu centro contan con unidades de educación especial, mentres para o 85,8% non. Un 1,1% non sabe ou non contesta.

Os/as orientadores/as participantes no estudo, a quen tamén se lles formulou esta cuestión, sinalan maioritariamente que non existen estas unidades nos seus centros (88,4%). Tan só no 9,8% dos casos as teñen. Un 1,8% non sabe ou non contesta.

2.2. Alumnado de escolarización combinada segundo os distintos sectores da mostra

Gráfica 6. Existencia de alumnado de escolarización combinada




Outra cuestión que desexábamós coñecer é a relativa á existencia de alumnado de escolarización combinada. Segundo confirman os membros do equipo directivo, no 25,1% dos casos si, e no 72,6% non. Un 2,2% non sabe ou non contesta.

Respecto a esta cuestión, a maioría dos/as orientadores informan que nos seus centros non contan (76,8%) con alumnado de escolarización combinada. Só os teñen o 21,7% dos centros nos que desenvolven as súas tarefas os orientadores e orientadoras participantes no estudo. Un 1,4% non sabe ou non contesta.


2.3. Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo segundo os sectores da mostra

Gráfica 7. Existencia de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo



Así mesmo, ao profesorado de ensino obrigatorio preguntóuselles se nas súas aulas tiñan alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. As respostas, neste senso son claras. Máis das tres cuartas partes (78,6%) afirman que si. O 19,3% sinala que non e un 2,0% non responde. Esta mesma cuestión formulóuselle ao profesorado titor de ensino obrigatorio. Neste caso, un 72,3% di que ten alumnado con necesidades específicas de apoio educativo na súa aula e o 26,4% di que non. O 1,3% non responde.

Gráfica 8. Fillo/a con necesidades específicas de apoio educativo



As nais, pais ou titores/as legais do alumnado preguntóuse-lles se tiñan un fillo ou filla no ensino básico con algunha necesidade específica de apoio educativo ou con necesidades educativas especiais. Ao respecto, un 84,5% das nais, pais ou titores/as legais sinalan que non teñen fillos/as con necesidade específica de apoio educativo, mentres un 13,0% afirma que si. Un 2,5% non responde a esta cuestión.

2.4. Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que atenden os sectores da mostra

Neste apartado inclúense cuestións referidas ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que atenden os/as diferentes profesionais que participan no estudo e as medidas ordinarias e extraordinarias levadas a cabo.

Por unha parte, en relación os/as orientadores/as vemos que atenden maioritariamente entre 1 e 10 alumnos/as con TDAH (64,4%), con necesidades educativas especiais (10,7%) e con necesidades educativas específicas derivadas de condicións persoais ou de historia escolar (58,7%). O número de alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe oscila entre 6 e 15 segundo afirma o 41,0%, sendo o número de alumnado con altas capacidades inferior a 5 (43,5%) e de incorporación tardía ao sistema educativo en porcentaxes similares do 41,7%.

Táboa 10. Alumnado que atende o/a orientador/a nos centros educativos

Alumnos/as	TDAH (%)	NEE (%)	DEA (%)	NEE DCP (%)	AACC (%)	IT (%)
0	4,7	3,6	2,9	11,6	43,1	37,0
1-5	43,5	42,8	12,3	38,4	43,5	41,7
6-10	29,0	27,9	19,6	20,3	5,1	5,1
11-15	10,1	9,8	21,4	4,7	0,4	2,2
16-20	4,3	3,3	13,8	3,3	0,4	-
21-25	3,6	2,9	6,5	1,8	-	-
26 ou máis	1,8	7,2	19,2	6,5	-	0,4
Ns/Nc	2,9	2,5	4,3	13,4	13,4	13,4

TDAH: Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade; NEE: Alumnado con necesidades educativas especiais; DEA: Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe; NEE DCP: Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar; AACC: Alumnado con altas capacidades intelectuais; IT: Alumnado de incorporación tardía

No que se refire ao alumnado que atende o profesorado de Pedagogía Terapéutica participante no estudo, en xeral, é de 1 a 5 en todas as situacións contempladas a excepción do alumnado de altas capacidades e de incorporación tardía cuxa presenza nas aulas é menos visible xa que o 73,1% indica que non atende a alumnado de altas capacidades e o 61,2% afirma non atender a alumnado con necesidades derivadas da incorporación tardía ao sistema educativo.

Táboa 11. Alumnado que atende o profesorado de Pedagogía Terapéutica nos centros educativos

Alumnos/as	TDAH (%)	NEE (%)	DEA (%)	NEE DCP (%)	AACC (%)	IT (%)
0	17,5	3,2	3,6	23,3	73,1	61,2
1-5	70,2	59,5	47,9	47,2	4,2	35,7
6-10	7,1	18,1	24,3	11,0	0,6	3,1
11-15	1,3	9,1	12,3	4,9	-	-
16-20	-	4,9	4,2	0,6	-	-
21-25	-	0,6	1,3	0,6	-	-
26 ou máis	-	1,9	1,6	0,3	-	-
Ns/Nc	3,9	2,6	4,9	12,0	22,0	-

TDAH: Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade; NEE: Alumnado con necesidades educativas especiais; DEA: Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe; NEE DCP: Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar; AACC: Alumnado con altas capacidades intelectuais; IT: Alumnado de incorporación tardía

Respecto ao colectivo de Audición e Linguaxe, tal e como se observa na seguinte táboa, os resultados son similares aos comentados previamente. Así, un 39,8% do profesorado de Audición e Linguaxe atende de 1 a 5 alumnos con TDAH, con necesidades educativas especiais (47,2%) e con dificultades específicas de aprendizaxe (57,5%). Destacar que o 60,5% e o 57,3% do profesorado de Audición e Linguaxe enquisado afirma non atender a ningún alumno/a con altas capacidades intelectuais nin de incorporación tardía ao sistema educativo respectivamente.

Táboa 12. Alumnado que atende o profesorado de Audición e Linguaxe nos centros educativos

Alumnos/as	TDAH (%)	NEE (%)	DEA (%)	NEE DCP (%)	AACC (%)	IT (%)
0	38,3	30,3	20,3	31,8	60,5	57,3
1-5	39,8	47,2	57,5	42,5	12,1	16,6
6-10	0,7	3,1	5,1	2,9	0,1	0,1
11-15	-	0,2	0,5	0,2	-	-
16-20	-	0,2	0,2	0,2	-	-
21 – 25	-	-	0,2	-	-	-
26 ou máis	-	0,1	0,2	0,1	-	-
Ns/Nc	21,1	19,0	16,0	22,3	27,3	26,0

TDAH: Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade; NEE: Alumnado con necesidades educativas especiais; DEA: Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe; NEE DCP: Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar; AACC: Alumnado con altas capacidades intelectuais; IT: Alumnado de incorporación tardía

Respecto ao colectivo de profesores/as de ensino obrigatorio, tal e como se observa na seguinte táboa, o alumnado que atenden é de 1 a 5 en todas as situacións contempladas, a excepción do alumnado con altas capacidades (49,3%) e de incorporación tardía (45,3%), que é atendido en menor medida nas aulas.

Táboa 13. Alumnado que atenden os/as profesores/as nos centros educativos

Alumnos/as	TDAH (%)	NEE (%)	DEA (%)	NEE DCP (%)	AACC (%)	IT (%)
0	21,9	17,8	15,8	23,5	49,3	45,3
1-5	48,5	46,8	43,7	38,1	20,1	25,4
6-10	6,7	9,5	13,6	6,11	0,1	1,1
11-15	1,5	2,0	3,4	1,0	-	-
16-20	-	1,0	1,0	1,5	-	0,1
21 -25	-	0,7	0,5	0,3	-	-
26 ou máis	-	0,4	0,3	0,1	-	-
Ns/Nc	21,4	21,8	21,8	29,4	30,5	28,0

TDAH: Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade; NEE: Alumnado con necesidades educativas especiais; DEA: Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe; NEE DCP: Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar; AACC: Alumnado con altas capacidades intelectuais; IT: Alumnado de incorporación tardía

En último lugar, compróbase que os/as titores/as de ensino obrigatorio participantes no estudo sinalan que teñen nas aulas entre 1 e 5 alumnos e alumnas con TDAH (48,5%), con necesidades educativas especiais (46,8%), con dificultades específicas de aprendizaxe (43,7%) e con necesidades específicas derivadas de condicións persoais ou de historia escolar (38,1%). Teñen menor presenza nas aulas o alumnado de altas capacidades intelectuais (20,1%) e de incorporación tardía ao sistema educativo (25,4%) segundo sinala este colectivo.

Táboa 14. Alumnado que atenden os/as titores/as nos centros educativos

Alumnos/as	TDAH (%)	NEE (%)	DEA (%)	NEE DCP (%)	AACC (%)	IT (%)
0	21,9	17,8	15,8	23,5	49,3	45,3
1-5	48,5	46,8	43,7	38,1	20,1	25,4
6-10	6,7	9,5	13,6	6,11	0,1	1,1
11-15	1,5	2,0	3,4	1,0	-	-
16-20	-	1,0	1,0	1,5	-	0,1
21 -25	-	0,7	0,5	0,3	-	-
26 ou máis	-	0,4	0,3	0,1	-	-
Ns/Nc	21,4	21,8	21,8	29,4	30,5	28,0

TDAH: Trastorno por Déficit de Atención e Hiperactividade; NEE: Alumnado con necesidades educativas especiais; DEA: Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe; NEE DCP: Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar; AACC: Alumnado con altas capacidades intelectuais; IT: Alumnado de incorporación tardía

2.5. Medidas de atención á diversidade segundo os sectores da mostra

Neste apartado preséntase a información proporcionada polos/as orientadores/as, profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe sobre as medidas de atención á diversidade que desenvolven nos centros educativos nos que traballan.

Segundo os/as orientadores/as e atendendo aos datos da seguinte táboa, as medidas ordinarias son moi variadas, sendo as máis recorridas o reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria (9,8%), a adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación (9,6%) e as medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia (8,9%). Son medidas menos recorridas o desdoblamento de grupos (3,9%) e os programas de enriquecemento curricular (3,1%).

Táboa 15. Medidas ordinarias levadas a cabo nos centros segundo o/a orientador/a

Medidas ordinarias	N	%
Adecuación a estrutura do centro e da organización e xestión da aula ás características do alumnado	211	8,8
Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado	210	8,8
Traballo colaborativo en grupos heteroxéneos	134	5,6
Titoría entre iguais	116	4,8
Medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia	213	8,9
Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria	236	9,8
Programas de enriquecemento curricular	74	3,1
Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas	203	8,5
Programas de recuperación	106	4,4
Programas específicos personalizados	100	4,2
Aprendizaxe por proxectos	115	4,8
Adaptación dos tempos, instrumentos e procedementos de avaliación	230	9,6
Aula de atención educativa e convivencia	109	4,5
Desdoblamento de grupos	94	3,9
Programa de habilidades sociais	147	6,1
Contratos programa	102	4,3

No que respecta ás medidas extraordinarias, os/as orientadores/as sinalan como máis empregadas as adaptacións curriculares (25,3%) e o apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/o en Audición e Linguaxe (26,5%). Os grupos de adaptación da competencia curricular (1,1%), a atención educativa hospitalaria e domiciliaria (3,0%) e os grupos de adquisición das linguas (2,0%) son as medidas menos empregadas.

Táboa 16. Medidas extraordinarias levadas a cabo nos centros segundo o/a orientador/a

Medidas extraordinarias	N	%
Adaptacións curriculares	253	25,3
Agrupamentos flexibles	51	5,1
Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/o en Audición e Linguaxe	265	26,5
Flexibilización da duración do período de escolarización	122	12,2
Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento	74	7,4
Atención educativa ao alumnado con dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo	50	5,0
Grupos de adquisición das linguas	20	2,0
Grupos de adaptación da competencia curricular	11	1,1
Exentos/as de segunda lingua estranxeira	123	12,3
Atención educativa hospitalaria e domiciliaria	30	3,0

Se preguntamos ao profesorado especialista tanto de Pedagogía Terapéutica como de Audición e Linguaxe sobre as medidas levadas a cabo con alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, tal e como se pode observar na seguinte táboa, compróbase que son as adaptacións curriculares (31,7% e 28,1%), así como o apoio proporcionado tanto polo profesor/a de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe as medidas que, en valores próximos ao 30% ou algo máis superiores, sinalan ambos profesionais (32,1% e 36,4%).

As menos empregadas son, en opinión de ambos profesores/as especialistas, a atención educativa hospitalaria e domiciliaria, os grupos de adquisición de linguas e os grupos de adaptación da competencia curricular, con valores que oscilan entre o 0,6% e o 2,3%.

Táboa 17. Medidas levadas a cabo polo/a profesor/a de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe

Medidas	PT		AL	
	N	%	N	%
Adaptacións curriculares	272	31,7	135	28,1
Agrupamentos flexibles	85	9,9	36	7,5
Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/o en Audición e Linguaxe	275	32,1	175	36,4
Flexibilización da duración do período de escolarización	86	10,0	64	13,3
Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento	64	7,5	41	8,5
Atención educativa ao alumnado con dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo	38	4,4	12	2,5
Grupos de adquisición das linguas	20	2,3	7	1,5
Grupos de adaptación da competencia curricular	17	2,0	8	1,7
Atención educativa hospitalaria e domiciliaria	-	-	3	0,6

Capítulo **4**

**A perspectiva do/a orientador/a
sobre a atención á diversidade**

1. Consideracións preliminares

Nos colexios de educación infantil e primaria e nos colexios de educación primaria créase un Departamento de Orientación que abrangue no seu ámbito de actuación, ademais do propio centro, os centros incompletos da mesma zona de escolarización, coordinados por un/unha mestre/a responsable da orientación educativa, que exercerá as súas funcións como xefe/a de dito departamento (Decreto 120/1998, do 23 de abril polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, artigo 1º, 2). Así mesmo, nos institutos de educación secundaria, e segundo establece o citado Decreto no seu artigo 1º, 1. créase un Departamento de Orientación que abrangue no seu plan de actuación as escolas de educación infantil, os colexios de educación infantil e primaria e os de educación primaria adscritos a el.

Os departamentos de orientación dos institutos de educación secundaria estarán integrados, entre outros profesionais, polos/as funcionarios de carreira do corpo de profesores/as de ensino secundario da especialidade de Psicoloxía e Pedagogía existentes no centro e un deles/as desempeñará a xefatura do departamento. Nos colexios de educación infantil e primaria e nos de educación primaria, o/a xefe/a do Departamento de Orientación será un funcionario/a do corpo de mestres/as, preferentemente doutor/a ou licenciado/a en Psicopedagogía, Psicoloxía, Filosofía e Ciencias da Educación (especialidades de Psicoloxía ou Ciencias da Educación) ou en Filosofía e Letras (especialidades de Pedagogía ou Psicoloxía).

A xefatura dos departamentos de orientación terá as seguintes funcións:

- a) Dirixir e coordinar as actividades e actuacións propias do departamento.
- b) Responsabilizarse da redacción do plan de actividades do departamento, velar polo seu cumprimento e elaborar a memoria final de curso.
- c) Participar na elaboración do Proxecto Educativo e do Proxecto Curricular de etapa, representando o departamento na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- d) Convocar e presidir as reunións do departamento conforme o procedemento que se estableza.
- e) Velar pola confidencialidade dos documentos.
- f) Coordinar a organización dos espazos e instalacións para a orientación, a adquisición de material e de equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.
- g) Realizar as avaliacións psicopedagóxicas, se é o caso, e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme ao procedemento que se estableza.
- h) Facilitar a colaboración entre os membros dos departamentos de orientación implicados.
- i) Coordinar, en colaboración co profesor ou profesora de apoio, a atención do alumnado con necesidades educativas especiais, elevándoo ao/á xefe/a de estudos, cando cumpra, a proposta de organización da docencia para este alumnado.
- j) Aqueloutras funcións que a Administración educativa lle poida asignar referidas á orientación.

Cómpre salientar, por outra banda que, a Orde do 27 de decembro de 2002, pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais, establece no artigo 34 a creación dos departamentos de orientación nos centros específicos de educación especial, así como as funcións específicas que deben desenvolver.

As particularidades dos equipos docentes destes centros, coa existencia neles dun alto número de profesores/as de apoio con diferente perfil e que está directamente relacionado co proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado, fai necesario precisar algúns aspectos referidos á composición e organización dos departamentos de orientación destes centros. Concretamente, nos centros de educación especial que contén cun departamento de orientación, este desenvolverá as funcións establecidas con carácter xeral na Orde do 24 de xullo de 1998, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998 e con carácter específico na Orde do 27 de decembro de 2002.

Os centros de educación especial que non contén cun departamento de orientación serán adscritos pola delegación provincial correspondente, a partir dos informes do servizo de Inspección educativa, a un departamento de orientación dun


centro público que imparta ensinanzas de réxime xeral ou de educación especial, que o abarcará no seu plan de actuación. Os departamentos de orientación dos centros específicos de educación especial, estarán constituídos por:

- O/a xefe/a do departamento, que será un funcionario/a que reúna as características establecidas no apartado a) do artigo 4 do Decreto 120/1998.
- Un/nha profesor/a titor/a por cada oito unidades escolares ou fracción, designado pola dirección a proposta da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Un/nha profesor/a sen función titorial e que exerza funcións de apoio ao alumnado, designado pola dirección á proposta da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Un/nha profesor/a especialista en Audición e Linguaxe, designado pola dirección á proposta da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Nos centros de educación especial nos que todo o profesorado titor sexa especialista de Audición e Linguaxe, o Departamento de Orientación estará formado polos membros enumerados nos apartados a), b) e c).


2. Formación do/a orientador/a

Gráfica 1. Formación recibida sobre atención á diversidade



Unha cuestión de especial relevancia para o tema que nos ocupa é a formación e a actualización dos/as orientadores/as que atenden ao alumnado do ensino básico galego. Neste senso, indagouse sobre a formación recibida polos/as 276 orientadores/as participantes no estudo que aquí se presenta. Ao respecto, vese que practicamente a totalidade (93,8%) dos/as participantes recibiron nos últimos anos formación sobre a atención á diversidade; só un 4,3% di que non e o 1,8% non contesta.

Gráfica 2. Cando recibiu formación sobre atención á diversidade



Pódese, pois, dicir que os/as orientadores/as son un colectivo formado e ademais cunha formación actualizada xa que tal e como revela a gráfica 2, unha maioría do 87,3% recibiu esa formación nos últimos 3 anos e tan só un 6,9% nun intervalo que vai máis alá dese período. O 5,8% non contesta.


Por outra banda, e como se pode observar na seguinte táboa, este colectivo recibiu esa formación por diversos medios. Concretamente o 73,2% a través do CAFI; o CFR proporcionou a formación ao 45,9% deles/as. Utilizaron tamén outros medios para formarse como asociacións (17,5%), sindicatos (4,9%), a Universidade (9,8%), o Ministerio de Educación (1,6%) e mesmo institucións privadas (12,0%).

Táboa 1. Medio polo que recibiu formación sobre atención á diversidade

Medio de Formación	Si (%)	Non (%)
CAFI	73,2	26,8
CFR	45,9	54,1
Asociacións	17,5	82,5
Sindicatos	4,9	95,1
Universidade	9,8	90,2
Ministerio de Educación	1,6	98,4
Institucións privadas	12,0	88,0


Respecto á valoración que fai este colectivo da formación inicial recibida e da permanente, propoñemos as cuestións que analizamos de seguido.

Gráfica 3. Formación inicial para atender á diversidade do alumnado




En primeiro lugar, segundo os datos achegados polos/as orientadores/as, a formación inicial recibida para o desempeño da súa labor nos centros educativos foi escasa (38,8%) e para un 12,3% nula. Porén, o 38,0% considera que foi bastante e o 9,4% moita. Un 1,4% non contesta.

Gráfica 4. Formación sobre atención á diversidade que promove a Administración educativa



Cando se pregunta acerca da formación sobre atención á diversidade que promove a Administración educativa para os/as orientadores/as, as respostas deste colectivo reflicten que esta se axusta bastante ás súas necesidades (46,7%); cunha porcentaxe menor do 35,9% sitúanse os que din que se axusta pouco. Para un 6,2% non se axusta nada e, no outro extremo, o 7,6% di que se axusta moito. O 3,6% non responde a esta cuestión.

Gráfica 5. O centro impulsa e potencia a participación do profesorado en actividades de formación e innovación no ámbito da atención á diversidade



En conxunto, unha maioría do 41,0% dos/as orientadores/as confirman que o seu centro impulsa e potencia bastante a participación do profesorado en actividades de formación e innovación no ámbito da atención á diversidade; o 27,3% opina, pola súa parte, que moito. Doutra banda, un 7,7% considera que no seu centro non se impulsa e un 21,9% que se fai pouco. Un 2,2% non contesta.

3. Aspectos institucionais da atención á diversidade nos centros educativos

Como se sinalou anteriormente, a Xefatura do Departamento de Orientación ten, entre as súas funcións, participar na elaboración do Proxecto Educativo e do Proxecto Curricular de etapa (Decreto 120/1998, do 23 de abril, artigo 7º c).

Neste apartado, analizamos as valoracións dos/as orientadores/as sobre como se aborda a atención á diversidade no Plan de Acción Titorial, no Proxecto Educativo de centro e no Plan de Orientación de centro, así como a existencia de protocolos de actuación específicos para a atención á diversidade e de criterios ao respecto por parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

En conxunto, como vemos na táboa que segue, en todos os aspectos contemplados, as valoracións de orientadores e orientadoras amosan que son bastante ou moi favorables. Así, o desenvolvemento do Plan de Acción Titorial é considerado como eficaz para a atención á diversidade pola maioría dos/as orientadores/as (54,3% bastante e 27,5% moito). Un 13,0% sinala que é pouco eficaz e un 2,5% nada eficaz.

De xeito similar, o 52,5% considera que o Proxecto Educativo de centro favorece en bastante medida os procesos de atención á diversidade, e o 31,9% di que favorece moito. O 9,8% en cambio considera que o Proxecto Educativo favorece pouco os procesos de atención á diversidade e o 2,9% que non favorece nada. O 2,9% non contesta á cuestión.

Na mesma liña, máis da metade das persoas participantes (un 49,6% afirma que bastante e un 32,6% moito) considera que no centro existen protocolos de actuación específicos para a atención á diversidade. Só a un 2,5% lle parece que non existen e ao 11,2% que son poucos os protocolos existentes.

O 55,4% dos/as orientadores/as cre que bastantes das medidas recollidas no Plan de Orientación de centro permiten dar unha resposta axeitada á diversidade do alumnado. O 37,3% considera que hai moitas medidas, mentres que o 4,0% considera que existen poucas. Só o 0,4% considera que as medidas do Plan de Orientación do centro non permiten dar unha resposta axeitada á diversidade do alumnado. Un 2,9% non contesta a esta cuestión.

Así mesmo, a maior parte das persoas enquisadas (47,1%) cre que existen bastantes criterios claros e definidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica que garanten a aplicación das medidas de atención á diversidade. O 24,6% cre que existen moitos, pero un 21,0% que existen poucos criterios. O 4,0% pensa que non existen criterios para garantir a aplicación destas medidas. O 3,3% non sabe ou non contesta.

Para a metade deste colectivo, a comunidade educativa comparte bastante (50,0%) o obxectivo de apoiar medidas de atención á diversidade. O 28,6% di que moito, mentres o 17,0% pouco e o 1,8% nada. Un 2,5% non sabe ou non responde a esta cuestión.

De xeito similar, o 48,6% dos/as enquisados/as cree que no centro hai unha distribución bastante clara das responsabilidades dos/as distintos/as profesionais en relación coas medidas de atención á diversidade deseñadas; para un 29,3% dos/as orientadores/as esta distribución é moi clara. Porén, un 17,0% e un 2,9% considera que é pouco ou nada clara. O 2,2% non sabe ou non contesta.

Táboa 2. Valoración de aspectos relacionados coa atención á diversidade no centro


Dimensión	Nada (%)	Pouco (%)	Bastante (%)	Moito (%)	Ns/Nc (%)
Eficacia do desenvolvemento do Plan de Acción Titorial	2,5	13,0	54,3	27,5	2,5
O Proxecto Educativo de centro favorece os procesos de atención á diversidade	2,9	9,8	52,5	31,9	2,9
Existencia no centro de protocolos de actuación específicos para a atención á diversidade	2,5	11,2	49,6	32,6	4,0
As medidas recollidas no Plan de Orientación do centro permiten dar unha resposta axeitada á diversidade	0,4	4,0	55,4	37,3	2,9
Existencia no centro de criterios claros e definidos por parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica que garanten a aplicación das medidas de atención á diversidade	4,0	21,0	47,1	24,6	3,3
A comunidade educativa comparte o obxectivo de apoiar medidas de atención á diversidade	1,8	17,0	50,0	28,6	2,5
No centro existe unha clara distribución das responsabilidades dos distintos profesionais en relación coas medidas de atención á diversidade deseñadas	2,9	17,0	48,6	29,3	2,2

4. Recursos dos centros educativos

Imos ver a continuación cales son as opinións e valoracións que orientadores e orientadoras fan en relación aos recursos dos centros para a atención á diversidade. Cómpre, neste punto, ter en conta que o/a xefe/a do Departamento de Orientación é a persoa responsable da coordinación e da organización dos espazos e as instalacións para a orientación, a adquisición do material e do equipamento específico e de velar polo seu uso correcto e conservación.


4.1. Recursos persoais dos centros educativos

Gráfica 6. Recursos persoais cos que conta o centro para atender á diversidade




En primeiro lugar, referímonos aos recursos persoais dos centros educativos. Neste senso, observando a gráfica 6, comprobamos que o 44,9% das persoas enquisadas consideran que os recursos persoais cos que contan os centros para atender á diversidade de alumnos/as son poucos, mentres que o 33,3% afirma que hai bastantes recursos. O 15,2% considera que non son suficientes mentres que o 4,0% afirma que existen moitos recursos. O 2,5% non sabe ou non contesta.

Gráfica 7. Existencia de profesorado de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e auxiliar técnico educativo




Por unha banda, preguntamos aos orientadores/as se nos centros educativos contan coa presenza de profesor/a de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe e mesmo se teñen auxiliar técnico educativo. Neste senso os datos revelan que na maioría dos casos contan coa presenza de profesores/as de Pedagogía Terapéutica (96,4%), Audición e Linguaxe (72,1%) e tamén, aínda que en menor medida, con auxiliar técnico educativo (50,7%). Sinalan que non teñen profesorado de Pedagogía Terapéutica no seu centro un 1,8%, un 26,1% profesor/a de Audición e Linguaxe e un 45,3% auxiliar técnico educativo.

Gráfica 8. O traballo que desenvolve no centro o profesorado de Pedagogía Terapéutica, de Audición e Linguaxe e o/a auxiliar técnico educativo facilita a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo




Por outra banda, unha clara maioría dos/as orientadores/as considera que o traballo que fan os/as profesores/as de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe e o/a auxiliar técnico educativo facilita moito a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (60,9%, 47,5% e 39,5% respectivamente).

Gráfica 9. Estabilidade no centro como responsable do Departamento de Orientación



Outra cuestión sobre a que interesaba coñecer a opinión dos/as orientadores/as é a relativa á súa estabilidade no centro educativo como responsable do Departamento de Orientación. Neste sentido, os datos reflicten que para máis da metade da mostra isto é un elemento fundamental (62,3%) ou bastante importante (28,6%). Apenas un 5,0% a valora negativamente (2,5% nada e 2,9% pouco). Un 3,6% non sabe ou non contesta.


Gráfica 10. Adecuación da ratio profesor-alumno para atender á diversidade



Do mesmo xeito, resulta de interese coñecer a valoración deste colectivo sobre a *ratio* profesor-alumno á hora de atender á diversidade. Así, para un 37,0% é pouco adecuada para atender á diversidade e para un 10,1% nada adecuada. Un 30,1% e un 21,0% opina que é bastante e moi adecuada respectivamente. O 1,8% non sabe ou non contesta.


4.2. Espazos e instalacións dos centros educativos

Gráfica 11. Accesibilidade das instalacións e aulas do centro



Outro aspecto relacionado cos recursos refírese aos espazos e instalacións dos centros educativos. Ao respecto, na valoración que fan os/as orientadores/as dos espazos e das instalacións dos centros para atender á diversidade apréciase que unha maioría do 40,9% confirma que son bastante accesibles para todo o alumnado e o 33,0% que son moi accesibles. En cambio, o 18,8% di que son pouco accesibles, seguido de lonxe polo 5,1% que pensa que non existe accesibilidade nas instalacións e aulas do propio centro. O 2,2% non sabe ou non contesta.


Gráfica 12. Nos centros hai aulas que permiten agrupamentos diversos para atender á diversidade




Na gráfica 12 recóllese a resposta dos/as orientadores/as sobre se nos centros contan con aulas que permitan agrupamentos diversos para atender á diversidade do alumnado. Se observa que queda patente a existencia nos centros de aulas que permiten estes agrupamentos (39,5% bastantes e 20,7% moitas), fronte aos que sinalan o contrario (28,3% poucas e 8,3% ningunhas). Un 3,3% non responde a esta cuestión.

4.3. Recursos materiais dos centros educativos


Gráfica 13. Material especializado na aula para atender á diversidade



Finalmente, analizamos tamén a valoración deste colectivo en relación cos recursos materiais con que contan nos centros para atender á diversidade. En primeiro lugar, faise referencia ao material especializado existente na aula para atender á diversidade. Neste senso, o 49,6% dos/as enquisados/as afirma que existen bastantes materiais especializados na aula para atender á diversidade, mentres que o 29,7% considera que existen poucos. O 13,8% afirma que existen moitos e o 3,6% considera que non hai suficientes materiais especializados. O 3,3% non sabe ou non contesta.

Gráfica 14. Recursos tecnolóxicos para atender á diversidade

Por outra banda, é tamén de interese coñecer a dispoñibilidade de recursos tecnolóxicos para atender á diversidade do alumnado nos centros educativos. Así pois, unha maioría do 48,6% afirma que son bastantes e o 14,5% que son moitos. Un 31,5% opina que son poucos e un 3,3% que non hai recursos tecnolóxicos para atender á diversidade. Un 2,2% non sabe ou non contesta.


Gráfica 15. Na atención á diversidade o traballo con medios tecnolóxicos favorece o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado

En consonancia coa cuestión anterior, a maioría dos/as orientadores/as considera que na atención á diversidade o traballo con medios tecnolóxicos favorece moito e bastante o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado (48,2% e 44,6% respectivamente). Tan só un 4,0% considera que favorece pouco e o 0,4% que non favorece nada. O 2,9% non sabe ou non contesta a esta cuestión.

5. Coordinación, colaboración e asesoramento nos centros educativos


A coordinación, en colaboración co profesorado de apoio, na atención do alumnado con necesidades educativas especiais é unha das funcións asignadas á Xefatura do Departamento de Orientación dos centros de ensino básico. Por esta razón, indagamos acerca do asesoramento e coordinación que levan a cabo os/as orientadores/as nos centros educativos e a súa relevancia á hora de atender á diversidade.

Gráfica 16. Asesoramento e coordinación do profesorado do centro na elaboración de medidas de atención á diversidade




En primeiro lugar, en relación ás tarefas realizadas polos orientadores e polas orientadoras dos centros educativos, cómpre salientar que o 50,7% e o 42,8% considera que asesora e coordina bastante e moito respectivamente ao profesorado na elaboración de medidas de atención a diversidade. O 3,6% e o 0,4% realiza pouco ou nada respectivamente estas tarefas. O 2,5% non sabe ou no contesta.

Gráfica 17. Colaboración coas familias para atender á diversidade




Os/as orientadores/as manteñen bastante (38,8%) ou moita (56,5%) colaboración coas familias para atender á diversidade. So un 2,2% di que é pouca .

Gráfica 18. A colaboración co profesorado axuda a adecuar o proceso de ensino e aprendizaxe á diversidade do alumnado

Finalmente, neste apartado é preciso sinalar que en opinión dos/as orientadores/as, a colaboración co profesorado axuda bastante (65,6%) e moito (25,7%) a adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe á diversidade do alumnado. Para o 5,8% axuda pouco e para o 0,4% nada. O 2,5% non sabe ou con contesta.


6. Medidas de atención á diversidade nos centros educativos

Unha das principais funcións a desenvolver polo/a responsable do Departamento de Orientación é, sen dúbida, a de realizar as avaliacións pedagóxicas e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade. Neste senso, no cuestionario destinado a este colectivo, fórmulanse unha serie de preguntas referidas a este particular.

Gráfica 19. Impulso de medidas de carácter pedagóxico e organizativo e de xestión no centro para atender á diversidade


Así, cando se pregunta os/as orientadores/as se para atender á diversidade no centro impulsan medidas de carácter pedagóxico e organizativo, as respostas son claras. A maioría faiño en bastante ou moita medida (57,6% e 32,2% respectivamente). Quen non o fai non chega ao 1,0%. O 2,5% non responde a esta cuestión. Do mesmo xeito, a maioría impulsa bastante (46,4%) ou moito (21,7%) as medidas de xestión, aínda que unha cuarta parte di que o fai pouco (25,0%) e un 4,3% que non o fai.

Gráfica 20. Protocolos e convenios de colaboración establecidos polo centro con entidades e asociacións no desenvolvemento de medidas atención á diversidade




En relación cos protocolos e convenios de colaboración establecidos polos centros con entidades e asociacións, os orientadores e orientadoras informan que os teñen moi e bastante en conta no desenvolvemento de medidas de atención á diversidade (53,3% e 35,9% respectivamente). O 5,9% e 1,1% din que os teñen en conta pouco ou nada e o 4,0% non resposta a esta cuestión.

Gráfica 21. Flexibilidade de horarios para atender á diversidade




Outra cuestión sobre a que interesa coñecer a opinión dos/as orientadores/as é a flexibilidade dos horarios. Ao respecto, sinalar que as respostas revelan que para un 42,0% son bastante flexibles para atender á diversidade e para un 12,0% moi flexibles, mentres que para un 34,8% e un 7,6% son pouco e nada flexibles respectivamente. Un 3,6% non sabe ou non resposta a esta cuestión.


Gráfica 22. As reunións co profesorado e a Comisión de Coordinación Pedagóxica permiten unificar criterios na atención á diversidade



A gráfica 22 fai referencia ás reunións do/a xefe do Departamento de Orientación co profesorado e a Comisión de Coordinación Pedagóxica. As respostas manifestadas ao respecto amosan que estas permiten bastante (54,7%) e moito (22,5%) unificar criterios na atención á diversidade. Con menor incidencia porcentual tamén sinalan os/as orientadores/as que o fan pouco (17,8%) ou nada (1,4%). Un 3,6% non sabe ou non contesta

Gráfica 23. O traballo do/a orientador/a é recoñecido pola comunidade educativa

Outra cuestión de interese, representada na gráfica seguinte, refírese á percepción que orientadores e orientadoras teñen do recoñecemento do seu traballo por parte da comunidade educativa. As respostas manifestadas ao respecto amosan que senten que o seu traballo é bastante (56,9%) e moi (18,8%) recoñecido pola comunidade educativa. Con moita menor porcentaxe están os/as que se senten pouco (18,8%) e nada recoñecidos/as (2,5%). Un 2,9% non sabe ou non contesta.


Gráfica 24. Medidas de atención a diversidade nos centros educativos

Finalmente, pode constatarase, a través das opinións dadas polos/as orientadores/as que máis da metade considera que as medidas de atención á diversidade nos centros son suficientes. Na opción de resposta bastante sitúase un 54,3% e na de moito un 8,7% dos casos, mentres que para un 32,6% son poucas e para un 1,4% non son suficientes. O 2,9% non respondeu a esta cuestión.

7. Actitudes e sensibilización ante a atención á diversidade


Neste apartado, analízanse as respostas dos/as orientadores/as sobre unha serie de cuestións relacionadas coas actitudes e a sensibilización ante a atención á diversidade.

Gráfica 25. As medidas de atención á diversidade que se levan a cabo nos centros favorecen o desenvolvemento no alumnado de actitudes tolerantes e respectuosas coas diferenzas




En primeiro lugar, preguntamos a este colectivo se as medidas de atención á diversidade que se levan a cabo nos centros favorecen o desenvolvemento no alumnado de actitudes tolerantes e respectuosas coa diversidade. Segundo as respostas emitidas e recollidas na seguinte gráfica, máis da metade dos/as enquisados/as (54,3%) afirma estar bastante de acordo en que estas medidas favorecen o desenvolvemento no alumnado de actitudes tolerantes e respectuosas coas diferenzas. O 32,2% está moi de acordo, mentres que o 10,1% está pouco e o 0,7% non está de acordo con esta afirmación. O 2,5% non sabe ou non contesta.


Gráfica 26. A atención á diversidade é unha tarefa que ten que compartir toda a comunidade educativa




Por outra banda, obsérvase que preto da totalidade dos/as enquisados/as (87,7% moi de acordo) afirma que a atención á diversidade é unha tarefa que ten que compartir toda a comunidade educativa. Un 8,7% está bastante de acordo e un 1,1% pouco de acordo con esta cuestión. Un 0,4% di que non está de acordo e o 2,2% non sabe ou non contesta.

Gráfica 27. A acción titorial na atención á diversidade

Os/as orientadores/as están moi de acordo (88,0%) en que a acción titorial é fundamental para atender á diversidade. Un 9,8% está bastante de acordo e un 0,4% pouco de acordo. Un 1,8% non sabe ou non contesta.


Gráfica 28. A atención á diversidade require da coordinación de todo o profesorado

Unha contundente porcentaxe do 91,7% está de acordo en que a atención á diversidade require moita coordinación de todo o profesorado. Un 6,5% afirma estar bastante de acordo e o 1,8% non sabe ou non contesta.

Gráfica 29. A atención á diversidade require de canles de colaboración coas familias


Novamente a maior parte dos/as orientadores/as está moi de acordo en que a atención á diversidade require de colaboración coas familias, concretamente un 91,3%. Un 6,9% está bastante de acordo, mentres un 0,4% non comparte esta afirmación. O 1,4% non sabe ou non contesta.

Gráfica 30. O asesoramento da Inspección educativa facilita a atención á diversidade do alumnado nos centros



Un 35,9% dos/as enquisados/as deste colectivo de orientadores/as está moi de acordo en que o asesoramento da Inspección educativa facilita a atención á diversidade do alumnado nos centros seguido polo 32,6% que amosa estar bastante de acordo. Pola contra, o 22,1% e o 5,8% non comparte dita opinión. O 3,6% non sabe ou non contesta.

Gráfica 31. As actuacións do Equipo de Orientación Específico da provincia facilitan a atención á diversidade do alumnado



En relación coa última cuestión formulada aos/ás orientadores/as, compróbase que case a metade está bastante de acordo en que as actuacións do Equipo de Orientación Específico da provincia facilitan (41,7%) a atención á diversidade do alumnado. O 29,0% está moi de acordo con esta afirmación. Pola contra, un 24,3% e un 2,5% están pouco e nada de acordo respectivamente. O 2,5% non sabe ou non contesta.

Conclusiones

Tendo en conta as respostas obtidas, pódese dicir que os orientadores e as orientadoras participantes no estudo constitúen un colectivo formado e cunha formación actualizada, recibida maioritariamente nos últimos 3 anos e a través do Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI).

En xeral, consideran que a formación que oferta a Administración, axústase ás súas necesidades. Tamén subliñan que os centros nos que realizan a súa actividade orientadora impulsan e potencian a participación do profesorado en actividades de formación e innovación no ámbito da atención á diversidade.

Non hai, porén, unha posición clara neste colectivo cara unha valoración da formación inicial pois para uns foi axeitada mentres que para outros non.

Respecto aos recursos persoais, nos seus centros din que son escasos aínda que practicamente na totalidade deles contan con profesorado de Pedagogía Terapéutica; en case tres cuartas partes con profesorado de Audición e Linguaxe e aproxima-

damente a metade con auxiliar técnico educativo, destacando que o traballo que desenvolven estes tres profesionais facilita a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A estabilidade no posto de traballo é para a gran maioría deste colectivo un elemento moi importante na atención á diversidade.

Respecto á *ratio* profesor-alumno, as opinións están divididas, e non parece existir un acordo unánime ao respecto acerca de se é suficiente ou non.

Orientadores e orientadoras consideran que as instalacións e aulas dos centros nos que traballan son, en xeral, accesibles para a diversidade de alumnado e din que teñen nos centros aulas suficientes para permitir agrupamentos diversos. Do mesmo xeito, opinan que nos centros os horarios son flexibles para atender á diversidade e que as medidas de atención á diversidade que se desenvolven son suficientes.

Sinalan que nos centros dispoñen de recursos e materiais especializados suficientes e tamén é suficiente a dispoñibilidade de recursos tecnolóxicos que, na súa opinión, favorecen o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado na atención a diversidade.

Destacan que colaboran coas familias e co profesorado, coordinan e asesoran na elaboración das medidas de atención á diversidade, e consideran que, sen dúbida, isto axuda a adecuar o proceso de ensino aprendizaxe á diversidade de alumnado do centro.

Consideran que nos seus centros se impulsan medidas de carácter pedagógico, organizativo e de xestión para atender á diversidade e unifícanse criterios coa Comisión de Coordinación Pedagóxica e co profesorado. Así mesmo, colaboran con entidades e asociacións no desenvolvemento de medidas de atención á diversidade. Destacar tamén que perciben que o seu traballo é recoñecido no centro.

Finalmente, cren que as medidas de atención á diversidade favorecen o desenvolvemento de actitudes favorables ante a mesma, que a atención á diversidade e unha tarefa compartida, que a acción titorial e a coordinación de todo o profesorado é fundamental o mesmo que o é o establecemento de canles de coordinación coas familias. Así mesmo, consideran que tanto a Inspección educativa como os equipos de orientación específicos facilitan a atención á diversidade.

Capítulo **5**

**A perspectiva do profesorado de
pedagogía terapéutica sobre a
atención á diversidade**

1. Consideracións preliminares


O profesor ou a profesora de Pedagogía Terapéutica forma parte do Departamento de Orientación dos institutos de educación secundaria e dos colexios de educación infantil e primaria e de educación primaria e exerce a función de apoio á atención ao alumnado con necesidades educativas especiais (Decreto 120/1998, do 23 de abril polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia).

Segundo a Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e o funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, regulada polo Decreto 120/1998, o profesorado de apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais, isto é, o/a especialista en Pedagogía Terapéutica e tamén o/a especialista en Audición e Linguaxe, sen prexuízo do establecido no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria e da Orde de 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos da organización e funcionamento de ditos centros, exercerán as súas funcións en todas as etapas educativas que se imparten no centro e desenvolverán, ademais das que lles competen como membros do Departamento de Orientación, as seguintes funcións:

- Asistir ás reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Participar na avaliación inicial do alumnado que acceda á educación secundaria obrigatoria e, cando sexa necesario, naquelas sesións de avaliación que afecten ao alumnado con necesidades educativas especiais.
- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais, así como das medidas de reforzo, no seu caso, e daquelas outras dirixidas á atención da diversidade do alumnado.
- Prestar atención docente directa ao alumnado con necesidades educativas especiais que así o requira, atención que, en xeral, se prestará no grupo no que está integrado.
- Aqueloutras funcións que a Administración educativa lles poda asignar referidas á orientación.


2. Formación do profesorado de pedagogía terapéutica

Gráfica 1. Formación recibida sobre atención á diversidade



Cando se estuda se os 309 profesores/as de Pedagogía Terapéutica recibiron formación nos últimos anos sobre atención á diversidade, confirmase que a gran maioría responde afirmativamente (92,6%), mentres só un 6,5% di que non recibiu formación ao respecto nos últimos anos.

Gráfica 2. Cando recibiu formación sobre atención á diversidade




Se se ten en conta o tempo concreto que fai que recibiron esa formación, compróbase que a maioría recibíuna nos últimos 3 anos (80,6%), mentres que o 12,9% o fixo nun período de máis de 3 anos.


Como se pode observar na táboa 1, esta formación recibírona por distintas vías. Así, un 37,5% di que foi a través do CAFI; o CFR realizou a formación para o 60,5% e, por último, un total do 43,6% formouse a través doutras institucións como asociacións (19,7%), sindicatos (9,4%), universidades (9,7%), Ministerio de Educación (0,6%) e por institucións privadas (4,2%).

Táboa 1. Medio polo que recibiu formación sobre atención á diversidade


Medio de Formación	Si (%)	Non (%)
CAFI	37,5	62,5
CFR	60,5	39,2
Asociacións	19,7	80,3
Sindicatos	9,4	90,6
Universidade	9,7	90,3
Ministerio de Educación	0,6	99,4
Institucións privadas	4,2	95,8

Gráfica 3. Formación inicial recibida sobre atención á diversidade


Tendo en conta as respostas do profesorado de Pedagogía Terapéutica recollidas na gráfica 3, conséntase que estes profesionais recibiron pouca (41,1%) ou ningunha formación inicial (10,0%) para o desempeño da súa labor; un 34,0% e un 14,2% considera que a formación recibida inicialmente foi bastante e moi suficiente respectivamente. Un 0,6% non sabe ou non contesta.

Gráfica 4. Formación para atender á diversidade do alumnado

En relación á formación que posúen para atender á diversidade a gráfica 4 reflicte que a maior parte destes profesionais, segundo as súas respostas, ten bastante (67,3%) ou moita (20,4%). Só un suxeito da mostra di que non ten formación (0,3%) e un 11,7% que a formación que posúe é pouca. Un 0,3% non sabe ou non contesta.

Gráfica 5. Formación sobre atención á diversidade que promove a Administración educativa

Cando se pregunta acerca da formación sobre atención á diversidade que promove a Administración educativa, as respostas do profesorado de Pedagogía Terapéutica, recollidas na gráfica 5, reflicten que para unha maioría do 41,1% axústase bastante ás súas necesidades; cunha porcentaxe menor, aínda que relativamente alta, un 38,8% sinala que se axusta pouco. Segundo un 9,4% non se axusta nada ás súas necesidades, mentres no extremo contrario, un 8,1% afirma que moito. O 2,6% non sabe ou non resposta a esta cuestión.

Gráfica 6. O centro impulsa e potencia a participación do profesorado en actividades de formación e innovación no ámbito da atención á diversidade

Advírtese tamén que, en conxunto, a maioría do profesorado de Pedagogía Terapéutica confirma que o seu centro impulsa e potencia a participación do profesorado en actividades de formación e innovación no ámbito da atención á diversidade (o 42,1% di que bastante e o 24,3% moito); doutro lado, opinan que o fai nada ou pouco o 11,0% e o 22,0% respectivamente.

3. Aspectos institucionais da atención á diversidade nos centros educativos

Polo que se refire á valoración do profesorado de Pedagogía Terapéutica sobre como se aborda a atención á diversidade no Plan de Acción Titorial, no Proxecto Educativo de centro e no Plan de Orientación de centro, así como acerca da existencia de protocolos de actuación específicos para a atención á diversidade e de criterios ao respecto por parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica, pode constatarase o seguinte:

En relación á cuestión se o Proxecto Educativo de centro favorece os procesos de atención á diversidade, máis das tres cuartas partes dos/as profesores/as de Pedagogía Terapéutica enquisados/as consideran que si (52,8% bastante e 26,9% moito). En cambio, o 17,5% considera que o Proxecto Educativo favorece pouco e o 2,3% nada os procesos de atención á diversidade. O 0,6% non sabe ou non contesta á cuestión.

En conxunto, o profesorado de Pedagogía Terapéutica participante no estudo valora positivamente o desenvolvemento do Plan de Acción Titorial do centro para atender á diversidade. Así, para practicamente a metade (49,8%) resulta un elemento bastante eficaz e para o 23,9% moito. Un 21,0% considérao pouco e un 2,9% nada eficaz. Un 2,3% non sabe ou non responde a esta cuestión.

Considerando os datos achegados polos/as profesores/as de Pedagogía Terapéutica, nos centros existen protocolos de actuación específicos para a atención á diversidade. Así, as tres cuartas partes pronúnciase ao respecto favorablemente (45,0% bastante e 30,4% moito), mentres que o 5,8% (nada) e o 18,4% (pouco) afirman o contrario. O 0,3% non sabe ou non contesta.

Na mostra de profesores/as de Pedagogía Terapéutica do estudo existe un acordo maioritario en que as medidas recollidas no Plan de Orientación de centro permiten dar unha resposta axeitada á diversidade do alumnado (43,4% bastante de acordo e 34,6% moito). Opina o contrario algo máis do 20% (3,6% nada de acordo e 17,5% pouco de acordo). O 1,0% non sabe ou non contesta.

En relación á existencia de criterios claros e definidos por parte da Comisión Pedagóxica que garanten a aplicación das medidas de atención á diversidade, a valoración maioritaria deste colectivo sitúase na categoría bastante (43,0%), seguida dun 24,9% que opina que pouco, e moi preto dos que opinan que moito (23,6%). Un 6,8% considera que non existen eses criterios claros e o 1,6% non sabe ou non contesta.

Finalmente, a maioría do profesorado de Pedagogía Terapéutica considera que o Departamento de Orientación impulsa medidas de carácter pedagóxico para atender á diversidade (41,4% moito e 36,2% bastante); no extremo oposto, un 4,9% e un 15,5% agrupan as súas respostas nas categorías nada e pouco respectivamente. O 1,9% non sabe ou non contesta.

Táboa 2. Valoración de aspectos relacionados coa atención á diversidade no centro


Dimensión	Nada (%)	Pouco (%)	Bastante (%)	Moito (%)	Ns/Nc (%)
O Proxecto Educativo de centro favorece os procesos de atención á diversidade	2,3	17,5	52,8	26,9	0,6
Eficacia do desenvolvemento do Plan de Acción Titorial	2,9	21,0	49,8	23,9	2,3
Existencia protocolos de actuación específicos para a atención á diversidade	5,8	18,4	45,0	30,4	0,3
As medidas recollidas no Plan de Orientación do centro permiten dar unha resposta axeitada á diversidade	3,6	17,5	43,4	34,6	1,0
Existencia de criterios claros e definidos por parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica que garanten a aplicación das medidas de atención á diversidade	6,8	24,9	43,0	23,6	1,6
Impulso de medidas de carácter pedagóxico por parte do Departamento de Orientación para atender á diversidade	4,9	15,5	36,2	41,4	1,9

4. Recursos dos centros educativos

De seguido recóllense as respostas do profesorado de Pedagogía Terapéutica ás cuestións que teñen que ver cos recursos dos centros.


4.1. Recursos Personais

Gráfica 7. Recursos persoais cos que conta o centro para atender á diversidade




De acordo coas respostas emitidas, a maioría dos/as profesores/as de Pedagogía Terapéutica enquisados/as (43,0%) consideran que os recursos persoais cos que conta o seu centro para atender á diversidade son poucos, mentres que o 29,1% afirma que hai bastantes recursos e o 9,7% moitos. O 16,8% valóraos como inexistentes e o 1,3% non contesta.

Gráfica 8. O traballo que desenvolve no centro o/a auxiliar técnico educativo facilita a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo



O 30,4% do profesorado de Pedagogía Terapéutica considera que o traballo do/a auxiliar técnico educativo facilita moito a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, seguido do 25,2% que afirma que o facilita bastante. Un 8,7% considera que facilita pouco o traballo e un 8,1% nada. Un 27,5% das persoas enquisadas non contestan a esta cuestión.


Gráfica 9. A estabilidade no centro do profesorado de Pedagogía Terapéutica é un elemento fundamental na atención á diversidade



Algo máis do 50% dos/as profesores/as de Pedagogía Terapéutica enquisados/as (56,0%) considera que a estabilidade do profesorado de Pedagogía Terapéutica é moi importante para prestar unha atención adecuada á diversidade do alumnado, mentres que o 32,4% afirma que é bastante importante. En valores moi inferiores sitúanse os que consideran que é pouco (6,8%) ou nada importante (3,6%). Un 1,3% non sabe ou non contesta.


4.2. Espazos e Instalacións dos centros educativos

Gráfica 10. Accesibilidade das instalacións e aulas do centro para todo o alumnado



Cando se estuda a accesibilidade das instalacións e as aulas do centro, compróbase que a maior parte dos/as enquisados/as confirman que son bastante e moi accesibles (42,1% e 31,1%). Un 18,4% as valora como pouco accesibles e o 8,1% pensa que non existe accesibilidade nas instalacións nin nas aulas do propio centro. Un 0,1% non sabe ou non contesta.


Gráfica 11. Espazos adecuados para atender ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo



De acordo coas respostas emitidas, unha ampla maioría do profesorado de Pedagogía Terapéutica (47,9% bastante e 22,0% moito) considera os espazos do centro axeitados para atender ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Unha porcentaxe do 23,3% e do 6,1% opina que son pouco e nada axeitados respectivamente. O 0,6% non sabe ou non contesta.


4.3. Recursos materiais dos centros educativos

Gráfica 12. Material especializado na aula para dar resposta ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo




Cando se considera a dotación de materiais especializados na aula para dar resposta ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, compróbase que a maior parte dos/as enquisados/as afirma que son moitos (16,8%) e bastantes (53,7%). Para o 24,3% son poucos e o 4,5% considera que non hai. Un 0,6% non sabe ou non contesta.

Gráfica 13. Recursos tecnolóxicos para atender ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo




Os recursos tecnolóxicos para atender ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo cos que conta o profesorado de Pedagogía Terapéutica son suficientes segundo a maioría dos/as enquisados/as (45,0% bastantes e 17,2% moitos). Non son suficientes para un 6,5% da mostra e escasos en opinión do 30,7%. Un 0,6% non sabe ou non contesta.

Gráfica 14. Elaboración de materiais para atender ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo




O 57,6% dos/as enquisados/as elaboran en moita medida materiais para atender ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e o 38,2% di que bastantes. Só o 2,3% non elabora ningún material. O 1,9% non sabe ou non contesta.

Gráfica 15. Emprego das TIC na intervención con alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

O 55,3% afirma que emprega as TIC na intervención destinada ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo en bastante medida e o 26,5% as utiliza moito. O 14,9% utilízalas en pouca medida e só o 1,6% non as utiliza. O 1,6% non sabe ou non contesta.


5. Coordinación, colaboración e asesoramento nos centros educativos**5.1. Coordinación nos centros educativos**

Aténdese a continuación un aspecto fundamental da atención á diversidade, a coordinación e asesoramento nos centros.

Gráfica 16. Actuacións conxuntas con outras entidades, asociacións e organizacións na prevención e intervención educativa co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo


O 36,2% e o 35,0% dos/as enquisados/as leva a cabo bastantes ou poucas actuacións conxuntas con outras entidades, asociacións e organizacións na prevención e intervención educativa co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. O 16,2% non leva a cabo ningunha e só o 10,4% leva a cabo moitas destas medidas. O 2,3% non sabe ou non contesta.

Gráfica 17. Coordinación fluída co Departamento de Orientación




O 65,0% dos/as profesores/as de Pedagogía Terapéutica afirma que mantén unha coordinación moi fluída co Departamento de Orientación e o 23,9% afirma que a súa coordinación é bastante fluída. O 6,5% di que mantén en pouca medida esta coordinación e só o 1,9% afirma que non existe coordinación fluída co Departamento de Orientación. O 2,6% non sabe ou non contesta.

Gráfica 18. A intervención co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que se fai na aula ordinaria é compartida e continuada polo resto do profesorado




Unha maioría do profesorado de Pedagogía Terapéutica di que a intervención co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que se fai na aula é, en bastante (45,6%) e en moita (15,5%) medida, compartida e continuada polo resto do profesorado. Porén, o 32,4% considera que é pouco compartida e continuada e o 4,2% nada. O 2,3% non sabe ou non contesta.

Gráfica 19. Reunións de coordinación co profesorado e outros profesionais do centro para unificar criterios de intervención




Máis das tres cuartas partes dos/as profesores/as de Pedagogía Terapéutica (49,2% bastante e 31,4% moito) enquisados/as afirman que fan reunións de coordinación co profesorado e outros profesionais do centro para unificar criterios de intervención. Pola contra, o 16,5% realiza poucas reunións para este fin e o 2,6% ningunha. Un 0,3% non sabe ou non contesta.

Gráfica 20. Colaboración co profesorado na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo




No referente a atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, constátase que os/as profesionais de Pedagogía Terapéutica manteñen unha estreita colaboración co profesorado do seu centro (44,7% bastante e 42,1% moito), un 11,7% di que hai pouca colaboración e un 0,6% afirma que non se leva a cabo esta colaboración. O 1,0% non sabe ou non contesta.

Gráfica 21. Colaboración no deseño de programas dirixidos á prevención de dificultades específicas de aprendizaxe




O profesorado de Pedagogía Terapéutica participante no estudo pon de manifesto que colabora bastante (38,2%) e moito (13,3%) no deseño de programas dirixidos á prevención de dificultades específicas de aprendizaxe. En contraste, di colaborar pouco ou nada o 31,4% e o 15,9% respectivamente. O 1,3% non sabe ou non contesta.

Gráfica 22. Información ás familias sobre o proceso de ensino e aprendizaxe e outros aspectos relevantes da atención educativa



O 45,3% di informar ás familias en bastante medida sobre o proceso de ensino e aprendizaxe e outros aspectos relevantes da atención educativa e o 35,0% infórmaos con moita frecuencia. O 17,8% afirma que o fai pouco e o 1,3% que non o fai. O 0,6% non sabe ou non contesta.


Gráfica 23. Reunións periódicas co profesorado para realizar unha avaliación e seguimento dos/as alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo




O 46,3% e o 35,9% manteñen bastante e moi habitualmente reunións periódicas co profesorado para realizar unha avaliación e seguimento dos/as alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo. O 15,5% participa pouco nestas reunións e o 1,3% nada. O 1,0% non contesta.

5.2. Asesoramento nos centros educativos


Gráfica 24. Asesoramento ao profesorado na adaptación de programacións didácticas para o seu desenvolvemento na aula ordinaria



O 48,5% considera que asesora en bastante medida ao profesorado na adaptación de programacións didácticas para o seu desenvolvemento na aula ordinaria. O 29,4% considera que o seu asesoramento é moito mentres que o 17,8% di que asesoran en pouca medida. O 2,6% afirma que non asesora ao profesorado. O 1,6% non sabe ou no contesta.


Gráfica 25. Asesoramento ao profesorado na elaboración das adaptacións curriculares

O 43,4% dos/as enquisados/as asesora en bastante medida ao profesorado na elaboración das adaptacións curriculares mentres que o 35,3% asesora moito ao profesorado. O 16,5% e o 3,6% fai pouco ou ningún asesoramento sobre este particular. O 1,3% non sabe ou non contesta.

6. Actitudes e sensibilización ante á diversidade**Gráfica 26.** As medidas de atención á diversidade que se levan a cabo nos centros favorecen o desenvolvemento no alumnado de actitudes tolerantes e respectuosas coas diferenzas


En relación ás cuestións acerca das actitudes e sensibilización do profesorado de Pedagogía Terapéutica ante a atención á diversidade, hai que salientar, por unha banda, que practicamente a metade dos/as enquisados/as (49,5%) está bastante de acordo en que as medidas de atención á diversidade que se levan a cabo nos centros favorecen o desenvolvemento no alumnado de actitudes tolerantes e respectuosas coas diferenzas. O 31,1% está moi de acordo mentres que o 17,2% está pouco de acordo. Tan só un 0,6% expresa que non está de acordo con esta afirmación. O 1,6% non sabe ou non contesta.

Gráfica 27. A atención á diversidade é unha tarefa que ten que compartir toda a comunidade educativa




Case a totalidade dos/as enquisados/as (91,6%) está moi de acordo con que a atención á diversidade é unha tarefa a compartir por toda a comunidade educativa mentres que o 6,5% está bastante de acordo. O 0,6% parece estar pouco de acordo e o 0,3% nada de acordo. O 1,0% non sabe ou non contesta.

Gráfica 28. A atención á diversidade require da coordinación de todo o profesorado




Unha alta porcentaxe (93,2%) está moi de acordo coa afirmación referida a que a atención á diversidade require a coordinación de todo o profesorado. Un 5,8% di estar bastante de acordo mentres unha pequena porcentaxe non está de acordo (0,3%). Un 0,6% non sabe ou non contesta.


Gráfica 29. A atención á diversidade require de canles de colaboración coas familias




A maior parte dos/as enquisados/as (90,6%) manifesta o seu acordo co feito de que a atención á diversidade require en moita medida de canles de colaboración coas familias. Un 7,6% sitúa o seu acordo na categoría bastante e un mínimo de 0,3% en pouco. O 1,3% non sabe ou non contesta.

Gráfica 30. Na atención á diversidade o traballo con medios tecnolóxicos favorece o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado


Cando se pregunta se na atención á diversidade o traballo con medios tecnolóxicos favorece o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado, un 57,6% manifesta estar moi de acordo e un 37,9% bastante. Un pequeno 3,6% está pouco de acordo. O 1,0% non sabe ou non contesta a esta cuestión.

Gráfica 31. O asesoramento da Inspección educativa facilita a atención á diversidade do alumnado nos centros

A maior parte dos/as enquisados/as cre que o asesoramento da Inspección educativa facilita a atención á diversidade do alumnado nos centros. Así, o 25,9% está moi de acordo e o 35,3% bastante, porcentaxe que se iguala para o caso dos/as que están pouco de acordo. O 10,7% non está de acordo con esta afirmación e o 2,3% non sabe ou non contesta.

Gráfica 32. O asesoramento proporcionado polo Departamento de Orientación ao persoal dos centros facilita a atención á diversidade do alumnado

Respecto ao grao de acordo ante a cuestión referida a se o asesoramento proporcionado polo Departamento de Orientación ao persoal dos centros facilita a atención á diversidade do alumnado, para unha maioría do 58,9% deste colectivo facilítase moito. O 28,2% está bastante de acordo e, en menor medida, o 10,0% e o 0,3% está pouco ou nada de acordo respectivamente. O 2,6% non sabe ou non contesta.

Gráfica 33. As actuacións do Equipo de Orientación Específico da provincia facilitan a atención á diversidade do alumnado nos centros

Finalmente en relación ás actuacións do Equipo de Orientación Específico, compróbase que unha maioría dos/as enquisados/as, o 35,6%, está bastante de acordo con que facilitan a atención á diversidade; un 29,8% está pouco de acordo con esta afirmación. O 25,9% maniféstase moi de acordo e o 7,4% non está de acordo. O 1,3% non sabe ou non contesta.

Conclusiones

A partir da análise das respostas proporcionadas polo profesorado de Pedagogía Terapéutica podemos concluir que a súa formación está actualizada; nos últimos 3 anos din que recibiron formación, sobre todo, a través do CAFI, considerando que teñen unha axeitada preparación para atender á diversidade do alumnado e tamén que a proporcionada pola Administración axústase, en xeral, as súas necesidades. Respecto da formación inicial recibida sobre atención á diversidade, as opinións parecen divididas, pois cerca da metade di que foi suficiente e a outra metade escasa.

Existe un acordo maioritario neste colectivo en que tanto o Plan de Orientación de centro, o Plan de Acción Titorial, o Proxecto Educativo de centro e mesmo os criterios definidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica son eficaces e garanten a aplicación das medidas de atención á diversidade nos centros nos que traballan.

Por outra banda, consideran que a súa estabilidade como profesor/a de Pedagogía Terapéutica é un elemento fundamental na atención á diversidade.

Os recursos persoais que teñen nos centros son, na opinión deste colectivo, poucos. E valoran positivamente a presenza do/a auxiliar técnico educativo nos centros para facilitar a atención á diversidade.

En relación cos espazos, aulas e instalacións dos centros din que son, en xeral, axeitados e suficientes para atender ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, do mesmo xeito, os materiais especializados e os recursos tecnolóxicos dispoñibles son tamén suficientes.

Empregan en bastante ou moita medida as TIC na intervención con alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

As actuacións conxuntas con outras entidades, asociacións e organizacións para a prevención e intervención educativa co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo non son moi numerosas. Pola contra, manteñen unha coordinación fluída co Departamento de Orientación, comparten de xeito continuado a intervención que fan ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo co resto do profesorado e fan reunións de coordinación co profesorado e outros/as profesionais do centro cos que manteñen unha estreita colaboración.

Así mesmo colaboran coas familias, proporcionándolles información periodicamente sobre aspectos relevantes da atención educativa do/s seus/s fillo/s ou filla/s.

Participan no deseño de programas de prevención das dificultades específicas de aprendizaxe, e fan reunións periódicas co profesorado para avaliar e facer o seguimento do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que atenden.

Do mesmo xeito, din, en xeral, que asesoran ao profesorado na adaptación das programacións didácticas e na elaboración das adaptacións curriculares.

Finalmente, sinalan que as medidas de atención á diversidade axudan ao desenvolvemento de actitudes favorables ante a diversidade, que a atención á diversidade é unha tarefa compartida, que a acción tutorial e a coordinación de todo o profesorado é fundamental, o mesmo que o é o establecemento de canles de coordinación coas familias. Igualmente, consideran que tanto a Inspección educativa como os equipos de orientación específicos facilitan a atención á diversidade.

Capítulo

6

**A perspectiva do profesorado
de audición e linguaxe sobre a
atención á diversidade**

1. Consideracións preliminares


O mesmo que ocorre co profesorado de Pedagogía Terapéutica, nos institutos de educación secundaria e nos colexios de educación infantil e primaria e de educación primaria, o profesorado de Audición e Linguaxe forma parte do Departamento de Orientación e exerce a función de apoio na atención ao alumnado con necesidades educativas especiais (Decreto 120/1998, do 23 de abril polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia).

As funcións que se atribúen a este profesorado, xa expostas no capítulo anterior, son as contempladas na Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e o funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada no Decreto 120/1998:

- a) Asistir ás reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- b) Participar na avaliación inicial do alumnado que acceda á educación secundaria obrigatoria e, cando sexa necesario, naquelas sesións de avaliación que afecten ao alumnado con necesidades educativas especiais.
- c) Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais, así como das medidas de reforzo, no seu caso, e daquelas dirixidas á atención da diversidade do alumnado.
- d) Prestar atención docente directa ao alumnado con necesidades educativas especiais que así o requira, atención que, en xeral, se prestará no grupo no que está integrado.
- e) Aquelas outras funcións que a Administración educativa lles poda asignar referidas á orientación.


2. Formación do profesorado de audición e linguaxe

Gráfica 1. Formación recibida sobre atención á diversidade



Unha cuestión de especial relevancia para o tema que nos ocupa é a formación e a actualización dos/as 183 profesoras/as de Audición e Linguaxe participantes no estudo e que atenden á diversidade do alumnado de ensino básico galego. Ao respecto, vese que a maioría dos/as enquisados/as recibiron formación sobre a atención á diversidade nos últimos anos (88,0%) mentres que só o 11,5% non. Un 0,5% non contesta.

Gráfica 2. Cando recibiu formación sobre atención á diversidade




Pódese dicir que o profesorado de Audición e Linguaxe é un colectivo cuxa formación está actualizada, pois unha maioría que vai máis alá das tres cuartas partes recibiu formación (78,7%) nos últimos 3 anos e tan só un 11,5% nun período de hai máis de 3 anos. O 9,8% non contesta a esta cuestión.


Como se pode observar na seguinte táboa, o profesorado de Audición e Linguaxe recibiu formación por diversos medios. Concretamente o 73,2% a través do CAFI; o CFR proporcionou a formación ao 45,9% deles/as; por último, un total do 45,8% formouse por medio doutras vías como asociacións (17,5%), sindicatos (4,9%), Universidade (9,8%), Ministerio de Educación (1,6%) e institucións privadas (12,0%).

Táboa 1. Medio polo que recibiu formación sobre atención á diversidade


Medio de Formación	SI (%)	Non (%)
CAFI	73,2	26,8
CFR	45,9	54,1
Asociacións	17,5	82,5
Sindicatos	4,9	95,1
Universidade	9,8	90,2
Ministerio de Educación	1,6	98,4
Institucións privadas	12,0	88,0

Gráfica 3. Formación inicial recibida sobre atención á diversidade

Agora ben, respecto á valoración que fai este colectivo da formación inicial ou permanente recibida, formuláronse algunhas cuestións que analizamos deseguido. Segundo os datos achegados polo profesorado de Audición e Linguaxe, o 39,3% considera que a formación inicial recibida para o desempeño das súas funcións foi escasa. Un 33,3% en cambio considera que foi bastante mentres un 12,6% afirma que foi moita ou ningunha. Un 2,2% non sabe ou non contesta.


Gráfica 4. Formación suficiente para atender á diversidade do alumnado

En relación á formación que posúen, a seguinte gráfica reflicte que a maior parte deste colectivo, segundo as súas respostas, ten bastante (65,6%) ou moita (19,7%) formación para atender á diversidade do alumnado. Tan só un 1,6% da mostra di que a formación que ten non é suficiente e o 11,5% que a que posúe é pouca. Un 1,6% non contesta.

Gráfica 5. Formación sobre a atención á diversidade que promove a Administración educativa

Cando se pregunta acerca da formación sobre a atención á diversidade que promove a Administración educativa para o profesorado de Audición e Linguaxe, as respostas deste colectivo reflicten que para unha maioría do 43,7% esta axústase pouco ás súas necesidades; cunha porcentaxe do 15,8% sitúanse os/as que din que non se axusta nada. Noutra extremo, o 36,1% di que se axusta bastante e o 1,6% moito. O 2,7% non responde a esta cuestión.

Gráfica 6. O centro impulsa e potencia a participación do profesorado en actividades de formación e innovación no ámbito da atención á diversidade



En conxunto, unha maioría do 41,0% do profesorado de Audición e Linguaxe confirma que o seu centro impulsa e potencia bastante a participación do profesorado en actividades de formación e innovación no ámbito da atención á diversidade; o 27,3% opina, pola súa parte, que moito. Doutra banda, un 7,7% considera que non o fai e un 21,9% que o fai pouco. Un 2,2% non sabe ou non contesta.

3. Aspectos institucionais da atención á diversidade nos centros educativos

Polo que se refire á valoración do profesorado de Audición e Linguaxe sobre como se aborda a atención á diversidade no Plan de Acción Titorial, no Proxecto Educativo de centro e no Plan de Orientación de centro, así como a existencia de protocolos de actuación específicos para a atención á diversidade e de criterios ao respecto por parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica pode constatarase o seguinte:

Por un lado, o desenvolvemento do Plan de Acción Titorial considérase como eficaz para a atención á diversidade (45,9% bastante e 23,5% moito). Unha cuarta parte sinala que é pouco eficaz e un 2,7% nada.

De xeito similar, o 48,6% considera que o Proxecto Educativo de centro favorece en bastante medida os procesos de atención á diversidade, e o 29,5% que os favorece moito. O 15,8% en cambio considera que o fai pouco e o 2,7% que non o favorece nada. O 3,3% non contesta á dita cuestión.

Na mesma liña, máis da metade das persoas enquisadas (un 44,8% afirma que bastante e un 29,5% afirma que moito) considera que no centro existen protocolos de actuación específicos para a atención á diversidade. Só a un 3,3% lle parece que non existen e o 20,8% indica que son poucos os protocolos existentes.

Ademais, o 44,8% do profesorado de Audición e Linguaxe cree que bastantes das medidas recollidas no Plan de Orientación de centro permiten dar unha resposta axeitada á diversidade do alumnado. O 32,8% considera que hai moitas medidas mentres que o 16,9% considera que existen poucas. Só o 1,1% opina que as medidas do Plan de Orientación do centro non permiten dar unha resposta axeitada á diversidade do alumnado. Un 4,4% non contesta a esta cuestión.

Así mesmo, a maior parte das persoas enquisadas (41,5%) cre que existen bastantes criterios claros e definidos que garanten a aplicación das medidas de atención á diversidade. O 25,1% di que son moitos e un 21,3% poucos. O 7,1% pensa que non existen criterios para garantir a aplicación destas medidas. O 4,9% non sabe ou non contesta.

De xeito similar, o 44,8% e o 32,2% dos/as enquisados/as cre que se impulsan moitas e bastantes medidas para atender á diversidade respectivamente. O 1,8% en cambio, cre que o Departamento de Orientación impulsa poucas medidas de carácter pedagóxico para atender á diversidade mentres o 2,2% pensa que ningunha. O 2,7% non sabe ou non contesta.


Táboa 2. Valoración de aspectos relacionados coa atención á diversidade no centro

Dimensión	Nada (%)	Pouco (%)	Bastante (%)	Moito (%)	Ns/Nc (%)
Eficacia do desenvolvemento do Plan de Acción Titorial	2,7	25,1	45,9	23,5	2,7
O Proxecto Educativo de centro favorece os procesos de atención á diversidade	2,7	15,8	48,6	29,5	3,3
Existencia de protocolos de actuación específicos para a atención á diversidade	3,3	20,8	44,8	29,5	1,6
As medidas recollidas no Plan de Orientación do centro permiten dar unha resposta axeitada á diversidade	1,1	16,9	44,8	32,8	4,4
Existencia de criterios claros e definidos por parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica que garanten a aplicación das medidas de atención á diversidade	7,1	21,3	41,5	25,1	4,9
Impulso de medidas de carácter pedagóxico por parte do Departamento de Orientación para atender á diversidade	2,2	1,8	32,2	44,8	2,7

4. Recursos dos centros educativos


Imos ver a continuación cales son as opinións e as valoracións que o profesorado de Audición e Linguaxe fai en relación aos recursos para a atención á diversidade dos centros escolares.

4.1. Recursos Personais dos Centros Educativos

Gráfica 7. Recursos persoais cos que conta o centro para atender á diversidade


En primeiro lugar, referímonos aos recursos persoais. Neste senso, observando a gráfica 7, comprobamos que o 38,8% das persoas enquisadas considera que os recursos persoais cos que contan nos centros para atender ao alumnado con diversidade son poucos, mentres que o 37,7% afirma que hai bastantes recursos. O 14,8% considera que non son suficientes mentres que o 7,1% afirma que existen moitos recursos. O 1,6% non sabe ou non contesta.

Gráfica 8. O traballo que desenvolve no centro o/a auxiliar técnico educativo facilita a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo



O 30,6% e o 30,1% considera que o traballo que desenvolve o/a auxiliar técnico educativo facilita en bastante e moita medida respectivamente a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. O 9,3% considera que o facilita pouco ou directamente non o facilita. O 20,8% non sabe ou non contesta.


Gráfica 9. A estabilidade no centro como profesor/a de Audición e Linguaxe é un elemento fundamental na atención á diversidade




Para o 63,9% do profesorado de Audición e Linguaxe a estabilidade é un elemento moi importante na atención á diversidade. Un 20,8% afirma que é bastante importante mentres que tan só o 6,6% e 6,0% considera que é un aspecto nada ou pouco importante respectivamente. O 2,7% non contesta.

4.2. Espazos e instalacións dos centros educativos

Gráfica 10. Accesibilidade das instalacións e aulas do centro para todo o alumnado




Polo que se refire á valoración que fai o profesorado de Audición e Linguaxe dos espazos e instalacións para atender á diversidade dos centros comprobamos, en primeiro lugar, que un 41,5% confirma que son bastante accesibles para todo o alumnado e o 27,3% considera que son moi accesibles. En cambio, o 19,1% considera que o son pouco e o 10,4% nada. O 1,6% non sabe ou non contesta.

Gráfica 11. Espazos adecuados para atender ao alumnado con dificultades nas áreas de comunicación e linguaxe

Preguntamos, así mesmo, se os espazos do centro son axeitados para atender ao alumnado con dificultades nas áreas de comunicación e linguaxe, que é unha das tarefas que a estes/as profesionais compete. Neste senso, vemos que preto da metade dos/as enquisados/as (43,7%) considera que os espazos do centro son bastante axeitados para atender ao alumnado con dificultades nas áreas de comunicación e linguaxe. Un 27,3% considera que son moi axeitados mentres que o 22,4% opina que o son pouco. O 4,9% afirma que non son axeitados. O 1,6% non sabe ou non contesta.


4.3. Recursos materiais dos centros educativos

Indagamos tamén sobre cal é a valoración deste colectivo en relación con recursos materiais dos centros para atender á diversidade. En primeiro lugar, facemos referencia ao material especializado existente na aula para atender ás dificultades nas áreas de comunicación e linguaxe.

Gráfica 12. Material especializado na aula para dar resposta ao alumnado con dificultades nas áreas de comunicación e linguaxe


O 53,0% dos/as enquisados/as afirma que existen bastantes materiais especializados na aula para dar resposta ao alumnado con dificultades mentres que o 30,1% considera que existen poucos materiais especializados. O 10,9% afirma que existen moitos e o 4,4% que non hai. O 1,6% non sabe ou non contesta.

Gráfica 13. Recursos tecnolóxicos para atender ao alumnado con dificultades nas áreas de comunicación e linguaxe



Por outra banda, é tamén de interese coñecer a dispoñibilidade de recursos tecnolóxicos para poder utilizar co alumnado que presenta dificultades nas áreas de comunicación e linguaxe. Así pois, o 39,9% afirma que os recursos tecnolóxicos existentes para atender ao alumnado con estas dificultades son bastantes e o 39,3% que son poucos. O 12,0% confirma que os recursos son moitos mentres que o 7,7% di que non son suficientes. O 1,1% non sabe ou non contesta.

Gráfica 14. Emprego das TIC na intervención con alumnado con dificultades nas áreas de comunicación e linguaxe




O 41,0% e o 37,2% din que empregan as TIC na intervención con alumnado con dificultades nas áreas de comunicación e linguaxe en bastante e moita medida, mentres o 19,1% utilízanas pouco. Un 1,1% non as utiliza e o 1,6% non sabe ou non contesta.

5. Coordinación, colaboración e asesoramento nos centros educativos

Na valoración do proceso de ensino e da práctica docente é preciso ter en conta a coordinación e o traballo en equipo dos distintos membros da comunidade educativa. Neste sentido, indagamos acerca da colaboración e coordinación existente nos centros educativos á hora de atender á diversidade.


5.1. Coordinación nos centros educativos

Gráfica 15. Reunións de coordinación co profesorado e outros profesionais do centro para unificar criterios de intervención




O 42,6% e o 41,5% dos/as enquisados/as afirma que levan a cabo en moita e bastante medida reunións de coordinación co profesorado e outros profesionais do centro para unificar criterios de intervención. O 13,7% levan a cabo poucas e só o 1,1% di que non realiza reunións deste tipo. O 1,1% non sabe ou non contesta.

Gráfica 16. Colaboración co profesorado na atención do alumnado con dificultades nas áreas de comunicación e linguaxe




O 50,8% dos/as profesionais de Audición e Linguaxe afirma que manteñen unha moi estreita colaboración co resto do profesorado na atención ao alumnado con dificultades nas áreas de comunicación e linguaxe. O 41,0% afirma que a súa colaboración é bastante estreita e só un 6,0% di que hai pouca colaboración ou é nula (1,1%). O 1,1% non sabe ou non contesta.

Gráfica 17. Colaboración no deseño de programas dirixidos á prevención de dificultades da linguaxe




Respecto á prevención de dificultades da linguaxe, a maioría deste colectivo considera que colaboran bastante (38,8%) no deseño de programas dirixidos á prevención de dificultades da linguaxe; o 25,1% indica que colabora en moita medida. En contraste, o 24,0% afirma que colabora pouco e o 10,4% directamente non colabora. O 1,6% non sabe ou non contesta.

Gráfica 18. Coordinación co equipo docente




Por outra banda, os /as profesores/as de Audición e Linguaxe que participan no estudo sinalan que manteñen pouca (46,4%) relación de coordinación co equipo docente, mentres que o 41,0% sostén que moita. O 10,4% confirma que non existe relación de coordinación. O 2,2% non sabe ou non contesta.

Gráfica 19. Coordinación co Departamento de Orientación do centro



A relación de coordinación co Departamento de Orientación do centro, segundo afirma o 62,7% dos/as enquisados/as é moi fluída, e para o 23,0% bastante fluída. O 6,0% di que mantén en pouca medida esta coordinación e só o 1,1% afirma que non se coordina co Departamento de Orientación. O 2,7% non sabe ou non contesta.


Gráfica 20. Actuacións conxuntas con outras entidades, asociacións e organizacións na prevención e intervención educativa co alumnado con dificultades nas áreas de comunicación e linguaxe



Polo que se refire ás relacións con outras entidades, asociacións e organizacións para a prevención e intervención educativa co alumnado con dificultades nas áreas de comunicación e linguaxe, cómpre salientar que un 38,3% afirma que leva a cabo bastantes actuacións conxuntas. O 29,5% e o 18,6% leva a cabo poucas medidas ou directamente ningunha, e só o 12,0% leva a cabo moitas destas actuacións. O 1,6% non sabe ou non contesta.


Gráfica 21. Reunións periódicas co profesorado para realizar unha avaliación e seguimento do alumnado con dificultades nas áreas de comunicación e linguaxe

Así mesmo, o 43,2% e o 36,1% do profesorado de Audición e Linguaxe participante no estudo afirma que mantén en bastante e moita medida reunións periódicas co profesorado para realizar unha avaliación e seguimento do alumnado con dificultades nas áreas de comunicación e linguaxe. O 18,6% participa pouco nestas reunións e só o 1,1% non participa nada. O 1,1% non sabe ou non contesta.

5.2. Asesoramento nos centros educativos**Gráfica 22.** Asesoramento ao profesorado na programación de actividades para a prevención e tratamento de dificultades nas áreas de comunicación e linguaxe


En relación ás tarefas de asesoramento realizadas polo profesorado de Audición e Linguaxe, cómpre salientar que o 49,7% afirma que asesora en bastante medida ao profesorado na programación de actividades para a prevención e tratamento de dificultades. O 25,7% considera que o seu asesoramento é moito mentres que o 21,3% asesora ao profesorado pouco e o 1,6% non o asesora. O 1,6% non sabe ou non contesta.

Gráfica 23. Asesoramento ao profesorado na elaboración das adaptacións curriculares



O 43,2% dos/as profesores/as de Audición e Linguaxe enquisados/as din que asesoran en bastante medida ao profesorado na elaboración das adaptacións curriculares mentres que para o 26,8% este asesoramento é moito. O 19,7% afirma que fai pouco e o 7,1% non ofrece ningún tipo de asesoramento ao profesorado. O 3,3% non sabe ou non contesta.

Gráfica 24. Participación na elaboración e asesoramento da parte do currículo escolar que se refire a aspectos lingüísticos




Finalmente, neste apartado é preciso sinalar que o 35,5% e o 33,9% participan en bastante ou pouca medida na elaboración e asesoramento da parte do currículo escolar que se refire a aspectos lingüísticos. O 15,8% o fai en moita medida mentres que o 10,9% non o fai. O 3,8% non sabe ou con contesta.

6. Actitudes e sensibilización ante a atención á diversidade


Neste apartado, analízanse as respostas do profesorado de Audición e Linguaxe ante unha serie de cuestións relacionadas coas actitudes e sensibilización na atención á diversidade.

Gráfica 25. As medidas de atención á diversidade que se levan a cabo nos centros favorecen o desenvolvemento no alumnado de actitudes tolerantes e respectuosas coas diferenzas




En primeiro lugar, preguntámoslle a este colectivo se as medidas de atención á diversidade que se levan a cabo nos centros favorecen o desenvolvemento no alumnado de actitudes tolerantes e respectuosas coas diferenzas. Segundo as respostas emitidas polo profesorado de Audición e Linguaxe, recollidas na gráfica 25, máis da metade dos/as enquisados/as (52,5%) está bastante de acordo con esta afirmación. O 26,8% está moi de acordo, mentres que o 19,1% considera que axudan pouco e o 0,5% nada ao desenvolvemento desas actitudes. O 1,1% non sabe ou non contesta.

Gráfica 26. A atención á diversidade é unha tarefa a compartir por toda a comunidade educativa




Case a totalidade dos/as enquisados/as (92,3%) afirma estar moi de acordo con que a atención á diversidade é unha tarefa a compartir por toda a comunidade educativa. O 6,6% está bastante de acordo e o 1,1% non sabe ou non contesta.

Gráfica 27. A atención á diversidade require da coordinación de todo o profesorado




Unha alta porcentaxe (95,1%) está de acordo con que a atención á diversidade require moita coordinación de todo o profesorado; un 3,3% afirma estar bastante de acordo e unha mínima porcentaxe de enquisados/as (0,5%) está pouco de acordo. O 1,1% non sabe ou non contesta.

Gráfica 28. A atención á diversidade require de canles de colaboración coas familias




A maior parte dos enquisados/as está moi de acordo con que a atención á diversidade require de canles de colaboración coas familias, concretamente un 92,6%. Un 3,3% está bastante de acordo con esta afirmación. O 3,8% non sabe ou non contesta.


Gráfica 29. Na atención á diversidade o traballo con medios tecnolóxicos favorece o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado




Un 66,7% manifesta estar moi de acordo co feito de que na atención á diversidade o traballo con medios tecnolóxicos favorece o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado. O 27,3% pronúnciase na categoría bastante e só un 2,7% está pouco de acordo con esta afirmación. O 3,3% non sabe ou non contesta a esta cuestión.

Gráfica 30. O asesoramento da Inspección educativa facilita a atención á diversidade do alumnado nos centros

A maior parte dos/as enquisados/as cree que o asesoramento da Inspección educativa facilita a atención á diversidade do alumnado nos centros. Así, un 31,1% está moi de acordo con esta afirmación mentres o 28,4% e o 27,3% está bastante e pouco de acordo respectivamente. O 9,8% non comparte esta afirmación e o 3,3% non sabe ou non contesta.

Gráfica 31. O asesoramento proporcionado polo Departamento de Orientación ao persoal dos centros facilita a atención á diversidade do alumnado

Unha maioría do 63,4% está moi de acordo con que o asesoramento proporcionado polo Departamento de Orientación ao persoal dos centros facilita moito a atención do alumnado. O 24,0% está bastante de acordo e, en moita menor medida, están pouco de acordo o 6,6% ou directamente en contra un 0,5%. O 5,5% non sabe ou non contesta.

Gráfica 32. As actuacións do Equipo de Orientación Específico da provincia facilitan a atención á diversidade do alumnado nos centros

Respecto ás actuacións dos membros do Equipo de Orientación Específico da provincia, máis da metade dos/as enquisados/as entende que estes profesionais facilitan a atención á diversidade do alumnado dos centros. Concretamente o 33,3% está moi de acordo con esta afirmación e o 31,1% bastante. O 26,8% está pouco de acordo e o 7,1% nada. O 1,6% non sabe ou non contesta.

Conclusións

Das análises realizadas despréndese que a formación do profesorado de Audición e Linguaxe está actualizada segundo trasladan nas súas respostas, e foi proporcionada, principalmente, a través do CAFI. Porén, consideran maioritariamente que a formación inicial foi escasa para desempeñar as súas funcións.

Din que teñen bastante formación para atender á diversidade, e que a promovida pola Administración axústase pouco as súas necesidades. Tamén sinalan que os seus centros impulsan e potencian a participación do profesorado en actividades de formación e innovación no ámbito da atención á diversidade.

En xeral, consideran que, tanto o Plan de Acción Titorial como o Plan de Orientación de centro, ou os criterios establecidos na Comisión de Coordinación Pedagóxica, son eficaces e garanten a aplicación das medidas de atención á diversidade nos centros.

Os recursos persoais para atender á diversidade con que contan nos centros son, segundo a súa opinión, escasos.

Afirman que a estabilidade como profesor/a de Audición e Linguaxe é un elemento fundamental na atención á diversidade, como tamén é un elemento facilitador na atención á diversidade a presenza no centro do/a auxiliar técnico educativo.

As instalacións e aulas dos centros son accesibles e os espazos con que contan para atender ao alumnado con dificultades nas áreas de comunicación e linguaxe tamén son axeitados, dispoñendo de material especializado, e mesmo recursos tecnolóxicos suficientes para dar resposta ao alumnado con dificultades nas devanditas áreas.

Na realización da súa actividade, din que se coordinan co profesorado e outros/as profesionais do centro para unificar criterios de intervención e máis da metade sinalan que colaboran no deseño de programas dirixidos á prevención das dificultades da linguaxe e que fan periodicamente reunións co profesorado para realizar unha avaliación e seguimento do alumnado con dificultades nas áreas de comunicación e linguaxe; ao mesmo tempo, tamén manteñen unha colaboración fluída co Departamento de Orientación.

Do mesmo xeito, din que asesoran ao profesorado na programación de actividades para a prevención e tratamento das dificultades nas áreas de comunicación e linguaxe, na elaboración das adaptacións curriculares e na parte do currículo escolar que se refire a aspectos lingüísticos.

Por último, consideran que as medidas de atención á diversidade favorecen o desenvolvemento de actitudes favorables ante a diversidade, que a atención á diversidade é unha tarefa compartida, que a acción titorial e a coordinación de todo o profesorado é fundamental o mesmo que o é o establecemento de canles de coordinación coas familias. Así mesmo, consideran que tanto a Inspección educativa como o Equipo de Orientación Específico facilitan a atención á diversidade.

Capítulo

7

A perspectiva do equipo directivo sobre a atención á diversidade

1. Consideracións preliminares

O equipo directivo é o órgano executivo de goberno dos centros públicos. Esta composto por: director/a, xefe/a de estudos, secretario/a e cantos determinen as administracións educativas. Todo o equipo directivo deberá traballar de forma coordinada no desempeño das súas funcións.


A Lei orgánica 8/2003, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa establece no artigo 132 as seguintes competencias do/a director/a:

- a) Exercer a representación do centro, representar á Administración educativa no mesmo e facerlle chegar a esta as propostas, aspiracións e necesidades da comunidade educativa.
- b) Dirixir e coordinar todas as actividades do centro, sen prexuízo das competencias atribuídas ao claustro do profesorado e ao Consello Escolar.
- c) Exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos obxectivos do Proxecto Educativo do centro.
- d) Garantir o cumprimento das leis e demais disposicións vixentes.
- e) Exercer a xefatura de todo o persoal adscrito ao centro.
- f) Favorecer a convivencia no centro, garantir a mediación na resolución dos conflitos e impoñer as medidas disciplinarias que correspondan aos alumnos e alumnas, en cumprimento da normativa vixente, sen prexuízo das competencias atribuídas ao Consello Escolar no artigo 127 desta Lei Orgánica. Para tal fin, promoverase a axilización dos procedementos para a resolución dos conflitos nos centros.
- g) Impulsar a colaboración coas familias, con institucións e con organismos que faciliten a relación do centro co entorno, e fomentar un clima escolar que favoreza o estudo e o desenvolvemento de cantas actuacións propicien unha formación integral en coñecementos e valores dos alumnos e alumnas.
- h) Impulsar as avaliacións internas do centro e colaborar nas avaliacións externas e na avaliación do profesorado.
- i) Convocar e presidir os actos académicos e as sesións do Consello Escolar e do claustro do profesorado do centro, e executar os acordos adoptados no ámbito das súas competencias.
- j) Realizar as contratacións de obras, servizos e provisións, así como autorizar os gastos de acordo co orzamento do centro, ordenar os pagos e visar as certificacións e documentos oficiais do centro, todo elo de acordo co que establezan as administracións educativas.
- k) Propoñer á Administración educativa o nomeamento e cese dos membros do equipo directivo, logo da información ao claustro do profesorado e ao Consello Escolar do centro.
- l) Aprobar os proxectos e as normas aos que se refire o capítulo II do título V da presente Lei Orgánica.
- m) Aprobar a programación xeral anual do centro, sen prexuízo das competencias do claustro do profesorado, en relación coa planificación e organización docente.
- n) Decidir sobre a admisión de alumnos e alumnas, con fixación ao establecido nesta Lei Orgánica e disposicións que a desenvolvan.
- ñ) Aprobar a obtención de recursos complementarios de acordo co establecido no artigo 122.3.
- o) Fixar as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.
- p) Calquera outras que lle sexan encomendadas pola Administración educativa.

A continuación, se recollen as percepcións e valoracións feitas polos/as 541 membros do equipo directivo que responderon ao cuestionario destinado a eles/as, especificamente para coñecer a súa visión da situación actual da atención á diversidade na educación obrigatoria en Galicia. A maioría das respostas foron dadas polo director/a (74,3%) e polo xefe/a de estudos (13,7%); as restantes corresponden ao secretario/a (6,5%) e a o/a vicedirector/a (1,5%). Un 4,1% non identifica o seu cargo.


2. Formación do equipo directivo

Gráfica 1. Formación recibida sobre atención á diversidade



Algo máis da metade dos membros dos equipos directivos (66,7%), afirma ter formación en atención á diversidade mentres que o 32,0% indica o contrario. O 1,3% non sabe ou non contesta.

Gráfica 2. Cando recibiu formación para atender á diversidade




Un 40,3% dos membros dos equipos directivos asistiron a cursos de formación permanente sobre atención á diversidade; o 8,7% recibiron formación durante os estudos universitarios e un 17,0% tanto na formación inicial como permanente. Un 34,0% non sabe ou non contesta.

Como se pode observar na seguinte táboa, o 40,4% dos membros dos equipos directivos recibiron formación sobre a atención á diversidade a través do CAFI, un 72,9% a través do CFR e o 43,6% a través doutras institucións tales como asociacións (19,7%), sindicatos (9,4%), universidades (9,7%), Ministerio de Educación (0,6%) e institucións privadas (4,2%).

Táboa 1. Medio polo que recibiu formación sobre atención á diversidade

Medio de formación	Si (%)	Non(%)
CAFI	40,4	59,6
CFR	72,9	27,1
Asociacións	19,7	80,3
Sindicatos	9,4	90,6
Universidade	9,7	90,3
Ministerio de Educación	0,6	99,4
Institucións privadas	4,2	95,8

Gráfica 3. O centro impulsa e potencia a participación do profesorado en actividades de formación e innovación no ámbito da atención á diversidade



O 42,1% dos membros dos equipos directivos afirman que o centro impulsa e potencia bastante a participación do profesorado en actividades de formación e innovación no ámbito da atención á diversidade seguidos do 24,3% que afirman que o fai moito. O resto das opinións agrúpanse no 22,0% dos que opinan que o centro impulsa pouco dita participación e o 11,0% afirma que o centro non impulsa a participación do profesorado en actividades de formación.

3. Aspectos institucionais da atención á diversidade nos centros educativos

Polo que se refire á valoración dos membros dos equipos directivos de determinados aspectos relacionados coa atención á diversidade no centro, as persoas enquisadas manifestan nun 49,1% e 44,5% dos casos que o centro adecúa a súa acción educativa as diferentes necesidades do alumnado; tan só un 3,3% e 2,7% afirma que non a favorece ou faino pouco respectivamente.

Por outra banda, para o 50,5% e 44,2% dos membros do equipo directivo o Proxecto Educativo de centro favorece moito e bastante respectivamente os procesos de atención á diversidade. Tan só un 4,3% sinala que o favorece pouco e un 0,2% nada.

Así mesmo, preto do 50% das persoas enquisadas consideran que o Plan de Acción Titorial resulta un elemento bastante eficaz na atención á diversidade, seguido dos/as que opinan que o é en maior medida e do 39,0% que considera que é moi eficaz. Un 9,8% e un 0,6% o valora como pouco ou nada eficaz.

En relación á existencia de protocolos de actuación específicos para a atención á diversidade, un 43,3% dos membros dos equipos directivos afirma que existen bastantes e un 42,9% moitos. No extremo oposto sitúase o 10,5% dos/as enquisados/as que sinala que hai poucos ou ningúns (1,5%).

O papel do Departamento de Orientación na atención á diversidade é fundamental para o 78,4% dos equipos directivos, fronte ao 15,7% que considera que tan só o é bastante. Un 3,3% afirma que contribúe pouco a esta tarefa e un 0,7% que non o fai en absoluto. Na mesma liña pronúncianse a favor, aínda que con porcentaxes que non chegan ao 50%, os membros dos equipos directivos cando se lles pregunta se as medidas recollidas no Plan de Orientación de centro permiten dar unha resposta axeitada á diversidade do alumnado (45,1% bastante e 46,8% moito); tan só un 1,1% e un 4,4% das persoas enquisadas sinalan que esas medidas non dan unha resposta axeitada á diversidade ou o fan pouco. En relación á existencia de criterios claros e definidos por parte da Comisión Pedagóxica que garanten a aplicación das medidas de atención á diversidade, a valoración maioritaria deste colectivo sitúase na categoría bastante (49,7%); un 32,0% opina que moito; un 14,2% considera que están pouco claros e un 1,8% nada.


Táboa 2. Valoración de aspectos relacionados coa atención á diversidade no centro

Dimensión	Nada (%)	Pouco (%)	Bastante (%)	Moito (%)	Ns/Nc (%)
O centro adecúa a súa acción educativa as diferentes necesidades do alumnado	3,3	2,7	44,5	49,1	0,7
O Proxecto Educativo de centro favorece os procesos de atención á diversidade	0,2	4,3	44,2	50,5	0,9
Eficacia do desenvolvemento do Plan de Acción Titorial	0,6	9,8	49,9	39,0	0,7
Existencia protocolos de actuación específica para a atención á diversidade	1,5	10,5	43,3	42,9	1,8
As medidas recollidas no Plan de Orientación do centro permiten dar unha resposta axeitada á diversidade	1,1	4,4	45,1	46,8	2,6
Existencia de criterios claros e definidos por parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica que garanten a aplicación das medidas de atención á diversidade	1,8	14,2	49,7	32,0	2,2
Na planificación dos procesos de atención á diversidade a contribución do Departamento de Orientación é fundamental	0,7	3,3	15,7	78,4	1,8

4. Recursos dos centros educativos


4.1. Recursos persoais

Gráfica 4. Recursos persoais cos que conta o centro para atender á diversidade




Un 52,3% dos membros dos equipos directivos participantes no estudo consideran que son poucos os recursos persoais cos que conta o seu centro para atender á diversidade, un 27,2% di que hai bastantes e un 8,9% moitos. O 10,5% sinala que non son suficientes e o 1,1% non sabe ou non contesta.

Gráfica 5. No centro a ratio profesor-alumno é adecuada para atender á diversidade



Para atender á diversidade, segundo a opinión do 33,1% dos membros dos equipos directivos nos centros, a *ratio* profesor-alumno é pouco adecuada; en porcentaxes similares (31,4%) afirman que é bastante adecuada. Dita *ratio* é moi adecuada para o 18,7% das persoas enquisadas e non o é para o 15,7%. Non sabe ou non contesta un 1,1%.


Gráfica 6. O traballo que desenvolve no centro o profesorado de Pedagogía Terapéutica, de Audición e Linguaxe e o/a auxiliar técnico educativo facilita a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo




Segundo a opinión de algo máis da metade dos membros dos equipos directivos o traballo que desenvolve no centro tanto o/a profesor/a de Pedagogía Terapéutica como o profesor/a de Audición e Linguaxe facilita moito a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (59,3% e 51,0% respectivamente). Polo que respecta ao traballo do/a auxiliar técnico educativo, o 48,8% das persoas enquisadas que responderon a esta cuestión considera nun 23,7% dos casos que o traballo deste profesional é moi importante.

4.2. Espazos e instalacións dos centros educativos


Gráfica 7. Accesibilidade das instalacións e aulas do centro para todo o alumnado



Imos ver agora a valoración que fan os membros dos equipos directivos dos espazos e instalacións existentes nos seus centros. Así, máis do 50,0% dos membros dos equipos directivos afirma que as instalacións e as aulas do centro son moi (35,9%) ou bastante accesibles (29,6%), mentres que o 33,2% restante considera que son pouco (24,0%) ou nada (9,2%) accesibles. Un 1,3% non sabe ou non contesta a esta cuestión.


Gráfica 8. No centro hai aulas que permiten agrupamentos diversos para atender á diversidade

Por outra parte, en opinión do 38,1% e o 23,1% dos membros dos equipos directivos no centro hai aulas suficientes que permiten agrupamentos diversos para atender á diversidade; un 26,6% afirma que existen poucas aulas e o 10,2% restante que non hai aulas que permitan este tipo de agrupamentos. Tan só un 2,0% non contesta a esta cuestión.

4.3. Recursos materiais dos centros educativos**Gráfica 9.** Existencia de material especializado na aula para dar resposta ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo


Respecto ao material especializado para dar resposta ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, as respostas deste colectivo suxiren que é bastante (54,2%) e moito (12,9%). É escaso para o 29,8%. O 1,3% restante afirma que non é suficiente e o 1,8% non sabe ou non responde a esta cuestión.

Gráfica 10. Flexibilidade de horarios para atender á diversidade



Un 57,7% dos membros dos equipos directivos afirma que no centro hai flexibilidade horaria para atender á diversidade (42,0% bastante, 15,7% moito) mentres que un 34,0% considera que hai pouca flexibilidade ou é practicamente inexistente (5,9%). Un 2,4% non sabe ou non contesta a esta cuestión.


Gráfica 11. Recursos tecnolóxicos suficientes para atender á diversidade




Cando se pregunta pola suficiencia dos recursos tecnolóxicos as respostas son similares as indicadas previamente. Así, para un 45,3% dos membros dos equipos directivos os recursos tecnolóxicos son bastantes, seguido do 32,3% que afirma que son escasos. Un 19,4% considera que son moitos os recursos tecnolóxicos e o 5,9% que non o son. O 1,5% non sabe ou non contesta.

5. Coordinación, colaboración e asesoramento nos centros educativos


Gráfica 12. A comunidade educativa comparte o obxectivo de apoiar medidas de atención á diversidade




Outras cuestións sobre as que hai que deterse son as relacionadas coa coordinación e asesoramento nos centros. Así, en primeiro lugar, compróbase que o 89,8% dos membros dos equipos directivos afirma que a comunidade educativa comparte, en gran medida, a necesidade de apoiar as medidas de atención á diversidade (46,0% moito e 43,8% bastante). Un 8,7% sinala que é un obxectivo pouco e un 0,2% nada compartido. Un 1,1% non sabe ou non contesta a esta cuestión.

Gráfica 13. Coordinación entre o profesorado para atender á diversidade do alumnado

Por outra parte, a coordinación entre o profesorado para atender á diversidade do alumnado é moi ou bastante fluída segundo a opinión do 44,3% e 44,9% dos membros dos equipos directivos. Tan só un 10,0% afirma que existe pouca coordinación e un 0,2% ningunha. Un 1,7% non sabe ou non contesta.


Gráfica 14. O profesorado coordínase co Departamento de Orientación para adecuar o proceso de ensino e aprendizaxe á diversidade do alumnado

Así mesmo, a coordinación do profesorado co Departamento de Orientación é moi ou bastante fluída para a maioría dos membros dos equipos directivos (50,3% e 39,9%). Por outro lado o 7,4% afirma que se coordinan pouco e un 0,7% nada. Un 1,7% non sabe ou non contesta.

Gráfica 15. Distribución das responsabilidades dos/as distintos/as profesionais en relación coas medidas de atención á diversidade deseñadas


Segundo o 48,4% dos membros dos equipos directivos, está bastante clara a distribución das responsabilidades entre os/as distintos profesionais en relación coas medidas de atención á diversidade; un 38,8% opina que dita delimitación está moi clara. No extremo oposto sitúanse os membros dos equipos directivos que afirman que queda pouco claro (10,4%) ou ben non existe (0,7%) esa delimitación de responsabilidades. Un 1,7% non sabe ou non contesta a esta cuestión.

Gráfica 16. Colaboración coas familias para atender á diversidade



Outro aspecto que cobra unha vital relevancia é a relación coas familias. Neste sentido, vemos que para un 63,8% dos membros dos equipos directivos a colaboración coas familias é fundamental para atender á diversidade no centro e para un 28,8%, é bastante. Tan só un 5,5% lle da pouca (4,4%) ou ningunha (1,1%) importancia e un 1,8% non sabe ou non contesta a esta cuestión.


Gráfica 17. No centro, nas programacións de aula tense en conta a diversidade do alumnado




Finalmente, neste bloque preguntamos ao equipo directivo unha cuestión relacionada coas programacións de aula. Así, compróbase que máis das tres cuartas partes dos membros dos equipos directivos (48,2% bastante e 40,7% moito) consideran que nas programacións de aula tense en conta a diversidade do alumnado. Pola contra, afirman que teñen pouco ou nada en conta o 8,1% e o 0,9% das persoas enquisadas respectivamente. Un 2,0% non sabe ou non contesta.

6. Actitudes e sensibilización ante a atención á diversidade


Gráfica 18. As medidas de atención á diversidade que se levan a cabo nos centros favorecen o desenvolvemento no alumnado de actitudes tolerantes e respectuosas coas diferenzas




Polo que se refire ao último bloque de respostas relacionadas coas actitudes e sensibilización ante á diversidade, compróbase que, en porcentaxes próximos ao 50%, os membros dos equipos directivos están moi (48,6%) ou bastante (46,4%) de acordo en que as medidas de atención á diversidade favorecen o desenvolvemento no alumnado de actitudes tolerantes e respectuosas coas diferenzas; tan só un 3,3% amosan escaso grao de acordo en relación a esta afirmación. Un 1,7% non manifesta a súa opinión.

Gráfica 19. A atención á diversidade é unha tarefa que ten que compartir toda a comunidade educativa

O 86,9% dos/as membros dos equipos directivos están de acordo en que a atención á diversidade é unha tarefa que ten que compartir toda a comunidade educativa. O 10,9% está bastante de acordo con esta afirmación, mentres que apenas un 0,7% pronúnciase en contra. O 1,5% non sabe ou non contesta.


Gráfica 20. Para atender á diversidade a acción tutorial é fundamental

A opinión dos membros dos equipos directivos dos centros de ensino básico foi tamén obxecto de análise. Así, un 86,0% dos membros dos equipos directivos está moi de acordo con que a acción tutorial é fundamental para atender á diversidade. O 11,5% afirma parece estar bastante de acordo con esta afirmación e o 0,6% pouco. Un 2,0% non sabe ou non contesta.

Gráfica 21. A atención á diversidade require da coordinación de todo o profesorado


Na mesma liña, un 90,2% dos membros dos equipos directivos di estar moi de acordo en que a coordinación de todo o profesorado é imprescindible para prestar unha atención a diversidade adecuada. Tan só un 7,2% se mostra bastante de acordo e o 0,4% pouco de acordo. Un 2,2% non sabe ou non contesta.

Gráfica 22. A atención á diversidade require de canles de colaboración coas familias




Por outra parte, a maior parte dos/as enquisados/as (89,1%), confirma o seu grao de acordo respecto a que a atención á diversidade require en moita medida de canles de colaboración coas familias. Un 7,9% pronúnciase bastante de acordo, e un 0,2% e 0,4% está pouco ou nada de acordo con esta afirmación respectivamente. Un 2,4% non sabe ou non contesta.

Gráfica 23. Na atención á diversidade o traballo con medios tecnolóxicos favorece o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado




Así mesmo, o 54,2% dos membros dos equipos directivos está moi de acordo en que na atención á diversidade o traballo con medios tecnolóxicos favorece o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado. Un 41,8% maniféstase bastante de acordo con dita afirmación, mentres que o restante 2,8% non a comparte. Un 1,3% non sabe ou non contesta.


Gráfica 24. O asesoramento da Inspección educativa facilita a atención á diversidade do alumnado nos centros



Máis do 50,0% dos membros dos equipos directivos amosa un elevado grao de acordo (36,6% bastante e 35,9% moito) en que o asesoramento da Inspección educativa facilita a atención á diversidade do alumnado nos centros. Afirman o contrario un 21,1% e 4,1% das persoas enquisadas, que están pouco de acordo con esta cuestión ou non a compar-ten. O 2,4% non sabe ou non contesta.

Gráfica 25. O asesoramento proporcionado polo Departamento de Orientación ao persoal dos centros facilita a atención á diversidade do alumnado

En relación ao Departamento de Orientación, un 64,5% está moi de acordo en que o asesoramento ao persoal dos centros facilita a atención do alumnado e o 27,5% está bastante de acordo. No extremo contrario atópanse os membros dos equipos directivos que afirman que están pouco (5,0%) ou nada (0,7%) de acordo con esta afirmación. O 2,2% non sabe ou non contesta.

Gráfica 26. As actuacións do Equipo de Orientación Específico da provincia facilitan a atención á diversidade do alumnado nos centros

Finalmente, o 25,3% das persoas enquisadas está totalmente de acordo en que as actuacións do Equipo de Orientación Específico da provincia facilitan a atención á diversidade, xunto ao 36,0% que está bastante de acordo. Non comparthen totalmente esta afirmación un 35,5% das persoas enquisadas (28,8% pouco de acordo e 6,7% nada de acordo). O 3,1% sabe ou non contesta a esta cuestión.

Conclusiones

Das das respostas proporcionadas polos membros dos equipos directivos participantes no estudio, despréndese que este colectivo ten formación sobre atención á diversidade e que foi recibida, sobre todo, na formación permanente, e non tanto na formación inicial. Esta formación proporcionouna principalmente o CAFI. Sinalan, así mesmo, que no seu centro impúlsase e poténciase a participación do profesorado en actividades formativas e de innovación no ámbito da atención á diversidade.

Consideran que no seu centro a acción educativa se adecúa ás diferentes necesidades do alumnado. O Proxecto Educativo de centro, din que favorece o proceso de atención á diversidade. Do mesmo xeito, o Plan de Acción Tutorial e o papel do Departamento de Orientación e as medidas recollidas no Plan de Orientación de Centro, son elementos eficaces e permiten dar una resposta axeitada á diversidade do alumnado que atenden. Así mesmo, os criterios definidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica garanten a aplicación de medidas de atención á diversidade.

Respecto aos recursos persoais do centro, sinalan que son poucos. En relación á *ratio* profesor-alumno non parece existir unha opinión clara, pois as respostas divídense máis ou menos á metade entre os/as que din que é axeitada e os/as que din que non.

O traballo que desenvolve tanto o profesorado de Pedagogía Terapéutica, como o de Audición e Linguaxe e o/a auxiliar técnico educativo entenden que facilita a atención á diversidade.

As instalacións e aulas dos centros son para eles/as accesibles e suficientes para realizar agrupamentos diversos e tamén hai flexibilidade horaria para atender á diversidade.

Nos centros din contar con suficiente material especializado e suficientes recursos tecnolóxicos para atender á diversidade. Case a totalidade afirma que a comunidade educativa comparte a necesidade de apoiar ás medidas de atención á diversidade.

A coordinación entre o profesorado para atender á diversidade é fluída, o mesmo que o é a coordinación co Departamento de Orientación. Existe para eles/as unha clara distribución das responsabilidades entre os/as distintos/as profesionais en relación coas medidas de atención á diversidade ao igual que consideran que nas programacións de aula se ten en conta a diversidade do alumnado. Tamén é axeitada a colaboración coas familias.

Finalmente, creen que as medidas de atención á diversidade propician o desenvolvemento de actitudes favorables ante a mesma, que a atención á diversidade é unha tarefa compartida e que a acción titorial e a coordinación de todo o profesorado é fundamental, o mesmo que o é o establecemento de canles de coordinación coas familias. Tamén consideran que o asesoramento ao persoal dos centros, realizado polo Departamento de Orientación, facilita a atención ao alumnado. Así mesmo, entenden que tanto a Inspección educativa como os equipos de orientación específicos facilitan a atención á diversidade.

Capítulo 8

A perspectiva do profesorado
titor de ensino obrigatorio
sobre a atención á diversidade

1. Consideracións preliminares

O artigo 17 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia sinala que cada grupo de alumnos/as terá un mestre titor/a, designado polo/a director/a, a proposta da xefatura de estudos. Nesta etapa educativa, o titor/a será o/a encargado/a de coordinar a intervención educativa do conxunto do profesorado que incida sobre o mesmo grupo de alumnos e alumnas. Ademais, deberá manter unha relación permanente coa familia e, entre as súas funcións está a de informar regularmente aos pais, ás nais ou ás persoas que exerzan a tutoría legal do seu alumnado sobre o proceso educativo dos seus fillos e fillas. Esta información realizarase cunha periodicidade trimestral e recollerá as cualificacións obtidas en cada área, así como a información relativa ao seu proceso de integración socio-educativa.

Na educación secundaria obrigatoria, o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, establece, no seu artigo 16, que cada grupo de alumnos e alumnas contará cun titor ou titora, designado/a polo/a director/a do centro entre o profesorado que lle imparta docencia ao grupo. O titor ou titora é o/a responsable de coordinar ao equipo docente que imparta clases nese grupo, no relativo tanto á avaliación como aos procesos de ensino e aprendizaxe e manterá unha relación permanente cos pais, coas nais ou cos tutores e coas titoras legais, ademais de ser responsable da orientación do alumnado en colaboración co Departamento de Orientación.

As funcións dos/as tutores tanto na educación primaria como na secundaria aparecen recollidas no Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria e no Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.

Segundo o artigo 81º do Decreto 374/1996, son funcións dos tutores na educación primaria as seguintes:

- a) Participar no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe de estudos.
- b) Proporcionar no principio de curso, aos alumnos e aos pais, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente ao calendario escolar, horarios, horas de tutoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- c) Coñecer as características persoais de cada alumno ou alumna a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- d) Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno/a.
- e) Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino e aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- f) Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnos/as do seu grupo.
- g) Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- h) Orientar aos alumnos/as dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- i) Informar ao equipo de profesores/as do grupo de alumnos/as das características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- l) Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos/as.
- m) De ser o caso, organizar e presidir as sesións de avaliación.
- n) Coordinar o proceso de avaliación do alumnado do seu grupo e adoptar a decisión que proceda referente á promoción dos/as alumnos/as dun ciclo a outro, logo de audiencia dos seus pais, nais ou tutores legais.
- ñ) Atender, xunto co resto do profesorado, aos alumnos e alumnas mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer.

- o) Colaborar co Equipo de Orientación Educativa e Profesional do sector nos termos que estableza o mesmo e a xefatura de estudos.
- p) Colaborar cos demais titores/as no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.
- q) Orientar as demandas e inquiredanzas do alumnado e mediar ante o resto de profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- r) Informar ao alumnado do grupo, aos pais, nais e aos profesores de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con especial atención aos aspectos e medidas tendentes a facilitar a competencia lingüística dos alumnos e alumnas nas dúas linguas oficiais.
- s) Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e os pais e nais dos/as alumnos/as.
- t) Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os/as demais profesores/as do grupo.
- u) Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnos e alumnas.
- v) Controlar a falta de asistencia ou puntualidade dos alumnos e das alumnas, e ter informados os pais, nais ou titores legais e o xefe de estudos.
- x) Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos/as seus/súas fillos/as.
- z) Aqueloutras que se lle puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da acción titorial.


Pola súa parte, no artigo 59º do Decreto 324/1996, sinálase respecto ao titor/a de educación secundaria que deberá:

- a) Participar no desenvolvemento do Plan de Acción Titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do xefe ou xefa de estudos e en colaboración co Departamento de Orientación.
- b) Proporcionarlles no principio de curso, ao alumnado e aos pais e nais, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente ao calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- c) Coñecer as características persoais de cada alumno e alumna a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- d) Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno e alumna.
- e) Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- f) Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnos e alumnas do seu grupo.
- g) Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- h) Orientar ao alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- i) Informar ao equipo de profesores/as do grupo de alumnos e alumnas das súas características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- j) Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programadas para o mesmo grupo de alumnos e alumnas.
- k) Organizar e presidir as sesións de avaliación do seu grupo.
- l) Favorecer o proceso de maduración vocacional orientando e asesorando o alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.
- m) Colaborar co Departamento de Orientación do instituto nos termos que estableza a xefatura de estudos.
- n) Colaborar cos/as demais titores/as e co Departamento de Orientación no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.
- ñ) Orientar as demandas e inquiredanzas do alumnado e mediar, en colaboración co delegado do grupo, ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.

- o) Informar ao alumnado do grupo, aos pais e nais e ao profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.
- p) Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e os pais e nais dos alumnos e alumnas.
- q) Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os membros do equipo docente.
- r) Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnado.
- s) Controlar a falta de asistencia ou puntualidade do alumnado e ter informados aos pais e nais ou tutores e o xefe ou xefa de estudos.
- t) Implicar ás familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.
- u) Atender, xunto co resto de profesorado, aos alumnos e alumnas mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer.


2. Formación do profesorado titor

Gráfica 1. Formación recibida sobre atención á diversidade



Segundo a información aportada por 1.305 profesores/as tutores/as, na súa maioría (67,2%) o profesorado titor ten formación en atención á diversidade, fronte ao 31,8% que afirma non ter esa formación. Un 1,0% non sabe ou non contesta a esta cuestión.

Gráfica 2. Cando recibiu formación para atender á diversidade




Se se ten en conta cando recibiu dita formación, un 40,4% afirma que foi durante o proceso de formación permanente. O 15,7% tanto na formación inicial como permanente mentres que tan só un 11,5% indica que a recibiu só durante a formación inicial.

Como se pode observar na seguinte táboa, esta formación recibírona por distintas vías. Así, un 37,5% di que foi a través do CAFI, o CFR realizou a formación para o 40,5%; por último, un total do 22,0% formouse a través doutras institucións como asociacións (10,2%), sindicatos (5,7%), universidades (3,0%), Ministerio de Educación (2,9%) e por institucións privadas (0,2%).


Táboa 1. Medio polo que recibiu formación sobre atención á diversidade

Medio de Formación	Si (%)	Non (%)
CAFI	37,5	62,5
CFR	40,5	59,5
Asociacións	10,2	89,8
Sindicatos	5,7	94,3
Universidade	3,0	97,0
Ministerio de Educación	2,9	97,1
Institucións privadas	0,2	99,8


Gráfica 3. Formación inicial para o desempeño do labor como profesor/a titor/a




O profesorado titor afirma que a formación inicial que recibiu para o desempeño do seu labor como profesor/a foi pouco axeitada (42,1%), seguido do 25,7% que a considera bastante axustada as súas necesidades. Polo contrario, non foi suficiente para o 24,4% e tan só un 5,7% afirma que cumpriu coas súas expectativas. O 2,2% non sabe ou non respondeu a esta cuestión.

Gráfica 4. Formación suficiente para atender á diversidade do alumnado

Por unha banda, en porcentaxes moi similares, o profesorado titor considera que a formación recibida é pouca (41,0%) ou bastante suficiente (42,8%). Por outra banda, afirman que dita formación foi moita (7,7%) ou, polo contrario, nada suficiente (7,1%). Un 1,5% non sabe ou non contesta.

Gráfica 5. O centro impulsa e potencia a participación do profesorado en actividades de formación e innovación no ámbito da atención á diversidade

Segundo o 36,9% do profesorado titor, o centro impulsa bastante e tamén potencia a participación do profesorado en actividades de formación e innovación no ámbito da atención á diversidade; un 26,7% afirma que o fai moito. No extremo oposto, o 25,4% indica que o centro se implica pouco e o 9,0% nada. Un 1,9% non sabe ou non contesta.

Gráfica 6. Formación sobre atención á diversidade que promove a Administración educativa

Para o 44,8% do profesorado titor, a formación que promove a Administración educativa axústase pouco ás súas necesidades e o 13,5% afirma que non se corresponde co que demanda. En porcentaxes algo inferiores do 33,9% e 4,6% consideran que a formación se axusta bastante ou moito respectivamente as súas necesidades. Un 3,2% non sabe ou non contesta.

3. Aspectos institucionais da atención á diversidade nos centros educativos

Polo que se refire á valoración do profesorado titor de determinados aspectos relacionados coa atención á diversidade no centro, un 49,0% e un 31,8 dos casos sinalan que o Proxecto Educativo favorece os procesos de atención á diversidade; tan só un 2,7% e un 14,9% afirma que non a favorece ou faino pouco respectivamente.

Por outra banda, o 47,8% das persoas enquisadas consideran que o Plan de Acción Titorial resulta un elemento bastante eficaz na atención á diversidade, seguido dos/as que opinan que o é en maior medida (27,2%). Un 3,4% e un 19,7% o considera nada ou pouco eficaz na atención á diversidade.


Cando se lle pregunta ao profesorado titor se no centro existen protocolos de actuación específicos para a atención á diversidade, un 45,7% afirma que hai bastantes protocolos e un 35,2% moitos. No extremo oposto sitúase o 13,6% dos/as enquisados/as que afirman que hai poucos ou ningún (3,6%).

Polo que se refire ao papel do Departamento de Orientación na atención á diversidade, o 40,0% do profesorado titor afirma que a súa contribución é moi importante na posta en marcha da atención á diversidade, seguido do 35,2% que indica que impulsa bastantes medidas. Un 16,7% sinala que son poucas as medidas levadas a cabo e o 5,3% ningunha. Na mesma liña, pronúncianse a favor o profesorado titor cando se lle pregunta se as medidas recollidas no Plan de Orientación de centro permiten dar unha resposta axeitada á diversidade do alumnado (44,7% bastante e 30,4% moito); tan só un 19,3% e un 2,9% das persoas enquisadas sinalan que esas medidas non dan unha resposta axeitada á diversidade ou o fan pouco.

Táboa 2. Valoración de aspectos relacionados coa atención á diversidade no centro


Dimensión	Nada (%)	Pouco (%)	Bastante (%)	Moito (%)	Ns/Nc (%)
O Proxecto Educativo de centro favorece os procesos de atención á diversidade	2,7	14,9	49,0	31,8	1,6
Eficacia do desenvolvemento do Plan de Acción Titorial	3,4	19,7	47,8	27,2	1,8
Existencia protocolos de actuación específica para a atención á diversidade	3,6	13,6	45,7	35,2	1,8
As medidas recollidas no Plan de Orientación do centro permiten dar unha resposta axeitada á diversidade	2,9	19,3	44,7	30,4	2,7
O Departamento de Orientación do meu centro impulsa medidas para atender á diversidade	5,3	16,7	35,2	40,0	2,8

Gráfica 7. Modifico os obxectivos didácticos para atender á diversidade do alumnado




Algo máis da metade do profesorado titor afirma que modifica en bastantes ocasións (50,7%) os obxectivos didácticos para atender á diversidade do alumnado, seguido do 34,9% que o fai moi habitualmente. Non levan a cabo modificacións ou en poucas ocasións o 1,8% e 9,7% das persoas enquisadas respectivamente. O 2,9% do profesorado titor non sabe ou non contesta a esta cuestión.

Gráfica 8. Recursos que adoito empregar na aula para atender á diversidade do alumnado




Respostas similares atopamos cando se lle pregunta ao profesorado titor se modifica os recursos da aula para atender á diversidade do alumnado. Algo máis da metade deste colectivo, un 50,6%, modifica en bastantes ocasións os recursos e un 37,9% moitas veces. Destacar tamén o 8,9% do profesorado titor que afirma que os modifica en poucas ocasións e o 0,3% que nunca os modifica. Un 2,4% non sabe ou non contesta.

Gráfica 9. Elaboro a programación de aula segundo os diferentes ritmos de aprendizaxe, capacidades e intereses do alumnado




Na mesma liña, o profesorado titor afirma que en bastantes (50,7%) e moitas (32,5%) ocasións elabora a programación de aula segundo os diferentes ritmos de aprendizaxe, capacidades e intereses do alumnado. Non a adapta un 1,7% do profesorado titor e pouco un 12,8%. Un 2,4% non sabe ou non contesta.

Gráfica 10. Adecúo a miña acción educativa ás diferentes necesidades do alumnado




O profesorado titor afirma nun 54,5% dos casos que adecúa bastante a súa acción educativa ás diferentes necesidades do alumnado, en valor moi próximo ao dos/as que indican que o fan moi habitualmente, un total do 37,0%. Tan só o 0,1% do profesorado titor non axusta a súa acción educativa ás necesidades do alumnado e un 6,7% o fai en poucas ocasións. Un 1,8% non sabe ou non contesta.

Gráfica 11. Coñezo as necesidades de cada un dos meus alumnos e alumnas



As respostas do profesorado titor respecto ao grao de coñecemento das necesidades dos alumnos e alumnas sitúanse en torno ao 48,8% que afirma coñecelas bastante e o 42,6% que as coñece moito. Tan só un 6,2% dos/as titores/as indica que as coñecen pouco e un 0,2% nada, seguido do 2,1% que non sabe ou non contesta.

Gráfica 12. Teño dificultades para atender á diversidade do alumnado na aula




O 38,4% do profesorado titor ten bastantes dificultades para atender á diversidade do alumnado na aula seguido do 34,4% que afirma que ten poucas dificultades. Para o 13,7% e o 11,1% do profesorado as dificultades son moitas ou ningunha respectivamente. O 2,4% do profesorado titor non sabe ou non contesta a esta cuestión.

4. Recursos dos centros educativos


4.1. Recursos persoais

Gráfica 13. Recursos persoais cos que conta o centro para atender á diversidade



Os recursos persoais cos que conta o centro para atender á diversidade son poucos para o 45,1% do profesorado e bastantes para o 28,6%, mentres tan só o 5,7% afirma que son moitos. O 19,0% considera que non son suficientes para atender ao alumnado. Un 1,5% non sabe ou non contesta.


Gráfica 14. O traballo que desenvolve no centro o profesorado de Pedagogía Terapéutica, de Audición e Linguaxe e o/a auxiliar técnico educativo facilita a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo



Segundo a opinión do 40,5% e do 35,2% do profesorado titor o traballo que desenvolve no centro tanto o/a profesora de Pedagogía Terapéutica como de Audición e Linguaxe facilita bastante a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo seguido do 37,7% e 35,5% que considera que facilita moito a atención do alumnado respectivamente. En canto ao traballo do/a auxiliar técnico educativo, o 62,4% dos que responden a esta cuestión consideran que o labor deste profesional facilita bastante (21,5%) e moito (20,5%) a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.


4.2. Espazos e instalacións dos centros educativos

Gráfica 15. Accesibilidade das instalacións e aulas do centro para todo o alumnado



As instalacións e as aulas do centro son, segundo o 35,5% do profesorado titor, bastante accesibles e moito para o 29,4%. De contraria opinión son o 22,2% do profesorado titor/a que considera que son pouco accesibles e o 11,1% que afirma que non o son. Un 1,8% non sabe ou non contesta a esta cuestión.


Gráfica 16. Na aula hai espazo suficiente para realizar agrupamentos diversos



O 33,9% e o 20,4% do profesorado titor afirma que nas aulas hai bastante e moito espazo para realizar agrupamentos diversos. No outro extremo sitúase o 29,3% e o 15,1% que afirma que hai pouco ou ningún espazo nas aulas para realizar este tipo de agrupamentos. Un 1,3% non sabe ou non contesta.


4.3. Recursos materiais dos centros educativos

Gráfica 17. Material especializado no centro para atender á diversidade



Un 41,8% do profesorado titor afirma que o material especializado que existe no centro para atender á diversidade é escaso; o 38,4% considera que é bastante mentres que non chega ao 10,0% o profesorado titor que afirma que é moito (9,4%) ou nada suficiente (7,9%). Un 2,5% non sabe ou non contesta.

Gráfica 18. Recursos tecnolóxicos para atender á diversidade




Cando se lle pregunta ao profesorado titor sobre a suficiencia dos recursos tecnolóxicos do centro, as respostas sitúanse entre o 41,0% que afirma que son bastantes e o 34,5% que considera que son poucos. Tan só un 14,5% afirman que son moitos e un 8,2% que non o son. Un 1,8% non sabe ou non contesta.

5. Coordinación, colaboración e asesoramento nos centros educativos


5.1. Coordinación nos centros educativos

Gráfica 19. Colaboro con outros docentes na elaboración e/ou coordinación de medidas de atención á diversidade




O 43,8% e o 30,5% dos/as enquisados/as colabora en bastantes ou moitas ocasións con outros docentes na elaboración e/ou coordinación de medidas de atención á diversidade. O 18,1% colabora pouco e o 5,7% nunca. O 2,0% non sabe ou non contesta.


Gráfica 20. Informo ao equipo de profesores/as do grupo de alumnos/as das necesidades e características dos/as mesmos/as




Así mesmo, o 57,9% do profesorado titor informa moi habitualmente ao equipo de profesores/as do grupo de alumnos/as das súas necesidades e características. En bastantes ocasións faino o 34,9% do profesorado titor e nunca ou en poucas ocasións o 0,7% e 3,9% respectivamente. Un 2,6% non sabe ou non contesta.

Gráfica 21. Coordino o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación tendo en conta á diversidade do alumnado

O 52,8% do profesorado titor coordina bastante o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación tendo en conta á diversidade do alumnado; faino en moitas ocasións o 35,0% e non realiza esta coordinación ou o fai en poucas ocasións o 0,7% e 8,6% do profesorado titor, respectivamente. Un 2,9% non sabe ou non contesta.

Gráfica 22. Coordino as adaptacións curriculares necesarias para os/as alumnos/as do meu grupo


Para o 57,9% do profesorado titor a coordinación das adaptacións curriculares necesarias para os/as alumnos/as do grupo é moi frecuente. O 34,9% faino en bastantes ocasións. O 3,9% e o 0,7% realiza esta acción pouco ou nada. O 2,6% non sabe ou non resposta a esta cuestión.

Gráfica 23. Desenvolvo no centro programas específicos de atención á diversidade

Respecto ao desenvolvemento no centro de programas específicos de atención á diversidade vemos que o 36,6% deste colectivo fai esta tarefa en bastantes ocasións seguido do 11,1% que o fai en moitas ocasións. No 34,1% dos casos poucos profesores/as titores/as desenvolven estes programas e o 13,7% nunca. O 4,4% non sabe ou non contesta.

5.2. Asesoramento nos centros educativos


Gráfica 24. Acudo ao Departamento de Orientación para recibir asesoramento sobre a atención a diversidade



O 43,1% do profesorado titor acude en moitas ocasións ao Departamento de Orientación para recibir asesoramento sobre a atención á diversidade e o 37,9% faino en bastantes ocasións. Un 13,7% acude poucas veces e o 2,8% non solicitou ningún tipo de asesoramento ao Departamento de Orientación. O 2,4% non sabe ou non contesta.

5.3. Colaboración coas familias


Gráfica 25. Establezo canles de colaboración coas familias para atender á diversidade



Como vimos inicialmente a colaboración coas familias é unha das funcións dos/as profesores/as tutores/as tanto na educación primaria como na ESO. Por esta razón preguntamos no cuestionario ao profesorado titor se establece canles de colaboración coas familias para atender á diversidade. Neste sentido, o 38,1% e o 51,2% dos/as enquisados/as faino en bastantes ocasións ou de xeito habitual. O 7,0% pouco e o 1,2% nunca. O 2,5% non sabe ou non contesta.


6. Actitudes e sensibilización ante a atención á diversidade

Gráfica 26. As medidas de atención á diversidade que se levan a cabo nos centros favorecen o desenvolvemento no alumnado de actitudes tolerantes e respectuosas coas diferenzas




En canto ás actitudes e a sensibilización cara a atención á diversidade, hai que salientar que o 50,6% do profesorado titor está bastante de acordo en que as medidas que se levan a cabo nos centros favorecen o desenvolvemento no alumnado de actitudes tolerantes e respectuosas coas diferenzas. O 28,1% está moi de acordo mentres que están pouco ou nada de acordo o 16,8% e 2,0% do profesorado titor respectivamente. O 2,5% non se pronuncia ante esta cuestión.

Gráfica 27. A atención á diversidade é unha tarefa que ten que compartir toda a comunidade educativa




Unha gran parte do profesorado titor (85,7%) está moi de acordo en que a atención á diversidade é unha tarefa que ten que compartir toda a comunidade educativa; están bastante de acordo o 11,6% das persoas enquisadas e non chega ao 1% o profesorado titor, que está pouco (0,5%) ou nada (0,2%) de acordo con esta afirmación. Un 2,0% non contesta a esta cuestión.

Gráfica 28. Para atender á diversidade a acción titorial é fundamental




O 74,8% das persoas participantes no estudo deste colectivo está de acordo en que a acción titorial é fundamental para atender á diversidade, seguido do 20,7% que está bastante de acordo. A restante porcentaxe corresponde ao 2,4% e 0,2% do profesorado que está pouco ou nada de acordo con esta afirmación. Un 2,0% non sabe ou non contesta.

Gráfica 29. A atención á diversidade require da coordinación de todo o profesorado




A coordinación de todo o profesorado é imprescindible para prestar unha atención á diversidade adecuada segundo o acordo amosado polo 97,4% do profesorado titor (85,5% moito e 11,9% bastante). Tan só o 0,6% e 0,1% está pouco ou nada de acordo con esta afirmación e un 1,9% non sabe ou non contesta.

Gráfica 30. Na atención á diversidade o traballo con medios tecnolóxicos favorece o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado




O 45,1% e o 43,8% está moi e bastante de acordo en que, na atención á diversidade, o traballo con medios tecnolóxicos favorece o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado, fronte ao 9,1% do profesorado titor que manifesta o seu total desacordo, con valores que oscilan entre o 8,6% (pouco) e o 0,5% (nada). Un 2,1% non sabe ou non contesta.

Gráfica 31. O asesoramento da Inspección educativa facilita a atención á diversidade do alumnado nos centros




Respecto ao papel da Inspección educativa, compróbase que un 30,5% do profesorado titor está bastante de acordo en que o seu asesoramento facilita a atención á diversidade do alumnado nos centros. Practicamente a mesma porcentaxe de enquisados/as, 24,0% e 26,4%, está moi e pouco de acordo con esta afirmación. Un 14,8% afirma non estar de acordo con esta cuestión. O 4,3% non sabe ou non contesta.

Gráfica 32. O asesoramento proporcionado polo Departamento de Orientación ao persoal dos centros facilita a atención á diversidade do alumnado



Porcentaxes similares aos anteriores atópanse cando se pregunta se o asesoramento proporcionado polo Departamento de Orientación ao persoal dos centros facilita a atención á diversidade do alumnado. Ao respecto, case o 50,0% do profesorado titor comparte a dita afirmación xunto co 32,6% restante que afirma estar bastante de acordo. Están pouco ou nada de acordo o 11,9% e o 3,7%, respectivamente. Un 2,9% non sabe ou non contesta.

Gráfica 33. As actuacións do Equipo de Orientación Específico da provincia facilitan a atención á diversidade do alumnado nos centros



Finalmente pregúntase ao profesorado titor se, na súa opinión, as actuacións do Equipo de Orientación Específico facilitan a atención á diversidade do alumnado nos centros. Esta afirmación é compartida polo 53,7% dos/as enquisados/as que afirman estar bastante (30,6%) e moi de acordo (23,1%). Destacar tamén unha porcentaxe do 26,6% que está pouco de acordo e o 12,3% que non comparte esta afirmación. Un 7,4% non sabe ou non contesta.

Conclusións

A partir da análise das respostas do profesorado titor participante no estudo, concluímos que os/as titores/as din que teñen formación en atención á diversidade adquirida, sobre todo, a través da formación permanente en non tanto na formación inicial que, segundo opinan, foi pouco axeitada para o desempeño da súa labor como titor/a. A vía principal pola que recibiron esa formación é o CAFI.

As actividades formativas que promove a Administración sobre atención á diversidade axústanse pouco ás súas necesidades e consideran que no centro impúlsase e poténciase a participación do profesorado en actividades de formación e innovación no ámbito de atención á diversidade.

En xeral, subliñan que o Proxecto Educativo de centro favorece os procesos de atención á diversidade. Por outra banda, o Plan de Acción Titorial e o papel do Departamento de Orientación son elementos que resultan eficaces para atender

á diversidade. Nos centros nos que traballan existen protocolos de actuación específicos para atender á diversidade e tamén destacan que o Plan de Orientación do centro permite dar unha resposta axeitada á diversidade do alumnado que atenden.

En relación aos recursos persoais dos centros onde traballan, destacan que son poucos. Porén, apuntan que a actividade que desenvolve o profesor/a de Pedagogía Terapéutica, de Audición e Linguaxe e do/a auxiliar técnico educativo facilita a atención á diversidade de alumnado con que contan nos centros. Respecto ás aulas e espazos dos centros, opinan que son accesibles e permiten agrupamentos diversos. A existencia de material especializado suscita opinións divididas pois non parece existir un acordo unánime acerca de se son ou non suficientes, o mesmo que ocorre cando opinan sobre os recursos tecnolóxicos para atender á diversidade.

En xeral, din que modifican os obxectivos didácticos para atender á diversidade do alumnado e os recursos da aula. Tamén elaboran a programación da aula segundo os diferentes ritmos de aprendizaxe, capacidades e intereses do alumnado e adecúan a súa acción ás diferentes necesidades destes.

Consideran que coñecen as necesidades do seu alumnado, pero recoñecen que teñen dificultades para atender á diversidade que presentan na aula.

Colaboran con outros/as docentes na elaboración e coordinación de medidas de atención á diversidade, e no axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación; informan habitualmente ao equipo de profesores/as do grupo de alumnos/as das necesidades e características dos/as mesmos/as, coordinan as adaptacións curriculares necesarias e desenvolven programas específicos de atención á diversidade.

Son frecuentes as ocasións nas que reciben asesoramento sobre a atención á diversidade de parte do Departamento de Orientación e colaboran de xeito habitual coas familias.

Creen que as medidas de atención á diversidade favorecen o desenvolvemento de actitudes favorables ante a mesma. Ademais, existe un elevado acordo entre os/as titores/as enquisados/as en que a atención á diversidade é unha tarefa compartida, que a acción titorial e a coordinación de todo o profesorado é fundamental, o mesmo que o é o establecemento de canles de coordinación coas familias. Tamén consideran que o asesoramento ao persoal dos centros, realizado polo Departamento de Orientación facilita a atención ao alumnado ao igual que o do Equipo de Orientación Específico. Porén, non hai un acordo no papel da Inspección educativa, pois para uns facilita en gran medida a atención á diversidade e para outros non.

Capítulo 9

**A perspectiva do profesorado
de ensino obrigatorio sobre a
atención á diversidade**

1. Consideracións preliminares

No artigo 93, punto 1 e 2 da Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación, recóllese que a educación primaria a impartirán mestres/as co título de Mestre/a en educación primaria ou o título de Grao equivalente, que terán competencia en toda as áreas deste nivel.

No caso da educación secundaria obrigatoria, o artigo 94 da mesma Lei sinala que para ser profesor/a desta etapa educativa será necesario ter o título de Licenciado/a, Enxeñeiro/a ou Arquitecto/a, ou o título de Grao equivalente, ademais da formación pedagóxica e didáctica de nivel de pos-grao.

Cómpre salientar que, entre as medidas dispostas para o profesorado de centros públicos, sinalase no artigo 105, punto 2 a): O recoñecemento da función titorial mediante os oportunos incentivos profesionais e económicos.


Baixo o principio da colaboración e o traballo en equipo, son funcións do profesorado de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria, entre outras, as seguintes (artigo 91, LOE):

- a) A programación e a ensinanza das áreas, materias e módulos que teñan encomendados.
- b) A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado e dos procesos de ensinanza.
- c) A titoría dos/as alumnos/as, a dirección e orientación da súa aprendizaxe e o apoio no seu proceso educativo, en colaboración coas familias.
- d) A orientación educativa, académica e profesional dos/as alumnos/as, en colaboración, no seu caso, cos servizos ou departamentos especializados.
- e) A atención ao desenvolvemento intelectual, afectivo, psicomotriz, social e moral do alumnado.
- f) A promoción, organización e participación nas actividades complementarias, dentro ou fóra do recinto educativo, programadas polo centro.
- g) A contribución a que as actividades do centro se desenvolvan nun clima de respecto, de tolerancia, de participación e de liberdade para fomentar no alumnado os valores da cidadanía democrática.
- h) A información periódica ás familias sobre o proceso de aprendizaxe dos seus fillos e fillas, así como a orientación para a súa cooperación no mesmo.
- i) A coordinación das actividades docentes, de xestión e de dirección que lles sexan encomendadas.
- j) A participación na actividade xeral do centro.
- k) A participación nos plans de avaliación que determinen as administracións educativas ou os propios centros.
- l) A investigación, a experimentación e a mellora continua dos procesos de ensinanza correspondente.

2. Formación do profesorado


Como no caso dos colectivos anteriores, o primeiro bloque de preguntas referidas aos 735 profesores/as participantes no estudo, ten que ver coa formación.

Gráfica 1. Formación recibida sobre atención á diversidade



Así, en primeiro lugar pregúntase sobre a formación que recibiron sobre atención á diversidade. Ao respecto, algo máis da metade do profesorado (55,9%) ten formación en atención á diversidade, fronte ao 42,9% que afirman non estar formado neste ámbito. Un 1,2% non sabe ou non contesta.

Gráfica 2. Cando recibiu formación para atender á diversidade




O profesorado con formación en atención á diversidade recibiu na maioría dos casos (69,3%) a través de cursos de formación continua. O 30,7% restante durante a formación inicial.

Como se pode observar na seguinte táboa, o CAFI (40,4%) e o CFR (38,7%) son as principais vías polas que recibiu formación o profesorado de ensino obrigatorio. Un total do 20,9% formouse a través doutras institucións como asociacións (4,9%), sindicatos (4,1%), universidades (9,5%), Ministerio de Educación (0,1%) e por institucións privadas (2,3%).

Táboa 1. Medio polo que recibiu formación sobre atención á diversidade


Medio de Formación	Si (%)	Non (%)
CAFI	40,4	59,6
CFR	38,7	61,3
Asociacións	4,9	95,1
Sindicatos	4,1	95,9
Universidade	9,5	90,5
Ministerio de Educación	0,1	99,9
Institucións privadas	2,3	97,7

Gráfica 3. Formación inicial para o desempeño do labor como profesor/a




Por outra banda, un 39,6% do profesorado afirma que a formación inicial recibida foi escasa para o desempeño da labor de profesor/a e un 28,7% que non foi suficiente. Tan só un 28,5% do profesorado manifesta que foi bastante (22,6%) ou moi suficiente (5,9%) para o seu traballo. Un 3,3% non sabe ou non contesta.

Gráfica 4. Formación suficiente para atender á diversidade do alumnado




No que respecta á formación específica en diversidade, algo menos da metade do profesorado (44,2%) afirma que sobre este particular ten pouca formación, seguido do 37,0% que considera que ten bastante e un 6,0% moita. O resto das opinións agrúpanse no 10,7% dos que din que non é suficiente e o 2,0% que non contesta.

Gráfica 5. A formación sobre atención á diversidade que promove a Administración educativa para o Profesorado axústase ás miñas necesidades



Polo que se refire aos medios polos que obteñen a formación, vemos que a Administración educativa é unha das principais canles na oferta formativa do profesorado. Ao respecto, sinalar que en cifras próximas ao 50% o profesorado considera que dita formación se axusta pouco as súas necesidades; en menor medida un 27,8% sinala que se axusta bastante. Un 16,9% considera que non se axusta as súas necesidades e tan só un 4,2% que responde as súas expectativas; unha mesma porcentaxe non resposta a esta cuestión.

Gráfica 6. O centro impulsa e potencia a participación do profesorado en actividades de formación e innovación no ámbito da atención á diversidade



Compróbase ademais que para o 32,8% do profesorado o centro impulsa e potencia bastante a participación do profesorado en actividades de formación e innovación no ámbito da atención á diversidade, seguidos do 26,8% que afirma que o fai moito. A restante porcentaxe de profesorado, en cifras que van desde o 25,7% ao 11,6%, afirma que o centro potencia pouco ou nada a formación. Un 3,1% non sabe ou non contesta a esta cuestión.

3. Aspectos institucionais da atención á diversidade nos centros educativos

Polo que se refire á valoración que fai o profesorado que participa no estudo sobre determinados aspectos relacionados coa atención á diversidade no centro, un 43,4% afirma que o Proxecto Educativo favorece bastante e un 34,8% moito a atención á diversidade. O resto do profesorado sitúase entre o 16,9% e o 2,7% que consideran que a favorece pouco ou nada respectivamente.

Na mesma liña pronúnciase o profesorado cando se lle pregunta sobre a eficacia do Plan de Acción Tutorial na atención á diversidade. Así pois, para un 44,1% do profesorado é bastante eficaz, seguido do 28,6% que considera que o é moito. No extremo oposto, o 23,8% (19,3% pouco e 4,5% nada) do profesorado considera que non resulta un elemento eficaz na atención á diversidade.

Cando se lle pregunta ao profesorado se no centro existen protocolos de actuación específicos para a atención á diversidade, un 44,4% afirma que existen bastantes e un 34,6% moitos. No extremo oposto sitúase o 15,6% dos/as enquisados/as que afirman que hai poucos ou ningún (3,0%).


En canto ao papel do Departamento de Orientación na atención á diversidade, o 42,4% do profesorado afirma que o seu labor no impulso de medidas para atender á diversidade é moi importante, xunto co 31,4% que considera que o é bastante. No extremo oposto sitúase o 5,9% do profesorado que afirma que non impulsa medidas de este tipo e o 16,7% que impulsa poucas medidas. O profesorado tamén afirma nun 27,6% e nun 42,6% dos casos que as medidas recollidas no Plan de Orientación de centro permiten dar unha resposta moi e bastante axeitada á diversidade do alumnado; tan só un 26,0% afirma o contrario.

En relación á existencia de criterios claros e definidos por parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica que garanten a aplicación das medidas de atención á diversidade, a valoración maioritaria deste colectivo sitúase na categoría bastante (38,8%), seguida dun 28,7% que opina que moito; e moi preto os que opinan que pouco (22,6%). Un 6,3% sinala que non están nada claros e definidos.

Táboa 2. Valoración de aspectos relacionados coa atención á diversidade no centro


Dimensión	Nada (%)	Pouco (%)	Bastante (%)	Moito (%)	Ns/Nc (%)
O Proxecto Educativo de centro favorece os procesos de atención á diversidade	2,7	16,9	43,4	34,8	2,2
Eficacia do desenvolvemento do Plan de Acción Titorial	4,5	19,3	44,1	28,6	3,5
Existencia protocolos de actuación específica para a atención á diversidade	3,0	15,6	44,4	34,6	2,4
As medidas recollidas no Plan de Orientación do centro permiten dar unha resposta axeitada á diversidade	4,5	21,5	42,6	27,6	3,8
Existencia de criterios claros e definidos por parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica que garanten a aplicación das medidas de atención á diversidade	6,3	22,6	38,8	28,7	3,7
O Departamento de Orientación do meu centro impulsa medidas para atender á diversidade	5,9	16,7	31,4	42,4	3,5

Gráfica 7. Adecúo a miña acción educativa ás diferentes necesidades do alumnado




O 50,3% do profesorado afirma que en bastantes ocasións adecúa a acción educativa ás diferentes necesidades do alumnado mentres un 36,5% o fai en moitas ocasións. Por outro lado, o 9,2% do profesorado afirma que adecúa a acción educativa ás diferentes necesidades do alumnado en poucas (8,8%) ou en ningunha (0,4%) ocasión. O 3,9% non sabe ou non contesta.

Gráfica 8. Coñezo as necesidades de cada un dos meus alumnos e alumnas




Para adecuar a acción educativa ás diferentes necesidades do alumnado é fundamental o coñecemento das súas necesidades. Neste sentido, un 52,0% do profesorado afirma que coñece bastante as necesidades do alumnado e un 33,5% que as coñece moito. Coñecen pouco ou nada as necesidades do alumnado o 11,7% e 0,7% do profesorado, respectivamente, e o 2,2% non sabe ou non contesta.

Gráfica 9. Elaboro a programación de aula segundo os diferentes ritmos de aprendizaxe, capacidades e intereses do alumnado




O profesorado afirma nun 44,9% dos casos que elabora en bastante medida a programación de aula segundo os diferentes ritmos de aprendizaxe, capacidades e intereses do alumnado, en porcentaxe moi próxima aos que pensan que o fan moito: un total de 31,7%. Destacar tamén o 17,4% dos/as profesores/as que afirman que o fan poucas veces e o 2,7% que non o fai nunca. O 2,3% non sabe ou non contesta.

Gráfica 10. Modifico os obxectivos didácticos para atender á diversidade do alumnado




Por outra parte, case o 50,0% do profesorado afirma que modifica bastante a miúdo os obxectivos didácticos para atender á diversidade do alumnado. Faino de xeito moi habitual o 35,2% do profesorado e poucas veces ou nunca o 13,2% e 2,2%, respectivamente. O 2,9% non sabe ou non contesta.

Gráfica 11. Nas aulas levo a cabo distintos tipos de agrupamentos para favorecer o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado




Por outra parte o profesorado di que levo a cabo nas aulas bastantes (42,0%) e moitos (31,7%) tipos distintos de agrupamentos para favorecer o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado. Un 18,8% afirma que o fai pouco e o 4,8% non o fai. Un 2,7% non sabe ou non contesta.

Gráfica 12. Alterno actividades individuais e grupais no traballo diario co meu alumnado




Así mesmo, o 37,7% e o 43,3% do profesorado enquisado afirma que no traballo diario co alumnado alterna en bastantes ocasións ou moi habitualmente actividades individuais e grupais. Un 14,4% opina que alterna poucas veces este tipo de actividades e un 1,9% nunca. Un 2,7% non sabe ou non contesta.

Gráfica 13. Organizo os espazos na/s aulas en función dos intereses do alumnado




Respecto aos espazos nas aulas, un 39,5% do profesorado di que o organiza de xeito bastante habitual en función dos intereses do alumnado seguido do 27,5% que o fai moi habitualmente. O resto do profesorado afirma que non o fai habitualmente (6,3%) ou poucas veces (23,7%). Non responden a esta cuestión un 3,1% das persoas enquisadas.

Gráfica 14. Realizo adaptacións nas materias para que poida participar todo o alumnado nas actividades




Outra cuestión deste apartado refírese a realización de adaptacións nas materias para que todo o alumnado sexa partícipe nas actividades programadas. Ao respecto comprobábase que esta é unha práctica bastante e moi habitual para o 43,8% e 38,9% do profesorado, respectivamente. Por outra parte, para o 11,0% este tipo de adaptacións lévaas a cabo poucas veces e o 1,9% nunca. O 4,4% do profesorado non sabe ou non contesta.

Gráfica 15. Á hora de avaliar teño en conta á diversidade do alumnado



Cando se pregunta sobre se á hora de avaliar o profesorado ten en conta a diversidade do alumnado, algo máis da metade, un 58,8%, afirma que ten moi en conta a diversidade e un 34,8% en bastantes ocasións. Tan só un 3,8% afirma que a ten pouco en conta e un 0,4% nada. Un 2,2% non sabe ou non contesta.

Gráfica 16. Teño dificultades para atender á diversidade do alumnado na/s aula/s




A análise da última cuestión deste bloque revela que o 37,4% do profesorado enquisado ten poucas dificultades para atender á diversidade do alumnado na/s aula/s, porcentaxe moi próxima ao 32,2% que indica que ten bastantes dificultades. No extremo contrario atópase o 15,4% e o 12,1% do profesorado, que indica que ten moitas dificultades ou ningunha á hora de atender á diversidade. O 2,9% non sabe ou non contesta.

4. Recursos dos centros educativos

Vexamos de seguido as opinións do profesorado respecto dos recursos dos centros para atender á diversidade.


4.1. Recursos persoais

Gráfica 17. Recursos persoais cos que conta o centro para atender á diversidade



En primeiro lugar, faise referencia aos recursos persoais, elemento necesario para prestar unha atención axeitada á diversidade do alumnado. Neste sentido, case o 50% do profesorado enquisado (42,0%) considera que son poucos os recursos persoais do centro, seguido dun 31,0% que afirma que hai bastantes recursos. Tan só un 16,6% considera que non son suficientes e o 7,6% que son moitos. Un 2,7% non contesta.


Gráfica 18. O traballo que desenvolve no centro o profesorado de Pedagogía Terapéutica, de Audición e Linguaxe e o/a auxiliar técnico educativo facilita a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo



Segundo a opinión do 40,4% do profesorado enquisado, o/a profesor/a de Pedagogía Terapéutica facilita moito a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e o 34,1% considera que o facilita bastante. O traballo do/a profesor/a de Audición e Linguaxe facilita, segundo o 31,3% e o 26,3% do profesorado, a atención da diversidade do alumnado. Finalmente, o profesorado, cando valora o traballo do/a auxiliar técnico educativo, faino positivamente. Así, o 22,3% sinala que é moi importante, seguido do 19,3% que afirma que o é bastante.


4.2. Espazos e instalacións dos centros educativos

Gráfica 19. Accesibilidade das instalacións e aulas do centro para todo o alumnado



No que se refire aos espazos e instalacións dos centros compróbase, en primeiro lugar, que a maioría do profesorado considera que son bastante (36,2%) ou moi accesibles (33,5%). Polo contrario, entenden que son pouco ou nada accesibles o 17,1% e 10,9% do profesorado, respectivamente. Un 2,3% non responde a esta cuestión.


Gráfica 20. Nas aulas dispoño de espazo suficiente para realizar agrupamentos diversos



Por outra banda, para a maioría do profesorado nas aulas hai bastante (33,3%) espazo para realizar agrupamentos diversos e para un 22,7% hai moito. Pola contra, segundo o 29,5%, o espazo é pouco, ou non é suficiente para o 12,7%. Un 1,8% non sabe ou non contesta a esta cuestión.


4.3. Recursos materiais dos centros educativos

Gráfica 21. Existencia de material especializado suficiente no centro para atender á diversidade




Preguntouse ao profesorado sobre a suficiencia ou non dos recursos materiais dos centros. Así, concretamente, o material especializado para dar resposta ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo é considerado, polo 37,8% do profesorado, como pouco. O 36,2% considera que é bastante, mentres que o 12,2% afirma que son moitos os recursos materiais e un 10,1% que practicamente non existen. Un 3,7% non sabe ou non contesta.

Gráfica 22. Recursos tecnolóxicos para atender á diversidade



Cando se lle pregunta ao profesorado sobre a existencia de recursos tecnolóxicos para atender á diversidade, un 38,4% afirma que son bastante suficientes, unha porcentaxe moi similar aos que pensan que son poucos, un total de 32,7%. Destacar tamén o 18,4% dos/as profesores/as que afirman que son moitos, e o 7,6% que indican que non hai. O 3,0% non sabe ou non contesta.


Gráfica 23. Modifico os recursos que adoito empregar na aula para atender á diversidade do alumnado



Similar opinión amosa o profesorado cando se lle pregunta se modifican os recursos da aula para atender á diversidade do alumnado. Así, un 48,8% afirma que en bastantes ocasións modifican os recursos, e un 36,2% o fai de xeito moi habitual. Destacar tamén o 11,6% do profesorado que os modifican en poucas ocasións e o 1,0% que din que non o fan nunca. O 2,4% non sabe ou non contesta a esta cuestión.


5. Coordinación, colaboración e asesoramento nos centros educativos

Gráfica 24. Colaboración con outros docentes na elaboración e/ou coordinación de medidas de atención á diversidade



Respecto á coordinación nos centros educativos, compróbase que o 42,7% do profesorado afirma que colabora en bastantes ocasións con outros/as profesores/as na elaboración e/ou coordinación de medidas de atención á diversidade, seguido do 24,2%, que colabora en poucas ocasións. En moitas ocasións, a colaboración con outros/as profesores/as é habitual segundo o 18,5% do profesorado e escasa para o 10,9%. O 3,7% non sabe ou non contesta.


Gráfica 25. Acudir ao Departamento de Orientación para recibir asesoramento sobre a atención á diversidade



Respecto ao asesoramento nos centros educativos, o 42,7% e o 26,3% dos/as enquisados/as acoden en bastantes ou moitas ocasións ao Departamento de Orientación para recibir asesoramento sobre a atención á diversidade. Non van nunca un 7,9% do profesorado e poucas veces o 19,7%. O 3,4% non sabe ou non contesta a esta cuestión.


6. Actitudes e sensibilización ante a atención á diversidade

Gráfica 26. As medidas de atención á diversidade que se levan a cabo nos centros favorecen o desenvolvemento no alumnado de actitudes tolerantes e respectuosas coas diferenzas




Finalmente, preséntase a análise das respostas do profesorado as cuestións referidas ás actitudes e sensibilización ante a atención á diversidade. Así, un 75,3% está de acordo (44,4% bastante e 30,9% moito) en que as medidas de atención á diversidade que se levan a cabo nos centros favorecen o desenvolvemento no alumnado de actitudes tolerantes e respectuosas coas diferenzas, mentres que mostran o seu desacordo un 17,4% e un 3,3%. Un 4,1% non se pronuncia ao respecto.

Gráfica 27. A atención á diversidade é unha tarefa que ten que compartir toda a comunidade educativa




Así mesmo, preto da totalidade do profesorado (81,9%) está moi de acordo en que a atención á diversidade é unha tarefa que ten que compartir toda a comunidade educativa. A restante porcentaxe distribúese entre os que se mostran bastante (13,3%), pouco (1,1%) e nada (0,3%) de acordo. Un 3,4% non sabe ou non contesta a esta cuestión.

Gráfica 28. Para atender á diversidade a acción titorial é fundamental




Do mesmo xeito, a maioría do profesorado está moi (74,0%) ou bastante (19,9%) de acordo en que a acción titorial é fundamental para atender á diversidade. Tan só un 2,0% e 0,1% está pouco ou nada de acordo con esta cuestión. O 3,9% non sabe ou no contesta.

Gráfica 29. A atención á diversidade require da coordinación de todo o profesorado




Por outra parte, a coordinación de todo o profesorado é imprescindible para prestar unha atención adecuada á diversidade do alumnado segundo opina un 81,1% do profesorado. Un 15,0% afirma estar bastante de acordo coa necesidade de dita coordinación, mentres que un 1,4% está pouco de acordo. Ningún profesor/a amosa o seu desacordo respecto a esta cuestión. O 2,6% non sabe ou non contesta.

Gráfica 30. Na atención á diversidade o traballo con medios tecnolóxicos favorece o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado




O 47,5% do profesorado está moi de acordo en que na atención á diversidade o traballo con medios tecnolóxicos favorece o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado. O 39,7% está bastante de acordo con esta afirmación, mentres que tan só un 8,4% e un 0,7% se pronuncia pouco ou nada de acordo; un 3,7% non sabe ou non contesta.


Gráfica 31. O asesoramento da Inspección educativa facilita a atención á diversidade do alumnado nos centros



O grao de acordo respecto ao papel de asesoramento da Inspección educativa como facilitadora da atención á diversidade do alumnado nos centros varía, con valores porcentuais que oscilan entre o 28,2% do profesorado que está de acordo, o 26,8% que se amosa pouco de acordo e o 21,1% nada de acordo. Tan só un 18,8% afirma estar moi de acordo co papel da Inspección educativa na atención á diversidade. Un 5,2% do profesorado non sabe ou non contesta a esta cuestión.

Gráfica 32. O asesoramento proporcionado polo Departamento de Orientación ao persoal dos centros facilita a atención á diversidade do alumnado

Igualmente, un 55,8% do profesorado está moi de acordo en que o asesoramento proporcionado polo Departamento de Orientación ao persoal dos centros facilita a atención do alumnado; o 26,0% afirma estar bastante de acordo, mentres que tan só un 11,0% e un 3,1% afirma estar pouco ou nada de acordo con esta cuestión respectivamente. Un 4,1% non sabe ou non contesta.

Gráfica 33. As actuacións do Equipo de Orientación Específico da provincia facilitan a atención á diversidade do alumnado nos centros

Finalmente, con porcentaxes moi similares e con valores en torno ao 30%, sitúase o profesorado que está pouco (28,0%), bastante (26,3%) e moi (20,4%) de acordo con que as actuacións do Equipo de Orientación Específico da provincia facilitan a atención á diversidade do alumnado nos centros. Non está nada de acordo con esta afirmación o 15,4% e non sabe e non contesta o 9,9% do profesorado.

Conclusións

Respecto aos resultados obtidos destacan, en primeiro lugar, que practicamente a metade da mostra considera que ten formación sobre atención á diversidade e a outra metade que non. Na maioría dos casos esa formación realizouse principalmente nos cursos de formación continua, non na formación inicial, e foi realizada a través do CAFI.

A formación inicial para o desempeño da labor como profesor/a foi escasa, o mesmo que a específica sobre atención á diversidade. Para eles/as a formación que proporciona a Administración educativa axústase pouco ás súas necesidades. No seu centro impúlsase e potenciase a participación de todo o profesorado en actividades de formación e innovación sobre atención á diversidade.

Segundo o profesorado, o Proxecto Educativo e o Plan de Acción Titorial favorecen a atención á diversidade; no centro existen protocolos de actuación específicos para atender á diversidade; desde o Departamento de Orientación impúlsanse

medidas para atender á diversidade e as medidas recollidas no Plan de Orientación de centro permiten adecuar as accións á diversidade do alumnado.

Respecto aos recursos persoais, son considerados escasos aínda que, pola contra, valoran como eficaz o papel do profesorado de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe e do/a auxiliar técnico educativo.

Por outra parte, para este colectivo, en conxunto, as instalacións e aulas do centro son accesibles; as aulas suficientes e permiten agrupamentos diversos e o material especializado escaso.

No traballo diario co alumnado alternan actividades individuais e de grupo, organizan de xeito habitual os espazos na aula en función dos intereses do alumnado, modifican os recursos da aula para atender á diversidade e teñen en conta a diversidade á hora da avaliación. Tamén elaboran a programación da aula segundo os diferentes ritmos de aprendizaxe, capacidades e intereses do alumnado e adecúan as accións educativas ás súas diferentes necesidades. Para unha parte desta mostra nas aulas hai espazo para agrupamentos diversos, pero para a outra parte non; a realización de adaptacións nas materias para que todo o alumnado sexa participe nas actividades programadas é unha práctica habitual para aproximadamente a metade da mostra.

En xeral, din que coñecen as necesidades dos/as seus alumnos/as, pero teñen dificultades para atender á diversidade dos/as mesmos/as na aula. Por outro lado, colaboran con outros/as docentes e acoden ao Departamento de Orientación con frecuencia para recibir asesoramento sobre atención á diversidade.

Finalmente, creen que as medidas de atención á diversidade favorecen o desenvolvemento de actitudes favorables ante a mesma, que a atención á diversidade é unha tarefa compartida, que a acción titorial e a coordinación de todo o profesorado é fundamental, o mesmo que o é o establecemento de canles de coordinación coas familias. Tamén consideran que o asesoramento ao persoal dos centros, realizado polo Departamento de Orientación facilita a atención ao alumnado.

Porén, as opinións están divididas respecto o papel da Inspección educativa e dos EOE (equipos de orientación específicos) como facilitadores da atención á diversidade, pois para unha parte da mostra é fundamental e para a outra non.

Capítulo

10

A perspectiva das nais,
pais ou titores/as legais sobre a
atención á diversidade

1. Consideracións preliminares

As nais, pais ou titores/as legais do alumnado deberán compartir o esforzo educativo, participando e colaborando, nos termos legalmente establecidos, nas decisións que afectan á escolarización e aos procesos educativos do alumnado (artigo 42.1 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación).


Na propia Lei orgánica 8/ 2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, no artigo 119 punto 4, sinalase que os pais e os alumnos e alumnas poderán participar tamén no funcionamento dos centros a través das súas asociacións. As administracións educativas favorecerán a información e a formación dirixida a eles.

Así mesmo, no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, no artigo 7, e de conformidade con outras Leis, os pais, as nais ou as persoas que exerzan a titoría legal deberán participar e apoiar a evolución do proceso educativo dos seus fillos, das súas fillas ou das persoas que tutelen, así como coñecer as decisións relativas á avaliación e á promoción, e colaborar nas medidas de apoio ou reforzo que adopten os centros docentes para facilitar o seu progreso educativo, e terán acceso aos documentos oficiais de avaliación e aos exames e documentos das avaliacións que se lles realicen aos seus fillos, fillas ou persoas tuteladas.

Tamén no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 6, sinala, en consonancia con outras leis, que os pais, nais e titores/as legais no proceso educativo deberán apoiar e participar na evolución do proceso educativo dos/das seus/súas fillos/as ou tutelados/as, así como coñecer as decisións relativas á avaliación e á promoción, e colaborar nas medidas de apoio ou reforzo que adopten os centros docentes para facilitar o seu progreso educativo, e terán acceso aos documentos oficiais de avaliación e aos exames e documentos das avaliacións que se lles realicen aos/ás seus/súas fillos/as ou tutelados/as.


2. Atención á diversidade no centro educativo

Gráfica 1. Téñense en conta as ideas e suxestións das nais, pais ou titores legais sobre a educación do/s fillo/s e filla/s




Solicitóuselle ás 644 nais, pais ou titores/as legais participantes no estudo que deran a súa opinión respecto a se se teñen en conta as ideas e suxestións que expoñen cando acoden ás reunións do centro en relación á educación do/s seu/s fillo/s e filla/s. Neste sentido, as respostas son claras: a maioría considera que si (55,9% bastante e 22,2% moito). Un 14,9% opina que pouco e só un 2,3% di que non. Un 4,7% non sabe ou non contesta.

Gráfica 2. O centro, na súa acción educativa, atende ás diferentes necesidades do alumnado




A maioría das nais, pais ou titores/as legais considera que nos centros onde están escolarizado/as o/s seu/s fillo/s e filla/s, as accións educativas que desenvolven, atenden ás diferentes necesidades do alumnado. Así, o 55,4% opina que bastante e o 28,4% moito, mentres o 12,6% di que pouco e o 1,4% nada. Un 2,2% non responde.

Gráfica 3. Coñecemento da normativa existente no centro escolar en relación á atención á diversidade




Despois de analizar as respostas das nais, pais ou titores/as legais, pódese afirmar que, en xeral, teñen un coñecemento escaso da normativa do centro escolar en relación á atención á diversidade. Concretamente, unha maioría do 39,1% afirma que a coñece pouco e un 15,7% nada. Pola contra, din ter bastante ou moito coñecemento desta normativa o 30,6% e o 13,2% respectivamente. O 1,4% non responde a esta cuestión.


Gráfica 4. O centro apoia ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo



Respecto á opinión das nais, pais ou titores/as legais sobre o apoio do centro ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, as respostas revelan que, en conxunto, valoran este papel do centro positivamente, pois o 45,7% di que bastante e o 30,3% que moito. Pola contra, un 16,5% di que pouco e o 2,0% nada. O 5,6% non responde.

Gráfica 5. O centro ofrece reforzo educativo ao alumnado que o precisa

Por outra banda, unha maioría da mostra de nais, pais ou titores/as legais afirma que o centro onde está escolarizado o seu/s fillo/s ou filla/s ofrece reforzo educativo ao alumnado que o precisa, en función das súas características e necesidades (35,9% di que bastante e 42,5% moito). Un 4,0% e un 16,5% concentran as súas respostas na categoría nada e pouco respectivamente. O 1,1% non sabe ou non contesta.


Gráfica 6. O centro desenvolve programas específicos para atender ás características e necesidades do alumnado

Segundo opinan as nais, pais ou titores/as legais, o centro que escolariza ao/s seus/s fillo/s ou filla/s desenvolve bastantes (41,9%) ou moitos (32,0%) programas específicos para atender ás características e necesidades do alumnado. Hai un 7,8% que di que non se desenvolven estes programas e un 17,1% sinala que se desenvolven pouco. Un 1,2% non sabe ou non contesta.

3. Información, asesoramento e colaboración


Un aspecto fundamental é a relación e o fluxo de información que se establece entre as nais, pais ou titores/as legais e o centro educativo. O Decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio de educación, dedica o artigo 42 á participación e colaboración coas familias. Ao respecto sinala que as nais, pais ou titores/as legais do alumnado deberán compartir o esforzo educativo, participando e colaborando, nos termos legalmente establecidos, nas decisións que afecten á escolarización así como aos procesos educativos do alumnado (punto 1). Ademais, é responsabilidade dos centros educativos promover a implicación das nais, pais ou titores/as legais do alumnado naquelas medidas destinadas ao desenvolvemento integral do alumnado, particularmente nos ámbitos referidos á mellora da autonomía, o esforzo, autoestima, participación e convivencia, de tal xeito que nos documentos do centro destinados á organización, xestión e funcionamento do centro deberán recollerse actuacións destinadas a esta finalidade. Cobra tamén un papel importante a colaboración das nais, pais e titores/as legais do alumnado no proceso de avaliación inicial así como nas posibles avaliacións psicopedagóxicas.

Gráfica 7. Información continua da evolución escolar e persoal do/s seu/s fillo/s e/ou filla/s por parte do titor/a




A valoración que fan as nais, pais ou tutores/as legais do alumnado, respecto a se reciben información continua da evolución escolar e persoal do/s seu/s fillo/s e/ou filla/s por parte do titor/a, supón un maioritario acordo, pois algo máis das tres cuartas partes da mostra así o afirma (46,6% bastante e 26,1% moito), aínda que un 22,0% considera que esa información é pouca e un 3,6% que non recibe ningunha. O 1,7% non contesta.

Gráfica 8. Coñecemento do titor/a da situación familiar




Outro aspecto que é de especial importancia en relación con esta temática é o referido ao coñecemento que o/a titor/a ten da situación familiar do alumnado que titoriza. Así pois, preguntamos ás nais, pais ou tutores/as legais se consideran que o titor ou titora do/s seus/s fillo/s e/ou filla/s coñece a situación familiar dos escolares, e compróbase que a maior parte dos/as enquisados/as sinalan que si (51,9% bastante e 21,9% moito). En cambio, o 19,7% considera que a coñece pouco e o 3,7% nada. Un 2,8% non sabe ou non contesta.

Gráfica 9. Existencia de canles de colaboración entre as familias e o centro




Neste bloque de cuestións interesa tamén descubrir, pola súa incuestionable importancia, como é a colaboración establecida entre o centro e as familias. Ao respecto, os datos recollidos na gráfica 9 son claros. Preto das tres cuartas partes da mostra di que existen canles de colaboración entre o centro e as familias (53,4% responde que bastante e 16,6% moito). Para un 22,5%, estas canles de colaboración son poucas, mentres son inexistentes para un 2,0%. O 5,4% non responde.

Gráfica 10. Asesoramento do Departamento de Orientación ás familias




O papel do Departamento de Orientación na atención á diversidade é clave. Por esta razón, interesa coñecer a opinión de nais, pais ou titores/as legais sobre a relación que se establece entre o Departamento de Orientación e as familias e o grao de asesoramento que lles proporciona. Neste sentido, compróbase que, en xeral, para unha maioría dos/as enquisados/as, o Departamento de Orientación realiza o seu labor de asesoramento ás familias (o 44,9% di que bastante e o 27,8% moito). Para un 4,2% non realiza esta tarefa e para un 19,7% faino pouco. O 3,4% non sabe ou non contesta.

Gráfica 11. Comunicación fluída entre o centro e as familias



O establecemento dun clima de confianza e colaboración é un elemento chave para acadar unha comunicación fluída entre o centro escolar e as familias. Por esta razón, propónse esta cuestión na enquisa destinada a este colectivo. Ao respecto, as respostas obtidas son contundentes: o 17,2% e o 48,8% dos/as enquisados/as considera que a comunicación entre o centro e as familias é moi ou bastante fluída. No outro extremo, o 4,0% e o 24,5% di que non é nada fluída ou o é escasamente. O 5,4% non sabe ou non contesta.

Gráfica 12. O centro potencia e promove a implicación das familias no proceso educativo




Finalmente, neste bloque tentouse descubrir se o centro escolar potencia e promove a implicación das familias no proceso educativo do/s seu/s fillo/s e/ou filla/s. As respostas, unha vez máis inclínanse cara unha opinión positiva, xa que, o 42,1% opina que bastante e o 24,8% que moito. Pola contra, o 5,3% afirma que nada e o 22,4% que pouco. O 5,4% non sabe ou non contesta.

4. Recursos dos centros educativos


Neste novo bloque de cuestións interesa indagar sobre a percepción das nais, pais ou titores/as legais do alumnado escolarizado no ensino básico en Galicia en relación cos recursos existentes nos centros escolares. O que se pretende é conseguir unha visión ampla do coñecemento e valoración que este colectivo posúe e fai en relación á existencia nos centros onde están escolarizados o/s seu/s fillo/s ou filla/s, dos recursos tanto humanos como materiais dispoñibles para o desenvolvemento e atención á diversidade.

Gráfica 13. Os espazos do centro son axeitados para dar resposta ás necesidades e características do alumnado




A primeira cuestión que parece obrigada propoñer refírese aos espazos do centro. As respostas emitidas sobre esta cuestión son claras. Para unha maioría do 42,5% e un 33,1% os espazos do centro son bastante ou moi axeitados para dar resposta ás necesidades e ás características do alumnado. Pola contra, un 20,2% opina que son pouco axeitados e o 3,0% nada. O 1,2% non responde.

Gráfica 14. O centro conta con materiais especializados suficientes para dar resposta as características e necesidades do alumnado




Referíndonos á existencia no centro dunha dotación de materiais especializados que dea resposta ás características e necesidades de todo o alumnado, compróbase que as nais, pais ou titores/as legais, na maior parte, contestan positivamente (44,3% bastante e 31,4% moito). Para un 3,7% e un 19,3%, no centro non hai material especializado ou o que se ten é pouco. O 1,4% non sabe ou non contesta.

Gráfica 15. Instalacións e dependencias do centro accesibles para todo o alumnado



Cando se pregunta de xeito máis concreto polas instalacións e dependencias do centro para poder saber, desde a perspectiva das nais, pais ou titores/as legais, se son accesibles para todo o alumnado, as respostas maioritarias apuntan a que son moi accesibles ou bastante accesibles (30,6% e o 43,9%, respectivamente). Non son accesibles para un 2,8% ou o son pouco (18,0%). O 4,7% non sabe ou non contesta.

Gráfica 16. Recursos persoais do centro suficientes para responder ás necesidades e características de todo o alumnado



Así mesmo, en relación con este bloque, o 44,7% dos/as enquisados/as considera que son bastante suficientes os recursos persoais do centro para dar resposta ás características e necesidades de todo o alumnado e o 21,6% que son moitos. Pola contra, un 3,1% di que son insuficientes e un 22,8% escasos. O 7,8% non sabe ou non responde a esta cuestión.

5. Actitudes ante a atención á diversidade

Neste bloque recóllense as respostas ás cuestións que teñen que ver coas actitudes ante a atención á diversidade.

Neste sentido compróbase que as nais, pais ou titores/as legais que participan no estudo están bastante (55,3%) e moi (29,3%) de acordo con que as medidas que se levan a cabo no centro favorecen o desenvolvemento no alumnado de actitudes tolerantes e respectuosas coas diferenzas. O 0,8% e un 11,8% non están de acordo ou o están pouco. Un 3,6% non responde.

Respecto á consideración da atención á diversidade como unha tarefa a compartir por toda a comunidade educativa, as respostas son contundentes. Máis concretamente, o 49,5% di estar bastante de acordo e o 35,6% moi de acordo. Un 0,9% non está de acordo e un 9,9% o está pouco. O 4,0% non responde a esta cuestión.

A mesma tendencia seguen as respostas ante a necesidade de que a atención á diversidade requira da coordinación de todo o profesorado do centro. Así, a metade da mostra de nais, pais ou titores/as legais (50,5%) está moi de acordo con esta afirmación e o 40,4% bastante de acordo. Por outra banda, os que non están de acordo ou están pouco representan unha porcentaxe moi baixa (0,5% e 5,1% respectivamente). Un 3,6% non responde.

Así mesmo, máis da metade da mostra (57,0%) está moi de acordo co feito de que para atender á diversidade a acción titorial é fundamental; o 36,0% está bastante de acordo. No extremo oposto, un 0,5% non está nada de acordo e un 3,4% o está pouco. O 3,1% non responde.

Finalmente, neste bloque de cuestións interesaba coñecer se para as nais, pais ou titores/as legais a colaboración e a coordinación cos servizos externos á escola é un elemento fundamental na atención á diversidade. As respostas emitidas así o confirman, pois céntranse, na maioría dos casos, na categoría moito (55,7%), seguida da categoría bastante (35,2%), fronte ao 4,0% da categoría pouco e o 0,5% da categoría nada. Un 3,9% non responde a esta cuestión.

Táboa 1. Valoración de aspectos relacionados coa atención á diversidade no centro

Dimensión	Nada de acordo (%)	Pouco de acordo (%)	Bastante de acordo (%)	Moi de acordo (%)	Ns/Nc (%)
As medidas de atención á diversidade que se levan a cabo no centro favorecen o desenvolvemento no alumnado de actitudes tolerantes e respectuosas coas diferenzas	0,8	11,0	55,3	29,3	3,6
A atención á diversidade é unha tarefa compartida por toda a comunidade educativa	0,9	9,9	49,5	35,6	4,0
A atención á diversidade require da coordinación de todo o profesorado do centro	0,5	5,1	40,4	50,5	3,6
Para atender á diversidade a acción titorial é fundamental	0,5	3,4	36,0	57,0	3,1
A colaboración e coordinación cos servizos externos á escola (Equipo de Orientación Específico da provincia, Inspección educativa, servizos sociais, sanidade,...) é un elemento fundamental na atención á diversidade	0,5	4,7	35,2	55,7	3,9

Conclusións

As opinións amosadas polas nais, pais ou titores/as legais ante as cuestións propostas revelan que se teñen en contas as súas ideas e suxestións sobre a educación do/s seus/s fillo/s e/ou filla/s. Na acción educativa do centro que escolariza ao/s seus/s fillo/s ou filla/s aténdense ás diferentes necesidades do alumnado, apóiase ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrécese reforzo educativo ao alumnado que o precisa e desenvólvense programas específicos para atender ás características e necesidades do alumnado.

En xeral, nais, pais ou titores/as legais teñen un coñecemento escaso da normativa do centro relativa a atención á diversidade. Manifestan que reciben información continua sobre a evolución escolar e persoal do/s seu/s fillo/s e/ou filla/s por parte do titor/a e consideran que este/a coñece a situación familiar do alumnado que titoriza.

Din que existen canles de colaboración entre as familias e o centro e un clima de comunicación fluída. Así mesmo, o centro potencia e promove a implicación das familias no proceso educativo. Pola súa parte, reciben con frecuencia asesoramento do Departamento de Orientación.

En relación aos recursos, as nais, pais ou titores/as legais consideran que os espazos nos centros son axeitados para dar resposta ás necesidades e características do alumnado, que contan con suficientes materiais especializados para dar resposta a esas características e necesidades e que posúen unhas instalacións e dependencias accesibles para todo o alumnado. Tamén consideran que os recursos persoais do centro son suficientes para responder ás necesidades e características do alumnado.

Por último, opinan que as medidas de atención á diversidade favorecen o desenvolvemento de actitudes favorables ante a mesma, que a atención á diversidade é unha tarefa compartida por toda a comunidade educativa, que a acción titorial e a coordinación de todo o profesorado é fundamental e que a colaboración e coordinación cos servizos externos á escola (Equipo de Orientación Específico, Inspección educativa...) son fundamentais na atención á diversidade.

Capítulo

11

A perspectiva dos distintos
colectivos sobre a atención
á diversidade a partir das entrevistas

1. A atención á diversidade no centro

A diversidade é unha característica intrínseca dos grupos humanos ligada a diferenzas nas capacidades, necesidades, intereses, ritmo de maduración, condicións socioculturais, etc. Recoñecendo isto, a Administración educativa debe pór a disposición dos centros educativos os recursos necesarios para poder atender á diversidade e levar a cabo accións educativas dirixidas tanto á prevención como a atención das necesidades, temporais ou permanentes, de todo o alumnado do centro e, entre eles, aos que requiren unha actuación específica.

Como xa se indicou na primeira parte deste informe, o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación define, no seu artigo 3, a atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

A atención á diversidade baséase nos principios de normalización e inclusión, equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade e accesibilidade, interculturalidade e promoción da convivencia, autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa.

Por outra parte, a verdadeira inclusión parte da concienciación e traballo conxunto de todos os membros da comunidade educativa, de aí a importancia de coñecer as actitudes e predisposición psicolóxica que exerce unha influencia sobre unha decisión condicionada nunha determinada situación (Azjen e Fishbein, 2000), que as persoas teñen en torno á diversidade, xa que só desde aí é posible propoñer e poñer en funcionamento aspectos a mellorar para favorecer a atención á diversidade.

A continuación, se recolle a opinión dos diferentes colectivos entrevistados^{1,2} sobre a xestión da atención á diversidade nos centros educativos.

1.1. A atención á diversidade no centro segundo o/a orientador/a

En relación á atención á diversidade nos centros educativos, os/as orientadores/as entrevistados/a, actúan principalmente a partir das demandas dos/as titores, do profesorado e das familias.

O meu traballo parte un pouquiño das demandas do profesorado e logo de convivencia, lóxicamente... Sobre todo as demandas do profesorado, pero tamén veñen moitas familias preocupadas polos problemas dos nenos, dos fillos (O5 CEIP).

En relación aos aspectos que se priorizan no Departamento de Orientación para atender á diversidade, en xeral, sinalan que se actúa en función das demandas e priorizando as actuacións, como reflexan os seguintes comentarios:

... A prioridade, non do Departamento de Orientación, senón do centro, é un pouco que as medidas van enfocadas aos primeiros niveis, primeiro e segundo da ESO son quenes concentran a maior parte das medidas e, polo tanto, do profesorado que ten asignación e horas para atender á diversidade, é dicir, é como piramidal, a medida que se avanza na etapa vanse perdendo horas de atención á diversidade. Ese é o criterio fundamental. (O11 IES)

En xeral, atendemos ás demandas dos titores, unha vez que fai a avaliación inicial; eles van vendo cales son as dificultades iniciais que non poden remediar por si mesmos, derívanos ao Departamento previa entrevista cos titores, e posteriormente a orientadora selecciona algún tipo de probas relacionadas coas dificultades que presentan —son probas estandarizadas— e en función deses resultados valóranse as medidas, ben ordinarias ou ben extraordinarias. (O8 CEIP)

1 Cada informante identifícase cun código para preservar o anonimato.

2 Todas as citas nas que as persoas informantes se expresan en castelán foron traducidas ao galego respectando en todo momento o texto orixinal.

Os/as orientadores e orientadoras entrevistados/as seguen as liñas establecidas no Plan de Atención á Diversidade do centro, aproveitando ao máximo os recursos que teñen e levando a cabo unha atención o máis individualizada posible.

Ese Plan de Atención á Diversidade está dirixido a todo o alumnado e nel incorpóranse as medidas que recolle a lexislación. Así mesmo, os/as orientadores/as utilizan os protocolos específicos de actuación proporcionados pola Administración e non ven necesario elaboralos nos seus centros especificamente.

Intentamos que abarque a todo o alumnado, claro está que máis ben está centrado nos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo (O6 CEIP).

No Plan incorporamos un pouco todas as medidas que recolle a lexislación e concretamos no centro a nosa diversidade, ás características do noso alumnado que na súa maioría hai alumnado con dificultades de aprendizaxe e neste momento alumnado, TEA, concretamente Asperger (O1 CPI).

As medidas que se levan a cabo nos centros para atender á diversidade son tanto ordinarias como extraordinarias segundo os casos, aínda que cabe sinalar que a maioría apunta que, sobre todo, se empregan medidas ordinarias.

Por regra xeral case todas as medidas se aplican dentro da aula, pero faise algún apoio puntual, cando é necesario, fóra da aula. O feito de traballar na aula valórase como positivo; sirva como exemplo o indicado pola orientadora dun CEIP no que está escolarizado un número elevado de alumnado estranxeiro:

Valoro positivamente o apoio dentro da aula; penso que ás veces, sobre todo en grupos pequenos, ter dúas persoas de referencia é moi importante, ademais de que iso é unha persoa de referencia; non é unha persoa que vai dar un apoio específico a un neno, entón, cremos, desde o centro, que esa visión é moi positiva, e logo si que creo que hai casos que necesitan un apoio específico, individual, fóra da aula, que son os que realiza a PT, con nenos e nenas con adaptación curricular significativa, e a AL, cando ten obviamente que dedicar tempo a un neno por un caso dunha dislalia, que é moi difícil facelo dentro da aula (O6 CEIP).

1.2. A atención á diversidade no centro segundo o profesorado de Pedagogía Terapéutica

Os/as profesores/as de Pedagogía Terapéutica entrevistados/as afirman que nas súas aulas teñen alumnos/as con necesidades e dificultades diversas, entre as que destacan: alumnado estranxeiro de incorporación tardía, parálise cerebral, distintas discapacidades (discapacidade intelectual, síndrome de Down, discapacidade motora, etc.), x fráxil, síndrome de Sturge Weber, dificultades de aprendizaxe e dislexia, principalmente.

Así como diversas son tamén as accións que desenvolven con ditos/as nenos/as: reforzos e accións educativas que prefiren desenvolver preferentemente na aula a fin de que os/as alumnos/as que atenden non se sintan illados/as. Entre as tarefas destacan: o traballo de adquisición e desenvolvemento da linguaxe, o desenvolvemento de habilidades comunicativas, a memoria, etc.: "Tes que ter clarísimo, que o feito de que sacalo da aula vai supor un beneficio, senón é mellor buscar alternativas dentro da propia aula" (PT3 CPR).

Un aspecto relevante neste senso é entender que a atención á diversidade non debe ser concibida como un obstáculo, senón unha oportunidade, e que depende da actitude coa que se afronta, como así destaca un dos/as profesores/as de Pedagogía Terapéutica, afirmación que se pode extrapolar ás reflexións que fan os/as demais nos seus discursos ao longo das entrevistas dun xeito indirecto.

A atención á diversidade é máis un problema conceptual e de actitudes que de posibilidades, porque é verdade que estamos moi obsesionados co control, control control...os nenos aprenden só (PT1 CEIP).

Así como facer un bo uso dos demais profesionais do centro, a través do establecemento de directrices, pautas e métodos de traballo conxuntos e coordinados.

Fálase a principio de curso, sempre co xefe do departamento, coa orientadora, a opinión dos titores, as adaptacións que temos. O que si temos normalmente despois, neste centro en concreto, porque temos moito alumnado inmigrante, que en temporadas se vai, que nos chega alumnado cada pouco tempo, pois as veces....nunca teño un horario definitivo en setembro. O meu horario sempre ten unha serie de cambios que están en función das necesidades que temos... algunhas veces temos que dar a alta por así dicilo, a nenos que tes, porque as necesidades dos que veñen son maiores (PT2 CEIP).

Temos semanalmente xuntanzas coa orientadora para ver como se leva a cabo a intervención de traballo na aula. Calquera conflito que teñamos, levámolo a estas sesións e procuramos darlle saída (PT13 CEIP).

Priorízase desde abaixo cara arriba (PT15 CPI).

Algún dos/as profesores/as de Pedagogía Terapéutica destaca a necesidade de aproveitar as posibilidades doutros recursos e servizos alleos ao centro que tratan e traballan co/a alumno/a (servizos de atención temperá, servizos médicos, asociacións, etc.), xa que o traballo conxunto de todos nun mesmo plano e cara un mesmo fin, supón un beneficio para o desenvolvemento e avances do/a alumno/a a nivel persoal e educativo.

Cando se lles pregunta polas actitudes que manifestan os/as alumnos/as fronte aos seus compañeiros/as con necesidades, sinalan practicamente na súa totalidade que, en xeral, se da un clima de convivencia satisfactorio, no que todos/as os/as alumnos/as entenden e son tolerantes ante a diferenza, respéctanse e tratan de enriquecerse mutuamente.

Creo que somos tolerantes a nivel formal, pero non conceptual; e despois hai condescendencia, para min é terrible porque se es condescendente estás a subestimar a persoa, e esa persoa vaino notar... non o tomamos como un reto, senón como un atranco (PT1 CEIP).

E que é outro mundo, tes que ver unha clase dun neno con necesidades e unha sen el, para darte conta, porque eles cambian a súa forma de pensar, eles consigo mesmos son moito máis tolerantes, deixan de ser tan competitivos, entenden que cada un é dunha maneira, e que ata onde pode dar (PT11 CEP).

Se en todos os alumnos, é que non aprende o neno con dificultades do resto da clase, aprende o resto da clase co neno con dificultades, e moito (PT14 CEIP).

Aínda que entenden que esta situación se vai complicando a medida que a idade dos/as alumnos/as é maior, principalmente en secundaria, xa que se incrementan as diferenzas.

Nas etapas de secundaria faise complicado porque ás veces son uns desniveis grandes que non poden seguir a aula... (PT8 IES).

No caso do profesorado, os/as profesores/as especialistas en Pedagogía Terapéutica poñen de manifesto que ante determinadas casuísticas presentan medos e reticencias iniciais, que se ven diminuídas cando entenden que a presenza de alumnos/as con necesidades específicas de apoio educativo na aula non é un obstáculo, senón un elemento que enriquece o grupo clase.

É certo que cando empezou toda a normativa, todo o mundo da atención á diversidade, había certas resistencias, no profesorado... a medida que o profesorado se vai renovando, esas resistencias iniciais non existen... (PT3 CPR).

Non é o mesmo en todos os centros; aquí si, pero sigue sen ser o mesmo en tódolos centros, desgraciadamente. Si que ten que haber un cambio, e desde logo, hai mestres que utilizan ese alumno na clase como algo que enriquece, e emporiso para outros sempre é o que molesta (PT5 CEIP).

E se preguntamos polas actitudes da familia, os/as profesoras/as de Pedagogía Terapéutica apuntan que en xeral existe certo grao de tolerancia e compromiso, aínda que este non sempre é sinxelo, xa que ven condicionado polas casuísticas particulares de cada neno/a e da situación que viven as familias actuais (problemas de conciliación, familias desestruturadas, etc.).

Vexo que os pais teñen un elevado nivel de compromiso coa escola neste centro, pero ao mesmo tempo penso que o que é a diversidade non se traballa bastante, temos que favorecer actitudes máis empáticas, facelos máis visibles, e que vexan que non é para tanto que o seu fillo non vai frear porque teña un compañeiro con dificultades (PT1 CEIP).

1.3. A atención á diversidade no centro segundo o profesorado de Audición e Linguaxe

O alumnado que atende o profesorado especialista de Audición e Linguaxe oscila entre 6 e 26 alumnos/as con dificultades específicas: dislalia, disglusia, disfemia, autismo, retraso na linguaxe, dificultades en lectoescritura, etc.

A atención do alumnado realízase de forma individualizada ou en grupos reducidos e as medidas que se levan a cabo son maioritariamente de carácter ordinario, e algunha outra de carácter extraordinario.

Co alumnado con dislalias, nun principio son medidas ordinarias, pero son atendidos fóra de aula.

Co alumnado con trastorno específico da linguaxe teño sesións nas que estou dentro con todo o grupo, e sesións onde quero facer unha intervención máis específica fóra (AL5 CEIP).

Nós traballamos fóra da aula e a norma do centro e é a que sigo (AL6 CEIP).

Mira... vamos, a intervención do AL ten que ser loxicamente fóra da aula, son sesións de vinte minutos, a excepción dun caso particular porque *bueno* se considerou que era o mellor para el ter unha sesión completa (AL1 CEIP).

O centro dispón de directrices sobre como organizar e levar a cabo os apoios do alumnado conxuntamente co Departamento de Orientación.

Normalmente, consensuamos un pouquiño como vamos facer nas reunións do Departamento de Orientación. Infórmanos o orientador de como van as cousas e nós temos bastante liberdade para facer un pouquiño o que estimamos necesario (AL2 CEIP).

Do Departamento de Orientación faise unha reunión coordinada de avaliación inicial onde iso, está a orientadora, o titor dese grupo e o profesorado de apoio que impartimos docencia nese grupo e establécense as prioridades para as intervencións específicas que se fan fóra da aula (AL7 CEP).

Cando se lles pregunta aos/ás profesores/as de Audición e Linguaxe polas actitudes que manifestan os/as alumnos/as fronte aos seus compañeiros/as con necesidades educativas específicas, afirman que, en xeral, o alumnado manifesta actitudes tolerantes ante a diferenza.

Eu penso que salvo nalgún caso concreto que pode haber engadidos algúns problemas de comportamento dos rapaces, pois que pegue ou tal, pois sempre provoca un rexeitamento, pero digamos por ser diferente non. Acéptano moitísimo mellor os rapaces que os/as adultos/as (AL6 CEIP).

Este é un centro onde non adoita haber grandes dificultades a nivel de convivencia, nin con nenos con dificultades. Hai as cousas típicas de nenos, pero non adoita ser unha problemática específica (AL4 CEIP).

Aínda que ás veces, sobre todo en educación secundaria obrigatoria, pódense dar situacións de rexeitamento que non se perciben entre o alumnado de menor idade.

Entre eles eu creo que, ou sexa, eles lévano con naturalidade cando ven a un con máis dificultades tenden a axudalo... non vexo ese rexeitamento. Se cadra na FP básica os alumnos máis maiores que se que son... (AL20 CEEPR).

E se preguntamos polas actitudes da familia e do resto da comunidade educativa, o profesorado de Audición e Linguaxe apunta que, en xeral, existe certo grao de tolerancia.

Ao resto da comunidade educativa tamén; estamos a aprender día a día deles (AL5 CEIP).

Creo que esta situación cambiou moito nos últimos anos, tradicionalmente o alumnado con dificultades estaba estigmatizado, apartado... os pais xa non teñen medo ás actuacións que atenden á diversidade, senón que agora entenden que isto é algo que lle vai axudar aos seus fillos... (AL18 CRA).

1.4. A atención á diversidade no centro segundo o/a director/a

Os/as directores/as entrevistados/as din que nos seus centros teñen nas súas aulas alumnado con necesidades específicas de apoio educativo en número e tipoloxía moi diversa entre as que destacan: alumnado estranxeiro de incorporación tardía, parálise cerebral, distintas discapacidades (discapacidade intelectual, síndrome de Down, discapacidade motora, etc.), Asperger, autismo, dificultades de aprendizaxe, dislalias, síndrome de x fráxil, etc.

A atención á diversidade nos centros xestiónase a través do Departamento de Orientación, conxuntamente co profesorado especialista tanto en Audición e Linguaxe como de Pedagogía Terapéutica, como o ilustran os seguintes comentarios: "Xestiónase a través dos especialistas e do Departamento de Orientación" (D14 IES); "Vamos moi da man da orientación" (D13 IES); "Si, desde orientación marcan. Si a orientación o di" (D1 CEIP).

Así mesmo, o centro dispón de directrices sobre como organizar e levar a cabo os apoios ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, contempladas na normativa e no Plan de Atención á Diversidade dos centros.

Existe un Plan de Atención á Diversidade que marca todas as actuacións para atención ao alumnado con necesidades educativas especiais e necesidades específicas de apoio educativo (D3 CEIP).

Si, a través do programa de atención á diversidade (D6 CEIP).

Si, claro que si, temos articulado nas Normas de Organización e Funcionamento e no Plan de Atención á Diversidade (D10 IES).

Para dar resposta á diversidade do alumnado na acción educativa diaria combínanse sesións dentro e fóra da aula; sirva como exemplo a seguinte afirmación: "Con profesorado de PT, algúns casos entran nas aulas e ás veces sácanos" (D4 CEIP); e adóptanse tanto medidas extraordinarias como ordinarias, sendo as máis habituais as adaptacións curriculares, apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe e agrupamentos flexibles (medidas extraordinarias), desdoblamento de grupos, contratos programa, programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas e desdoblamento de grupos.

Cando se pregunta se se considera factible atender á diversidade de todo o alumnado do centro, a maioría dos/as directores/as consideran que si, aínda que é certo que en moitas ocasións non se realiza de maneira óptima debido a insuficiencia dos recursos persoais e a dispoñibilidade horaria.

Complicado, sobre todo por unha cuestión de persoal, de horarios, de compatibilidades, así como a *ratio* (D13 IES).

Non dunha maneira óptima. É dicir, nós, dentro das nosas posibilidades, procuramos levar a cabo todas as medidas que podamos até onde chegamos, pero está claro que actualmente a situación que está a pasar na educación non permite poder atender dunha maneira individualizada, tal como recolle a Lei de educación, aos rapaces nas condicións que realmente necesitan. Ter un grupo de 30 alumnos non permite poder atendelos da mellor maneira posible, iso por suposto, de aí que sempre que podamos desdobramos todos os grupos (D10 IES).

Finalmente, cabe sinalar que a maioría dos/as directores/as afirman que os/as alumnos/as amosan actitudes tolerantes e respectuosas ante os seus compañeiros/as con necesidades educativas específicas.

De feito, nas aulas nas que temos algún alumno con algunha problemática importante os nenos sensibilízanse doutra maneira, á verdade é que si son moito máis solidarios e máis respectuosos (D6 CEIP).

Eu creo que o aprender a convivir coas diferenzas, eu son partidaria de que enriquece a todos, porque todos teñen algo que chegar (D7 CEP).

Si, é dicir, favorece o desenvolvemento en xeral, en todo. Todos respectan plenamente a todo aquel alumnado que teña necesidades educativas especiais (D9 CPI).

Se ben é certo que depende da necesidade específica que presente o alumnado, xa que cando o problema do alumnado é máis visible, a sensibilidade é maior, tal e como relata a directora dun centro privado concertado:

Pódoche dicir cando o problema é maior a sensibilidade é maior, cando o problema é menor son menos tolerantes porque eles non o ven, por exemplo os nenos con TDH hai rexeitamento porque molestan, non ven o problema os seus compañeiros, o que eles non perciben son intolerantes, pero por exemplo co mozo que ten Down, trátano, cóidano e moi ben. Eles teñen que saber que hai un problema para sensibilizarse (D15 CPR).

No que respecta as actitudes da familia e do resto da comunidade educativa, o profesorado está moi concienciado, e as familias, en xeral, amosan actitudes tolerantes aínda que en ocasións poden darse situacións de rexeitamento.

... En canto ás familias hai de todo, do mesmo xeito que hai diversidade de familias, de persoas á hora de abordar este tipo de situacións, en xeral, a resposta é bastante positiva, pero *bueno*, atópaste sempre un pouco de todo (D10 IES).

E as familias en xeral tamén, eu lembro un caso, pero que era un caso moi concreto, dun neno dunhas características que quizais non estivo acertada a forma de escolarizar a ese neno, e nese caso si que as familias mostraron rexeitamento, pero un caso moi concreto, cunhas peculiaridades moi particulares... (D16 CPR).

1.5. A atención á diversidade no centro segundo o profesorado titor de ensino obrigatorio

As titoras entrevistadas nas súas aulas teñen alumnos/as con necesidades e dificultades moi diversas, entre os que destacan: alumnado de procedencia estranxeira, alumnado con autismo, con TDAH, dificultades de aprendizaxe, dislexia, etc.

Así como diversas son as accións que levan a cabo, desde apoios dentro e fóra da aula, atención individualizada, adaptacións curriculares, reforzo educativo, adaptación de metodoloxías de traballo, etc., e destacan algunhas accións desenvoltas por algunha das titoras para responder ás necesidades do alumnado.

Teño dúas nenas que non diferencian bla, bal, cla, cal, e teño con elas unhas libretas á parte que solo sabemos elas máis eu, elas levan para a casa, traen, entréganma eu lévoa para a miña casa, corríxoas e ao día seguinte entrégollela con máis tarefas, intento que non sexa nada do da clase, porque ninguén se ten porque enterar do asunto (T4 CPR).

Aínda que tamén indican que nalgúns ocasións a atención proporcionada é insuficiente sobre todo ante aquel alumnado de procedencia estranxeira con descoñecemento da lingua, ou aquel que se incorpora tardiamente ao sistema.

A atención aos nenos marroquís véxoo moi insuficiente, levamos como un mes con eles na aula sen poder facer nada e eles mesmos están illados, están aburridos, están na aula durmindo a maioría das horas porque nós como profesores non temos medios para atendelos (T11 IES).

Pero, a pesar das dificultades que atopan na atención á diversidade do alumnado, consideran dito proceso como enriquecedor tanto para elas, como para o alumnado co que traballan, e indican que sempre que sexa posible prefiren contar con apoios doutro profesional dentro da aula.

Atender á diversidade na aula... sen dúbida, e estou a favor dela, e considero que é algo moi enriquecedor, para todos, sobre todo para os nenos que non son diversos, como digo eu, aínda que ao final se nos poñemos a buscar todos temos unha diversidade e iso é o que enriquece o grupo clase (T10 CEP).

Cando se lles pregunta ás titoras polas actitudes do alumnado fronte aos seus compañeiros/as con necesidades, estas apuntan na súa maioría que, en xeral, se da un clima de convivencia satisfactorio, no que todos e todas entenden e son tolerantes ante a diferenza.

Facemos o que podemos co que temos, pero bueno, polo xeral o clima é satisfactorio. Eu creo e considero que todos somos persoas razoables, persoas comprensivas e, polo tanto, nunca vin atentar en contra (T2 IES).

E eles en xeral son tolerantes (T2 IES).

Tolérase máis. E eu estou en situacións na aula na que ningún neno se ve diferente a outro. Porque xa se entenden, compréndese, non ven diferencias entre eles (T5 CEIP).

Tolerante e positiva, axúdano (T11 CEIP).

Aínda que tamén indican que queda moito camiño por andar, tanto no centro como na sociedade en xeral, concretamente din:

Eu creo que na comunidade educativa e na sociedade queda aínda moito que cambiar, quero pensar que as xeracións que se están formando así van a cambiar iso (T3 CEIP).

Eu creo que si, no alumnado e no profesorado o que pasa é que nos queda moitísimo camiño por andar, porque *bueno*, aínda hai centros que non están cambiando a mentalidade e bo polo que se escoita...é un cambio que se está producindo xa che digo, moi aos poucos (T10 CEP).

E incluso algunha das entrevistadas afirma con rotundidade que non se favorecen actitudes tolerantes e respectuosas:

Para min é un non rotundo, porque os nenos cada día son máis intolerantes, menos respectuosos, e creo que está fallando o sistema moitísimo, creo que hai moito que traballar... Os nenos son crueis, malos e eu creo que podemos traballar como queiramos pero o que falla é a sociedade, e mentres a sociedade non cambie non solucionamos nada (T4 CPR).

1.6. A atención á diversidade no centro segundo o/a auxiliar técnico educativo

Segundo establece a Resolución do 18 de decembro de 1986, da Dirección Xeral de Traballo pola que se dispón a publicación do Convenio colectivo para o persoal laboral de Educación Especial dependente do Ministerio de Educación e Ciencia, o/a auxiliar técnico educativo, pertence ao Grupo e Categoría Profesional V, b e deberá estar en posesión do título de Graduado Escolar ou equivalente, prestando servizos complementarios para asistencia e formación das persoas con minusvalía, exercendo as seguintes funcións:

- a) Atención en ruta.
- b) Atención en limpeza e aseo.
- c) Atención no comedor.
- d) Atención ao alumnado encamado na súa limpeza, aseo e manutención, en ausencia ou inexistencia do/a auxiliar de clínica.
- e) Atención en vixilancia nocturna.
- f) Colaboración en cambios de servizo.
- g) Colaboración na vixilancia das clases por razóns inescusables do profesorado.
- h) Colaboración co profesorado na vixilancia nos recreos, dos que serán responsables ditos/as profesores/as.

Respecto a atención á diversidade nos centros, os/as entrevistados/as deste colectivo afirman que levan a cabo algunhas das tarefas recollidas no Decreto anteriormente citado (atención na entrada e saída do centro, acompañamento na vixilancia nos recreos, colaboración nas aulas, axuda nos desprazamentos, axuda nas tarefas de aseo, limpeza e control de esfínteres, acompañamento nas saídas extraescolares así como no comedor, etc.). Tamén sinalan que os nenos/as que atenden presentan diferentes discapacidades (autismo, parálise, etc.) ata o punto de que algún indica que non sabe moi ben cal é a problemática que teñen.

Estou sobre todo cunha nena... eu sei que naceu ben, pero danlle ataques, está con medicación, non ten moito equilibrio, aínda que agora mellorou moito... (A7 CEIP).

Cando se lles pregunta polas actitudes que os/as nenos/as teñen fronte aos/ás seus/as compañeiros/as con necesidades, existen diferentes opinións ao respecto. Algúns afirman que é inevitable que se xeren actitudes tolerantes e respectuosas: "É unha lección para eles"(A6 CEIP); "Eu penso que lles ven ben que o vexan..." (A7 CEIP), mentres outras son máis reticentes a que se dean actitudes positivas polo mero feito de compartir tempos, aulas e espazos no centro con alumnado con necesidades:

Na práctica son nenos que están illados, na teoría si, pero a realidade é que non. Amigos de whatsapp si, pero ti os vías no patio e non era, cando ían aos cumpleos tampouco, entón non sei que é a integración, a min preocupábame e trataba de... pero era a realidade era esa (A1 IES).

En secundaria é complicado, o alumnado respecta e entende aos alumnos con necesidades pero os deixan sós, non os integran nos seus grupos... (A2 IES).

En instituto máis brecha, porque os intereses varían....(A8 CEIP).

1.7. Atención á diversidade nos centros segundo os/as membros do Equipo de Orientación Específico

Os equipos de orientación específicos son os axentes de apoio á orientación, externos aos centros educativos. Centran as súas funcións, con carácter preferente, no apoio especializado aos departamentos de orientación, na elaboración de programas de intervención, na actualización de datos propios de cada especialidade, e na elaboración de materiais e recursos que contribúan a unha axeitada resposta educativa nos centros, neste caso en materia de orientación educativa e profesional.

No Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, créanse, segundo dispón o artigo 2º, os equipos de orientación específicos, abranguen no seu plan de actuación os institutos de educación secundaria, as escolas de educación infantil, os colexios de educación infantil e primaria e os colexios de educación especial que a Administración educativa determine, en función do ámbito territorial que se lles asigne. Formarán parte destes equipos: un/unha funcionario/a de carreira do corpo de profesores/as de ensino secundario, da especialidade de Psicoloxía e Pedagogía, coa titulación de Psicoloxía ou Psicopedagogía; un/unha funcionario/a de carreira do corpo de Mestre/a especialista en Audición e Linguaxe; un/unha Traballador/a Social e/ou Educador/a Social.

A Administración educativa posibilitará que nestes equipos, a nivel provincial, existan, cando menos, profesionais con formación e experiencia na orientación vocacional e profesional, en atención de alumnado con discapacidade sensorial, motora, sobredotación intelectual, trastornos xeneralizados do desenvolvemento e trastornos de conducta (artigo 5º .1 e 2).

Na actualidade existen catro equipos de orientación específicos de ámbito provincial coa estrutura e composición regulamentariamente establecida, isto é, distintos especialistas, de entre estes un/unha coordinador/a do equipo e un/unha inspector/a-coordinador/a.

Táboa 1. Distribución dos especialistas dos equipos de orientación específicos segundo a provincia

Especialistas	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Audición e Linguaxe	-	1	1	-
Discapacidades motoras	1	1	1	1
Discapacidades sensoriais	1	1	-	1
Orientación vocacional e profesional	1	-	-	1
Sobredotación intelectual	1	1	1	1
Traballo social	-	1	1	-
Trastorno de conducta	2	1	1	2
Trastornos xeneralizados do desenvolvemento	2	1	1	2

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Xunta de Galicia

As funcións que o Decreto 120/1998, que regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, establece para os EOE son as seguintes:

- a) Asesorar e apoiar aos departamentos de orientación dos centros docentes que se lles adscriban.
- b) Desenvolver programas de investigación, elaboración, recompilación e difusión de recursos para darlles resposta ás necesidades específicas do alumnado.
- c) Colaborar cos departamentos de orientación na avaliación psicopedagóxica do alumnado, cando sexa necesaria a intervención dun profesional externo ao centro.
- d) Contribuír á formación especializada dos departamentos de orientación e do profesorado no ámbito das necesidades educativas especiais que atenden.
- e) Colaborar con outros servizos educativos e sociais, no ámbito das súas competencias.
- f) Calquera outra que se lles puidese encomendar no ámbito da súas funcións.

As intervencións dos/as especialistas do Equipo de Orientación Específico nun determinado centro educativo poden seguir tres liñas básicas de actuación:

- Como desenvolvemento ou execución do establecido no plan anual (tanto na parte xeral como na referida a cada especialidade), elaborado ao inicio do curso escolar.
- Como resposta ás demandas concretas da comunidade educativa, seguindo o procedemento previsto no punto 2 do artigo 24º da Orde do 24 de xullo de 1998, que sinala o seguinte: "Por motivos debidamente xustificadas, a intervención das persoas integrantes dos equipos de orientación específicos nun determinado centro poderá producirse por requirimento do/a xefe/a do Departamento de Orientación, do/a director/a do centro (xuntando o informe do/a xefe/a do Departamento de Orientación), co visto e prace do/a inspector/a de zona, ou por proposta deste/a último/a. Estas intervencións organizaranse en función das prioridades establecidas no plan anual dos ditos equipos".
- Por requirimento da Administración educativa, canalizado a través do/da inspector/a.

En relación coas cuestións preguntadas nas entrevistas realizadas sobre a atención á diversidade nos centros, indistintamente da súa especialidade, os/as entrevistados/as deste colectivo sinalan que traballan polas demandas dos centros e algunha que reciben da Inspección. Estas demandas son fundamentalmente para facer intervención, e tamén, aínda que en menor medida, para colaborar no proceso de avaliación do alumno/a e para dar pautas de actuación, asesorar e informar sobre recursos e materiais para responder ás necesidades educativas.

O número de intervencións varía dunha especialidade a outra; así, a máis numerosa corresponde á especialidade de conducta con 240 intervencións, seguida da de trastornos xeneralizados do desenvolvemento con 230, sobredotación nun dos casos entrevistados (150), motores (120) e sensoriais (100). O menor número de intervencións corresponden ao indicado polo outro membro do Equipo de Orientación Específico da especialidade de sobredotación, que fixo aproximadamente 30 intervencións e da especialidade de sensoriais que fixo 50.

Apuntan que non se fai prevención; isto sería o ideal en todos os casos, pero non se fai, porque non se pode, pois nos equipos de orientación específicos os/as distintos/as profesionais que os integran din estar saturados.

Pois... pouco se fai niso, realmente a labor de prevención, entendida como actuar sobre a diversidade antes de que ocorran conflitos, realmente os que as levan a cabo son os departamentos de orientación dos centros. Nós estamos nun segundo nivel, e cando esas medidas preventivas que eles activaron consideran que non funcionaron e cando nos demandan a nós a intervención, entón nós practicamente actuamos unha vez que o primeiro nivel considera que non funcionou adecuadamente, é verdade que as pautas e as orientacións que deixamos, en moitas ocasións, polo que eu teño visto en moitos centros, utilízanse logo como vías para prever futuros conflitos, nese sentido, hai esas medidas preventivas (1 EOE).

Mmmm, menos da que me gustaría. A verdade é que temos tal volume de demanda que traballar proactivamente resulta complexo, sen embargo eu creo que si sería interesante (5 EOE).

2. Formación

Este punto céntrase na formación e a visión que os distintos colectivos entrevistados teñen da mesma.

En primeiro lugar, cómpre sinalar que na Lei orgánica 2/2006, de educación, do 3 de maio, no título III, capítulos III e IV, faise referencia á formación e ao recoñecemento, apoio e valoración dos/as profesores/as; nos artigos 102, 103 e 105, establece que a formación permanente constitúe un dereito e unha obriga de todo o profesorado e unha responsabilidade das administracións educativas e dos propios centros. Así mesmo, establece que as administracións educativas planificarán as actividades de formación do profesorado, garantirán unha oferta diversificada e gratuita e promoverán as medidas oportunas para favorecer a participación do profesorado nelas.

Pola súa parte, o Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica de educación (LOE), en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, dispón, no Capítulo II, artigo 3.1 que a planificación da formación permanente do profesorado realizarase a través do plan estratéxico e dos plans anuais. No plan estratéxico defínense os obxectivos que hai que conseguir ao remate dun período de 4 anos e a súa concreción en obxectivos anuais. Para a súa elaboración, teranse en conta as prioridades e directrices elaboradas pola dirección xeral, da que depende a formación permanente do profesorado, as necesidades de formación detectadas polos órganos competentes na formación permanente e as propostas realizadas polo profesorado. Un destes obxectivos será que o profesorado adquira as competencias necesarias para poder transmitir ao alumnado o respecto á dignidade das mulleres e a igualdade entre homes e mulleres (punto 2). Por outra banda, nos plans anuais de formación do profesorado desenvolveranse os obxectivos anuais a través de medidas e accións concretas e poderán incluír plans específicos de formación para distintos colectivos do profesorado (punto 3).

De acordo con sinalado no Capítulo III, Sección 1ª, artigo 4 deste Decreto, a formación permanente do profesorado desenvolverase a través da seguinte estrutura:

- a) O servizo de Formación do Profesorado, dependente da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, órgano responsable da coordinación das estruturas de formación permanente do profesorado e da promoción, xestión e rexistro das accións formativas (Capítulo III, Sección 2ª, artigo 5.1).
- b) O Centro Autonómico de Formación e Innovación, órgano encargado de analizar as necesidades de formación do profesorado e deseñar, de acordo coas liñas prioritarias elaboradas pola dirección xeral da que depende a formación permanente do profesorado, os plans anuais de formación (Capítulo III, Sección 3ª, artigo 7.1).
- c) Os centros de formación e recursos, unidades encargadas da execución daquelas accións formativas previstas nos plans anuais de formación e das propostas pola dirección xeral competente en formación permanente do profesorado. (Capítulo III, Sección 4ª, artigo 14.1)

Se atendemos ao exposto na Orde do 14 de maio de 2013 que regula a convocatoria, o recoñecemento e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia, considérase formación permanente do profesorado, para os efectos do seu recoñecemento por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o conxunto de actividades formativas dirixidas á mellora das súas competencias profesionais (Capítulo I, artigo 2).

O órgano responsable en materia de formación permanente e o órgano responsable da coordinación das estruturas de formación e de promoción, xestión e rexistro das accións formativas é o Servizo de Formación do Profesorado, dependente da dirección xeral (artigo 3. 1).

Cómpre salientar, finalmente, que as accións formativas dirixidas ao profesorado clasifícanse en cinco modalidades: cursos, seminarios, grupos de traballo, proxectos de formación en centros e congresos (Capítulo III, artigo 8.1) e a participación nelas pode ser presencial ou en rede (Capítulo III, artigo 8.2).

Do mesmo xeito, no Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio de educación, no artigo 43 alúdese á formación e di que:

1. A Consellería con competencias en materia de educación promoverá a formación inicial e permanente de todo o profesorado e o seu recoñecemento, como eixo de mellora da calidade educativa e do éxito escolar.

2. Os plans de formación do profesorado deberán contemplar a atención á diversidade entre as súas liñas prioritarias.

Un dos puntos clave da atención á diversidade é a formación dos/as distintos/as profesionais que levan a cabo esta tarefa. A continuación preséntase a opinión das distintas persoas entrevistadas respecto a formación.

2.1. A formación segundo o/a orientador/a

En relación coa formación, os/as orientadores/as, sinalan que reciben formación con frecuencia, que a oferta que hai é bastante ampla e suficiente e que é de utilidade. En termos xerais, a oferta formativa dispoñible cumpre coas súas expectativas pero para algún, ás veces, esa formación é bastante teórica e debería ser máis práctica.

...Eu, se teño que facer algunha proposta... que o ámbito da orientación... antes empezamos como... non sabía que lugar ocupábamos e agora parece que ocupamos todos os lugares. Que parece que sen orientación non se vive xa nos centros. Entón eu, si que intentaría... non sei. Eu agora mesmo estou nun grupo de traballo de orientadores e... parcelar un pouco o noso traballo, é dicir, consensuar formularios, protocolos... propios de orientación...; un pouco consensuar, que no grupo de orientadores que eu empecei o curso pasado intentamos facer unha axenda de orientación (O1 CPI).

En xeral, a formación creo que hai moita oferta, e se escolle ben, creo que está ben (O11 IES).

En relación con este aspecto, a entrevistada dun IES sinala como posibles melloras na formación o seguinte:

... Daríalle máis protagonismo á xente que asiste á formación; creo que hai xente, traballadores do ensino que saben un mogollón de cousas, e que ás veces traer expertos está ben, pero quizás traer esa formación máis cercana, coller as experiencias doutros centros, cousas que se están facendo. E despois quizais ter unha actitude un pouquiño máis flexible por parte da Administración a implementar cousas, experimentar e que non haxa tanta rixidez (O11 IES).

Por outra parte, respecto á formación do profesorado dos centros, a maioría dos/as entrevistados/as deste colectivo recoñecen que está suficientemente formado.

Eu penso que hoxe en día tódolos profesionais buscan formación, son xente con vocación, pero xogan en contra o non poder acceder a eses cursos, o tema económico e a dispoñibilidade. Neste centro saímos ás cinco e cuarto da tarde, e non podemos esquecer a conciliación familiar, non podemos abarcar tantas cousas. Pero penso que a xente se forma; se as necesidades son moi novidosas xa o propio centro busca formación para que o profesorado atenda esas necesidades (O8 CEIP).

Pero, pese ao dito, hai unha pequena parte dos/as entrevistados/as que pensan que é insuficiente; e outros/as afirman que o profesorado si ten formación pero podería ter máis. Como din dúas orientadoras:

A formación nunca é suficiente, sempre hai dúbidas... (O4 CEIP).

Hai lagoas porque dentro da diversidade hai múltiples problemas co cal poden estar máis formados nun tema pero hai moitos outros e dentro destas aulas de vinte e cinco alumnos loxicamente hai moita necesidade diferente, entón si que hai lagoas (O5 CEIP).

Por último, salientan que, en xeral, desde os centros poténciase a formación en atención á diversidade. De feito, moitos dos centros aos que pertencen os/as orientadores/as entrevistados/as están en grupos de traballo.

2.2. A formación segundo o profesorado de Pedagogía Terapéutica

Para os/as profesores/as de Pedagogía Terapéutica entrevistados/as recibir formación durante o seu desempeño profesional é fundamental para estar actualizados e coñecer novas metodoloxías que permitan dar resposta ás necesidades do alumnado e incluso para cambiar a mentalidade de cara aos procesos de atención á diversidade: “Realmente está facendo que a xente cambie a súa forma de organizar os traballos” (PT11 CEP).

Aínda que tamén apuntan que resulta complicado atopar na oferta da Administración cursos especializados e cunha vertente práctica, o que lles leva a buscar autofinanciación para poder realizalos, e incluso que moitas veces é complicado compatibilizar horarios para poder acudir aos que se ofertan desde entidades públicas.

Eu creo que é útil a formación, o que quizais non é tan útil é a forma na que se oferta. Se a formación é voluntaria... deberían obrigarnos a facer unha serie de cursos tódolos anos, máis que nada porque independentemente do moito ou pouco que che aporte, é un espazo de reflexión, necesariamente, e se non falas das cousas non reflexionas sobre elas, e ver outros puntos de vista, a min paréceme enriquecedor (PT1 CEIP).

Ás veces vexo a falta de tempo para poder ir, porque ás veces se tes clases, preparar clases... (PT4 CPR).

A nivel teórico si. Pero creo que práctica faltaba un pouco porque non che ensinan como enfrontarte a unha aula. Entón tes moitos coñecementos teóricos, moita teoría, moita metodoloxía, pero falta un pouquiño de práctica (PT6 CEEPR).

Para min ir máis ao meollo do asunto, máis directo, máis práctica, non necesitamos os criterios do DSM-V, necesitamos recursos prácticos, xente con máis experiencia que nós, que teña unha metodoloxía que funcione, digamos, necesitamos xente experta nunha cousa concreta, non en xeral (PT11 CEP).

Ao que engaden que ter máis formación, implica cambiar a forma de programar e organizar o traballo e, por tanto, cambiar os valores que se transmiten aos nenos e nenas nas aulas, o que repercutirá a longo prazo na sociedade.

2.3. A formación segundo o profesorado de Audición e Linguaxe

A maioría do profesorado de Audición e Linguaxe entrevistado asiste de forma habitual a actividades de formación, organizadas polo CEFOR ou por entidades privadas.

Recibín do CAFI, da Universidade de Santiago..., por institucións privadas tamén fixen algún curso de formación (AL5 CEIP).

Si, foi. Ou sexa recibín formación fundamentalmente a través de internet, de formación online buscada por min mesmo; non desde o centro (AL18 CRA).

Aínda que a oferta formativa da Administración é ampla, existen poucos cursos dirixidos ao profesorado de Audición e Linguaxe, se ben nos últimos anos veuse incrementada esa oferta, ao igual que é unha reivindicación compartida por todas as persoas entrevistadas, a necesidade de que dita formación debe ser máis específica e de carácter práctico.

A nivel de formación hai cousas mellorables pero vai solucionando; ás veces é moi teórica e precisaríase que fora máis práctica (AL4 CEIP).

A que se nos ofrece desde os CEFORES, en principio, é unha formación que está ben, pero a min paréceme que é un pouco escasa. Que é como as cousas moi por encima, entón si que é verdade que hai que recorrer ás veces a entidades privadas para traballar aspectos moi específicos que ti queres

incidir. Ou sexa, a parte débil para entendernos deses cursos é que hai moi pouca práctica e moita teoría (AL20 CEEPR).

...O que si noto a nivel de formación é, que respecto ao alumnado con necesidades especiais, no tema de Audición e Linguaxe, é pouca variedade, pouca información e pouca formación... boto en falla unha formación máis específica. Tampouco cursos de moitas horas; cursos con temáticas concretas e prácticos; sobre todo prácticos (AL5 CEIP).

Á existencia de pouca oferta engádese a problemática dos centros privados concertados, nos que o acceso ás actividades de formación do profesorado especialista é difícil debido a que nos criterios de acceso se da prioridade ao profesorado dos centros públicos, tal e como manifestan dúas das persoas entrevistadas:

No ámbito publico si fixen e iso durante anos pois polo CEFORE tamén fixen, pero agora os que estamos como persoal complementario non se nos permite acceder e a verdade é unha pena, porque eu si fixen cursos no CEFORE que si me complementaron (AL19 CEE).

O problema que teño eu persoalmente ao traballar nunha concertada, que me é difícil chegar a facer eses cursos... porque teñen moita demanda, como son poucos e os profesionais de AL cada vez son máis, pois hai máis demanda. Entón pois, o que fago eu pois é auto formarme entre comiñas nese campo de AL digamos... (AL8 CPR).

Nos centros poténciase a participación en actividades de formación. De feito, moitos deles participan no Programa de Formación en centros do Plan Anual de Formación do Profesorado e organizan algún que outro seminario relacionado coa atención á diversidade aínda que non de xeito reiterado, xa que os seminarios que se organizan desde o centro tratan de axustarse ás necesidades e demandas de todo o profesorado.

Si, nestes momentos hai catro grupos de traballo. Eu e PT e AL formamos parte dun grupo de atención á diversidade centrado en TEA, que foi evolucionando, adaptación de materiais para TEA, logo TEA e TDH, porque vemos tamén que hai moitos nenos que a atención a esa dificultade en moitos aspectos si ten semellanzas e este ano estamos a traballar con grupo cooperativo (AL7 CEIP).

Temos un grupo de formación en centros e todos os anos elixen a liña de participación. O ano pasado por exemplo, houbo que facer un curso de 20 horas de atención á diversidade, a xente de infantil fixo un ABN de matemáticas. Unha liña foi de matemáticas e a outro foi de autismo (AL4 CEIP).

A formación en centros é valorada como unha práctica moi positiva e que mellora a atención á diversidade posto que son proxectos que parten das propias necesidades do centro, tal e como afirma unha das entrevistadas: "A formación en centros parécese unha boa iniciativa" (AL2 CEIP).

2.4. A formación segundo o director/a

En xeral, a maioría dos/as directores/as entrevistados/as afirman asistir a actividades de formación ao longo dos últimos anos organizadas principalmente polo CAFI e o CEFORE. Dita formación céntrase, sobre todo, en actividades de dirección e, en menor medida, en cuestións referidas á atención á diversidade.

Agora como directora, desde que estou en primaria non me formei máis en atención á diversidade pois porque vexo que teño outras carencias que teño que suplir con respecto ao que significa o posto de dirección (D2 CEIP).

En relación á valoración dada a formación, as opinións respecto diso son diversas, desde os/as directores/as que consideran que é adecuada ata os que afirman que está descontextualizada e afastada de problemas prácticos.

Bueno, pois o que acabo de dicir, é dicir, que sexa algo realmente práctico, algo que o profesorado vexa, efectivamente, que ten unha utilidade na aula, que se pode aplicar, que é factible e, sobre todo, iso, que non xere ese sentimento de frustración ao profesorado que está traballando para nada. Que é a longo prazo, que non é puntual, evidentemente (D10 IES).

Ás veces, cando vas a estas xornadas de formación, atópaste que o que che din alí é unha cousa e o que hai na realidade do día a día é outra (D17 CRA).

Nesta liña consideran que a formación ha de ter un enfoque máis práctico, atender a principios pedagóxicos innovadores e centrarse en problemáticas específicas do alumnado.

Eu o que percibo na formación de directores é que cun abano tan amplo, todas pero sen chegar a profundar, entón, o tema de atención á diversidade si que é un tema que sae, pero non é o mesmo que cando te vas formar en TDAH, en autismo... (D5 CEIP).

Vamos a ver... algo, algo sempre se pode cambiar a ver en canto a que son sempre aspectos demasiado teóricos e eu creo que deberían falar un pouco máis do que é a funcionalidade (D6 CEIP).

Respecto da formación do profesorado, a maioría dos/as directores/as afirma que, en xeral, están formados/as, aínda que necesitan formación específica para poder prestar unha atención axeitada á diversidade do alumnado, sobre todo na etapa de secundaria.

Bueno, en xeral si, pero o que pasa é que habería que actualizarse un pouco se cadra. Pois interesarse un pouquiño máis ás veces por coñecer novas formas de traballar, si un pouquiño si (D2 CEIP).

Os especialistas si, a orientadora, o PT pero ao profesorado coído que lle acontece un pouco como a min, que non están o suficientemente formados para iso (D14 IES).

Eu creo que o Máster de Secundaria ten que cubrir aspectos, porque hoxe en día estannos chegando cada vez máis nenos con problemas, xa che digo na ESO temos, eu tiven que facer tres ACI, non sei se en primeiro da ESO haberá algún máis, e se os profesores non están preparados, na ESO non teñen formación ningunha, o CAP non lles serviu para isto (D15 CPR).

Así como tamén destacan que desde a dirección se potencia a participación do persoal en actividades de formación e innovación.

Facilítaselles a todos aqueles que queren participar en calquera tipo de xornadas ou en calquera tipo de cursos, pois facilítaselles que poidan asistir e que poidan tomar iniciativas, pois si queren facer algunha proposta acerca diso (D9 CPI).

Si. O ano pasado sen ir máis lonxe, impulsouse unha campaña que ten pretensión de continuar nos próximos anos de "Semana de atención á diversidade", cada ano chamámola dun xeito para tratar precisamente esa diversidade de alumnado que temos. Ti promóvelo e a xente interésalle (D5 CEIP).

E tamén se fomenta a formación no centro de traballo, de feito en moitos dos centros o profesorado participou en seminarios sobre programacións didácticas, adaptacións curriculares, convivencia, etc.

Si, si de feito agora temos no Plan de Formación de Profesorado deste curso unha das liñas de actuación está relacionada coa convivencia e coa mediación entre o alumnado, o ano pasado fíxose tamén no Plan de Formación do Profesorado, tamén se abordou a elaboración de programacións didácticas e de adaptacións curriculares, entón, bueno si, ofértase e téntase que a maior parte do profesorado se actualice neste sentido (D10 IES).

Si. O ano pasado sen ir máis lonxe, impulsouse unha escola de pais: educación en valores, resolución en conflitos e uso dos riscos de uso e abuso das redes sociais (D11 IES).

Solicitando cursos que fai o propio centro; por exemplo mañá comezamos un pequeno curso sobre prácticas para a convivencia no centro (D14 IES).

2.5. A formación segundo o profesorado titor de ensino obrigatorio

Cando se formulan preguntas relacionadas coas accións formativas durante a actividade profesional como docentes, as titoras resaltan a necesidade de formarse continuamente, xa que iso sempre é positivo á hora de atender á diversidade do alumnado presente nas aulas.

Creo que a formación é importante para poder facer fronte ás clases do día a día (T2 IES).

A formación sempre axuda (T3 CEIP).

Que a xente a sentise como necesaria e que non fosen só horas que temos que ter para cobrar uns sexenios, eu é que ás veces o comparo con Citroën, para facer un coche novo a xente tense que formar, e por tanto para atender a unha nova necesidade, o profesorado tamén (T10 CEP).

Así como tamén destacan como positivo e como incentivo para participar na formación, que sexa promovida ou se desenvolva no centro de traballo.

A atención á diversidade tamén é algo que ultimamente a organización por parte do centro búscanos cursos para que fagamos... (T4 CPR).

Desde o centro temos moita sorte porque estamos a nos formar continuamente, á parte é algo que me interesa moito (T5 CEIP).

No centro estamos facendo continuamente formación (T6 CPI).

No centro temos un plan de formación, este é o sexto ano, no que está implicado un 60% do profesorado nesa formación... no centro tivemos bastante formación, viñeron persoas importantes a ensinarnos a elaborar material... (T10 CEP).

Algunha das titoras entrevistadas destaca que nos últimos anos non participou de actividades: "Nos últimos anos non" (T3 CEIP); ou se o fixo, as tivo que buscar pola súa conta, e pagar para poder desenvolverlas: "Nos últimos anos pola miña conta, se a quero búscoa e págoa" (T8 IES). Así como fan especial fincapé na necesidade de que a formación se axuste máis ás demandas dunha realidade diversa e cambiante.

Necesidade de formación práctica, onde vexas casos ir a sitios onde vexas como programar neses casos, recoñezo que ás veces non nos formamos ata que temos un problema, pero ao mellor deberíamos estar máis preparados (T7 CEIP).

2.6. A formación segundo o/a auxiliar técnico educativo

Neste epígrafe, búscase coñecer a opinión sobre a formación inicial e continua que posúen en materia de atención á diversidade os membros deste colectivo entrevistados/as.

Así, cando se lles pregunta pola súa formación, algúns/algunhas (aqueles/as que teñen unha titulación e formación específica inicial) reivindican a necesidade da posta en valor da súa figura e categoría profesional, de tal modo que para acceder ao posto se esixa formación regulada específica, universitaria ou non.

Non se pide ningunha titulación en específico co cal está entrando xente sen ningunha preparación en absoluto, e claro estamos tendo moitos problemas nos centros (A1 IES).

Sería necesaria unha formación especial (A2 IES).

Tarefa que baséase na elección de persoas potencialmente capacitadas e coas competencias e formación específica para o posto, así como para poder atender e dar resposta ás necesidades do alumnado que atende, como se indica nunha das entrevistas:

Eu penso que os auxiliares técnico educativos temos que estar formados, porque somos as persoas que máis tempo pasamos cos nenos, entón é unha cousa pola que estamos loitando a que nos suban a un nivel e nos pidan unha titulación, porque hoxe en día co graduado escolar, xa podes estar en listas, entón te atopas ás veces que quen entra a substituír non ten nin idea, e non saben diferenciar dun neno con síndrome de Down a un autista, e a min paréceme moi importante. Non é coidar, é tamén educar, é moi fácil facerlle as cousas ao neno, pero o importante é ensinalle a que o faga solo. (A8 CEIP)

Pero non só reivindican a necesidade dunha formación específica previa de cara ao desempeño da súa profesión, senón tamén que é precisa unha formación continua e específica para atender ás necesidades da diversidade de alumnado que atenden, xa que os cursos que se ofertan ás veces desde organismos públicos son escasos e non é posible acceder a eles.

Formación específica de empresas privadas (A5 CEEPR).

Non hai, e bótase de menos eh... debería ser unha cousa imprescindible e obrigatoria vamos.... (A6 CEIP).

Temos que buscar bastante. E saen cursos de AGAP unha vez ao ano, moi poucas prazas, pois nas grandes cidades, non tes... os horarios non son moi compatibles, entón é complicado. Eu case todos os cursos que fixen tiveron que buscalos eu (A8 CEIP).

2.7. A formación segundo os/as membros do Equipo de Orientación Específico

Os/as entrevistados/as deste colectivo apuntan que a formación é fundamental e imprescindible ofertar desde a Administración unha formación de calidade. Pero sinalan que, como membros dos equipos de orientación específico, non reciben formación específica para a súa especialidade, non teñen formación específica como equipo.

Bueno... Unha formación moito máis específica da especialidade; nós estamos neste caso no Equipo traballando por especialidades, eu son especialista en conducta, hai outro especialista en altas capacidades, outro especialista en TDAH, etc., e o que desexaríamos é que a formación se centrara especificamente na nosa especialidade, non nunha formación legislativa xeral, que en xeral esa a dominamos, quizais o que máis botaría de menos é que fora unha formación moito máis específica (EOE 1).

Creo que debería ser máis ampla e si creo que sería moi útil ter formación específica e de calidade... (EOE 5).

Non se oferta formación que eu saiba, ou sexa hai... para todo o mundo pero específica para nós non hai... hai un encontro agora de orientadores e equipos de orientación específicos... que eu creo que está moi ben pero iso non suple a necesidade formativa que temos como equipo (EOE 6).

En relación coa formación do persoal dos centros, sinalan que os/as orientadores/as, PT e AL están formados, pero o profesorado non tanto. Nos últimos anos están cambiando as cousas e faise formación en grupos de traballo ou formación no propio centro, segundo as necesidades que teñan no propio centro e isto é importante.

É verdade que nos últimos anos nese punto mellorouse algo, de feito estanse organizando máis cursos sobre atención á diversidade, pero claro, primeiro son cursos que se accede de forma voluntaria, entón hai moito persoal que nin... sóalle pero non acaba de entender ben en que consiste e sobre todo, non se cubre esa necesidade de pensar que hai que facer cambios no sistema para realmente atender a esa diversidade (EOE 1).

Neste sentido, suxíren algunhas propostas para cambiar isto:

E... bueno non sei, a ver, eu son unha recén chegada iso é verdade pero... *bueno*, eu boto de menos un... pois si, unha oferta dunha formación para os equipos... estar máis coordinados os equipos en Galicia... saber os uns dos outros... e que para min crear rede é fundamental, con iso faríamos un montón porque estou segura de que hai xa xente que xa está formada e xente que podería valer para formarnos a nós... hai xente que leva nos equipos traballando un montón de anos. Esa experiencia é un grao para min e poderían ser traballadores útiles para axudar ao resto e poder ver os equipos como algo que funciona coordinadamente pois... supoño que algo terán que facer nese sentido... vaia, non sei... (EOE 6).

3. Recursos dos centros educativos

O apartado 2 do artigo 71 da LOE referido aos recursos recolle que corresponde ás administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, polas súas altas capacidades intelectuais, por se ter incorporado tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.

No artigo 72, respecto dos recursos persoais e materiais, indícase que as administracións educativas disporán do profesorado das especialidades correspondentes e de profesionais cualificados, así como dos medios e materiais precisos para unha adecuada atención ao alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Corresponderá pois as administracións educativas dotar aos centros dos recursos necesarios para atender adecuadamente a este alumnado.

Respecto aos recursos persoais, o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio de educación, no artigo 38.2, recolle que entre os profesionais especializados necesarios para atender ás necesidades do alumnado dos centros educativos inclúense o profesorado de Pedagogía Terapéutica e/ou de Audición e Linguaxe que se estableza de acordo ao número de unidades.

No punto 3 do devandito artigo sinalase, así mesmo, que aqueles centros que polo reducido número de unidades non teñan provisión no seu catálogo de postos de traballo de profesorado de Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe,

e tamén nos centros nos que a dotación deste profesorado non sexa suficiente para atender ás necesidades educativas de todo o alumnado, a consellería con competencias en materia de educación realizará dotacións excepcionais deste profesorado segundo o número de alumnado con necesidades educativas especiais identificado polos servizos de orientación e co informe do Servizo de Inspección. O profesorado de apoio correspondente a estas dotacións excepcionais poderá atender outros centros en réxime de itinerancia.

Un aspecto relevante respecto dos recursos é que os centros docentes, tal e como recolle o artigo 39, dentro da súa autonomía organizativa, pedagóxica e de xestión, distribuirán e optimizarán os seus recursos segundo a súa planificación educativa e o seu Plan Xeral de Atención á Diversidade.

Por outra banda, en relación cos recursos materiais, no artigo 37 dese mesmo Decreto sinálase que a consellería con competencia en materia de educación dotará aos centros educativos do equipamento necesario e dos materiais educativos específicos para atender ás necesidades educativas da diversidade do seu alumnado. Dotará así mesmo, de servizos complementarios adaptados ao alumnado cando se determine nos informes e/ou ditames que correspondan segundo a súa necesidade. Do mesmo xeito, as instalacións e dependencias dos centros educativos serán accesibles para todo o alumnado escolarizado neles.

A continuación recóllense as opinións dos/as distintos/as profesionais entrevistados/as en relación aos recursos tanto materiais como económicos e persoais cos que contan nos centros educativos para atender á diversidade.

3.1. Os recursos segundo o/a orientador/a

Cando se pregunta aos/ás orientadores/as acerca dos recursos, os/as entrevistados/as deste colectivo din que están ben, que os recursos económicos e materiais que teñen son suficientes.

Bueno, non están, non necesitamos moito máis... refírome que a nivel económico si, que poden estar máis ou menos atendidos... (O5 CEIP).

Parece ademais que hai un bo aproveitamento dos recursos que se teñen; é dicir, explótanse ao máximo.

A ver, sempre se pode optimizar máis, supoño, pero eu creo que si, isto tamén é cuestión dos acordos aos que chegues; as miñas prioridades non teñen que ser as prioridades doutros compañeiros e da dirección do centro e ademais, eu creo que se optimizan bastante os recursos e de feito hai ese gran debate (O11 IES).

Cómpre salientar que, sobre este particular, non se atopan discrepancias na valoración dos recursos feitas por orientadores/as que levan a cabo a súa tarefa nos distintos tipos de centros (CEIP, CPI, IES, etc.), nin sequera entre os centros privados concertados. Así, os recursos materiais, e mesmo os recursos económicos, parecen suficientes, como tamén o son as instalacións e espazos dos centros. Porén, son necesarios máis recursos persoais. Nos centros concertados percíbese a mesma situación.

...Como orientadora, imposible abarcar todos os casos; cada día é unha cousa e chegas ata onde podes. Baixo a miña percepción é demasiado, é inviable, máis que nada porque as familias precisan respostas, teñen que estar atendidos todos eses nenos, e o persoal non é suficiente, non cubre nin a metade, e a parte os nenos son moi numerosos e requiren un apoio especial, personalizado e con creación de materiais non específicos e non hai tempo (O8 CEIP).

Bueno, gustaríanos poder ofrecer máis axuda, máis horas. Nalgún caso si... Da especialidade de PT e incluso de AL, porque hai moitos nenos con problemas de lectoescritura que é importante atallar a idades temperás. Entón, claro, tes que priorizar (O18 CPR).

Suficientes non, suficientes non porque eu como orientadora e psicopedagoga creo que un neno que ten pois... imaxina, unha dificultade nas matemáticas, cunha hora ao día de apoio, perdón,

cunha hora á semana... Iso non existe, iso é unha tontería... e así, é o que hai. Ao mellor hai un neno que ten dúas horas e ten dificultades de aprendizaxe, de baixa capacidade... ou sexa ...milagres non hai. Non, é imposible... non hai os recursos necesarios (O17 CEP).

3.2. Os recursos segundo o profesorado de Pedagogía Terapéutica

Cando se lle pregunta aos/as profesores/as de Pedagogía Terapéutica pola dotación de recursos cos que contan os centros nos que traballan, todas as súas respostas apuntan na mesma dirección: de recursos materiais están ben dotados, e os recursos económicos son suficientes na medida que entenden que aquilo que precisan e solicitan se lles vai proporcionando, aínda que indican que non teñen coñecementos sobre as dotacións económicas que teñen os centros nos que traballan: "Eu neste cole noto que os recursos están a disposición dos nenos, e nótase moito" (PT11 CEP).

Os/as profesores/as de Pedagogía Terapéutica fan especial fincapé na necesidade dunha maior dotación de persoal especializado para poder dar unha resposta axeitada ás necesidades e casuísticas particulares do alumnado que atenden.

Non, a nivel persoal xa che digo que non, é un centro que ten moito alumnado estranxeiro e moito alumnado con dificultades, ou sexa, iso requiriría máis xente de apoio, tanto de PT como de AL, ou de apoios doutro tipo (PT2 CEIP).

E incluso, se apuntan ás diferenzas que existen en relación á dotación de recursos nos distintos tipos de centros públicos e privados concertados.

Ao final é unha cuestión económica, e a pesar de que fas a tramitación e tes absolutamente todo en regra, todo ok para que ese profesional poida vir e non chega, non temos o persoal que deberíamos, na pública están moito mellor dotados que na concertada en temas de atención á diversidade, e iso é unha realidade (PT3 CPR).

Outro aspecto relevante que se vincula directamente ao tema dos recursos é o da estabilidade dos profesionais que traballan nos centros educativos, onde todos/as os/as entrevistados/as ven dita realidade como imprescindible, fundamental e moi importante de cara a satisfacer do mellor xeito posible as necesidades do alumnado que atenden no seu día a día.

A ver eu creo que é un tema que se toca en todas as facultades de maxisterio e se destaca tamén como elemento fundamental da calidade da ensinanza a estabilidade do equipo de profesores, nós de feito na oferta educativa, nos materiais que hai de publicidade do centro, é un aspecto que destacamos tamén, a estabilidade do cadro de profesores... claro que é moi importante, pensando sobre todo nos nenos con necesidades (PT3 CPR).

Si, porque isto é como todas as cousas, se este ano estou, establezo un método de participación e o ano que ven, ven outra persoa que con moi bo criterio establece outro, non imos avanzar nunca (PT12 CEIP).

Eu creo que a estabilidade sempre é fundamental na atención á diversidade e en todo. E que ti, como persoa indirectamente implícaste moito máis. Porque ti estás un ano nun centro, e si que te implica, pero vaste implicar ese ano. Pero se ti sabes que para o ano volves, e para o seguinte... eu creo que a implicación é maior (PT15 CPI).

3.3. Os recursos segundo o profesorado de Audición e Linguaxe

Ao respecto dos recursos persoais o profesorado de Audición e Linguaxe demanda a necesidade de maior número de profesorado especializado para poder prestar unha atención axeitada á diversidade do alumnado.

Bueno persoais só me ten a min... pero bueno quizais podería, bueno quizais non depende do centro senón que depende máis da Consellería, o poder ter outro especialista para poder solucionar mellor todas as necesidades do centro, porque hai moitísimas máis necesidades que eu non teño capacidade para poder atender (AL1 CEI).

Aquí faltaría polo menos outro AL a tempo completo (AL6 CEIP).

Os recursos persoais son escasos, e xa digo, eu por exemplo, non teño a posibilidade de ter completa en AL, porque divido a xornada en dúas, vamos titorías e AL, e neste centro por exemplo co número de alumnado que temos sería imprescindible contar cun profesor coas vinte e catro, vinte e cinco horas semanas de AL e, de feito o profesor de PT tamén necesitaría un apoio. (AL8 CPR)

A necesidade de persoal engádesse á necesidade de que o profesorado especialista dos centros teña unha estabilidade para atender ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo de xeito adecuado.

Si, sobre todo nestes casos nos que che demandan máis tempo, maior implicación, e que estes nenos teñan un referente, e que ti poidas ir avanzando con eles no seu proceso de aprendizaxe, e coas familias tamén. Continuar nun traballo dun ano para o outro é un beneficio para eles e para as súas familias (AL5 CEIP).

A estabilidade é fundamental para todos e no caso de nenos con dificultades máis, é unha peza clave da atención, porque por unha banda o coñecemento do neno favoréceche, facilítache como o tes que atender, e logo o vínculo que se crea, que tamén axuda a que haxa esa relación de confianza, e de ánimo para superar esas dificultades que van aparecendo (AL7 CEP).

Por outra banda, en relación á dotación económica e de material a maioría do profesorado de Audición e Linguaxe afirma que dispoñen no centro dos recursos económicos necesarios e o material axeitado para traballar co alumnado.

Os recursos económicos creo que se xestionan moi ben, porque o certo é que, si haber, non pedimos cousas alá moi caras, pero se que o que é para o día a día nese sentido estamos ben dotados (AL7 CEP).

O certo é que está ben dotada de material, e á parte temos un orzamento co que me sinto ben; para mercar o que precisei, chegoume. Hai equipos informáticos; as aulas están dotadas con pantalla dixital... (AL5 CEIP).

Bueno eu non sei se económicos, pero eu todo o que necesito mo facilitan, co cal supoño que si, non o sei... (AL1 CEIP).

3.4. Os recursos segundo o/a director/a

Queda de manifesto a través das respostas dadas polos/as directores/as que aínda que os recursos humanos son suficientes, considérase imprescindible a necesidade de dotar aos centros de maior número de profesionais especialistas, principalmente profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe e auxiliar técnico educativo.

...Sería preferible máis especialistas, pero tampouco nos queixamos porque vemos que noutros centros non hai o que hai aquí co cal eu non me queixo (D7 CEP).

Necesidades de especialistas PT y AL. Son claramente insuficientes, tamén se necesitaría un auxiliar (D15 CPR).

A maioría dos centros, en opinión dos/as directores/as entrevistados/as, están dotados de suficientes recursos materiais para atender á diversidade do alumnado, non entanto, nalgúns centros os/as directores/as aluden á necesidade de mellorar os devanditos recursos. Respecto diso sinalan a necesidade de mellorar as instalacións do centro para facelo máis accesible, así como dos espazos para facilitar, sobre todo, a posta en marcha de agrupamentos diversos, tal e como sinalan as seguintes persoas entrevistadas:

Hai problemas de accesibilidade. É necesario mellorar as instalacións (D2 CEIP).

O espazo é insuficiente. Temos que andar trampeando para ver que espazos quedan libres para meter aulas e grupos, e a aula de PT é moi pequena. Espazos físicos (D11 IES).

Necesidade de mellorar instalacións (D2 CEIP).

Polo que se refire aos recursos económicos, das análises das respostas despréndese que a dotación económica que proporciona a Administración para atender á diversidade é suficiente: "Non temos ningún problema, en canto aos recursos económicos ben" (D6 CEIP); "Si, si, eu considero que si. Considero que tampouco hai dificultades económicas" (D9 CPI).

Do mesmo xeito, algúns centros tamén ven incrementados os seus recursos grazas á autofinanciación procedente da participación en programas específicos:

A parte económica está ben. Tamén participamos en programas que están dotados dunha partida económica e nese sentido estamos ben (D11 IES).

Ben. Estamos participando en contrato programas que nos están dando o que é a sexta parte do presuposto, e entón eu non podo dicir que non nos chega o diñeiro, temos superávit todos os anos" (D1 CEIP).

Ante os recursos existentes, o aproveitamento adecuado dos mesmos é unha opinión compartida por todos os/as directores/as entrevistados/as.

Si. Home, creo que sempre se pode mellorar todo, iso está claro, pero penso que o que temos está bastante ben utilizado, bastante ben aproveitado que si que ao mellor co que che vai vindo de novidade cos/as alumnos/as novos/as, contar que ao mellor se poda reorganizar e tal, nunca estaría de máis, pero bueno, penso que bastante aproveitados (D8 CPR).

Si, de feito estamos levando a cabo medidas de atención á diversidade, pois en educación secundaria, concretamente desdobres nos diferentes cursos académicos e é porque aproveitamos os recursos (D9 CPI).

Por outra banda, e de acordo coa totalidade das persoas entrevistadas, a estabilidade no centro é un elemento importante á hora de atender á diversidade do alumnado.

Si, claro, por suposto, é un factor dos máis importantes, aínda que non sempre garda unha relación directa, o feito de estar definitivo no centro coa vontade de atender á diversidade. Na miña opinión si é importante que o profesorado teña estabilidade no centro, no sentido de que o coñecer a un alumno que vai en cursos posteriores a permanecer no noso centro permite que nestes cursos seguintes pódesele atender dunha maneira diferente, xa coñecemos a situación do alumnado (D10 IES).

Por suposto, totalmente. Ou sexa, por moitos recursos que teñas, e por moita disposición que teñas nun curso, ao curso seguinte vai vir outra persoa, pódeste implicar moito, pero é que ao curso seguinte tes como volver empezar (D2 CEIP).

3.5. Os recursos segundo o profesorado titor de ensino obrigatorio

Cando se lle pregunta ás titoras pola dotación de recursos persoais cos que contan os centros nos que traballan, a metade das entrevistadas di que si contan co persoal suficiente para atender e satisfacer as necesidades do alumnado: “Agora mesmo ben” (T2 IES); “Si, somos un dos colexios privilexiados que dispoñemos de horas...” (T7 CEIP); “Si, hai profesionais” (T8 CEIP); “Si, non me vou a queixar” (T10 CEP).

E a outra metade orienta as súas percepcións e respostas cara a idea de que ou non son suficientes, ou que a situación de dotación de persoal na que se atopa o seu centro podería mellorarse.

Non. Necesitaríamos unha persoa concreta que se dedique a estes alumnos, porque a nós resúltanos realmente complicado (T1 IES).

Penso que faría falta un profesional máis de PT neste curso (T2 IES).

Non hai, non teñen a suficiente xornada (T4 CPR).

Non son suficientes, cargamos excesivamente aos profes porque non teñen nin un momento libre (T11 CEIP).

En xeral cando se lles pregunta ás titoras sobre a dotación de material coa que contan os centros no que desempeñan a súa labor docente a maioría indica que son suficientes ou tratan de adaptarse a cada situación cos materiais dispoñibles: “Eu a dotación véxoa ben para o tipo de centro que é” (T9 IES).

Chegando incluso o centro a buscar alternativa para incrementar a dotación e prestacións.

O centro dispón, pero xa che digo, somos un centro que facemos tantas cousas, tantos proxectos que recibimos diñeiro, e entón ese diñeiro inverteuse no centro, en comprar cousas... entón vai todo en cadea, temos bastantes recursos (T10 CEP).

En contraposición atopamos algunhas titoras que indican que esta dotación é escasa “Quizais necesitaríamos máis material” (T1 IES), ou non é suficiente para dar resposta ás necesidades específicas de alumnado con determinadas casuísticas: “Instalacións non, por exemplo, si tivéramos algún neno discapacitado non podería acceder ao ascensor no piso de arriba” (T7 CEIP).

En relación aos recursos económicos, a maioría non ten coñecemento da partida económica do centro: “En xeral supoño que si, tampouco son experta” (T2 IES); “Eu non teño nin idea do que o centro dispón” (T4 CPI); “Eu non vexo que ninguén se queixe” (T8 CEIP).

E mesmo apuntan que, aínda que non coñecen o presuposto, o centro lles proporciona os recursos que demandan para o traballo diario.

O que fun pedindo fóiseme adxudicando, supoño que se houbese que facer unha inversión un pouquiño máis importante quizais habería problemas... (T3 CEIP).

Se aludimos á estabilidade e a súa repercusión á hora de traballar nos centros atendendo á diversidade do alumnado, practicamente na súa totalidade apuntan que é moi importante, para profundar no coñecemento do neno co que traballan,

tanto para o propio/a alumno/a como para o/a propio/a profesor/a, a fin de que entre eles/as exista unha mellor relación de confianza e un ambiente de traballo máis fluído.

Coñecer ao alumno ben é moi importante (T2 IES).

Si, para ben e para mal si (T3 CEIP).

É moi importante. Un ano para coñecer e outro para traballar (T4 CPR).

Eu penso que si. Ás veces vexo que se implican máis se teñen unha certa estabilidade (T8 CEIP).

Aínda que tamén se destaca, non só a estabilidade, senón a necesidade dun cambio de mentalidade dos profesionais que traballan nos centros e que atenden no seu quefacer diario as necesidades do alumnado.

É moi importante. Eu creo que a estabilidade influiría, pero que a xente tería que cambiar o *chip*, da igual que esteas un ano, que dous, hai que facer o teu traballo ben, aínda que esteas un mes. Entón a estabilidade é moi importante, pero hai que cambiar o *chip* a esas persoas (T10 CEP).

3.6. Os recursos segundo o/a auxiliar técnico educativo

Cando se lle pregunta ao auxiliar técnico educativo polos recursos cos que contan os centros, a maioría afirma que os persoais son suficientes, aínda que dita situación varía dun curso a outro: "Como se poñen e quitan cada curso, depende. Existen cursos nos que se conta cos recursos necesarios, pero outros non" (A2 IES).

No referente aos recursos materiais, as persoas entrevistadas decantan as súas respostas cara a idea de que si son suficientes, que se solicitan algo se concede, e sempre se busca dar resposta ás solicitudes que presentan: "Se se solicita algo o traen" (A1 IES); "Se se solicita, normalmente se escoita e se intenta solucionar..." (A2 IES).

Ao preguntarlles polos espazos e instalacións, poucos/as se paran a falar da importancia da accesibilidade dos mesmos de cara a satisfacción das necesidades dos nenos e nenas.

A accesibilidade é un problema de moitos. En xeral os colexios, os edificios públicos, as rúas teñen moitas barreiras arquitectónicas (A2 CEIP).

Practicamente todos/as os/as entrevistados/as apuntan que a estabilidade é moi importante en calquera traballo, xa que inflúe na produtividade dos/as distintos/as profesionais no desempeño das súas funcións.

Sempre é boa para calquera traballo para que a produtividade sexa mellor (A1 IES).

Claro que é importante, é fundamental que os nenos teñan unha persoa de referencia (A2 IES).

A min páreceme moi importante para desenvolver o traballo e para ter certas garantías sobre a túa propia vida (A7 CEIP).

3.7. Os recursos segundo os/as membros do Equipo de Orientación Específico

Na análise da información obtida nas entrevistas feitas a este colectivo en relación cos recursos, hai que diferenciar, por un lado, os persoais e os materiais e tamén, os que se refiren aos EOE e aos centros educativos.

Así, en primeiro lugar, os/as entrevistados/as coinciden en sinalar que nos EOE, os recursos persoais depende de cada equipo, de cada provincia. Pola súa parte, nos centros, nalgúns sería necesario ter máis dun orientador/a, especialmente nos centros

grandes, con “mil alumnos/as” e “máis de cen profesores/as” e noutros faría falta contar con máis profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe; podería dicirse que hai centros que si, que están moi ben dotados e outros non tanto.

En segundo lugar, en relación aos recursos materiais, din que é no que máis se inviste; parece que nos centros son suficientes pero é fundamental acadar unha organización racional dos mesmos; hai que reorganizarlos ás veces, utilízalos en distinta forma a como se están utilizando para aproveitálos adecuadamente. Agora ben, tamén recoñecen que algúns centros non están tan ben dotados.

Respecto aos recursos económicos, non todas as persoas entrevistadas deste colectivo atrévense a expresar unha opinión ao respecto en relación aos centros pois consideran que: “Iso habería que preguntarllo aos centros, eu non sei” (EOE 5).

Porén, para outros/as informantes, os recursos económicos non son suficientes, no que se refire aos EOE. Concretamente, algúns dos/as entrevistados/as din que son escasos e non hai dotación anual específica para cada especialidade.

Finalmente, en relación cos recursos persoais unha cuestión proposta nas entrevistas é a referida á estabilidade no posto de traballo. Aquí as respostas son bastante uniformes, pois todos/as consideran que é importante na atención á diversidade, pero aínda falta moito por facer.

...ten un dobre fío. Claro, se es unha persoa implicada, traballadora e formada... evidentemente iso vai beneficiar ao centro. Se ti estás nun posto dese tipo, non estás implicado, non tes formación... non che interesa... pois é unha desvantaxe (EOE 5).

Aínda así, un entrevistado sinala: “É importante, pero o fundamental é que as actuacións se contemplan nos documentos de xestión do centro. As persoas non son imprescindibles, as súas funcións si” (EOE2). Outro dos informantes sinala que:

...a estabilidade total, de por vida non é beneficiosa, é dicir, considero que cada x anos é necesario un cambio que nos osixene a todos e nos dea máis, eh... Entón a estabilidade é boa durante un tempo (EOE 3).

4. Coordinación e colaboración nos centros educativos

A Lei 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modifica o artigo 118 do LOE relativo á participación no funcionamento e o goberno dos centros públicos e privados concertados. Respecto a esta cuestión se recolle o seguinte:

1. As administracións educativas garantirán a intervención da comunidade educativa no control e xestión dos centros sostidos con fondos públicos a través do Consello Escolar.
2. O profesorado participará tamén na toma de decisións pedagóxicas que corresponden ao claustro, aos órganos de coordinación docente e aos equipos de profesores e profesoras que impartan clase no mesmo curso.
3. Corresponde ás administracións educativas favorecer a participación do alumnado no funcionamento dos centros, a través dos seus delegados de grupo e curso, así como dos seus representantes no Consello Escolar.
4. Os pais e os alumnos e alumnas poderán participar tamén no funcionamento dos centros a través das súas asociacións. As administracións educativas favorecerán a información e a formación dirixida a eles.
5. Os centros terán polo menos os seguintes órganos colexiados, coas funcións que se indican nesta Lei: a) Consello Escolar; b) Claustro do profesorado.

Así mesmo, no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio de educación, dedícase o Capítulo VII á participación e coordinación. Neste sentido, no artigo 40 sinalase, por

unha banda, que a Consellería con competencias en materia de educación promoverá a colaboración entre as distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións se ánimo de lucro e con atribucións na prevención, detección temperá e intervención educativa co alumnado, establecendo protocolos comúns de actuación e favorecendo o intercambio de información e a difusión de boas prácticas. Por outra banda, promoverase a coordinación e colaboración entre os diferentes centros educativos. Formará parte dese proceso de coordinación a posta en común da información recollida na documentación do alumnado e, particularmente, nos informes de fin de ciclo e/ou etapa, tanto do profesorado titor como do Departamento de Orientación. En todo caso, o Plan Xeral de Atención á Diversidade deberá especificar os mecanismos de coordinación entre as distintas etapas e entre os centros educativos implicados (artigo 41).

Un aspecto fundamental da participación e coordinación refírese ás familias. Así, no artigo 42 do citado Decreto expónse que as nais, pais ou tutores/as legais do alumnado deberán compartir o esforzo educativo, participando e colaborando, nos termos legalmente establecidos, nas decisións que afecten á escolarización e aos procesos educativos do alumnado. Os centros promoverán a implicación das nais, pais ou tutores/as legais do alumnado en todas as medidas destinadas ao desenvolvemento integral do alumnado, particularmente nos ámbitos referidos á mellora da autonomía, esforzo, autoestima, participación e convivencia. Nos documentos de organización, xestión e funcionamento do centro deberán recollese actuacións destinadas a esta finalidade. As nais, pais ou tutores/as legais do alumnado deberán colaborar no proceso de avaliación inicial do alumnado así como no das posibles avaliacións psicopedagóxicas, nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación.

Os centros docentes promoverán a posta en marcha de programas familia-escola e/ou das medidas que correspondan para que as nais, pais ou tutores/as legais do alumnado reciban a información e asesoramento que lles axude na súa labor educativa, faciliten a comunicación co profesorado e potencien a participación na vida dos centros.

Deseguido, neste apartado preséntase a análise da información ofrecida polas persoas entrevistadas acerca da coordinación e colaboración.

4.1. Coordinación e colaboración segundo o/a orientador/a

En relación con esta cuestión, desde o punto de vista dos/as orientadores/as entrevistados/as, pódese dicir que hai unha coordinación e colaboración fluída, un contacto directo entre o Departamento de Orientación e a súa Xefatura e o resto do profesorado do centro; de feito, mantéñense reunións periódicas a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica. Isto materialízase, por exemplo, con reunións sistemáticas, de carácter semanal ou, noutros casos, mensuais.

Lévase a cabo unha coordinación estreita, basicamente pois case todas as semanas, etc. (O2, CPI).

O seguinte parágrafo resume esta idea:

Eu creo que o papel do Departamento de Orientación e dos orientadores e orientadoras é un papel un pouco de ponte, non digo que intermediar pero si ponte. Bueno, nós estamos no camiño, nós non somos docentes que demos lectivas, pero somos profesores, non somos equipo directivo, pero temos moita coordinación, moito contacto coa dirección do centro, non somos tutores, pero temos moitísimo contacto coas familias e cos alumnos, entón ese é un pouco o papel (O11 IES).

Indubidablemente, a colaboración e coordinación é un elemento indispensable para atender á diversidade, tal e como di o orientador dun CEIP:

Sobre todo, para ver un seguimento de cada alumno, saber se as medidas que se están adoptando son axeitadas ou non... O problema é que eu estou compartindo... vou a dous centros, entón claro, á hora de levar seguimento das reunións, claro, ao estar en dous centros, non te permite ser, sabes... no tempo, claro, adaptarte un pouco, que sexan unha vez ao mes... O ideal sería que houbera un orientador no centro, aínda que logo, non tivese. Claro, eu entendo tamén que si é un centro pequeno, igual as necesidades son menores, ou non, porque hai centros que teñen moitas necesidades. Pero

bueno, tamén que en función das necesidades se distribúa a orientación con horas de atención directa co alumnado ou que sexa orientación afin, PT, AL pero claro, no mesmo centro permite unha maior coordinación e tamén un maior coñecemento de como funciona o centro (O7 CEIP).

Non temos tempo para comentar todo o que nos gustaría. Por exemplo, hai algún titor que aínda non puido vir comentar o expediente dos nenos (O4 CEIP).

Non obstante, pese ao recoñecemento do valor da coordinación, tamén se sinalan algúns problemas porque levala a cabo é complicado. Así expresa a orientadora dun CEIP:

A coordinación é complicada porque temos unha hora para xuntarnos, nos recreos, nas entradas e saídas... complicado. Pero a relación entre todos é boa, e coido que nos entendemos ben. O xeito concreto? Nos ratos libres (O4 CEIP).

O seguinte comentario afonda no mesmo sentido, nos atrancos para levar a cabo a colaboración e coordinación:

Si, as reunións non chegan; ás veces é complicado, e iso, temos que ir buscando unha horiña de garda ou así cada un, pero non nos podemos sentar moitas veces... de dicir todos os titores e titoras de quinto co departamento, pois vamos a ver como vamos facer... Si, faría falta un espazo no horario de reunións para dedicar as posibles coordinacións co departamento (O6 CEIP).

Si, en canto ás horas é complicado coordinarse... tampouco podes ter a todos xuntos nin podes un ciclo xuntos, nin podes un nivel xuntos... e horas é complicado... (O17 CEP).

En relación coas familias, os/as orientadores/as entrevistados/as din que hai tamén coordinación e colaboración pero, en xeral, resulta difícil que acudan ás reunións e participen no centro, por iso, nalgúns casos, comentan que a correspondencia é o mellor para chegar ás familias. Normalmente, cando se solicita que acudan ás titorías ou a través da titoría ou do Departamento de Orientación para tratar un tema concreto, aí si participan.

Na miña experiencia si. Hai que dalo a coñecer [o Departamento de Orientación]; a non ser que teñas nenos con esas necesidades no departamento, semella que o departamento se centra só niso, pero o ámbito do Departamento de Orientación é moito máis amplo, e as familias deben saber que poden vir aquí para calquera dúbida puntual ou polo momento que están a atravesar... (O8 CEIP).

Nos centros de educación especial a colaboración coas familias cobra un sentido singular como se apunta nunha das entrevistas:

É un trato moito máis fluído e continuado que nun centro ordinario. Eles [as familias] necesitan ademais de orientación para os seus fillos, moitas veces necesitan expresar, verbalizar todo o que carrea o acompañamento e crecemento dos seus fillos con graves dificultades e tanto os titores como, bueno, eu mesma, o contacto é moito máis directo. Ás veces nin cita de por medio: "mira! cando podería falar contigo? Poderías quedarte agora?" é dicir, pero vamos... pola miña parte, por parte do equipo directivo é necesario... hai unha comunicación cos nenos, coas familias... É moito máis directo (O15 CEEPR).

Coas familias facemos moitas titorías, tanto a PT como a AL e eu, facemos moitísimas titorías, incluso moitas veces vamos ás titorías cos titores, pero moitas veces veñen con nós só e veñen as familias, os membros dos gabinetes tamén e traballamos sempre en equipo, cos gabinetes externos veñen aquí (O16, CPR).

4.2. Coordinación e colaboración segundo o profesorado de Pedagogía Terapéutica

Como membros do Departamento de Orientación, todos/as os/as PT entrevistados/as sinalan a importancia e a necesidade de coordinarse cos demais membros do departamento na atención aos nenos e ás nenas con necesidades específicas de apoio educativo que atenden, aínda que ás veces os espazos de reunión son escasos formalmente falando, pero os/as orientadores/as sempre teñen predisposición a proporcionar as axudas necesarias.

Os espazos de coordinación son pouquiños, cada vez son menos (PT1 CEIP).

Temos unha hora semanal de reunión, e logo despois á parte, sempre que o necesitamos, sempre temos axuda da orientadora (PT2 CEIP).

Situación similar ao que ocorre coa colaboración e coordinación co Departamento de Orientación e co resto do profesorado; así, a maioría dos/as entrevistados/as apunta que cando se da esta é moi boa, pero faltan horas para poder darlle a importancia e a dedicación axeitada.

En xeral é boa... na práctica podería ser mellorable, porque tampouco dispoñemos de horas coas que poidamos... (PT2 CEIP).

É boa pero moito así de correr, quero dicir, non por actitude do profesorado, ás veces, por horario sabes, tes que estar sempre en momentos así máis... porque non hai un horario de coordinación en plan... para coordinarse cos profesores de tal, o tema é máis informal, que o pillas polo corredor ou que quedes a algunha hora fóra do horario (PT8 IES).

Aínda que nalgún caso concreto se fala da boa temporalización e planificación das reunións entre os/as profesores/as.

Nós si temos uns coordinadores por cada dous cursos, un na etapa de infantil, un cada dous cursos de primaria, e despois un coordinador xeral... entón todo ten unha periodicidade, todo o mundo sabe cando ten que reunirse, e a parte diso hai moitas outras reunións a maiores, é unha maneira de coordinar todo tipo de actividades (PT3 CPR).

Por outra banda, en canto a resposta dos/as profesores/as de Pedagogía Terapéutica sobre a relación que establecen desde o centro cos equipos de orientación específicos, indican que ás veces non hai trabas de ningún tipo, e incluso que se trata dunha colaboración esencial para os centros; mentres que a maioría dos/as mesmos/as indica que tardan moito tempo en dar resposta ás cuestións formuladas, e que cando aparecen nos centros é demasiado tarde porque xa buscaron vías alternativas para atender ás necesidades e demandas do alumnado.

A min paréceme que están sobrepasados, porque tardan moito en vir ver un neno, pero son de ámbito provincial, e hai moita incidencia e tardan en resolver... pero paréceme moi desexable dita coordinación porque eles teñen unha experiencia e colaboración contigo en avaliacións, e nós non coñecemos todos os recursos nin todas as axudas técnicas, e suponse que eles teñen máis formación niso (PT1 CEIP).

Deberían vir máis e deberían ver máis a realidade (PT4 CPR).

Moi pouca. Noutro centro no que estiven, solicitaba que viñesen e chegaban a fin de curso, así que xa practicamente non contas con eles (PT5 CEIP).

Finalmente, cómpre salientar que entre os/as profesores/as de Pedagogía Terapéutica entrevistados/as non hai un acordo unánime en torno á colaboración e grao de implicación das familias na educación dos/as seus fillos/as, pois esta vese afectada pola propia realidade familiar e do centro.

Así, nalgúns dos casos esta colaboración é óptima e moi boa, como di un dos especialistas en Pedagogía Terapéutica:

En principio neste centro coas familias que temos, non hai problemas de coordinación con elas (PT1 CEIP).

Nós facemos coordinación coas familias, cun dos nenos temos unha libreta de comunicación, entón aí o neno escribe por un lado algo que lle pasou no cole, e polo outro escribo todo o que pasou, cousas que teñen que traer... tamén da casa ao cole tráenos sempre unha libreta, a familia mándanos cada día algo, cun apoio visual... e coa outra familia usamos un grupo de *whatsapp* por máis axilidade, porque bueno, cando eu cheguei xa estaba establecido así (PT11 CEP).

Pero, noutros casos, esta situación vese condicionada por diversos motivos, como pode ser o idioma, a falta de compromiso, ou o non entender o seguimento da educación dos/as fillos/as como algo importante e esencial para o seu futuro.

A ver, eu estou disposta pois na hora de titoría como todos os titores os martes, o que pasa é que a maioría das familias destes nenos, veñen cando as chamas, pero ás veces, sobre todo cos nenos de procedencia estranxeira, refírome a xitano-rumanos, marroquís... porque eles non valoran moito, por dicilo así, a formación académica dos seus fillos, entón se ti non os chamas normalmente non veñen. E, bueno, non teñen perspectivas con eles... Eu que sei non coñezo ningún que teña a perspectiva de que o neno chegue a... máis ben ao revés, moitas veces mándanos por obrigación, entón a colaboración coas familias é, bueno... hai unha diferenza entre os nacionais por dicilo, é dicir, pola cultura que teñen uns e outros, logo despois tamén temos o hándicap da linguaxe. Ás veces hai pais que tampouco coñecen a nosa lingua, entón a relación aínda que queiras ter unha conversación fluída con eles non podes porque tamén te frea a linguaxe... (PT2 CEIP).

Unha familia ordinaria, por norma xeral, non hai problema, pero sempre hai excepcións, e nótase, ao longo dun curso nótase, o que dicía antes, cando hai un seguimento na casa, o propio rapaz motívase e vézelle (PT3 CPR).

4.3. Coordinación e colaboración segundo o profesorado de Audición e Linguaxe

A maioría dos/as entrevistados/as deste colectivo afirman que existe unha estreita colaboración cos/as titores/as aínda que non está establecido en moitos dos centros reunións en días concretos.

A ver, a colaboración aquí é moi estreita; entón, aquí sempre estamos informados, tanto o titor como o especialista (AL19 CEE).

Vou informando aos titores a medida que nos atopamos en situación de clase o una sala de profesores; non teño unha xuntanza concretamente con eles, vou comentándolles os avances ou as dificultades que poida ter co neno no día a día, cando vou buscalos, recollelos... (AL5 CEIP).

Non, cos titores é un pouco de andar por casa, apróvéitase máis que se fora algo que tiveras imposto. Tela cando consideras que podes tela, e cando tes un neno ao que tes que sacar da clase, si que lle comentas: "estou traballando isto" ou "isto que che parece" é constante, pero un pouco informal, iso si (AL4 CEIP).

En relación coa colaboración co resto do profesorado, algúns entrevistados/as especialistas en Audición e Linguaxe apuntan que tratan de coordinarse co profesorado e mantelos informados da evolución do alumnado a través das coordinacións de ciclo e reunións puntuais.

Ben, ben eu me sinto moi a gusto con todos os profes, colaboramos, coordinámonos na medida que é posible (AL7 CEP).

Noutros casos dita coordinación non é posible debido á dispoñibilidade horaria do profesorado especialista en Audición e Linguaxe, situación particular dos centros que teñen AL compartido, ou ben porque non se ve como necesaria.

Imos ver, ao mellor neste sentido, é moito máis de ter en conta a coordinación que pode ter un PT ou outro especialista co titor... o especialista de AL, aínda que si que teño relación o meu traballo nos casos que eu teño como son casos específicos de AL, non van vencellados ao que se está traballando como contidos na aula, entón, non hai relación porque os casos que se atenden en AL, non teñen nada que ver co que eles programan na aula (AL1 CEIP).

Co profesorado teño pouca relación porque co pouco tempo que teño, teño pouca relación, pero normalmente temos unha comunicación de entrada e saída: "mira vou facer isto", ou che recomendan: "mira necesito isto porque resulta que está fallando, podes falalo con el, apoialo ou facer algo neste sentido", e a relación é, neste caso, é un pouco máis escasa (AL2 CEIP).

O profesorado de Audición e Linguaxe entrevistado leva a cabo un traballo en coordinación co Departamento de Orientación a través de reunións semanais e puntuais sendo dita coordinación, segundo din as persoas entrevistadas, necesaria para poder prestar unha atención adecuada á diversidade do alumnado.

Traballo máis cóbado a cóbado, tanto co psicopedagogo do centro que tamén é o profesor de PT, coa orientadora pois, temos, digamos... un sistema de traballo bastante coordinado para traballar cos rapaces que teñen necesidades educativas... (AL8 CPR).

Nós temos un día a semana, salvo a primeira semana de mes que creo que teñen CCP, temos unha reunión, entón digamos que facemos un seguimento do alumnado e despois temos os mércores que eu tamén e a outra AL temos outra sesión, é dicir, dentro do horario temos dúas sesións á semana (AL6 CEIP).

A colaboración co Equipo de Orientación Específico, segundo o profesorado de Audición e Linguaxe entrevistado é boa xa que atende as demandas solicitadas, non obstante, a queixa máis común é que adoitan tardar en dar resposta a ditas demandas.

A dificultade é a dispoñibilidade que eles teñen, que é moi pouca, entón... ti ás veces xórdeche unha demanda que é urxente, e entre que pides e tal e veñen, para min iso é un hándicap pero moi grande... eu non quero dicir que a culpa sexa deles, a culpa é de que son os que son... e teñen que atender o que teñen que atender (AL6 CEIP).

Non tiven aínda oportunidade de establecer contacto coas persoas do Equipo de Orientación Específico, pero si me comentaron que os tempos de agarda son bastante longos; reciben a demanda e pode pasar un período de tempo longo (AL5 CEIP).

Terían que vir máis rápido, ou sexa, cando fas a demanda, seguramente terán moito traballo e é verdade que tardan en dar resposta, tardan en vir facer esa valoración e claro nestes casos, o resolver canto antes, o canalizar a forma de traballar (AL7 CEP).

No que respecta á colaboración coas familias, o profesorado especialista en Audición e Linguaxe entrevistado mantén unha relación estreita e continuada a través de titorías, tanto por parte do profesorado especialista como do titor/a.

Coas familias teño reunións, sobre todo ao comezo do curso, naqueles casos que teño de anos anteriores ou nos casos novos; informándolles das intervencións que vou levar a cabo... (AL5 CEIP)

Eu como AL entrevístome periodicamente coas familias dos nenos que atendo, tanto para comentar pequenas dificultades como pedirles que reforcen esas aprendizaxes que estamos a traballar na aula. No caso dos nenos que atendo dentro de clase, é a titora a que realiza a entrevista, e eu a que asisto como profesora, pero aí a referencia é a titora (AL7 CEP).

4.4. Coordinación e colaboración segundo o/a director/a

Segundo os/as directores/as entrevistados/as, á colaboración co Departamento de Orientación é moi fluída e concrétese en reunións continuas para ver a evolución do alumnado:

Existe unha plena colaboración entre o profesorado e o Departamento de Orientación (D9 CPI).

Moi boa a verdade que moi boa. Temos unha comunicación total e absoluta entre o equipo directivo e Orientación. Todas as propostas que se fan por parte de Orientación sempre son benvidas e tentamos axudarlles en todo o que podemos (D10 IES).

Teñen xuntanzas mensuais, a coordinación moi boa non só co departamento senón con toda a comunidade educativa. A coordinación co Departamento de Orientación concrétese en reunións continuas... (D4 CEIP).

É unha colaboración continua, día a día, xuntámonos continuamente; non hai unhas xuntanzas formais, pero informais todos os días. O Departamento de Orientación pásame toda a información relativa ao alumnado que atende con necesidades específicas e os agrupamentos específicos, e comentámolo continuamente (D14 IES).

Non entanto, algúns directores/as sinalan que un hándicap de dita colaboración é que o orientador sexa compartido con outros centros ou ben interino o que impide ofrecer unha asistencia continuada ao alumnado.

O Departamento de Orientación funciona ben, o que temos é un orientador que é o segundo ano que está aquí e a única pega que lle vexo é que non está todos os días. Polo demais ben, funciona ben. Non teño queixa (D2 CEIP).

A coordinación e colaboración tamén é moi boa co resto da comunidade educativa, que inflúe de xeito moi positivo na atención á diversidade.

Moi boa, todo o mundo está implicado cando se lle pide axuda con algún caso (D11 IES).

Traballamos por equipos, agora tiñamos unha reunión de coordinadores de todos os equipos, temos o equipo de actividades extraescolares, de normalización. Temos unha reunión todos os luns... (D1 CEIP).

Boa. Ademais estamos en continua conexión, eles levan o Plan AT, hai reunións practicamente todos os días. Non hai un día que non haxa reunións con titores para intentar cubrir un pouco todo (D9 CPI).

A participación e implicación das familias no desenvolvemento das actividades propostas polo centro cobra especial importancia no desenvolvemento xeral do alumnado, polo que resulta necesario potenciar aínda máis a súa implicación na diná-

mica do centro. Da información aportada polas persoas entrevistadas, recóllese que existe unha comunicación fluída entre as familias, os especialistas e o profesorado titor.

As familias implícanse bastante, si, a ver, eles teñen unha preocupación polos seus fillos e fillas e sempre que os chamamos eles están dispostos (D6 CEIP).

Hai unha estreita colaboración coas familias. En xeral, pódese dicir que as familias colaboran, fálase con elas e colabórase con elas, unhas máis que outras, hai familias que están moi implicadas no centro e outras que menos, pero en xeral con todas (D7 CEP).

Si, habitualmente si se implican. Veñen a preguntar, colaboran, en casos nos que son necesarios, é dicir, estamos bastante satisfeitos ao respecto (D2 CEIP).

En relación ás actuacións que se levan a cabo coas familias vinculadas coa atención á diversidade, concréntanse en aportarlle información e asesoramento. Outra actuación que se leva a cabo é a organización de accións concretas desde as escolas de nais e pais.

Pois facilitarlle información acerca das medidas que están tomando con eles e se se considera preciso pois solicitaríámoslle tamén a súa colaboración (D9 CPI).

Bueno, ao principio de curso sempre se ten unha reunión coas familias de todos aqueles alumnos que teñen necesidades educativas especiais; primeiro reúnen coa orientadora e posteriormente reúnen co titor ou a titora para informarlles sobre casuística do alumno, e estes, despois, á súa vez comunican as circunstancias que entenden que é necesario comunicar a todo o profesorado... (D10 IES).

Escola de pais, facemos unha cada trimestre, temos unha caixa de suxestións, contacontos con familias estranxeiras, taller con Conecta Culturas (D1 CPI).

Do mesmo xeito, resulta fundamental a colaboración e coordinación entre as distintas etapas educativas e cos centros adscritos. Respecto diso din que na maioría dos centros esta coordinación é fluída e constante.

Si, a diario, como formamos parte do Departamento de Orientación, tanto PT como o AL de primaria como o de secundaria, pois nas reunións de, do Departamento de Orientación, pois xa falamos de todos os casos, e de feito o profesorado, o profesorado de PT de secundaria coñece perfectamente cando chegan eses alumnos á ESO, de cales son as súas, os seus puntos fortes e cales son os seus puntos débiles (D9 CPI).

Si, co Concello, con gabinetes psicopedagóxicos ou con alumnos que van a clases específicas (D8 CPR).

Si, entre as etapas educativas, temos infantil, primaria e a ESO, si porque a orientadora está en todos e cada vez que termina o curso facemos un transvasamento de información, e a orientadora nos informa de todos os problemas que hai (D15 CPR).

En poucas ocasións esa coordinación prodúcese con outros centros da zona que non están adscritos e co Concello ou con gabinetes psicopedagóxicos que atenden ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Si, de feito normalmente todos os anos o que temos é unhas xornadas de portas abertas cos centros de primaria adscritos é máis é neste ano mesmo, ampliamos o abanico e xa non só limitámonos aos centros adscritos de primaria, senón que convidamos tamén a outros centros de primaria que non nos corresponden... (D10 IES).

Cos centros que nos nutren de alumnado de primaria, hai unha conexión ao longo do curso. Tentamos que o tránsito veña documentado, saber que nos ven, que problemáticas teñen e isto cada vez se vai incrementando máis. Tamén queremos melloralo porque ás veces queremos ir máis alá dos informes, todas esas cousas (D13 IES).

4.5. Coordinación e colaboración segundo o profesorado titor de ensino obrigatorio

A relación entre o Departamento de Orientación e as titoras é moi boa na totalidade dos centros nos que se realizaron as entrevistas, como deixan ver os seguintes comentarios:

O Departamento de Orientación ofrécese ben a colaborar, ben a axudarnos a todos (T1 IES).

A colaboración perfecta, óptima. Hai unha comunicación fluída co DO (T2 IES).

Eu falo moitísimo con eles porque son moi pesada, e cando unha cousa non me vai ben ou cando teño un problema que non é deles, senón da miña aula, sempre acudo a eles (T4 CPR).

Aínda así, nalgúns casos pola falta de tempo ou pola provisionalidade dalgúns postos, ou baixas dalgúns dos profesionais que conforman dito departamento, a colaboración e coordinación atópase entorpecida.

A colaboración falla cos profesionais de Pedagogía Terapéutica por falta de horas (T1 IES).

Agora mesmo xenial... con calquera cousa que lle pides bótache unha man, pero claro ao non ser unha persoa definitiva, non falo deste caso que como dígoche *superben*, pero corremos o risco de que para o ano xa non estea e volvamos outra vez (T7 CEIP).

Relacións moi similares son as que se producen co Departamento de Orientación e os/as titores/as, que moitas veces se reduce á solicitude de información sobre os nenos a través de boletíns de seguimento.

Cada vez que queremos información sobre algún rapaz pois sempre pasamos o típico boletín onde nos poñen como está indo o rapaz (T12 CPI).

E moitas veces, por falta de tempo, faise imposible que existan reunións, malia todo apunta que intentan ter boa comunicación con eles na medida das posibilidades e limitacións: "Hai comunicación" (T9 IES).

As actuacións e colaboración das titoras coas familias nos casos nos que se da é boa, e incluso nalgúns casos son as propias familias as que buscan o contacto e se interesan pola situación dos/as fillos/as.

En PMAR, non fai falla que eu chame aos pais, xa eles piden cita con titoría e estou moi contenta nese aspecto (T2 IES).

Moi ben nunca tiven ningún problema (T4 CPR).

Aínda que nalgún caso poñen trabas a colaborar cos centros ou non se implican.

Facemos unha reunión informativa para todas as familias a principio de curso e logo facemos chamadas específicas se vemos que hai un descenso no rendemento e moitas veces nin responden (T1 IES).

E como traba apuntan que a dispoñibilidade horaria das nais, pais ou titores/as legais moitas veces non se acomoda ao horario establecido polo centro para poder producirse un encontro físico e unha relación máis fluída.

Eu teño titoría os martes ás 16:30, porén moitas veces ese horario non é factible. Entón teño a sorte de que vivo aquí ao lado, entón eu a través da axenda dos nenos ou dunha chamada telefónica contacto con eles ante o mínimo problema (T6 CPI).

4.6. Coordinación e colaboración segundo o/a auxiliar técnico educativo

A nivel global non hai acordo en canto á colaboración e coordinación cos axentes educativos, senón que esta depende da casuística particular de cada centro, e así o mostran as respostas de dous dos/as entrevistados/as: "A nivel global a coordinación cos axentes educativos é nula" (A1 IES); "Eu creo que o bo que temos neste colexio é que estamos todos coordinados e que aos coidadores nos teñen en conta para todas as decisións que nos preguntan" (A8 CEIP).

A relación entre o Departamento de Orientación e os/as auxiliares é bastante complicada; moitas veces redúcese a reunións e resolución de dúbidas nos corredores, outras veces dáse a colaboración e se ten en conta a este/a profesional, e outras veces non se ten en conta a figura do/a auxiliar para levar a cabo as actuacións e dar resposta ás necesidades do alumnado que se atende nos centros, a pesar de que nalgúns dos casos os/as auxiliares están dentro da aula acompañando ao alumno/a.

A relación e colaboración do/a auxiliar técnico educativo e as familias é moi boa naqueles casos nos que se da.

Os coidadores somos persoas sensibles e empatizamos coas familias. Creas un vínculo co neno e isto fai que teñas un contacto directo coas familias (A2 IES).

Temos un sistema de axenda que a nena leva e trae na mochila, entón tanto a titora como eu, se hai calquera cousa, escribímola alí, cada unha no que nos compete (A6 CEIP).

Aínda que tamén se apunta que nalgún dos casos non hai relación pero as familias coñecen a intervención que estes/as profesionais levan a cabo: "Por agora non, aínda que coñecen a miña intervención" (A8 CEIP).

4.7. Coordinación e colaboración segundo os membros do Equipo de Orientación Específico

Para os/as entrevistados deste colectivo, a coordinación cos departamentos de orientación dos centros na atención á diversidade é moi importante, aínda sen deixar de recoñecer que é algo complicado porque, como sinalan algúns membros dos equipos de orientación específicos entrevistados, non teñen tempo a facer coordinación:

...Os departamentos de orientación son estruturas de acción nos centros, estruturas de cambio que deben irradiar a súa influencia sobre toda a comunidade educativa. Isto aínda non está conseguido. É necesario crear actitudes colaborativas e participativas, traballando en equipo e superando o individualismo. Isto tampouco está conseguido, sobre todo en secundaria. Non hai tempos nin espazos de discusión e intercambio de ideas que permitan tomar decisións e buscar solucións a diferentes problemáticas (EOE 2).

En xeral, os/as entrevistados/as din que están satisfeitos/as coa coordinación e colaboración cos departamentos de orientación e profesorado, salvo casos moi puntuais. Incluso apuntan que conforme vai avanzando o tempo, percíbense que son mellores esas relacións. Consideran que é un elemento fundamental na atención á diversidade:

Non se pode facer inclusión educativa se non hai colaboración entre profesorado, de feito é unha... creo que moitas veces falla a inclusión por iso, porque non hai tempos para reflexionar... a inclusión

non é... que digamos: “vamos a facer inclusión”, non, hai que reflexionar moito... hai que analizar... que facer unha boa análise, onde están as fortalezas, onde están as debilidades... como seguir traballando as fortalezas, como mellorar as debilidades, só require tempos, e eu creo que o profesorado non ten tempos para reflexionar. Para min dende o meu punto de vista é imprescindible (EOE 5).

Agora ben, tal e como está hoxe a orientación, segundo unha informante, parece que:

Deuse un paso atrás, porque algúns orientadores teñen que atender 3 ou 4 centros, dous días na semana por centro; esa labor non se pode levar a cabo así; o profesorado opina, valora ben ao orientador pero están abafados (EOE 4).

As familias tamén teñen un papel fundamental na atención á diversidade; a súa participación é primordial tanto intra-centro como con distintos servizos externos. Coas familias particularmente, os membros dos EOE fan entrevistas e lle dan pautas de actuación e incluso se derivan a outros servizos cando é necesario. Todas as actuacións coas familias canalízanse a través dos centros e búscase a implicación e colaboración coas liñas que se establecen nos centros.

5. Valoración da atención á diversidade e propostas de mellora

A continuación, se presentan os principais resultados obtidos referidos aos aspectos que consideran clave para atender á diversidade, os puntos fortes e os obstáculos da mesma e as actitudes de tolerancia que observan nos centros ante a diversidade.

5.1. Valoración da atención á diversidade e propostas de mellora segundo o/a orientador/a

Respecto aos puntos clave de atención á diversidade os/as orientadores/as sinalan, entre outros: ter máis profesorado ou menos alumnado, é dicir, baixar a *ratio* profesor-alumno; tempo; recursos materiais e recursos humanos, sobre todo humanos, e aproveitar adecuadamente eses recursos; a coordinación entre todo o profesorado e a colaboración coas familias; a prevención; a formación práctica e a flexibilidade horaria.

Eu considero prioritario implicar á maior parte da comunidade educativa, cociñeiras, profesorado... e todo iso facéndoo desde a xente que cree que ten esa sensibilidade xa, intentando traballar en que ese traballo da un resultado e poder implicar á maior parte da xente, porque somos os recursos máis potentes (O1 CPI).

...A formación do profesorado dentro da carreira, xa enfocalos a este tipo de trastornos que se dan sobre todo en secundaria; para secundaria é importante, moitas veces están obsesionados con acadar as competencias ao máximo de matemáticas, e non pasa nada se non as conseguen... (O16 CPR).

Respecto á consideración de diferencias na atención á diversidade segundo a etapa educativa, os/as orientadores/as entrevistados/as consideran que hai diferencias nas dúas etapas. En primaria aténdense máis as dificultades de aprendizaxe e, polas súas características parece máis fácil a atención á diversidade.

Eu creo que é máis fácil [a etapa de educación primaria] porque en secundaria a etapa educativa é moito máis complexa que en primaria, dura 50 minutos unha clase, son docentes diferentes, son moitas sesións, a carga curricular é elevadísima, teñen que meter man a iso... (O11 IES).

A atención á diversidade fai necesario adaptar as ensinanzas ao alumnado. A forma de traballar é máis flexible porque hai que adaptala ás necesidades do alumnado. Isto supón un cambio necesario no xeito de organizar a aula, de traballar.

Penso que si, que é máis flexible, porque trátase de adaptar ás necesidades de cada neno; ao que precisa máis tempo, dálle máis tempo; o que é inquieto séntaselle do lado dun máis tranquilo; se hai que adaptarlle o exame, adáptaselle un pouco; se hai que lerllo, lésello... penso que é bastante flexible (O4 CEIP).

Debera. A atención á diversidade é o que carrea, xeitos de aprender, ritmos de aprendizaxe, información, metodoloxía, materiais... máis práctico, máis motivador. Debera ser sempre así (O8 CEIP).

De todos modos, parte dos/as orientadores/as entrevistados/as recoñecen a importancia dos posibles cambios na forma de traballar. Por exemplo, o orientador dun IES di:

Debería, pero moitos na práctica non. Porque se tes 25 alumnos non podes permitirte estar con este vou a traballar así, con este vou a traballar así, de aí que os alumnos que por iso se sacan fóra... que sexa fóra das aulas (O12 IES)

Entre os principais obstáculos para desenvolver a atención á diversidade nos centros, os/as entrevistados/as sinalan a *ratio*, a falla de tempo e un horario sobrecargado. Pola contra, as fortalezas que destacan son o profesorado e a súa implicación, contar con recursos humanos e materiais suficientes e a convivencia.

Fortalezas é, sobre todo, a implicación do profesorado. Creo que é fundamental que a atención á diversidade non só dependa do Departamento de Orientación, que tamén desde a acción tutorial xa se tomen medidas. (O7 CEIP)

Finalmente, respecto á opinión que lle merece aos orientadores e orientadoras entrevistados/as á actitude ante a diversidade da comunidade educativa hai unha clara unanimidade en que é positiva e de total tolerancia.

...Os nenos no teñen prexuízos; polo que estiven a ver, se un compañeiro máis feble se sinte atacado ou é atacado polos demais, si que o defenden. Son sensibles á diversidade (O4 CEIP).

En penso que si, pero que aínda queda moito traballo que facer (O6 CEIP).

Con todo, atópase algunha voz discrepante coma a da orientadora dun IES:

Eu non creo que sexa tanto que as medidas de atención á diversidade favorezan un maior respecto e tolerancia á diversidade, senón que o traballo no respecto á diversidade na convivencia si que fai tal, tes que facer un traballo a prol da convivencia porque só con medidas de atención á diversidade non chegas a sensibilizar é, de feito, o contrario, é dicir, moitas medidas de atención á diversidade o que fan é sinalar, marcar o alumnado... eu creo que hai que facer un traballo complementario, de feito, nós no centro, hai unha liña de importante traballo que é a de convivencia escolar (O11 IES).

5.2. Valoración da atención á diversidade e propostas de mellora segundo o profesorado de Pedagogía Terapéutica

De modo xeral, os/as profesores/as de Pedagogía Terapéutica valoran como puntos fundamentais e clave da atención á diversidade do alumnado a formación e dotación de persoal especializado e recursos específicos necesarios para dita tarefa,

a estabilidade do persoal, e a boa colaboración e coordinación entre os diferentes membros da comunidade educativa, onde consideran que as familias teñen un papel fundamental na educación dos seus fillos/as.

Os elementos que nalgúns centros constitúen as fortalezas, segundo di algún entrevistado/a deste colectivo son:

Formación para ser capaz de distinguir adecuadamente cal é a necesidade que ten un alumno, porque ás veces, nese eido podémos ir polas ramas (PT7 CPI).

A clave é que a xente comprenda que a inclusión non é unha opción. É o que hai e punto (PT11 CEP).

Estar xuntos na aula, son clave os nenos, porque, de verdade, se traballo en aula teño vinte nenos PT e hai algunha que é máis PT ca min, porque realmente estes nenos están aquí de nove a dúas, pero é que despois saen ao parque, e os nenos aprenden como teñen que falarlle a estes nenos, que lle poden dicir, que non, pois como poden actuar se lle angustia, aprenden absolutamente todo, collen e axúdanlle, saben que apoios usa... (PT11 CEP).

E, pola contra, son entendidos como elementos obstaculizadores do óptimo desenvolvemento de accións inclusivas, cuestións como as seguintes:

Exceso de carga de traballo do persoal (PT2 CEIP).

A descoordinación coas familias que non conseguimos que responda, pois debido a problemas que hai na sociedade, familias desestruturadas (PT3 CPR).

Falta de horas do persoal, ás veces dirías que se houbese alguén máis poderías sacar a este neno, a falta de tempo e a burocracia, de encher papeis de modo constante (PT4 CPR).

Ademais de todo iso, a práctica totalidade dos suxeitos entrevistados inclínase a apuntar que a atención á diversidade leva consigo un cambio nas metodoloxías, formas de traballar e a actitude coa que un se enfrenta ao día a día no traballo cos alumnos/as con necesidades e co resto de nenos/as.

Ten que supoñelo, que non só polos nenos tipificados como diversos, senón por todos os nenos. Creo que temos que dar un xiro conceptual sobre todo en primaria e secundaria, non só de recoñecer a diversidade, que iso facémolo moi ben, o que non facemos ben é entender e acompañala (PT1 CEIP).

Teño visto xente á que lle estorban estes alumnos, moita xente que aínda se plantexa que a inclusión sexa positiva, xente que che di: "ti non crees que este neno estaría mellor nun centro específico", e evidentemente iso cada vez óese menos, por sorte (PT5 CEIP).

5.3. Valoración da atención á diversidade e propostas de mellora segundo o profesorado de Audición e Linguaxe

O profesorado de Audición e Linguaxe considera como puntos claves da atención á diversidade a dotación de persoal formado cualificado e especializado, a estabilidade do profesorado, a redución da *ratio* e a coordinación entre os diferentes membros da comunidade educativa:

Para min, fundamentalmente, os recursos humanos, o dispoñer de persoal, de profesorado, formado, cualificado e suficiente (AL18 CRA).

A estabilidade, a continuidade no tempo é fundamental (AL2 CEIP).

A fortaleza do centro é a colaboración entre os compañeiros (AL8 CPR).

Os elementos que para algúns destes/as profesores/as constitúen as fortalezas dos centros á hora de atender á diversidade son a sensibilidade e actitude do profesorado, e tamén, como sinala unha das persoas entrevistadas deste colectivo: “... As fortalezas, é o equipo que hai aquí, o equipo humano, que ten esa sensibilidade e esa actitude de traballar” (AL7 CEP).

Por outra parte, son considerados como obstáculos na atención á diversidade os recursos persoais escasos, a *ratio*, a falta de tempo para coordinarse o profesorado e incluso a escasa valoración dada polo resto dos/as profesores/as aos especialistas, tanto en Audición e Linguaxe como en Pedagogía Terapéutica, segundo a opinión dunha das persoas entrevistadas:

Ás veces estás moi pouco valorado incluso polos compañeiros, porque hai comentarios como: “andas de paseo todo o día” ou “que sinxelo é estar con cinco nenos e eu teño vinte e cinco...” (AL4 CEIP).

Ademais, a práctica totalidade das persoas entrevistadas afirma que o traballo da atención á diversidade é igualmente factible en todas as etapas educativas pero leva consigo un cambio nas metodoloxías, na forma de traballo co alumnado.

A atención á diversidade nas aulas e nos centros supón un cambio na forma de traballar. Supón outra forma de ver a educación, pero esa visión enriqueceche porque faiche ao final valorar que é o principal e dáche a oportunidade de traballar esa colaboración, ese respecto á diferenza (AL7 CEP).

Supón un cambio porque requiren doutro tipo de agrupamentos, doutro tipo de materiais, de metodoloxía, comprender e establecer diferentes tipos de aprendizaxe que poidas ter dentro da aula e, en función diso, ofrecerlles vías alternativas de aprendizaxe (AL5 CEIP).

5.4. Valoración da atención á diversidade e propostas de mellora segundo o/a director/a

Entre os principais elementos que son clave para atender á diversidade, a maioría dos directores/as sinalan a formación do profesorado, unha adecuada *ratio*, a implicación do profesorado, a coordinación e a colaboración de toda a comunidade educativa, a sensibilización do profesorado, o incremento dos recursos persoais, principalmente de profesorado especialista de Audición e Linguaxe, así como a estabilidade dos distintos profesionais.

Unha boa formación do profesorado, menos *ratio* nas aulas, vinte e cinco nenos son moitísimos para estar nunha aula na que sempre tes catro ou cinco alumnos con problemas. Máis especialistas na aula (D3 CEIP).

En primeiro lugar, por suposto, os recursos humanos, é dicir o profesorado, fai falta ter profesorado suficiente, non só para atender aos alumnos con necesidades educativas especiais, senón en xeral para facer unha atención á diversidade en condicións; a *ratio* das clases debería ser moito menor que a que temos actualmente e o profesorado debería ser suficiente para poder atender a estes rapaces (D10 IES).

Formación persoal, interese e recursos. Ou sexa, recursos podería ser recursos persoais e recursos materiais, pero *bueno*, cando digo persoal refírome a recursos humanos (D7 CEP).

A atención á diversidade é a xuízo da maior parte dos directores/as moi diferente nas distintas etapas educativas. Respecto diso sinalan que ditas diferenzas veñen dadas pola escaseza de recursos persoais en etapas superiores e as características inherentes a cada etapa educativa, tal e como sinalan os/as entrevistados/as:

Non, sobre todo nos centramos na ESO que é onde os problemas son máis claros e se pode empezar a facer algo. En bacharelato que son dous anos e que é unha formación máis en contidos, e que é voluntaria, a diversidade escápasenos máis. E o mesmo pasa cos ciclos, excepto coa FP básica que xa ten unha problemática máis concreta (D13 IES).

Non non, non. Non teño experiencia en secundaria pero imaxínome que será moi diferente a atención á diversidade en secundaria, que en primaria e que en infantil. A ver, en infantil eu véxoo todo como moito máis fácil, é todo máis lúdico, todo máis relaxado e pódese intervir dunha maneira máis específica, lúdica e relaxada, eu creo que máis efectiva (D2 CEIP).

Non, que va, para nada, nin moitísimo menos; para empezar en bacharelato a atención á diversidade é practicamente inexistente, en secundaria é menor que en primaria, aínda que si é verdade que na medida dos nosos recursos tentamos facer todo o posible e sempre que temos a posibilidade como che dicía, por exemplo no tema de desdobres, o ano que temos posibilidade de facelo, evidentemente levámolo a cabo (D10 IES).

Trátase de etapas moi diferentes. A atención á diversidade en bacharelato é inexistente porque non é educación obrigatoria (D11 IES).

Non, porque as necesidades son totalmente diferentes (D5 CEIP).

Respecto ás fortalezas da atención á diversidade nos centros sinálase, principalmente, a implicación do profesorado e a coordinación entre os membros da comunidade educativa. Polo que respecta aos obstáculos, alúdese a escaseza de recursos sobre todo persoais, por exemplo: "Necesidade de máis recursos para poder levalo a cabo" (D10 IES); o elevado número de alumnos por aula: "Menos alumnos por aula e máis PT" (D7 CEP); e a falta de recursos persoais: "A falta de persoal estable" (D2 CEIP).

É unha opinión compartida por todos/as os/as directores/as entrevistados/as que a inclusión do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo supón un cambio na forma de traballar por parte do persoal dos centros, máis concretamente supón un cambio na metodoloxía de traballo na aula.

Si, evidentemente tivo que adaptarse ás necesidades de todos os alumnos e tipo que pois elaborar actividades distintas para todo o alumnado, claro (D19 CPI).

Implica, ante todo, e en primeiro lugar, un cambio metodolóxico, é dicir hai que tentar dar resposta a esa diversidade do alumnado e non todos os alumnos aprenden da mesma maneira, nin necesitan que se lles ensine da mesma maneira... (D10 IES).

Si que teñen que se adaptar, o ideal sería que todos foran iguais, pero non é así, non todos levan o mesmo ritmo. Temos que adaptarnos nós aos nenos, non os nenos a nós, pero todos adoitan flexibilizar (D17 CRA).

5.5. Valoración da atención á diversidade e propostas de mellora segundo o profesorado titor de ensino obrigatorio

Para a maioría das entrevistadas deste colectivo un dos puntos clave na atención á diversidade é contar coa formación suficiente para atender ás necesidades do alumnado:

Temos que estar formados para saber atender a estes alumnos (T1 IES).

Formación persoal suficiente, e penso que é bo que haxa estabilidade no profesorado (T6 CPI).

Ante todo a formación, eu creo que neste centro, desde que empezou a haber formación, a xente empezou a entender máis as necesidades dos alumnos (T10 CEP).

Tamén é fundamental a existencia dunha boa colaboración e coordinación cos profesores e coas familias e, así mesmo, a necesidade de contar con máis persoal especializado nos centros:

Colaboración cos profesores e cos pais básico (T2 IES).

A colaboración coas familias... cando unha familia non é receptiva, cando ti detectas un problema ou cres detectalo (T5 CEIP).

Coordinarnos todos, pero todo o persoal educativo, non só os profesores, pois todos os que estamos implicados na educación dos nenos. Unha coordinación total. Ás veces falta material, ou material non fai nada, ou que fan falta son persoas, poder ter moito material e non usalo... ou que fai falta son outras cousas, outra predisposición, outras ganas de facer (T8 CEIP).

A dotación de persoal especializado (T3 CEIP).

Por outra parte, un dos puntos clave que nalgúns centros é entendido como a fortaleza para atender á diversidade é a colaboración: "A boa colaboración entre o equipo docente" (T2 IES); "Que as familias nos digan que lle pasa ao alumno e cal é o problema e ver como se lle pode axudar" (T12 CPI).

Mentres que constitúen os principais obstáculos a *ratio*, o currículo e a visión das familias, como poñen de manifesto os seguintes comentarios: "As familias nas súas casas nunca ven nada, en casa todo é marabillioso (T7 CEIP); "O currículo nos mata" (T10 CEP); "O número tan grande de alumnos que temos e os poucos profesionais" (T11 CEIP).

5.6. Valoración da atención á diversidade e propostas de mellora segundo o/a auxiliar técnico educativo

Os comentarios feitos nas entrevistas polo grupo de persoas que traballan nos centros como auxiliar técnico educativo apuntan entre os puntos fortes e claves do seu traballo principalmente tres. En primeiro lugar, a colaboración, que ao mesmo tempo pode ser un obstáculo, pois se esta falla, as consecuencias desencadean dificultades na atención aos/ás nenos/as: "Dificultades na colaboración entre os distintos órganos que hai no centro..." (A1 IES).

En segundo lugar, sinalan a importancia de delimitar e coñecer as funcións que lle competen aos mesmos/as no centro, xa que en ocasións parece que sobran, que as súas funcións non son importantes, como ilustran os seguintes comentarios:

Habería que amplialas, desde o meu punto de vista, é un persoal que está desaproveitado nos centros, e isto é tirar pedras contra o meu propio tellado (A2 IES).

En primaria parece que é necesario que esteas presente, en secundaria xa non é necesario (A2 IES).

Finalmente, en terceiro lugar, din que é fundamental coñecer ben a cada un dos/as nenos/as cos que se traballa: "Un diagnóstico preciso de cada alumnado co que traballas e unhas pautas específicas de actuación" (A2 IES); "Coñecer ben ao neno" (A8 CEIP).

5.7. Valoración da atención á diversidade e propostas de mellora segundo os membros do Equipo de Orientación Específico

Para este colectivo de informantes, entre os elementos clave da atención á diversidade pódese sinalar unha actitude positiva: a colaboración e participación do profesorado e doutros axentes da comunidade educativa, a formación do profesorado e da comunidade educativa en conxunto porque traballar en inclusión é cousa de todos e todas. Todos estes elementos deben terse en conta pero, tamén é preciso ter presente que a atención á diversidade non é igual na etapa da educación primaria que na de secundaria, as necesidades en cada unha das etapas son diferentes.

En relación á fortaleza principal sinalan o traballo en equipo; tamén din que cando se traballa ben mellora o clima do centro. Por outra parte, o contexto, o centro é unha das grandes fortalezas da atención á diversidade porque nel esta toda a poboación e hai toda a diversidade posible. Outra das fortalezas é, así mesmo, que en xeral hai interese por parte do profesorado, hai ganas de aprender, formarse e ter coñecementos; por último, tamén apuntan que a sensibilización da poboación en xeral é unha fortaleza.

Pese a todo isto, atopan algúns obstáculos importantes que limitan o adecuado desenvolvemento da atención á diversidade. Entre outros: unha inadecuada organización dos recursos e incluso ás veces falta de sensibilidade; a falta de formación,

tanto inicial como continua, para xestionar a complexidade da diversidade; o individualismo; a desinformación e os medos e os estereotipos.

Bueno, se non hai formación hai descoñecemento, cando hai medo hai descoñecemento... cando hai estereotipos hai descoñecemento (EOE 4).

Por outra parte, din que hai que ter en conta que a atención á diversidade supón un cambio; supón participar, consensuar e aportar coñecemento á institución. O paradigma de transmitir pasa a ser o de axudar a adquirir coñecemento.

...eu creo que traballar en inclusión non só afecta a aula, creo que afecta ao centro e o centro non é máis que unha pequena mostra da sociedade que hai fóra, entón tamén vai a afectar á contorna dese centro (EOE 5).

A diversidade, a inclusión, me parecen palabras máxicas e o vexo como enriquecedor (EOE 4).

Finalmente, sinalan que os puntos clave na atención á diversidade son a formación en centros, pero de modo accesible, para que o profesorado poida acudir; outro elemento clave son os recursos persoais e que se poida manter unha estrutura rica en orientación, manter os recursos, ter un deseño curricular inclusivo, a colaboración entre todo o equipo docente e os recursos ben organizados.

Conclusiones

Como principais conclusións de todo o ata aquí exposto, neste capítulo, pódense destacar as seguintes:

En primeiro lugar, en relación coa información proporcionada polos/as orientadores/as entrevistados/as, obsérvase que na súa práctica diaria nos centros educativos actúan a partir das demandas que fan os/as titores/as e tamén as familias, priorizando as súas actuacións segundo as necesidades e tendo en conta as liñas establecidas no Plan de Atención á Diversidade do centro, aproveitando ao máximo os recursos e levando a cabo unha atención individualizada, servíndose dos protocolos dispoñibles.

Sobre todo, din que nos centros se levan a cabo medidas ordinarias, que se desenvolven dentro da aula, aínda que nos casos en que é necesario, aplícanse medidas fóra da aula.

A formación que recibe este colectivo é frecuente, ampla, útil e suficiente para cubrir as súas expectativas, pero ás veces é excesivamente teórica. Tamén o profesorado está, na opinión dos/as orientadores/as entrevistados/as, bastante formado en atención á diversidade, aínda que sería desexable que tivese unha formación máis ampla. Sinalan tamén que esa formación poténciase, en xeral, nos centros educativos.

A colaboración e coordinación entre profesorado e equipo directivo é fluída, pero recoñecen que hai algúns elementos que a obstaculizan, principalmente a escaseza de tempo que teñen, tanto eles/as como o profesorado en xeral. Coas familias tamén manteñen unha coordinación fluída pero din que participan pouco na vida dos centros.

Os recursos materiais e económicos son suficientes; respecto aos recursos persoais hai un acordo unánime en que son escasos.

Os puntos clave que mencionan para atender á diversidade nos centros son: máis profesorado; máis tempo e flexibilidade horaria; recursos, sobre todo persoais; coordinación; prevención e formación práctica.

Os principais obstáculos para atender á diversidade son a falta de tempo e a sobrecarga horaria. Entre as fortalezas destacan o profesorado e a súa implicación, a boa convivencia e os recursos dos que dispoñen nos centros. Finalmente sinalan que a atención nos centros xera actitudes positivas e de tolerancia na comunidade educativa.

Polo que se refire ao profesorado de Pedagogía Terapéutica entrevistado, o traballo que desenvolven nos centros se leva a cabo, na súa maioría, na propia aula na que o alumnado con necesidades específicas convive co resto dos/as alumnos/as, compañeiros/as que entenden e son tolerantes ante as diferenzas, ao igual que o resto da comunidade educativa.

A formación continua é fundamental para poder dar unha resposta axeitada ás demandas do alumnado, aínda que a oferta da Administración para estes profesionais é escasa.

A colaboración, tanto co Departamento de Orientación como co profesorado tamén é un aspecto fundamental da atención á diversidade, que se pon de manifesto nas opinións das persoas entrevistadas, que afirman que a coordinación é unha realidade nos centros nos que traballan, se ben é certo que sería necesario dispoñer de maior número de horas para poder realizar estas tarefas de modo adecuado. Do mesmo xeito, a colaboración cos equipos de orientación específicos tamén é considerada esencial para atender á diversidade e debería ser mellorada, posto que tardan moito tempo en atender ás demandas solicitadas. En canto a colaboración coas familias, depende da propia familia e as necesidades do neno/a.

No que respecta aos recursos, segundo a opinión destes profesionais, os centros están ben dotados de recursos materiais, e os recursos económicos son suficientes, mentres os recursos persoais deberían ser mellorados, incrementando o número de especialistas de apoio; quenes, por suposto, teñen que ter estabilidade no posto que ocupan para poder dar resposta en maior medida ás necesidades do alumnado.

De modo xeral, os/as profesores/as de Pedagogía Terapéutica valoran como puntos fundamentais e claves da atención á diversidade do alumnado a formación e dotación de persoal especializado e recursos específicos necesarios para dita tarefa: a estabilidade do persoal e a boa colaboración e coordinación entre os diferentes membros da comunidade educativa.

Ademais, a práctica totalidade das persoas entrevistadas deste sector apunta que a atención á diversidade leva consigo un cambio nas metodoloxías e formas de traballar, e, sobre todo, un cambio de actitudes.

Entre as principais propostas sinalan mellorar a dotación de persoal especializado que poida cubrir os excesos de carga de traballo dos/as docentes dos centros educativos, a fin de dar a mellor resposta posible ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, incrementar a formación que posúen os distintos profesionais que atenden á diversidade presente nos centros educativos, así como a mellora na coordinación e colaboración dos distintos axentes educativos como factor primordial da calidade dos procesos de ensinanza e aprendizaxe dos nenos e nenas, que leva consigo a promoción de actitudes respectuosas cara á diversidade.

Respecto ao profesorado de Audición e Linguaxe entrevistado, as súas aportacións e comentarios levan a concluír que os centros dispoñen de directrices sobre como organizar e levar a cabo os apoios para todo o alumnado conxuntamente co Departamento de Orientación. Sinalan que a atención do alumnado, realízase de forma individualizada ou en grupos reducidos, e as medidas que se levan a cabo son maioritariamente de carácter ordinario.

A maioría do profesorado de Audición e Linguaxe asiste de forma habitual a actividades de formación, organizadas pola Administración a través dos, ou ben por entidades privadas, pero tamén afirman que existe pouca oferta formativa específica para eles/as como especialistas e a existente, ás veces, está descontextualizada. Nos centros nos que traballan pótencíase a participación en actividades de formación e, de feito, moitos/as deles/as acoden aos programadas no propio centro. A formación en centros é valorada como unha práctica moi positiva e que mellora a atención á diversidade na comunidade educativa.

Para este colectivo existe unha estreita colaboración cos titores/as, co resto do profesorado, así como co Departamento de Orientación e as familias. En canto a coordinación cos equipos de orientación específicos, é tamén positiva aínda que o tempo en dar resposta ás demandas solicitadas é excesivo.

O profesorado de Audición e Linguaxe entrevistado considera como puntos claves da atención á diversidade a dotación de persoal formado cualificado e especializado; a estabilidade do profesorado, a redución da *ratio* e a coordinación entre os diferentes membros da comunidade educativa; elementos que nalgúns centros son tamén fortalezas, ademais da sensibilidade e actitude do profesorado. Por outra parte, son considerados como obstáculos na atención á diversidade a escaseza de recursos persoais, a *ratio* e a falta de tempo para que o profesorado se coordine.

Por último, cómpre salientar que a práctica totalidade das persoas entrevistadas deste colectivo afirma que o traballo da atención á diversidade é igualmente factible en todas as etapas educativas, e leva consigo un cambio nas metodoloxías e na forma de traballar co alumnado.

Segundo a opinión doutro colectivo entrevistado, o dos/as directores/as dos centros de ensino obrigatorio, a atención á diversidade xestiónase a través do Departamento de Orientación e en base as directrices marcadas pola normativa e o Plan de Atención á Diversidade de centro.

As medidas de atención ao alumnado con necesidades educativas especiais lévanse a cabo, segundo os/as directores/as entrevistados/as, tanto na aula como fóra dela, e son medidas tanto de carácter extraordinario como ordinario en función das necesidades do alumnado.

A miúdo asisten a actividades de formación organizadas principalmente pola Administración, no marco do Plan de Formación Permanente do Profesorado. Os/as directores/as valoran a formación inicial recibida como deficiente, e a formación continua como suficiente e ampla, aínda que, na súa opinión, debería ter un compoñente máis práctico. Por último, respecto a esta cuestión sinalan que a formación en centros de traballo é unha práctica cada vez máis habitual e unha axeitada opción formativa nos centros educativos.

Para a maioría dos/as directores/as entrevistados/as, a coordinación dos membros da comunidade educativa é habitual e efectiva; un elemento fundamental. Porén, sinalan que a coordinación entre profesionais de centros da mesma zona e de diferentes etapas educativas é algo escasa.

Os recursos materiais e económicos cos que contan nos centros educativos son suficientes mentres que os recursos persoais deberían ser mellorados coa ampliación do número de profesionais especializados, para poder así garantir unha atención adecuada á diversidade do alumnado que teñen nos centros.

Como necesidades a mellorar nos centros indican: a estabilidade do profesorado, a coordinación, os recursos persoais, así como a *ratio* nas aulas; elementos que son considerados ao mesmo tempo como claves na atención á diversidade. Entre as fortalezas dos centros ante a atención á diversidade destacan principalmente a implicación do profesorado.

Finalmente, os/as directores/as entrevistados/as sinalan que a presenza de alumnado con necesidades educativas especiais nas aulas favorece a sensibilización e o desenvolvemento de actitudes solidarias no alumnado ao igual que no resto de membros da comunidade educativa.

Polo que se refire ao profesorado titor de ensino obrigatorio, das respostas ás cuestións esbozadas nas entrevistas, pode deducirse e concluír que nas súas aulas teñen alumnos/as con necesidades e dificultades moi diversas, así como diversas son as accións que levan a cabo, desde apoios dentro e fóra da aula, atención individualizada, adaptacións curriculares, reforzo educativo e adaptación de metodoloxías de traballo.

A formación continua, ao igual que opina o resto de colectivos, é un elemento fundamental na atención á diversidade do alumnado presente nas aulas; formación que ten que axustarse máis ás demandas dunha realidade diversa e cambiante, sendo moi valoradas as actividades formativas que se realizan no propio centro de traballo.

A relación entre o Departamento de Orientación e o profesorado titor é moi boa, aínda que nalgúns casos, por falta de tempo, provisionalidade dalgúns postos, ou baixas dalgún dos profesionais que conforman dito departamento, a colaboración e coordinación non se leva a cabo nas condicións máis óptimas, ao igual que ocorre coa coordinación co resto do profesorado. Polo que respecta á relación coas familias, en xeral, é moi boa pero depende de cada caso e situación familiar.

En canto aos recursos, sinalar que tanto os materiais como económicos son suficientes. Non obstante, novamente os recursos persoais son considerados insuficientes para dar cobertura a todas as necesidades do alumnado nos centros, sendo fundamental a estabilidade dos distintos profesionais do centro.

Cando se lles pregunta ás titoras polas actitudes dos/as nenos/as fronte aos seus compañeiros/as con necesidades, estas apuntan na súa maioría que, en xeral, se da un clima de convivencia satisfactorio.

Por último, os/as titores/as entrevistados/as propoñen como melloras a considerar: poder dedicar máis tempo ao alumnado con necesidades, máis formación específica na realidade da diversidade do alumnado presente nas aulas dos centros

educativos actuais, e incluso máis dotación de persoal específico que apoie o proceso de ensino e aprendizaxe deste alumnado, sobre todo nas aulas ordinarias. Así mesmo, suxírense facilitar vínculos e convidar a participar as nais, pais e/ou titoras/as legais na educación dos/as seus fillos/as, e a colaboración e coordinación entre todos os membros da comunidade educativa implicados nos procesos de ensinanza e aprendizaxe.

As principais conclusións que cabe destacar, a partir das respostas dadas nas entrevistas polo/a auxiliar técnico educativo, fan fincapé, en primeiro lugar, en que a formación é considerada como un elemento fundamental na atención á diversidade e, en segundo lugar, avogan pola necesidade de que se esixa unha formación académica regulada para poder desempeñar o seu traballo; así como unha formación continua e específica para atender ás necesidades da diversidade de alumnado que atenden.

En canto á colaboración e coordinación cos distintos axentes educativos, aínda que depende de cada centro, en xeral, non se programan reunións de coordinación para dar resposta, de forma conxunta, ás necesidades do alumnado, e a relación coas familias dos/as nenos/as que atenden é moi boa naqueles casos nos que se da.

Os recursos materiais son considerados por estes profesionais como suficientes. Non obstante, as infraestruturas de moitos centros non son accesibles. Os recursos persoais tamén son considerados suficientes e a estabilidade é un aspecto fundamental do traballo, xa que inflúe na produtividade dos/as distintos/as profesionais no desempeño das súas funcións.

Finalmente, indicar que consideran como fundamental para poder levar a cabo o seu traballo con éxito a colaboración con todos os profesionais que teñen contacto directo co alumnado, así como acadar un recoñecemento profesional máis amplo e extenso nos centros onde desenvolven as súas funcións.

No que se refire aos membros dos equipos de orientación específicos que foron entrevistados/as, cómpre salientar que, indistintamente da súa especialidade, traballan habitualmente á demanda dos centros que solicitan a súa colaboración, e fundamentalmente levan a cabo actividades de intervención e asesoramento e información sobre recursos, materiais e pautas de actuación para traballar co alumnado.

A formación é considerada, por todas as persoas entrevistadas, como fundamental. Non obstante, desde a Administración non se oferta formación específica para as diferentes especialidades dos equipos; o contrario que para o profesorado, que cada vez máis realiza formación no propio centro, pero que segundo a opinión dos membros dos equipos, aínda non ten a formación suficiente para poder traballar coas necesidades tan diversas que existen nas aulas.

Os recursos materiais e económicos dos centros son, para eles, suficientes, ao igual que insisten na necesidade de acadar unha organización racional dos mesmos. Pola súa parte, os recursos persoais necesitan ser mellorados e, sobre todo, é fundamental dotar algúns centros de máis orientadores/as e de profesorado especialista tanto de Pedagogía Terapéutica como de Audición e Linguaxe. No que respecta aos recursos do propio equipo, dependen de cada caso, pero algunha das persoas entrevistadas insiste en que os recursos económicos son escasos e que non hai unha dotación anual específica para cada especialidade e, en consecuencia, son mellorables.

A coordinación cos departamentos e o profesorado, salvo casos moi puntuais, é fluída, pero, novamente, o tempo dispoñible por parte dos diferentes axentes educativos é unha traba na atención ao alumnado.

Para os equipos de orientación específicos, os elementos clave na atención á diversidade son unha actitude positiva, a colaboración e participación do profesorado e doutros membros da comunidade educativa e a formación, tanto inicial como continua dos profesionais e a súa estabilidade; aspectos que, por outra banda, din que deberían ser mellorados.



Conclusións finais

A continuación, preséntanse as principais conclusións derivadas da revisión documental e da información aportada polos colectivos participantes no estudo, atendendo aos diferentes aspectos obxecto de análise.

Cómpre salientar, en primeiro lugar, que na actualidade existe un acordo comunmente compartido acerca da necesidade de atender á diversidade nos centros educativos, asumindo que isto é un eixo central da acción educativa e un valor e potencial para o desenvolvemento de toda a sociedade (Araque e Barrio, 2010).

A individualidade de cada un dos alumnos e das alumnas require unha resposta educativa adaptada ás súas características e necesidades. Neste sentido, a atención á diversidade ten que converterse nun elemento habitual e de normalización nas relacións educativas e persoais que se levan a cabo nos centros educativos na súa actividade diaria. Ademais, debe ser un medio para potenciar o respecto e a tolerancia entre todos os membros da comunidade educativa.

O marco normativo vixente proporciona un soporte e unha base fundamental para poder ofrecer unha atención axeitada á diversidade de alumnado presente nas aulas e para converter os centros educativos en auténticos espazos inclusivos. Pódese dicir que “a nivel lexislativo, a inclusión está presente e debería impregnar tanto as decisións de política educativa como caracterizar a organización e a resposta educativa das escolas de Educación Primaria e Secundaria para atender ás características da diversidade do alumnado” (Escarbajal e outros 2012, p.137).

O Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, define a atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

A Lei orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE) é o marco actual de referencia na atención á diversidade. Esta Lei refírese ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ACNEAE) como aquel que require unha atención educativa diferente da ordinaria por presentar necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar. Este alumnado pode necesitar unha atención educativa diferente á ordinaria e a aplicación de medidas específicas que poden implicar, ou non, recursos extraordinarios. Pola outra banda, sinala que o alumnado con necesidades educativas especiais (ACNEE) é aquel que require, nun período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas especiais derivadas de discapacidade ou trastorno grave da conduta; este alumnado pode necesitar de medidas extraordinarias e recursos persoais e/ou materiais específicos e pode escolarizarse nun centro ordinario, nun centro especial ou nunha modalidade combinada entre ambos.

Neste contexto, todos os elementos que regulan o funcionamento (Proxecto Educativo, Plan de Orientación, etc.) e a vida do centro (coordinación, agrupamentos do alumnado, utilización eficaz dos recursos dispoñibles, participación, etc.) deben ter presente a atención á diversidade e, do mesmo xeito, o centro educativo debe facer uso, cando sexa necesario, de medidas de carácter ordinario e extraordinario.

Respecto dos principais resultados acadados no estudo empírico realizado, cómpre salientar que a maioría das persoas participantes son mulleres, especialmente no caso do profesorado de Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica. Os membros do equipo directivo e orientadores/as son os de maior idade (52 a 61 anos) e os/as máis novos o profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe (32 a 41 anos); os/as titores/as e profesorado de ensino obrigatorio teñen idades entre 42 e 51 anos.

Ademais, a maioría son funcionarios/as e definitivos/as, cunha experiencia profesional xa consolidada, de 16 a 25 anos no caso da maior parte dos/as membros do equipo directivo e do profesorado de ensino obrigatorio, mentres o colectivo de orientadores/as, profesorado de Pedagogía Terapéutica e titores/as de ensino obrigatorio teñen de 6 a 15 anos de experiencia. Tamén cómpre sinalar que o sector con menor experiencia profesional é o do profesorado de Audición e Linguaxe (menos de 5 anos) e que a antigüidade no centro actual é, en todos os casos menor a 5 anos, coa excepción dos membros do equipo directivo que levan traballando no centro actual entre 6 e 15 anos.

Respecto á mostra de nais, pais e titores/as legais, son as nais as que participan en maior número no estudo, destacando que a maioría non pertencen nin ao Consello Escolar nin a ANPA.

A maior parte dos centros nos que desenvolven a súa actividade os/as profesionais que participan no estudo non contan con unidades de educación especial, nin con alumnado de escolarización combinada, pero si con alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Así mesmo, tanto os/as orientadores/as como o profesorado de Pedagogía Terapéutica, Audición e Linguaxe, tutores/as e profesorado de ensino obrigatorio atenden, sobre todo, alumnado con TDAH e con necesidades educativas especiais (na maioría de 1 a 5 casos), sendo o alumnado de altas capacidades intelectuais e de incorporación tardía os que teñen unha menor presenza nos centros educativos.

A atención á diversidade convértese no eixo sobre o que se conforma un novo modelo de ensino, caracterizado por ofrecer unha variedade de alternativas, tanto no currículo como nas prácticas pedagóxicas, así como no propio funcionamento da institución educativa. Esta situación esixe unha modificación da estrutura organizativa da escola que debe xurdir da necesidade sentida polos/as protagonistas da acción educativa. Neste sentido, as decisións que se toman a nivel de centro son imprescindibles para crear as condicións necesarias que favorezan unha educación personalizada na aula e que teña en conta as necesidades de todo o alumnado, visión compartida, segundo os/as directores/as dos centros participantes neste estudo, por toda a comunidade educativa.

Por outra banda, a xuízo dos/as orientadores/as, existe unha distribución clara das responsabilidades dos/as distintos/as profesionais en relación coas medidas de atención á diversidade que se levan a cabo nos centros.

Todos os colectivos estudados comparten a opinión de que na toma de decisións sobre aspectos relativos á organización dos centros se ten presente o principio de atención á diversidade. Igualmente, nos seus discursos se pon de manifesto que os plans, programas e proxectos dos centros (Plan de Acción Titorial, Proxecto Educativo de centro, Plan de Orientación de centro), axústanse tamén a este principio e contemplan actuacións referidas á atención á diversidade. Así mesmo, consideran que existen criterios compartidos pola Comisión de Coordinación Pedagóxica claros e ben definidos sobre como atender á diversidade, ao igual que os centros empregan os protocolos de actuación específicos dispoñibles.

Por outra parte, o papel do Departamento de Orientación como servizo de apoio á comunidade educativa e como elemento vertebrador das actuacións para atender á diversidade é posto en valor polo profesorado de Audición e Linguaxe, de Pedagogía Terapéutica, o equipo directivo, o profesorado e o profesorado titor.

As decisións adoptadas no Proxecto Educativo de centro para dar resposta á diversidade se materializan na aula. A programación anual e o conxunto de unidades didácticas que a concretan, deben atender ás características e necesidades xerais do grupo e ás necesidades máis específicas que poidan presentar determinados alumnos e alumnas. Neste sentido, segundo os resultados acadados, o profesorado adecúa a acción educativa ás necesidades do alumnado e elabora a programación de aula tendo en conta os ritmos de aprendizaxe, capacidades e intereses do alumnado ao igual que, en caso necesario, modifica os obxectivos didácticos para atender á diversidade do alumnado.

Cómpre tamén ter en conta que unha educación inclusiva supón a adaptación das actividades, dos materiais e dos espazos e a adopción de medidas tanto ordinarias como extraordinarias. Segundo os datos obtidos, o profesorado fai un uso frecuente de estratexias inclusivas nas aulas, sobre todo aquelas que teñen que ver coa organización da aula, a ensinanza e a avaliación das aprendizaxes. Así, nos centros educativos lévanse a cabo distintos tipos de agrupamentos e desdoblamento de grupos como medidas ordinarias, e tamén alternanse actividades individuais e grupais, realízanse adaptacións nas materias, orgánzanse os espazos na aula en función das necesidades do alumnado e avalíase a este tendo en conta a súa diversidade.

Respecto ás medidas de atención á diversidade adoptadas nos centros educativos, entre as extraordinarias máis empregadas sinálanse as adaptacións curriculares e o apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/o en Audición e Linguaxe; ás que menos se recorre son os grupos de adaptación da competencia curricular, a atención educativa hospitalaria e domiciliaria e os grupos de adquisición das linguas. Así mesmo, en relación con esta cuestión, cómpre indicar que dos discursos das persoas entrevistadas despréndese que a atención á diversidade nos centros non é nada doada; de feito, o profesorado de ensino obrigatorio afirma que ás veces ten dificultades para poder ofrecer unha atención axustada ás necesidades de todo o alumnado.

Para poder dar resposta á diversidade e levar a cabo prácticas inclusivas, a formación, tanto inicial como permanente, das persoas involucradas é un elemento fundamental. Neste sentido, segundo os/as orientadores/as, profesorado de Pedagogía Terapéutica, profesorado de Audición e Linguaxe, profesorado e tutores/as de ensino obrigatorio a formación inicial é excesivamente teórica e está desvinculada da realidade.

No referente á formación continua, en xeral, pódese apreciar un alto interese de todos os/as profesionais participantes no estudo por acadar unha boa actualización científica e profesional para atender á diversidade do alumnado nas aulas, feito que se reflicte na asistencia a cursos de formación nos últimos 3 anos, sendo os/as orientadores/as, os/as profesores/as de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe os que amosan un maior nivel de participación en cursos relacionados coa atención á diversidade; a diferenza dos/as titores/as, o profesorado de ensino obrigatorio e o equipo directivo, que centran máis a súa formación noutros temas de interese para o desenvolvemento do seu traballo.

Na maioría dos casos, a formación é proporcionada pola propia Administración educativa a través do Centro Autonómico de Formación (CAFI) e dos Centros de Formación e Recursos (CFR). En liñas xerais, para a maioría dos participantes no estudo, a oferta dispoñible é moi variada e se axusta bastante ás súas necesidades; porén, o profesorado de ensino obrigatorio, de Audición e Linguaxe, os/as titores e os membros do equipo de orientación específico consideran que é pouco específica.

A totalidade dos colectivos inclínase preferentemente porque a formación se leve a cabo en horas lectivas e no propio centro. De feito, a formación en centros é considerada como unha modalidade moi adecuada porque propicia a implicación de todo o profesorado.

Finalmente, cómpre salientar a opinión do/a auxiliar técnico educativo, que reivindica a necesidade dunha formación previa e dunha formación continua máis específica para atender ás necesidades do alumnado. Así, é preciso recordar que estes/as profesionais realizan o seu traballo en centros educativos, pero a súa formación non é asumida actualmente pola Administración educativa.

Para unha escola, a diversidade implica aproveitar ao máximo os recursos económicos, materiais e humanos dispoñibles, e unha adecuada organización dos espazos e instalacións. Sobre este particular, pódese dicir que dos discursos e opinións dos/as participantes no estudo despréndese que nos centros dispoñen da financiación económica que precisan para dar resposta á diversidade, e tamén que se produce un aproveitamento adecuado da mesma. Porén, o Equipo de Orientación Específico considera que cada especialidade debería ter unha partida económica específica para cubrir axeitadamente as súas necesidades.

Respecto aos recursos materiais, segundo os/as orientadores, o profesorado de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe e os membros do equipo directivo dos centros, o material especializado que teñen é suficiente, pero no Equipo de Orientación Específico chaman a atención sobre a necesidade de que sexan organizados racionalmente. Así mesmo, o profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe, na súa intervención con alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, elabora material específico e fai uso dos recursos tecnolóxicos dispoñibles no centro.

Outras cuestións fundamentais na atención á diversidade son as infraestruturas e os espazos. Neste senso, para os/as participantes do estudo as instalacións dos seus centros son accesibles aínda que nalgúns casos sexa necesario mellorar a accesibilidade, ao marxe de que no centro estea ou non estea escolarizado alumnado que necesite este tipo de adaptacións.

A dispoñibilidade de espazos tamén permite, segundo os membros do equipo directivo, adoptar distintas formas de organización do horario escolar en función das necesidades do alumnado. Polo demais, nas aulas pódense realizar agrupamentos diversos para atender á diversidade.

Por outra banda, os recursos persoais son imprescindibles para prestar unha atención axeitada á diversidade do alumnado, tal e como recoñece todo o persoal dos centros educativos que participa neste estudo, en especial o profesorado de Pedagogía Terapéutica, de Audición e Linguaxe e o/a auxiliar técnico educativo, principalmente na atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Non obstante, alúdese á necesidade de incrementar os recursos persoais dos centros para poder atender á diversidade do alumnado, dotándoos sobre todo, dun maior número de profesorado especialista. Así mesmo, a estabilidade no posto de traballo dos diferentes profesionais considérase fundamental, co fin de ofrecer unha intervención continuada e satisfacer do mellor xeito posible as necesidades do alumnado.

A coordinación dos membros da comunidade educativa é outro dos aspectos fundamentais para o bo funcionamento do centro e a mellora da atención á diversidade do alumnado. Esta coordinación e a implicación do profesorado, dos/as orientadores/as e do resto da comunidade educativa é esencial para tomar decisións tanto a nivel institucional como pedagóxico.

A coordinación do/a orientador/a co profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe axústase ao regulado pola lei aínda que existe a percepción de que podería ser máis efectiva se houbera máis tempo e recursos, sobre todo, e principalmente, naqueles centros nos que o/a orientador/a e o profesorado especialista é itinerante.

A coordinación do/a orientador/a e o profesorado materialízase de modo habitual en tarefas de asesoramento e coordinación na elaboración de medidas de atención á diversidade; colaboración que é fundamental para adecuar o proceso de ensino aprendizaxe á diversidade do alumnado.

A pesar de que a coordinación entre o persoal do propio centro é habitual e fluída, é menos frecuente con outros centros da zona, coa excepción dos centros adscritos, e coas entidades e asociacións que colaboran na intervención con alumnado con dificultades específicas de apoio educativo.

Igual de importante é o papel dos/as docentes no traballo nas aulas co alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e a coordinación entre eles/as e os/as diferentes especialistas, tanto de Pedagogía Terapéutica como de Audición e Linguaxe. Ao respecto, cómpre sinalar que a coordinación do profesorado especialista co profesorado e, de modo especial, co profesorado titor é esencial para adecuar o proceso de ensino e aprendizaxe á diversidade do alumnado; e así é considerado por todos eles/as, que corroboran o bo clima de colaboración existente nas reunións de coordinación destinadas a unificar criterios de intervención e realizar a avaliación e seguimento do alumnado.

Así mesmo, tanto o profesorado de Pedagogía Terapéutica como o de Audición e Linguaxe asesoran con bastante frecuencia ao profesorado na programación de actividades preventivas, na adaptación de programacións didácticas, na elaboración das adaptacións curriculares no ámbito das súas competencias e na elaboración e asesoramento da parte do currículo escolar que se refire a aspectos lingüísticos, no caso do profesorado de Audición e Linguaxe.

A colaboración dos/as orientadores/ e do profesorado de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe co Equipo de Orientación Específico é esencial e fluída, non obstante ante a multiplicidade de demandas, en moitas ocasións, as respostas ás solicitudes non se levan a cabo de modo inmediato.

Respecto ás relacións con entidades, asociacións e organizacións destinadas á prevención e intervención educativa do alumnado con dificultades específicas, os especialistas en Audición e Linguaxe e Pedagogía Terapéutica levan a cabo a miúdo actuacións conxuntas.

Por outra banda, non se pode obviar o importante papel das familias na atención á diversidade. O colectivo de nais, pais e titores/as legais é un grupo heteroxéneo que presenta unha alta diversidade ante as esixencias educativas do alumnado, o que supón diferenzas nas súas demandas. Non obstante, o profesorado titor/a e o profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe manteñen unha estreita relación coas familias para informarlles da evolución do seus fillos e fillas e adoptar decisións compartidas que afectan a súa escolarización.

Pódese dicir que, en xeral, a coordinación entre o profesorado de ensino obrigatorio, titor/a, orientador/a e profesorado de Pedagogía Terapéutica e de Audición e Linguaxe é axeitada aínda que non está exenta de dificultades, pois as persoas entrevistadas poñen de manifesto con total claridade a falta de tempo para a coordinación nos horarios e planificación temporal de cada un dos/as profesionais.

Por último, se falamos de actitudes ante a diversidade, ponse de manifesto, en termos xerais, que o profesorado acepta a diversidade do alumnado e amosa actitudes positivas cara a inclusión. Neste sentido, a maioría pensa que a presenza do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo mellora as actitudes de respecto á diversidade e, na súa opinión, son funcións prioritarias dos/as docentes ensinar actitudes e valores e crear un clima agradable de aprendizaxe. Por outra parte, tamén sinalan que o alumnado amosa actitudes favorables cara os/as compañeiros/as con necesidades específicas de apoio educativo na aula ordinaria, se ben é certo que a medida que se incrementa o nivel educativo, as actitudes son cada vez menos tolerantes. As nais, pais ou titores/as legais tamén, en xeral, amosan actitudes positivas ante a inclusión educativa.

Unha escola inclusiva require da participación de todas e todos os membros da comunidade educativa, e debe garantir a igualdade de oportunidades tendo en conta as diferenzas individuais e respectando os principios democráticos, dereitos e liberdades fundamentais de cada persoa.

Considerando o ata aquí exposto, a continuación preséntanse algunhas **consideracións e propostas** que veñen a reforzar e impulsar as accións a prol da atención á diversidade e a inclusión desenvolvidas actualmente no ensino obrigatorio, referidas a cuestións como a sensibilización, a formación, os recursos e a coordinación e colaboración.

En primeiro lugar, cómpre dicir que o deseño e desenvolvemento de prácticas inclusivas se considera unha das liñas de actuación básicas para a construción dunha escola para todos/as. Ambas accións dependen, en boa medida, das actitudes do profesorado, pero tamén do resto de persoas que integran a comunidade educativa (nais, pais e/ou titores legais, alumnado, etc.).

Nos procesos de sensibilización, o papel da Administración educativa é, sen dúbida, fundamental. O desenvolvemento de accións formativas promovidas pola Rede de Formación do Profesorado, a convocatoria do Premio ás Boas Prácticas de Educación Inclusiva 2019, e mesmo, para reforzar estas actuacións, a creación do Servizo de Inclusión e Orientación Educativa na Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, dirixido a fomentar a participación de todos os membros da comunidade educativa nos procesos de ensino e na socialización e construción conxunta de contornos inclusivos, son algunhas das principais actuacións desenvolvidas ata o momento.

Pero, aínda que as iniciativas dirixidas á sensibilización e ao impulso da atención á diversidade e á inclusión educativa nos centros son unha realidade e, ao mesmo tempo que, do estudo realizado, se desprende que a comunidade educativa amosa actitudes positivas cara a atención á diversidade e a inclusión, é preciso continuar traballando nesta liña, tentando favorecer un desempeño profesional totalmente comprometido coa inclusión nos escenarios prácticos; así como continuar ofrecendo a toda á comunidade educativa a oportunidade de asistir a xornadas, talleres e seminarios de sensibilización cara á inclusión e difundir as boas prácticas nos centros educativos.

En segundo lugar, no referente á formación, e polo que respecta á inicial, é fundamental que os futuros profesionais da educación desenvolvan as competencias que require o desempeño da súa labor. No estudo realizado, os diferentes profesionais participantes puxeron de manifesto que a súa formación inicial é deficitaria no que se refire aos aspectos relacionados coa atención á diversidade. Neste sentido, parece necesario que os responsables de impartir esa formación inicial fagan unha revisión da oferta formativa nos planos de estudo en relación coa atención á diversidade.

Por outra banda, a mellora da calidade no proceso de ensino aprendizaxe require da actualización permanente da formación do profesorado, cuestión na que coinciden todos os profesionais que participan no estudo. Nos últimos anos, a formación permanente ten sido unha prioridade materializada coa creación do Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI) e o incremento da oferta formativa nas súas diferentes modalidades, sobre todo, dos Plans de Formación Permanente do Profesorado en centros (PFPP) e unha das súas liñas prioritarias de traballo: a escola inclusiva e a atención á diversidade.

Do mesmo xeito, a importancia da colaboración entre o profesorado é un elemento fundamental da formación que facilita o intercambio de experiencias e de boas prácticas na atención á diversidade do alumnado. Nesta liña, son numerosos os centros que participan no Programa de Innovación Educativa Observa-Acción e na convocatoria de grupos de traballo promovida desde a Administración educativa.

Aínda así, e dada a importancia da formación, tanto a inicial como a permanente, é preciso dar continuidade a estas liñas de actuación e reforzalas promovendo a colaboración activa do profesorado en materia de formación; potenciando a modalidade de formación en centros e adoptando medidas que incentiven de cara a incrementar a participación do profesorado en proxectos de innovación educativa relacionados coa atención á diversidade.

En terceiro lugar, para garantir unha verdadeira educación inclusiva, a dispoñibilidade de recursos é unha condición necesaria e fundamental no desenvolvemento da actividade educativa e organizativa dos centros educativos.

A maior parte dos/as profesionais que participaron no presente estudo recoñecen que a dotación económica que reciben os centros é suficiente (nos presupostos do 2018, o gasto en educación incrementouse preto dun 2% respecto do ano anterior), pero suxiren que un incremento dos recursos económicos influiría de maneira significativa na mellora da atención á diversidade do alumnado. Neste senso, parece oportuno seguir incrementando a dotación económica dos centros e garantir unha xestión eficaz e eficiente destes recursos.

No que se refire aos recursos persoais, cómpre salientar que a existencia da Rede de Orientación Educativa, formada polos equipos de orientación específicos e os departamentos e orientación, dotados de especialistas que interveñen na atención á diversidade, facilita a atención á diversidade no ensino obrigatorio. Con todo, é necesario continuar incrementando o

número de profesionais dos servizos de Orientación Educativa e o número de profesores/as especialistas nas aulas para garantir unha atención á diversidade máis axeitada.

En cuarto e último lugar, é preciso destacar que a coordinación e colaboración entre os diferentes profesionais e persoas implicadas na educación é fundamental para atender á diversidade e garantir unha verdadeira inclusión. Neste contexto, a creación de redes de colaboración do profesorado coas familias e cos servizos responsables da atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo é fundamental.

Na actualidade, existen redes de colaboración impulsadas entre os centros educativos e os servizos responsables da atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo; esta colaboración materialízase a través de protocolos de actuación específicos e instrumentos para avaliar as necesidades educativas específicas do alumnado dispoñibles para todos os centros de ensino obrigatorio. Ao mesmo tempo, o establecemento de canles de participación coas familias mediante pautas de actuación coherentes e complementarias, así como o reforzo da colaboración con distintas entidades que traballan a prol da inclusión, son accións tamén que se están desenvolvendo.

Pese a todo, cómpre insistir na necesidade de continuar propiciando a colaboración e a participación dos distintos sectores da comunidade educativa e mesmo doutras institucións e entidades que traballan a prol da inclusión mediante o establecemento de convenios de colaboración e potenciando a creación das Escolas de Nais e Pais (ENAPAS) que propicien un espazo de diálogo, formación e información sobre a atención á diversidade e a inclusión dos nenos e nenas no ensino obrigatorio.



Bibliografía

- Araque, N. e Barrio de la Puente, J.L. (2010). Atención a la diversidad y desarrollo de procesos educativos inclusivos. *Prisma Social*, 4, 1-37.
- Ainscow, M.(2001). *Desarrollo de las escuelas inclusivas. Ideas, propuestas y experiencias para mejorar las instituciones escolares*. Madrid: Narcea.
- American Psychiatric Association (2014). *DSM-V. Manual diagnóstico y estadístico de los trastornos mentales*. Buenos Aires: Panamericana.
- Azjen, I. e Fishbein, M. (2000). Attitudes and the Attitude Behavior Relation: Reasoned and Automatic Processes. *European Review of Social Psychology*, 11 (1), 1-33.
- Escarbajal A. e outros (2012). La atención a la diversidad: la educación inclusiva. *Revista electrónica universitaria de formación del profesorado*, 15, 1, 135-144.
- Fernández Santamaría, R. (2011). El camino hacia la integración. *CEE Participación Educativa*, 18, 79-90.
- García García, M. (2002). Atención a la diversidad en educación secundaria obligatoria. *Revista Psicología y Psicopedagogía*, 1 (2), 225-248.
- González Noriega, M. (2012). La legislación educativa y los alumnos con discapacidad necesidad de actualización. *Anuario de la Facultad de derecho*, 5, 81-105.
- González Pérez, T. (2009). Itinerario de la Educación Especial en el Sistema Educativo. De la Ley Moyano a la Ley General de Educación. En M. R. Berrueto, e S. Conejero López (coords.), *El largo camino hacia una educación inclusiva: la educación especial y social del siglo XIX a nuestros días: XV Coloquio de Historia de la Educación*, Pamplona-Iruña, 29, 30 de junio y 1 de julio de 2009. 1, 249-260.
- Informe Warnock (1979). *Report of the Committee of Inquiry into the Education of Handicapped Children and Young People*. Her Majesty's Stationery Office. Londres: Inglaterra.
- López Melero, M. (1997). La educación (especial): ¿Hija de un dios menor en el mundo de la ciencia de la educación?. *Educación*, 21, 7-17.
- Marchesi, A. e Martín, E. (1998). *Calidad de la enseñanza en tiempos de cambio*. Madrid: Alianza.
- Lei 14/1970, de 4 de agosto, Xeral de Educación e Financiación da Reforma Educativa. *Boletín Oficial do Estado*, 6 de agosto de 1970, núm. 187, pp. 12.525-12.546.
- Lei 13/1982, de 7 de abril, de Integración Social de Minusválidos. *Boletín Oficial do Estado*, 30 de abril de 1982, núm. 103, pp. 11.106-11.112.
- Lei Orgánica 8/1985, de 3 de xullo, reguladora do Dereito á Educación. *Boletín Oficial do Estado*, 4 de xullo de 1985, núm. 159, pp.21.015-21.022.
- Lei Orgánica 1/1990, de 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo. *Boletín Oficial do Estado*, 4 de outubro de 1990, núm. 238, pp. 28.927-28.942.
- Lei Orgánica 9/1995, de 20 de novembro, da participación, a avaliación e o goberno dos centros docentes. *Boletín Oficial do Estado*, 21 de novembro de 1995, núm. 278, pp. 33.651-33.665.
- Lei Orgánica 10/2002, de 23 de decembro, de Calidade da Educación. *Boletín Oficial do Estado*, 24 de decembro de 2002, núm. 307, pp. 45.188-45.220.
- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. *Boletín Oficial do Estado*, 4 de maio de 2006, núm. 106, pp. 17.158-17.207.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. *Diario Oficial de Galicia*, 15 de xullo de 2011, núm.136, pp. 19.676-19.707.

- Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. *Boletín Oficial do Estado*, 10 de decembro de 2013, núm. 295, pp. 97.858-97.921.
- Real Decreto 2639/1982, de 15 de outubro, de Ordenación da Educación Especial. *Boletín Oficial do Estado*, 23 de outubro de 1982, núm. 253, pp. 29.118-29.119.
- Real Decreto 334/1985, de 6 de marzo, de Ordenación da Educación Especial. *Boletín Oficial do Estado*, 16 de marzo de 1985, núm. 65, pp. 6.917-6.920.
- Real Decreto 696/1995, de 28 de abril, de Ordenación da Educación dos Alumnos con Necesidades Educativas Especiais. *Boletín Oficial do Estado*, 2 de xuño de 1995, núm. 131, pp. 16.179-16.185.
- Real Decreto 299/1996, de 28 de febreiro, de ordenación das accións dirixidas á compensación de desigualdades en educación. *Boletín Oficial do Estado*, 12 de marzo de 1996, núm. 62, pp. 9.902-9.909.
- Decreto 1151/1975, de 23 de maio, polo que se crea o Instituto Nacional de Educación Especial. *Boletín Oficial do Estado*, 3 de xuño de 1975, núm. 132, pp. 11.769-11.771.
- Decreto 374/1996, do 17 de outubro, polo que se aproba o Regulamento orgánico das escolas de educación infantil e dos colexios de educación primaria. *Diario Oficial de Galicia*, 21 de outubro de 1996, núm. 206, pp. 9.267-9.283
- Decreto 120/1998, do 23 de abril polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, 27 de abril de 1998, núm. 79, pp. 4.321-4.326
- Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica de Educación (LOE) en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, 6 de maio de 2011, núm.88, pp.7.921-7.939
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación. *Diario Oficial de Galicia*, 21 de decembro de 2011, núm. 242, pp. 37.487-37.515.
- Decreto 105/2014, do 4 de setembro polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, 9 de setembro de 2014, núm.171, pp. 37.406-38.087
- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. *Diario Oficial de Galicia*, 27 de xaneiro de 2015, pp. 3.885-3.935.
- Decreto 86/2015, de 25 de xuño, polo que se establece o currículo da secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, 9 de xuño de 2015, núm.120, pp. 25.434-27.073
- Orde de 20 marzo de 1985 sobre planificación da Educación Especial e experimentación da integración no curso 1985/1986. *Boletín Oficial do Estado*, 25 de marzo de 1985, núm.72, pp. 7.755-7.756.
- Orde de 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos da organización e funcionamento aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. *Diario Oficial de Galicia*, 2 de setembro de 1997, núm. 168, pp. 8.508-8.130
- Orde do 6 de outubro de 1995 pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral. *Diario Oficial de Galicia*, 7 de novembro de 1995, núm. 213, pp. 8.158-8.161.
- Orde do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para a flexibilización da duración do período de escolarización dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual. *Diario Oficial de Galicia*, 28 de novembro de 1996, núm. 233, pp. 10.721-10.724

- Orde do 31 de outubro de 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica dos alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais que cursan as ensinanzas de réxime xeral e se establece o procedemento e os criterios para a realización do ditame de escolarización. *Diario Oficial de Galicia*, 19 de decembro de 1996, núm. 247, pp. 11.594-11.600
- Orde de 22 de xullo de 1997 pola que se regulan determinados aspectos da organización e funcionamento aspectos de organización e funcionamento das escolas de educación infantil, dos colexios de educación primaria e dos colexios de educación infantil e primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. *Diario Oficial de Galicia*, 2 de setembro de 1997, núm. 168, pp. 8.508-8.130.
- Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulado polo Decreto 120/1998. *Diario Oficial de Galicia*, 31 de xullo de 1998, núm. 147, pp. 8.861-8.870
- Orde do 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para a escolarización nos centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais. *Diario Oficial de Galicia*, 30 de xaneiro de 2003, núm. 20, pp. 1.088-1.096
- Orde de 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do estranxeiro. *Diario Oficial de Galicia*, 26 de febreiro de 2004, núm. 40, pp. 2.628-2.631
- Orde do 30 de xullo de 2007 pola que se regulan os programas de diversificación curricular na educación secundaria obrigatoria. *Diario Oficial de Galicia*, 21 de agosto de 2007, núm. 161, pp. 14.022-14.025
- Orde do 7 de xullo de 2010 pola que se establecen medidas de ordenación académica para o alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e de danza e as ensinanzas de réxime xeral. *Diario Oficial de Galicia*, 15 de xullo de 2010, núm.134, pp. 12.932-12.935.
- Orde do 14 de maio de 2013 que regula a convocatoria, o recoñecemento e o rexistro das actividades de formación permanente do profesorado en Galicia. *Diario Oficial de Galicia*, 22 de maio de 2013, núm. 96, pp. 17.696-17.732
- Resolución do 18 de decembro de 1986, da Dirección General de Trabajo pola que se dispón do Convenio colectivo para o persoal laboral de Educación Especial dependente do Ministerio de Educación y Ciencia. *Boletín Oficial do Estado*, 16 de xaneiro de 1987, núm.14, pp. 1.269-1.276
- Circular 8/2009, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.

Acrónimos

AC: Adaptación Curricular
ACNEAE: Alumnado con necesidade específica de apoio educativo
ACNEE: Alumnado con necesidades educativas especiais
AL: Profesor/a de Audición e Linguaxe
ANPA: Asociación de Nais e Pais de alumnos
CAFI: Centro Autonómico de Formación do Profesorado
CEE: Centro de Educación Especial
CEEPR: Centro de Educación Especial Privado
CEIP: Colexio de Educación Infantil e Primaria
CEP: Colexio de Educación Primaria
CFR: Centro de Formación e Recursos
CPI: Centro Público Integrado
CPR: Centro Privado
CRA: Centro Rural Agrupado
DEA: Diploma de Estudos Avanzados
EOE: Equipo de Orientación Específico
ESO: Educación Secundaria Obrigatoria
FP: Formación Profesional
IES: Instituto de Educación Secundaria
INEE: Instituto Nacional de Educación Especial
LOC: Lei Orgánica de Calidade da Educación
LODE: Lei Orgánica reguladora do Dereito á educación
LOE: Lei Orgánica de Educación
LOMCE: Lei Orgánica para a mellora da Calidade Educativa
LOPEG: Lei Orgánica de Participación e Avaliación e Goberno dos Centros Docentes
LOXSE: Lei de Ordenación Xeral do Sistema Educativo
PMAR: Programas de Mellora do Aprendizaxe e do Rendemento
PT: Profesor/a de Pedagogía Terapéutica
TDAH: Trastorno por déficit de atención e/ou hiperactividade
TEA: Trastorno do espectro do autismo
TEL: Trastorno específico da linguaxe
TIC: Tecnoloxías da Información e a Comunicación

Anexo

CUESTIONARIO SOBRE A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE PARA O/A PROFESOR/A TITOR/A

INSTRUCCIÓN

O Consello Escolar de Galicia encargou á Universidade de Santiago de Compostela, baixo a coordinación do Instituto de Ciencias da Educación (ICE), un Informe sobre a atención á diversidade no ensino básico.

O obxectivo deste estudo é coñecer a situación da atención á diversidade nos centros educativos de ensino básico sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia. Para isto elaboramos distintos cuestionarios que van dirixidos aos diferentes membros da Comunidade Educativa (Pais/Nais, Profesorado, Titor/a, Profesor/a de Pedagogía Terapéutica, Profesor/a de Audición e Linguaxe, Orientador/a, Equipo Directivo).

Este cuestionario componse de diferentes tipos de preguntas:

- Preguntas nas que debe marcar cun X a opción elixida.
- Preguntas nas que debe completar a información solicitada.

O cuestionario é anónimo e a información solicitada será tratada con absoluta confidencialidade.

Por favor, conteste con sinceridade a todas as preguntas. Das súas respostas dependerá a utilidade deste traballo.

MOITAS GRAZAS POLA SÚA COLABORACIÓN

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO

1. 1. Provincia:

- A Coruña
- Lugo
- Ourense
- Pontevedra

2. 2. Tipo de centro:

- CEIP
- CEE
- IES
- CPI
- CRA
- CEP
- CPR
- CEEPR

3. 3. Titularidade:

- Público
- Privado concertado

DATOS PERSOAIS

4. 1.Sexo:

- Home
- Muller

5. 2. Idade:

6. 3. Titulación académica:

7. 4. Antigüidade no corpo:

8. 5. Antigüidade no centro:

9. 6. Situación administrativa:

- Funcionario/a
- Interino/a

10. 7. Etapa educativa na que é titor/a:

11. 8. Curso no que é titor/a:

12. 9. Ten formación en atención á diversidade?:

- Si
- Non

13. 10. En caso afirmativo, cando recibiu esa formación? (Pode marcar máis dunha opción):

- Na formación inicial
- No proceso de formación permanente

14. 11. A formación permanente recibida, foi a través de (Pode marcar máis dunha opción):

- O Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI)
- O Centro de Formación e Recursos (CFR)
- Outra/s institución/s

15. 12. Se na pregunta anterior respostou
Outra/s institución/s, indique en cal/es:

A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NO CENTRO

16. 1. Na súa aula ten alumnado con necesidades específicas de apoio educativo?:

- Si
- Non

17. 2. Número de alumnado con TDAH que
atende na aula:

18. 3. Número de alumnado con necesidades
educativas especiais que atende na aula:

19. 4. Número de alumnado con dificultades
específicas de aprendizaxe que atende na
aula:

20. 5. Número de alumnado con necesidades
educativas específicas derivadas de
condicións persoais ou de historia escolar
que atende na aula:

21. **6. Número de alumnado con altas capacidades intelectuais que atende na aula:**

22. **7. Número de alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo que atende na aula:**

De seguido preséntanse un conxunto de cuestións en relación coa atención á diversidade referidas ao seu centro e ao seu labor no mesmo, ante as que lle pedimos exprese a súa opinión, tendo en conta que: 1 (nada), 2 (pouco), 3 (bastante) e 4 (moito)

23. **1. O proxecto educativo de centro favorece os procesos de atención á diversidade**

1	2	3	4		
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

24. **2. O desenvolvemento do Plan de Acción Tutorial do centro resulta un elemento eficaz na atención á diversidade**

1	2	3	4		
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

25. **3. No centro existen protocolos de actuación específicos para a atención á diversidade**

1	2	3	4		
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

26. **4. Establezo canles de colaboración coas familias para atender á diversidade**

1	2	3	4		
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

27. **5. As medidas recollidas no Plan de Orientación de centro permiten dar unha resposta axeitada á diversidade do alumnado**

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

28. **6. O Departamento de Orientación do meu centro impulsa medidas para atender á diversidade**

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

29. **7. O centro impulsa e potencia a participación do profesorado en actividades de formación e innovación no ámbito da atención á diversidade**

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

30. **8. A formación inicial que recibín foi suficiente para o desempeño do meu labor como profesor/a titor/a**

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

31. **9. A formación que teño é suficiente para atender á diversidade do alumnado**

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

32. **10. A formación sobre atención á diversidade que promove a Administración Educativa para o Profesorado axústase ás miñas necesidades**

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

33. 11. Os recursos persoais cos que conta o centro para atender á diversidade son suficientes

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

34. 12. O traballo que desenvolve no centro o/a profesor/a de Pedagogía Terapéutica facilita a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

35. 13. O traballo que desenvolve no centro o/a profesor/a de Audición e Linguaxe facilita a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

36. 14. O traballo que desenvolve no centro o/a Auxiliar Técnico/a facilita a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

37. 15. As instalacións e as aulas do centro son accesibles para todo o alumnado

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

38. 16. Na aula hai espazo suficiente para realizar agrupamentos diversos

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

39. 17. No centro hai materiais especializados suficientes para atender á diversidade

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

40. 18. No centro hai recursos tecnolóxicos suficientes para atender á diversidade

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

41. 19. A miña estabilidade no centro como Profesor/a é un elemento fundamental na atención á diversidade

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

42. 20. Acudo ao Departamento de Orientación para recibir asesoramente sobre a atención á diversidade do alumnado

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

43. 21. Colaboro con outros docentes na elaboración de medidas de atención á diversidade

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

44. 22. Informo ao equipo de profesores/as do grupo de alumnos/as das necesidades e características dos/as mesmos/as

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

45. 23. Teño dificultades para atender á diversidade do alumnado na aula

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

46. 24. Coñezo as necesidades de cada un dos meus alumnos e alumnas

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

47. 25. Adecúo a miña acción educativa ás diferentes necesidades do alumnado

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

48. 26. Desenvolvo no centro programas específicos de atención á diversidade

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

49. 27. Elaboro a programación de aula segundo os diferentes ritmos de aprendizaxe, capacidades e intereses do alumnado

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

50. 28. Modifico os obxectivos didácticos para atender á diversidade do alumnado

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

51. **29. Modifico os recursos que adoito empregar na aula para atender á diversidade do alumnado**

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

52. **30. Coordino o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación tendo en conta á diversidade do alumnado**

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

53. **31. Coordino as adaptacións curriculares necesarias para os/as alumnos do meu grupo**

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

De seguido preséntanse un conxunto de afirmacións respecto á atención á diversidade, ante as que lle pedimos exprese a súa opinión, indicando en que grao está de acordo ou en desacordo, tendo en conta que: 1 (nada de acordo), 2 (pouco de acordo), 3 (bastante de acordo) e 4 (moi de acordo)

54. **32. As medidas de atención á diversidade que se levan a cabo nos centros favorecen o desenvolvemento no alumnado de actitudes tolerantes e respectuosas coas diferenzas**

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

55. **33. A atención á diversidade é unha tarefa que ten que compartir toda a Comunidade Educativa**

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

56. **34. Para atender á diversidade a acción titorial é fundamental**

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

57. **35. Na atención á diversidade o traballo con medios tecnolóxicos favorece o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado**

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

58. **36. A atención á diversidade require a coordinación de todo o profesorado**

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

59. **37. O asesoramento da Inspección Educativa facilita a atención á diversidade do alumnado nos centros**

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

60. **38. O asesoramento proporcionado polo Departamento de Orientación ao persoal dos centros facilita a atención á diversidade do alumnado**

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

61. **39. As actuacións do Equipo de Orientación Específico da provincia facilitan a atención á diversidade do alumnado nos centros**

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

62. Se desexa sinalar algunha suxerencia de mellora nas preguntas, fágao a continuación:

CUESTIONARIO SOBRE A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE PARA PROFESORADO DE AUDICIÓN E LINGUAXE

INSTRUCCIÓN

O Consello Escolar de Galicia encargou á Universidade de Santiago de Compostela, baixo a coordinación do Instituto de Ciencias da Educación (ICE), un Informe sobre a atención á diversidade no ensino básico.

O obxectivo deste estudo é coñecer a situación da atención á diversidade nos centros educativos de ensino básico sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia. Para isto elaboramos distintos cuestionarios que van dirixidos aos diferentes membros da Comunidade Educativa (Pais/Nais, Profesorado, Titor/a, Profesor/a de Pedagogía Terapéutica, Profesor/a de Audición e Linguaxe, Orientador/a, Equipo Directivo).

Este cuestionario componse de diferentes tipos de preguntas:

- Preguntas nas que debe marcar cun X a opción elixida.
- Preguntas nas que debe completar a información solicitada.

O cuestionario é anónimo e a información solicitada será tratada con absoluta confidencialidade.

Por favor, conteste con sinceridade a todas as preguntas. Das súas respostas dependerá a utilidade deste traballo.

MOITAS GRAZAS POLA SÚA COLABORACIÓN

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DO CENTRO

1. 1. Provincia:

- A Coruña
- Lugo
- Ourense
- Pontevedra

2. 2. Tipo de centro:

- CEIP
- CEE
- IES
- CPI
- CRA
- CEP
- CPR
- CEEPR

3. 3. Titularidade:

- Público
- Privado concertado

DATOS PERSOAIS

4. 1. Sexo:

- Home
- Muller

5. 2. Idade:

6. 3. Titulación académica:

7. 4. Antigüidade como profesor/a de Audición e Linguaxe:

8. 5. Antigüidade no centro:

9. 6. Situación administrativa:

- Funcionario/a
- Interino/a

10. 7. Etapa na que traballa:

11. 8. Nos últimos anos recibiu formación sobre atención á diversidade?:

- Si
- Non

12. 9. En caso afirmativo, cando recibiu esa formación?:

- Hai máis de tres anos
- Nos últimos tres anos

13. 10. Recibiu dita formación a través de (Pode marcar máis dunha opción):

- O Centro Autonómico de Formación e Innovación (CAFI)
- O Centro de Formación e Recursos (CFR)
- Outra/s institución/s

14. 11. Se na pregunta anterior respostou
Outra/s institución/s, indique en cal/es:

A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NO CENTRO

15. 1. Número de alumnado con TDAH que
atende:

16. 2. Número de alumnado con necesidades
educativas especiais que atende:

17. 3. Número de alumnado con dificultades
específicas de aprendizaxe que atende:

18. 4. Número de alumnado con necesidades
educativas específicas derivadas de
condicións persoais ou de historia escolar
que atende:

19. 5. Número de alumnado con altas
capacidades intelectuais que atende:

20. 6. Número de alumnado de incorporación
tardía ao sistema educativo que atende:

21. 7. Indique cales das seguintes medidas leva a cabo con este alumnado:

/

- Adaptacións curriculares
- Agrupamentos flexibles
- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/o en Audición e Linguaxe
- Flexibilización da duración do período de escolarización
- Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento
- Atención educativa ao alumnado con dificultades para unha asistencia continuada ao centro educativo
- Grupos de adquisición das linguas
- Grupos de adaptación da competencia curricular
- Atención educativa hospitalaria e domiciliaria

De seguido preséntanse un conxunto de cuestións en relación coa atención á diversidade referidas ao seu centro e ao seu labor no mesmo, ante as que lle pedimos exprese a súa opinión, tendo en conta que: 1 (nada), 2 (pouco), 3 (bastante) e 4 (moito)

22. 1. O Proxecto Educativo de Centro favorece os procesos de atención á diversidade

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

23. 2. O desenvolvemento do Plan de Acción Titorial do centro resulta un elemento eficaz na atención á diversidade

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

24. 3. No centro existen protocolos de actuación específicos para a atención á diversidade

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

25. **4. As medidas recollidas no Plan de Orientación de centro permiten dar unha resposta axeitada á diversidade do alumnado**

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

26. **5. No centro existen criterios claros e definidos por parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica que garanten a aplicación das medidas de atención á diversidade**

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

27. **6. O Departamento de Orientación do meu centro impulsa medidas de carácter pedagóxico para atender á diversidade**

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

28. **7. A formación inicial que recibín foi suficiente para o desempeño do meu labor como profesor/a de Audición e Linguaxe**

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

29. **8. A formación que teño é suficiente para atender á diversidade do alumnado**

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

30. **9. A formación sobre atención á diversidade que promove a Administración Educativa para o/a profesor/a de Audición e Linguaxe axústase ás miñas necesidades**

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

31. **10. O centro impulsa e potencia a participación do profesorado en actividades de formación e innovación no ámbito da atención á diversidade**

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

32. **11. Os recursos persoais cos que conta o centro para atender á diversidade son suficientes**

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

33. **12. O traballo que desenvolve no centro o/a Auxiliar Técnico/a facilita a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo**

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

34. **13. Para unificar criterios de intervención levo a cabo reunións de coordinación co profesorado e outros profesionais do centro**

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

35. **14. Manteño unha estreita colaboración co profesorado na atención ao alumnado con dificultades nas áreas de comunicación e linguaxe**

	1	2	3	4	
Nada	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	<input type="radio"/>	Moito

36. **15. As instalacións e aulas do centro son accesibles para todo o alumnado**

	1	2	3	4	
